Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 31/01/2024 12:36:21
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 146

Sesión plenaria
7 de novembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto 1. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2022 (doc. núm. 61197, 11/IVAL-000004)
Publicación do Informe anual, BOPG núm. 581, do 18 de outubro de 2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 54639 (11/CPP-000133)
Da conselleira de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar das previsións e das liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 3. Mocións

3.1 61585 (11/MOC-000179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina
Sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 61121, publicada no BOPG 581, do 18 de outubro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 24 de outubro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

3.2 61602 (11/MOC-000180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria
Sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 56071, publicada no BOPG 534, do 31 de xullo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 24 de outubro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

3.3 61612 (11/MOC-000181)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 60857, publicada no BOPG 578, do 11 de outubro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 24 de outubro de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 54514 (11/PNP-004529)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as peticións da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia no sentido de materializar os dereitos que regula a nova normativa referida á etapa final da vida, así como a converter o 12 de xaneiro no Día da Morte Digna
Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

4.2 58577 (11/PNP-004726)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para darlle impulso á política de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na nosa comunidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

4.3 60331 (11/PNP-004863)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relativas ás novas exixencias de inclusión no réxime da Seguridade Social do alumnado de FP e universitario durante os períodos de prácticas en empresas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 570, do 27.09.2023

4.4 61375 (11/PNP-004961)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a demanda ao Goberno galego dunha estratexia específica de erradicación do chabolismo e da infravivenda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023

4.5 61431 (11/PNP-004968)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo relativas aos canons e gravames de Augas de Galicia pola xestión de depuradoras e de redes de colectores
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 585, do 25.10.2023

4.6 61463 (11/PNP-004972)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e trece deputados/as máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe demandar ao Goberno central en relación co estado de conservación da A-6
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 585, do 25.10.2023

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Punto 5. Interpelacións

5.1 52097 (11/INT-002501)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a contratación do servizo de transporte público
Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

5.2 59152 (11/INT-002751)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a atención á saúde mental no Sistema público de saúde
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

5.3 60841 (11/INT-002823)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre o funcionamento dos servizos de transporte escolar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

Punto 6.Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 61660 (11/POPX-000121)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o importe que foi executado polo Goberno galego desde a iniciación do plan de recuperación posto en marcha polo Goberno de España
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

6.2 61661 (11/POPX-000122)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a avaliación que fai do cumprimento dos compromisos da Xunta de Galicia en materia de infraestruturas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 60340 (11/POP-009444)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Murillo Solís, María Guadalupe e sete deputados/as máis
Sobre a valoración do impacto que terá nas familias galegas o impulso do bono deportivo anunciado polo Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 570, do 27.09.2023

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.2 61311 (11/POP-009554)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre a renovación do convenio da Unidade da Policía Nacional Adscrita
Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023

7.3 57156 (11/POP-008945)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a modernización e a urxente renovación da frota da rede ferroviaria de ancho métrico que opera en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 22.08.2023

7.4 61652 (11/PUP-000369)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a valoración da Xunta verbo dos recentes informes do Consello de Contas relativos á eficiencia da colaboración público-privada nas autovías galegas e á ordenación e inspección do transporte
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

7.5 61647 (11/PUP-000368)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre a situación que se produce no CEIP María Barbeito, da Coruña, en relación coa oferta de prazas de comedor escolar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

7.6 61195 (11/POP-009537)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre o criterio que ten a Xunta de Galicia acerca da reapertura do consultorio médico de Goián, en Tomiño
Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 25.10.2023

7.7 60749 (11/POP-009492)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante o anuncio da venda do pazo de Montesacro, en Cambados
Publicación da iniciativa, BOPG nº 578, do 11.10.2023

7.8 60957 (11/POP-009515)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a oportunidade de que a Xunta adquira o pazo de Montesacro, en Cambados, para que siga prestando, baixo xestión pública, funcións de asistencia social
Publicación da iniciativa, BOPG nº 581, do 18.10.2023

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.9 61662 (11/PUP-000371)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e seis deputados/as máis
Sobre a información facilitada polo Goberno central ás comunidades autónomas respecto do proceso de acollida das persoas chegadas ás Canarias na presente crise migratoria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 588, do 02.11.2023

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Luis Manuel Álvarez Martínez (S), da deputada dona Rosana Pérez Fernández (BNG) e do deputado don Ramón Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 11.)

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2022. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991. (Páx. 11.)

Exposición da valedora do pobo: *Sra. Fernández Galiño.* (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 15.), *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 19.) *e Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 21.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar das previsións e das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 32.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 36.) *e Sr. Rodríguez Pérez (P).* (Pax. 40.)
Réplica do Goberno*: Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 43.)

A señora presidenta (Prado Cores) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 50.) *Nesta rolda interveñen o señor Caballero Miguez (S)* (Páx. 50.), *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 52.), *o señor Rodríguez Pérez (P) e a señora conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 55.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Cristina Fernández Davila, sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Fernández Davila (BNG).* (Páx. 60.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 63.) *e Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 66.)

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nova intervención da señora Fernández Davila (BNG). (Páx. 69.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos, sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 72.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 74.) *e Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 78.)
Nova intervención da señora Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 80.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 85.) *e Sra. Murillo Solís (P).* (Páx. 88.)

Nova intervención da señora Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 92.)

Votacións das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Cristina Fernández Davila, sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos: *rexeitada por 29 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos, sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade*: rexeitada por 29 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 29 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as peticións da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia, no sentido de materializar os dereitos que regula a nova normativa referida á etapa final da vida, así como a converter o 12 de xaneiro no Día da Morte Digna. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 95.)

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 98.) *e Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 101.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para darlle impulso á política de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na nosa comunidade. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 105.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 108.) *e Sr. Rodríguez Pérez (P).* (Páx. 111.)

Nova intervención da señora Gallego Sanromán (S). (Páx. 113.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relativas ás novas exixencias de inclusión no réxime da Seguridade Social do alumnado de FP e universitario durante os períodos de prácticas en empresas. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 114.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 115.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 118.) *e Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 121.)

A señora Díaz Mouteira (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 124.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre a demanda ao Goberno galego dunha estratexia específica de erradicación do chabolismo e da infravivenda. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ojea Arias (S).* (Páx. 127.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Gómez (BNG)* (Páx. 130.) *e Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 137.)
Nova intervención do señor Ojea Arias (S). (Páx. 138.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo relativas aos canons e gravames de Augas de Galicia pola xestión de depuradoras e de redes de colectores. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 139.)

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 142.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 145.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 147.)

Suspéndese a sesión ás oito da noite.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustificaron inasistencia a este pleno o deputado don Luis Manuel Álvarez Martínez, dona Rosana Pérez Fernández e don Ramón Fernández Alfonzo.

E, sen máis, entramos xa na orde do día, co punto primeiro.

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2022

O señor PRESIDENTE: Todo isto faise en aplicación da norma terceira das reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991. E o debate do pleno do informe anual axustarase ao seguinte procedemento.

A valedora exporá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións o pasado día 23 de outubro. Ao seu remate, a valedora abandonará o salón de sesións e as deputadas e os deputados iniciarán as súas deliberacións.

Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, a representante ou o representante de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de dez minutos cada un para fixar a súa posición respecto do informe presentado.

Con motivo deste debate, non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuízo das posteriores iniciativas regulamentarias.

Para iso, prégolle á vicepresidenta segunda que acompañe a señora valedora, a señora María Dolores Fernández Galiño, ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención.

A señora VALEDORA DO POBO (Fernández Galiño): Presidente do Parlamento, membros da Mesa do Parlamento, deputadas e deputados.

Vimos presentar o informe do ano 2022.

Os anos 2020 e 2021 estiveron marcados pola pandemia e o confinamento. O 2022, que, en principio, se presentaba como o ano da recuperación, trouxo consigo outro acontecemento perturbador: a invasión de Ucraína pola Federación Rusa. Ademais da chegada de persoas refuxiadas nos momentos iniciais, esta invasión provocou unha situación económica que afecta en especial as persoas con maior vulnerabilidade, ante os recortes enerxéticos, a maior inflación, en particular a relativa aos alimentos, ou a suba dos tipos de xuro.

Neste prolongado período de inestabilidade e inseguridade, que podemos cualificar como un período de permacrise, os dereitos humanos atópanse en situación de especial risco. Son

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tempos de enorme complexidade e incerteza, que non poden servir como xustificación para asumir que non cabe encontrar solucións, que non hai nada que facer. A resposta dos poderes públicos debe pasar necesariamente por máis dereitos humanos, por máis enfoque de dereitos humanos; por respectar, promover e facer realidade os dereitos humanos; combater a discriminación, os prexuízos, a intolerancia e o odio; respectar, promover e facer realidade a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes; e prestar unha atención especial aos grupos de poboación e ás persoas ás que a situación de crise permanente fai particularmente vulnerables, incluíndo as nenas e nenos, as persoas mozas, as minorías, as persoas maiores ou as persoas con discapacidade; exixencias que se resumen na necesidade de afondar no enfoque de dereitos humanos.

Este enfoque susténtase en dous piares fundamentais: por unha banda, os poderes públicos, entendidos como garante dos dereitos humanos e como principais responsables da súa promoción, defensa e protección; por outra, as persoas e os grupos sociais, non só como suxeitos titulares dos dereitos humanos, senón tamén entendidos como suxeitos con capacidade de dereito a reclamar o seu cumprimento e como suxeitos á fin con capacidade e dereito a participar na formulación e na execución das políticas públicas.

A Valedora do Pobo, polas súas competencias na defensa dos dereitos da cidadanía, que exerce como comisionada do Parlamento, está especialmente comprometida co enfoque de dereitos humanos, coa loita contra a discriminación, incluídas as discriminacións indirectas, difíciles de detectar por non estaren formalmente na norma pero si no momento de aplicación da mesma, e tamén coa loita contra a discriminación e coa situación das persoas máis vulnerables.

A continuación vou facer unha análise cuantitativa. Quero destacar que, outro ano máis, se incrementou a actividade da institución en todos os parámetros computables, incremento que se vén consolidando desde o ano 2019. Con carácter global, o total de actuacións de atención directa en expedientes pasou de 19.544 no ano 2021 a 25.551 no ano 2022. Pero, se imos ao ano 2019, as actuacións foron 11.747. Polo tanto, no ano 2022 máis do dobre da actuacións do ano 2019.

O incremento, como digo, foi sucesivo: ano 2019, 11.747; ano 2020, 12.913; ano 2021, 19.544; e ano 2022, 25.551.

As áreas con máis actividade teñen relación tamén cos servizos máis demandados: sanidade, educación, emprego público, inclusión social, medio ambiente e dereitos garantidos polas corporacións locais. En canto ás actuacións de atención directa á cidadanía, tanto presencial como telefónica, tamén se mantén a tendencia ao incremento dos últimos anos.

Na atención directa realizáronse 1.512 atencións presenciais e na atención telefónica, 7.896. As queixas individuais cuxo trámite exixe solicitudes de informe ás administracións públicas son as actuacións máis emblemáticas e as que permiten calibrar dun xeito máis preciso o labor desenvolvido pola institución. Son queixas dos cidadáns por cuestións ben perentorias e concretas que afectan directamente a súa vida e que intentamos abordar de xeito razoable con este enfoque de dereitos humanos.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No ano 2019 recibimos 2.276 queixas; no ano 2022, 4.634, máis do dobre. O incremento foi progresivo: ano 2020, 2.912; ano 2021, 3.936; e ano 2022, 4.634. Actuacións de oficio promovemos 91.

Outro eido relevante da actividade institucional son as resolucións; no ano 2022, 503 resolucións; no ano 2021, 318, un incremento dun 58,17 por cento. Pero tamén este incremento se foi consolidando desde o ano 2019: 95 resolucións; ano 2020, 1.161 resolucións; ano 2021, 318; e ano 2022, 503.

A colaboración das administracións en relación coa actividade, petición de informe, aceptación de resolucións é boa: 503 resolucións aceptadas, respecto das rexeitadas, o 82,27 por cento.

En canto ás administracións ás que tivemos que pedir informe con dous requirimentos, se ben se incrementaron as peticións de informe, loxicamente canto máis actuacións máis petición de informe, pero diminuíron tamén progresivamente as veces que houbo que requirirlle o informe en dúas ocasións, petición máis requirimentos. No ano 2019 tivemos 629 peticións de informe con dous requirimentos; ano 2020, 419; ano 2021, 287; ano 2022, 258. 66, Xunta; 192, concellos.

Análise cualitativa. Vou abordar un pouco a actuación transversal da institución en relación cos dereitos das persoas maiores, en relación coa igualdade entre mulleres e homes e en relación cos dereitos lingüísticos.

En relación cos dereitos das persoas maiores, iniciamos 12 actuacións de oficio para determinar a situación e as medidas que se ían adoptar en orde ao restablecemento da atención presencial das administracións públicas. Iniciamos tamén 11 actuacións de oficio en relación co peche das oficinas bancarias, pedindo tamén a colaboración do Banco de España. Fixemos actuacións en relación coa promoción da autonomía persoal e atención á dependencia e á discapacidade. Tamén iniciamos actuacións en relación coa aplicación de contencións en centros sanitarios e sociosanitarios. Iniciamos 5 actuacións de oficio para o seguimento das iniciativas públicas sobre soidade non desexada. Tamén, de xeito transversal, tivemos actuacións sobre humanización da sanidade, sobre o desafiuzamento de persoas maiores vulnerables, tamén sobre prolongación da vida activa e sobre os servizos de atención ao fogar.

A cada vez maior preocupación polos dereitos humanos das persoas maiores corre paralela ao progresivo envellecemento da poboación. Estamos ante un fenómeno demográfico que tensa extraordinariamente os sistemas de seguridade social, os sistemas nacionais de saúde e o sistema sociosanitario de coidados.

Considerando este escenario, a lonxevidade das persoas representa un dos maiores triunfos da humanidade e tamén un dos maiores desafíos, cuxa solución debe discorrer polo enfoque de dereitos humanos e o recoñecemento e garantía dos dereitos das persoas maiores.

En tema da igualdade entre mulleres e homes foi a actividade institucional moi intensa, con reunións con asociacións de mulleres rurais, de mulleres que loitan contra a violencia de

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xénero, de afectadas polo dispositivo Essure e tamén con nais e pais para honrar a memoria das mortes estacionais, perinatais e neonatais.

Entregamos, en colaboración coas tres universidades públicas galegas, a segunda edición do premio Valedora do Pobo para os mellores traballos fin de grao, traballos fin de mestrado, sobre cuestións de igualdade de xénero, con grande éxito de participación.

Seguimos a manter activo o espazo Falamos de feminismo na páxina oficial da institución.

Fixemos, en colaboración co Consello da Cultura, as xornadas Invisibilizadas para a medicina, celebradas en Xinzo de Limia, sobre saúde das mulleres.

Iniciamos dúas actuacións de oficio en relación con dúas mulleres asasinadas —en Barro unha e en Vigo outra— para a ampliación do concepto da violencia de xénero fóra da relación de afectividade, fóra da relación de parella ou exparella. E tamén iniciamos outra actuación de oficio para a consideración da violencia económica como violencia de xénero.

En canto aos dereitos lingüísticos, nesta materia tramitáronse 59 expedientes, a instancia da Mesa pola Normalización Lingüística, que representan o 74,6 por cento do total de queixas rexistradas na área de dereitos lingüísticos.

Quero destacar tres actuacións de amplo alcance: unha, en relación coa documentación incorporada aos estudos de impacto ambiental; fixemos unha recomendación, que foi aceptada, e comunicouse por parte da consellería que os promotores, cando incorporen documentación aos estudos de impacto ambiental, deberano facer nunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma. Tamén en relación co Colexio Notarial fixemos unha suxestión para que se garanta que as notarías demarcadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia dispoñan de formularios e modelos en galego, fomentando o seu uso, sobre a base de criterios de dispoñibilidade, formando os notarios e notarias e empregados coa colaboración da Administración pública galega e procurando, de acordo coas necesidades do servizo, que nos distritos notariais existan colexiados con coñecemento do idioma galego; esta resolución foi aceptada. E iniciamos tamén unha actuación coa Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para coñecer se, efectivamente, o artigo 8 da Lei de contrato de seguro recoñecía un dereito subxectivo do tomador da póliza para que esta estea redactada nunha das linguas oficiais; respondeu que, efectivamente, recolle ese dereito e que para facelo efectivo se debería plantexar unha reclamación e se estudaría se efectivamente as aseguradoras están cumprindo con esa obriga.

Xa para rematar, dicir que o ano 2022 —como tamén o foron o ano 2021 e o ano 2020— foi un ano difícil para os dereitos humanos, pero estas dificultades non nos deben levar ao desánimo, senón a reforzar o noso compromiso cos dereitos humanos de todas as persoas ao longo da súa vida.

No ano 2023 —sempre con este enfoque de dereitos humanos como guía de actuación da institución da Valedora do Pobo e poñendo a vista no horizonte marcado polos obxectivos de desenvolvemento sostible, Axenda 2030— cómpre continuar coa defensa e promoción

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos dereitos humanos, cómpre continuar na loita contra os prexuízos causantes de discriminacións e desigualdade e cómpre continuar incentivando a promoción e a integración do enfoque de dereitos humanos de xeito transversal en todas as actuacións dos poderes públicos.

Permanecemos atentos ante novos riscos, como semella a intelixencia artificial, con nesgos que perpetúan os estereotipos, coa necesidade de garantir o dereito á indemnidade neuronal, permanecendo atentos aos programas de recoñecemento da faciana, aos programas que xeran contidos, ao manexo dos datos persoais e á previsión e avaliacións policiais que se fan mediante intelixencia artificial.

Seguimos co Programa de inclusión laboral para persoas con discapacidade mediante bolsas de formación, que puxemos en marcha, primeiro, para persoas con discapacidade psíquica; despois, no ano 2022, para persoas con discapacidade intelectual; e no ano 2023 para persoas con discapacidade sensorial.

O dereito ao traballo, aínda que recoñecido, é un dos aspectos nos que se aprecian máis carencias para as persoas con diferentes capacidades funcionais. Traballamos con esta iniciativa para facer visible o problema e como elemento de mobilización dos sectores público e privado. Agradezo e recoñezo o bo facer de Nati, de Alberto, de Laura, de Rebeca, de Rocío e de Héctor.

E xa remato agradecendo a todo o equipo humano da Valedora do Pobo. Sen as persoas que traballan aquí, todo isto non sería posible. Agradezo o seu compromiso, entrega, profesionalidade e sensibilidade. En total, somos 22 persoas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, valedora.

Comeza agora a rolda dos grupos parlamentarios para fixar posición.

Comeza o Grupo Parlamentario Socialista, e para iso ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

Saudar a todo o equipo da valedora do pobo, que hoxe nos acompaña.

E nós queremos comezar, no nome do Grupo Socialista, recollendo un pouco a fin da intervención da valedora, na que recoñecía o traballo de todo o seu equipo, comezando así e ademais recoñecendo que probablemente esta é, ou con toda certeza, a última comparecencia desta lexislatura neste parlamento, tal e como faciamos na Comisión de Peticións hai uns días; reco-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ñecendo tamén que durante todo este tempo se puxera tanto no informe como nas comparecencias públicas indiscutiblemente o foco nos dereitos humanos, nunha etapa ademais moi convulsa, na que vivimos non só as consecuencias da pandemia, da pospandemia, a crise de prezos, guerras e incertezas que están presentes neste informe correspondente ao ano 2022, pero que tamén velaí a nivel internacional seguen presentes e as seguimos a vivir neste ano 2023.

Un informe —como dicimos sempre— que é unha radiografía certeira dos dereitos humanos, do estado dos dereitos humanos na nosa Comunidade, e que ten dúas lecturas, unha dobre lectura, e falaremos de seguido da que facemos no negativo, na parte máis negativa e preocupante, pero tamén a parte positiva.

Ese aumento considerable durante todo este tempo do número de asuntos, de queixas, amosa que as galegas e os galegos neste tempo de traballo da Valedora e do seu equipo nesta etapa a viron cada vez como unha ferramenta máis útil, unha porta á que chamar para que se atendan aos seus dereitos cando senten algún tipo de desigualdade ou discriminación, porque cuantitativamente velaí está ese aumento dos asuntos.

E antes de entrar nesa lectura que dicía negativa de ver como aumentan ou seguen estando presentes os problemas de sempre en canto á política social, á sanidade, á educación, mesmo á vivenda, tamén queremos recoñecer o traballo e que se puxera o foco, ademais de nos dereitos humanos, especificamente en todo o que ten que ver coa loita contra a desigualdade de xénero e a loita contra os feminicidios.

Como dicía a valedora, cómpre dimensionar ben o problema e seguir camiñando nos últimos tempos poñendo o acento en cuantificar tamén esas vítimas da violencia machista fóra dunha relación; ou na violencia económica, como xa se ten feito con respecto á violencia vicaria. Así que nós animamos a que tamén dende a Valedoría sigan percorrendo ese camiño e manifestando a necesidade de seguir avanzando.

E xa atendendo —como diciamos— ás queixas, aos asuntos tratados, ás actuacións de oficio ou ás peticións que fan as galegas e os galegos ante a Valedoría, o ano pasado constátase novamente —e esa é a lectura negativa da que falabamos, tanto no número como no contido— o desleixo en materia de servizos públicos que dependen fundamentalmente do Goberno da Xunta: 7 de cada 10 queixas, actuacións ou peticións que se dirixen á Valedoría do Pobo teñen que ver con servizos e con competencias da Xunta de Galicia.

Fundamentalmente, un ano máis, sanidade e política social forman e copan boa parte deste informe, porque preocupan, porque discriminan, porque limitan os dereitos das galegas e dos galegos; uns dereitos recoñecidos e recollidos tamén que se atopan coa falta de recursos públicos e unha mala xestión das consellerías responsables.

Facía a conselleira fincapé especialmente —é algo presente neste informe, tamén durante a súa comparecencia na Comisión de Peticións— na necesidade de facer un esforzo urxente —urxente pero xa— no ámbito sanitario e sociosanitario en todo o que ten que ver con garantir ás persoas maiores o seu dereito a vivir con dignidade. Leo textualmente: «garantir ás persoas maiores o seu dereito a vivir con dignidade».

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As listas de novo insoportables de agarda pola dependencia un ano máis no foco e a falta de recursos humanos, asistenciais e económicos derivan en que a propia Valedoría pedise á Xunta —queremos lembrar— que se habilitasen axudas económicas para os dependentes e as dependentes que están á espera da prestación económica tras ser valorados; un dereito que se negou durante toda esta lexislatura —queremos lembrar— por parte do Goberno da Xunta e que xa o ano pasado recomenda a Valedoría ao Goberno da Xunta de Galicia que tome algún tipo de medida.

Isto hai que contextualizalo, porque agora en plena campaña preelectoral e nesta fin de lexislatura o señor Rueda hai poucos días anunciaba ese cheque de 5.000 euros para as familias de dependentes como unha novidade, cando se ten negado este dereito durante toda esta lexislatura e mesmo hai unha recomendación específica feita pola Valedoría do Pobo. *(Aplausos.)* Isto para contextualizar cal é a situación de vulnerabilidade das e dos dependentes na nosa comunidade durante todo este tempo, que valeu esta recomendación que si recolle este informe da Valedora. Política Social pois respostaba de xeito positivo dicindo que ía incorporar o novo decreto de valoración de dependencia, pero o que deixa patente —como diciamos— é a ausencia de medidas nesta demanda, nunha destas demandas.

Só en materia de dependencia foron 1.186 as reclamacións presentadas durante o pasado ano. Recoñece a Valedora que nos últimos anos aumentaron de feito as queixas polos atrasos na determinación do grao de dependencia e insta a Xunta a mellorar e a axilizar, entre outras cousas, as tramitacións, recomendacións e demandas que vimos defendendo desde o Grupo Socialista, como o reforzo dos equipos de valoración, tamén recibindo o non por resposta.

Sanidade —diciamos—, educación e política social, competencias da Xunta, levan o 72 por cento, 7 de cada 10 reclamacións recibidas durante o pasado ano na Valedoría.

En sanidade, máis do mesmo, por desgraza: a falta de pediatras e médicos de atención primaria, as listas de espera cirúrxicas e probas diagnósticas, o desamparo unha vez máis das persoas enviadas a ese limbo cando renuncian a seren atendidas na privada; unha fotografía que se repite —como diciamos— de xeito preocupante. E, ademais, no informe, aínda que as casuísticas non sorprenden, porque non hai cambio nas receitas, están aí, tamén se recollen historias con nomes persoais, historias e casos moi concretos que amosan a gravidade; ás veces poñer nome e apelidos a historias concretas, aos datos e ás denuncias e ás eivas que tratamos neste parlamento axuda pois a entender do que estamos a falar.

Sanidade foi a área que máis queixas centrou nas presentadas ao longo do pasado ano por parte da cidadanía galega, a situación da atención primaria e o déficit de persoal facultativo. En anos anteriores, ante estes problemas, como as dificultades de conseguir unha cita en atención primaria, xustificábase coas consecuencias evidentes ou normais ou naturais da pandemia e sobre o tempo que se precisaba dende o Goberno galego, dende a consellería. para retomar a normalidade. Dicíase, ¿non?, un tempo natural porque vimos dunha situación excepcional e aínda hai un tempo. Nós queremos lembrar que agora, a pleno rendemento —son palabras do propio conselleiro, da propia Consellería de Sanidade—, velaí continúan os mesmos problemas, abonda con tratar de pedir unha cita en atención primaria nestes momentos.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén os procesos selectivos da Xunta están presentes neste informe. Por certo, neses anos presentáronse decenas de queixas, tanto o ano pasado como este, por este atraso. Procesos que empezaron hai anos, categorías que acumulan máis de catro anos e medio de proceso, como en antiincendios, educadores sociais, auxiliares de enfermería; anos agardando. Este ano vivimos protestas ante a Xunta de Galicia do que xa se define como a OPE interminable da Xunta de Galicia.

Na educación, un asunto que traeremos mañá unha vez máis a este pleno nunha interpelación á Xunta de Galicia por parte do Grupo Socialista, os problemas co transporte escolar: falta de seguridade, impuntualidade, un contrato absolutamente millonario pero no que se prima a defensa da empresa e non o servizo que se presta ao alumnado galego. E recóllese, cando dicía casos moi concretos, alumnado, do rural fundamentalmente, que se ve obrigado a camiñar un quilómetro, ás veces algo máis, pero que non é un quilómetro por unha estrada iluminada; moitas veces, como dicimos, cando agora estamos nesta época do ano con menos luz, pois se mide nun papel cunha regra os quilómetros e as distancias sen ter en conta as especificidades do rural e de moitos concellos e como o alumnado se ve na obriga de camiñar moitas veces sen luz, con frío, etc., etc., sen paradas axeitadas.

Tamén a cobertura de prazas por parte de persoal non especialista na educación en moitos centros está presente neste informe, tanto en queixas por parte das familias como por parte do profesorado, obrigado a dar clase de materias nas que non ten preparación, e isto redunda na calidade do ensino. Tamén a falta de atención ás necesidades específicas ou especiais.

Sempre dicimos que dende o Grupo Socialista non queremos deternos unicamente na frialdade dos números, son porcentaxes, pero evidentemente ilustran sen lugar a dúbidas —dicimos sempre— onde están os problemas, onde seguen os problemas, e por desgraza continúa este goberno da Xunta de Galicia, e xa van anos de informes por parte da Valedoría sinalando onde están esas feblezas. E, se as receitas non cambian, evidentemente pois dificilmente atoparemos solucións.

Tamén, e xa para rematar, asuntos importantes sobre a vulnerabilidade das persoas que precisan acceso a unha vivenda están presentes neste informe. Mentres a Consellería de Vivenda pon o foco e magnifica e sobredimensiona o problema, inexistente como tal, como a alarma das okupacións, neste informe recóllese cal é a realidade; ese Rexistro Único de Demandantes de Vivenda absolutamente colapsado nos últimos tempos, e vimos de vivir consecuencias como o incendio acontecido en Vigo hai poucas semanas.

Polo tanto, nós animamos a que se tome en serio este informe, este traballo; dende logo, nós así o facemos. E queremos rematar como comezabamos, recoñecendo o traballo, a sensibilidade e a empatía feito durante toda esta etapa pola Valedora e por todo o seu equipo, poñendo o foco, como debe ser, nos dereitos humanos das galegas e dos galegos.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Ben, antes de nada, moi bo día a todos e a todas.

Moi bo día, Valedora e todo o equipo, que iso é moi importante; detrás da institución hai moitas persoas, oxalá houbese máis, seguro que tamén coinciden comigo.

Xa me dixo a valedora que non me puxese moi melancólico, xa que é a última, que o pasa mal coas despedidas. Ben, xa que é o derradeiro, imos dicirlle que temos que agradecerlle a ela, e por suposto a todo o equipo, o seu traballo durante todos estes anos, durante toda esta lexislatura, sobre todo nun ano no que houbo tantos asuntos.

E indo directamente xa ao que pon o informe, á análise do informe en si, e nunha vista ben rápida, porque se ve ben claro, temos que volver ver, desgraciadamente, como os problemas que teñen a ver directamente coa saúde en xeral ou co benestar social seguen a ser as áreas que máis queixas reciben.

Entón, podemos dicir, de novo —creo que o dixen nas catro intervencións—, do informe da Valedora, que as casualidades non existen, xa que esta ademais foi a tónica xeral ao longo de toda a lexislatura. E isto non é unha conspiración contra a Xunta de Galiza nin contra o PP, son os propios datos do informe, e soamente temos que ir directamente a eles.

Soamente sanidade recibe o 47 por cento do total das queixas á Xunta de Galiza. E isto o primeiro que vén demostrar é que, cando vimos aquí, semana si semana tamén, denunciar os problemas da nosa sanidade pública pois só vimos describir a realidade, igual que a describe este informe da Valedora. Unha realidade que, ademais, aparece reflectida moi graficamente; di —cito textualmente—: «As listas de espera son o principal motivo de queixa dos galegos e galegas.» É dicir, a xente está preocupada —¡como non vai estar!— pola sanidade que temos, pola sanidade que nos deixan.

E moi relacionado tamén con isto están os problemas e as eivas co persoal facultativo. Pero tamén quizais as condicións de traballo que teñen que asumir os traballadores e traballadoras da nosa sanidade pública teñen algo que ver. Volve dicir a Valedora: «Os propios profesionais sanitarios ven aumentar a súa carga de traballo pola falta de persoal para cubrir as vacantes e ausencias xustificadas.» E ¡como vai vir logo a xente aquí, cando sabe que ten que atender un número de persoas nun tempo moi limitado que non ten ningún tipo de parangón, evidentemente! ¡Como vai vir a xente escoller o noso país! E por iso, evidentemente, tanto persoal sanitario escolle outros países.

E, por iso, temos que volver dicir, neste caso ao Partido Popular, neste caso á Xunta de Galiza, que teñen que cambiar, teñen que mudar a concepción que teñen da sanidade pública. E isto vese no día a día. Non podemos permitir como algo normal que unha persoa teña que

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esperar dúas semanas, ou máis, para ser atendida polo seu médico ou médica de cabeceira. Non se pode permitir, non se pode dar como normal que teñamos que agardar un ano neste caso, ano e medio ou dous para obter algún tipo de operación na nosa sanidade pública.

Da mesma maneira, seguimos vendo queixas —moitas— co que ten a ver co servizo de pediatría deste país, sobre todo coa falta de profesionais da pediatría. Logo, evidentemente non nos sorprendemos cando chegan os datos enriba da mesa, cando sabemos que a día de hoxe hai 11.000 nenos e nenas que non teñen pediatra asignado, cando sabemos que hai 194 concellos do noso país —temos 313, quero recordar—, máis da metade, que non contan con pediatra. E ante isto a Xunta o que respondeu claramente, ademais sen querer ocultalo, é que nos temos que acostumar a que non haxa pediatra en todos os concellos. Esa é a solución, cando temos máis da metade dos concellos sen ningún tipo de pediatra.

Pero, desgraciadamente, outra área da que temos que seguir falando e que recibe tamén un número inxente de queixas é a da inclusión social, e debemos facelo porque hai un caso concreto, un problema que directamente non ten xustificación, que é o das valoracións da discapacidade. Porque é unha problemática que se ve reflectida no informe ano a ano, dá igual cal fora o informe; temos aí os problemas das valoracións da discapacidade ano a ano, sobre todo cando sabemos que o máximo legal son seis meses, e ano si e ano tamén ese máximo legal vólvese superar; e temos queixas porque as valoracións chegan a un ano, chegan a un ano e medio, chegan a tardar dous anos, e sobre todo neste caso porque están fóra da lei.

A Xunta de Galiza neste caso está fóra da lei, e asiste a isto pois cunha pasmosa tranquilidade, sobre todo cando se trata dun tema tan serio, dun tema tan delicado como son as valoracións da discapacidade. E todo isto ten consecuencias, evidentemente, e a día de hoxe contamos con 4.000 galegos e galegas á espera de atención á dependencia ou da valoración da mesma.

Pero ben, tamén relacionado cos servizos públicos, evidentemente, pasamos á educación, e aquí —¡oh, sorpresa!— a maioría das queixas teñen que ver co transporte, e —¡máis sorpresa aínda!— teñen que ver con Monbus, «*la gallina de los huevos de oro*» —poderíase definir así, ¿non?—. Teñen que ver cos horarios, coas rutas, coa calidade do servizo, e sempre con Monbus, tamén é evidente, ¡con quen vai ser cando non queda outra empresa! E sobre todo nuns días nos que o Supremo vén de facer firme que Monbus e ALSA se repartiron ilegalmente o mercado, co beneplácito da Xunta de Galiza.

Eu vólvolles dicir o mesmo tamén aquí aos señores e señoras do Partido Popular: vostedes ás empresas en xeral non lles queren moito, quérenlles ás empresas dos seus amigos e amigas, porque das pequenas empresas, as que tiveron que pechar porque Monbus e ALSA se repartiran ilegalmente o mercado, pois desas esquécense un pouco. E aquí o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza volve ratificalo.

Pero, para máis inri, falamos ademais dunha consellería que non lle fai nin caso á Valedora, porque cando a Valedora propón propostas —valla a redundancia— pois a consellería ou non responde ou non as ten en conta, ou cando a xente, cando os galegos e as galegas se queixan da Consellería de Educación, esta consellería tarda máis dun ano en dar resposta. É

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dicir, ti quéixaste o curso pasado e respóndenche este ano a esa problemática. Xa me dirán vostedes que sentido ten iso.

Pero, como mencionou tamén a valedora, indo aos dereitos lingüísticos, volvemos aproveitar aquí para recordar que son dereitos humanos. Neste caso é un día cheo de sorpresas, volveu saltar a sorpresa e absolutamente todas as queixas teñen que ver coa imposibilidade de comunicarse en galego; neste caso, 79 queixas. Peticións tan utópicas como poder facer unha póliza de seguros en galego, acceder á Xustiza en galego, ter documentos notariais en galego ou poder ver os nosos topónimos na nosa lingua, é dicir, cumprir directamente a lei, nada máis.

E por esta razón volvemos reclamar a igualdade para o galego, para que o PP deixe de ter esta actitude negacionista, de negar a realidade, que tamén o informe da Valedora, ano si e ano tamén, lle indica, que a día de hoxe é imposible poder desenvolver en todos os aspectos da túa vida no noso país a túa vida as vinte e catro horas en galego.

E, ante isto, por parte do Goberno levamos catorce anos de silencio, coma quen mira o mar, non pasa nada, non hai ningún tipo de problema. Pero ás veces o silencio é mellor que traballar en contra, porque esa igualdade tampouco a podemos ter na educación, evidentemente, cando non podemos cursar as materias na lingua deste país, casualmente as que teñen que ver coa ciencia.

Pero ben, para ir rematando —e isto xa dirixido evidentemente á Valedora e a todo o seu equipo—, sabemos que é a última comparecencia nesta lexislatura, pero evidentemente queremos seguir animándoa, animándoos a que se sigan dando a coñecer, a que a xente ten que seguir vendo, sempre con máis forza, evidentemente, a Valedoría do Pobo como un medio para resolver problemas, porque vostedes mesmos e vostedes mesmas saben que, cando unha persoa acode á Valedoría do Pobo, moitas veces é en situacións moi complicadas, é en situacións ás veces totalmente de desesperanza, e en moitos casos esa xente agradece evidentemente ver a Valedoría activa, a Valedoría con ganas de resolver os problemas —repito— en situacións ás veces moi duras.

Agradecerlle a toda a Valedoría —creo que foi un compromiso dende o primeiro ano— todo ese labor, ese ímpeto, esa focalización no que ten a ver coa igualdade entre homes e mulleres no noso país, e esperar poder volver vernos, aínda que non sexa aquí, en calquera outro lugar.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías.

Señora valedora, benvida vostede unha vez máis a este parlamento e a todo o seu magnífico equipo, que a acompaña sempre e co que traballa arreo cada día para que hoxe teñamos este informe do ano, do que xa falamos hai quince días na Comisión de Peticións.

Eu quixera, en primeiro lugar, agradecer, en nome do Grupo Popular, á valedora do pobo que un ano máis veña dar conta a este parlamento do seu traballo e do cumprimento do seu deber de velar polos dereitos da cidadanía galega e exercer un control rigoroso e efectivo sobre o funcionamento das diferentes administracións. Porque, como dicía Karl Popper, a democracia consiste en poñer baixo control o poder político, e neste sentido non pode ser máis democrático o traballo da institución que vostede representa e os resultados recollidos neste informe, sobre todo, señora valedora, nun contexto no que estamos asistindo á colonización das institucións e á súa instrumentalización, co único fin de acadar o poder.

Lamentablemente, a separación de poderes e o Estado de dereito están en risco en España, cuestión esta que puxo onte de manifesto nunha declaración institucional o Consello Xeral do Poder Xudicial e coa que nós estamos absolutamente de acordo. Estamos vendo como unha minoría está intentando reverter a orde constitucional. Pero o que é peor é que aos que alzamos a voz para dicir alto e claro que non o imos consentir se nos tacha de fascistas, cunha linguaxe absolutamente guerracivilista e de división de bandos que nos leva a outra época.

Si, señora valedora, dicía vostede que este ano foi un ano difícil para os dereitos humanos. Pois a verdade é que, co que estamos vivindo estes días, se aveciñan tempos moito máis difíciles para os dereitos humanos e para os dereitos fundamentais recollidos na Constitución. *(Aplausos.)* Por iso, señora valedora, os demócratas hoxe sentímonos reconfortados co seu traballo de defensa dos dereitos humanos e de defensa dos dereitos fundamentais recollidos na Constitución española, a que nós sempre defendemos e sempre defenderemos. *(Murmurios.)*

Señor presidente, eu escoitei e o noso grupo escoitamos, con absoluto respecto, os outros grupos, a pesar de que dixeron cousas que ao mellor tampouco non nos gustaban. Eu pido o mesmo respecto.

Dicía a señora valedora que o seu traballo tamén nos permite coñecer cales son as prioridades e as preocupacións dos galegos e das galegas. Antes de afondar nas cuestións que preocupan segundo o informe do pasado ano, eu quería felicitala tamén pola súa eficacia e a súa eficiencia coa que está a funcionar o organismo que vostede representa.

Vostede díxoo aquí. Efectivamente, os datos cuantitativos son os que mellor reflicten esa eficacia no traballo. Pasaron de xestionar 2.276 queixas en 2019 a 4.634 en 2022. E as resolucións emitidas multiplicáronse por cinco, ao alcanzar as 503 o ano pasado, fronte ás 93 do ano 2019. Aínda que a priori puidera parecer que hai unha causa-efecto obvia e ao mellor non meritoria entre o aumento das queixas recibidas e o aumento do número de resolucións, a realidade é que o mérito está non no número de queixas que se resolven senón en como se resolven e, como dicía antes, na efectividade deste proceso.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E neste sentido cabe destacar o aumento dos asuntos xestionados, un 50 por cento máis de expedientes atendidos, e un aumento en máis de 6.000 actuacións iniciadas pola súa institución.

Pero do que non podemos esquecernos nunca é de que estes números o que representan en realidade son problemas, o sentir dos galegos e das galegas, son preocupacións, son problemas, son expectativas de como deben actuar os poderes públicos cos nosos cidadáns, e, sobre todo, de como deben de funcionar as administracións, que velan polos seus intereses.

E en como interpreta cada partido este informe demóstrase como é a súa maneira de afrontar e proceder ante os problemas dos galegos. A oposición, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, pois veñen dicir que todo está mal en Galicia, e non nos sorprende, porque a súa estratexia baséase en que canto peor lle vaia a Galicia mellor cren que lles vai ir a eles. Pero, como demostra o propio informe e como levan demostrando as urnas dende o ano 2009, a súa visión non concorda cos galegos, porque, por moito que lles pese, Galicia non para e segue avanzando con máis e mellores servizos públicos.

Pola contra, para nós este informe non só é o espello onde mirar o que realmente preocupa aos galegos, senón o termómetro para medir que estamos indo polo bo camiño. Falando de problemas, hai que dimensionar os problemas. Por exemplo, en sanidade houbo algo máis de 2.800 reclamantes, pero ¿saben cantas consultas se realizaron o pasado ano? Pois máis de 35 millóns e medio de consultas, é dicir, 143.000 consultas médicas ao día. E se iso o relacionamos co número de queixas, estamos falando do 0,01 por cento de queixas, que, por suposto, hai que revisar e ter en conta. Pero a dimensión do problema non é o que pretenden facer vostedes.

Falaba o señor Castro da pediatría. Pois mire, temos practicamente o mesmo número de pediatras que hai quince anos, e o número de consultas de pediatría que temos no Servizo Galego de Saúde mantense practicamente igual que cando o número de nenos diminuíu en case 30.000 nenos neste período; é dicir, temos 30.000 nenos menos pero temos o mesmo número de pediatras. Por tanto, señor Castro, eu non sei onde ve vostede que hai menos atención á pediatría.

En calquera caso, a sanidade pública galega é a terceira de todo o Sistema nacional de saúde con mellores tempos de espera media para acceder a unha intervención cirúrxica. En Galicia sitúase en 75 días e na media estatal está en 122; por tanto, 47 días menos en Galicia que no resto de España. Ou se falamos para acceder a unha primeira consulta, en Galicia está en 66 días e na media estatal en 95; é dicir, 29 días menos en Galicia. E somos a segunda comunidade autónoma con mellores datos no que se refire á porcentaxe de pacientes que agardan máis de seis meses para unha intervención; se en Galicia agardan 6,7 por cento, na media de España estamos no 22 por cento.

Por tanto, creo, señorías, que Galicia está ben xestionada no ámbito da sanidade, a pesar de que efectivamente hai marxe de mellora e o Goberno galego está traballando para iso, a pesar de vostedes.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque miren, cando se poñen en marcha por parte da Xunta de Galicia medidas para paliar, por exemplo, a falta de médicos, que é unha cuestión que non parece preocuparlle nin ao PSOE nin ao BNG, nunca puidemos contar co seu apoio na nosa reivindicación ao Goberno de España para que incremente o número de prazas MIR, o número de centros acreditados para poder formar máis médicos; ou cando a Xunta de Galicia tomou medidas extraordinarias para cubrir vacantes de difícil cobertura nos centros de saúde, tampouco contamos co seu apoio; ou cando pedimos ao Goberno de España nun contexto de falta de médicos que non debería existir nota de corte nos exames MIR, seguen vostedes igual.

E no ámbito da violencia de xénero, señora valedora, para nós tamén é unha absoluta preocupación. Vostede compareceu aquí o día 23 de outubro e o 26 de outubro asistiamos a un balance do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que foi aprobado por todos os grupos do arco parlamentario do Estado no ano 2017 e que leva gardado nun caixón dende que Pedro Sánchez chegou á Moncloa. Mire, vostede dío no seu informe: «Transcorreron varios anos dende a súa aprobación sen que o propio lexislador teña articulada unha normativa positiva que recolla moitas das indicacións da declaración programática».

Pois mire, o 26 de outubro asistiamos a un balance do Pacto de Estado. E ¿que dicía? Que non se aprobou a Lei de trata; que non se suprimiu a atenuante de confesión en delitos de violencia de xénero; que non se suprimiu a atenuante de reparación do dano nos casos de violencia de xénero; que non se cumpriron as medidas de xeneralizar a agravante de discriminación para os casos de mutilación xenital feminina; que non se perfeccionou a tipificación dos delitos no ámbito dixital, que tanto preocupan as familias co uso cada día maior por parte dos menores e das menores dos teléfonos móbiles, dos ordenadores e das redes sociais, tan perigosas para os nosos menores, e iso non as preocupa, señorías; ou estender a pena de privación de tenza e porte de armas para todos os delitos —agora só é para os delitos de lesións; o pacto establéceo tamén para as ameazas e coaccións—; establecer que non deriven responsabilidades cara á muller nos delitos de quebrantamento; introducir unha listaxe pechada de criterios de referencia á situación de risco.

E así podería seguir con moitísimas máis cuestións, que non teño tempo, pero que todos vostedes coñecen, porque, por desgraza, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero segue metido nun caixón de Pedro Sánchez, e nós seguiremos loitando para que todas estas cuestións se fagan realidade nunha lexislación que ten que ser estatal. Dende Galicia fixemos o que puidemos, efectivamente.

A señora valedora pide no seu informe cuestións tan importantes como que a violencia doméstica se considere violencia de xénero. Pero é que iso xa está recollido na Lei galega do ano 2007. E iso, señorías, segue sen lexislarse no ámbito estatal, e parece que iso non os preocupa. E nós —insisto— seguiremos traballando para que iso sexa unha realidade.

Remato xa. Señora valedora, onde algúns len deterioración dos servizos públicos de Galicia nós lemos que Galicia avanza, con máis e mellores servizos públicos. Por iso valoramos tanto o traballo da Valedora do Pobo e os resultados que recolle este informe, que —insisto— ten que seguir axudando a impulsar mellores servizos públicos, pero o que indica é que imos polo bo camiño.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Saudamos os alumnos de 6º de primaria do Centro López Ferreiro, de Santiago de Compostela, que hoxe visitan o Parlamento, e tamén os profesores que os acompañan.

E continuamos agora coa orde do día, punto segundo, comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar das previsións e das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para iso ten a palabra a conselleira de Economía, Industria e Innovación, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Comparezo hoxe, a petición propia, como conselleira de Economía, Industria e Innovación, para informar a esta cámara sobre cales van ser as liñas xerais de actuación deste departamento no que resta de lexislatura; un departamento que se configura esencial para lograr un maior crecemento económico de Galicia e, polo tanto, tamén o maior crecemento social, a través da captación, deseño, implantación e acompañamento dos proxectos industriais e empresariais estratéxicos, da aposta polo autoabastecemento enerxético, ao tempo que se preservan os recursos naturais, do fortalecemento da innovación como axente diferenciador e promotor de talento ou da modernización e expansión dos sectores económicos tan nosos, como poden ser a artesanía ou o comercio.

Unha serie de novas medidas económicas, como adiantei xa na comparecencia en materia de orzamentos, que están concibidas como un todo e cun único obxectivo: Galicia como polo de atracción empresarial e industrial da península ibérica.

Antes de precisar este plan de acción, penso que é indispensable aproximarnos de forma obxectiva á situación económica actual da nosa Comunidade. En termos estritamente económicos, cómpre sinalar, como saben, que no cuarto trimestre de 2022 a economía galega foi quen de recuperar a riqueza prepandemia e fíxoo con varios trimestres de antelación con respecto á española. En 2022 a economía galega foi capaz de crecer un 3,8 por cento. Unha vez pasados xa tres trimestres do ano 2023, prevese que medremos un 1,8 por cento, e, no que atinxe a 2024, a previsión é dun crecemento do PIB do 1,9 por cento.

Ademais, en Galicia cada vez producimos máis e exportamos máis e necesitamos menos recursos do exterior. De feito, ata o mes de agosto a balanza comercial de Galicia acadou a cifra máis alta da historia: 5.994 millóns de euros en positivo, cunha taxa de cobertura dun 144 por cento. E saben o que está sucedendo no conxunto do Estado: estamos en nú-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

meros vermellos, a balanza comercial española está preto de 26.000 millóns de euros en negativo.

En termos de débeda, Galicia reduciu a súa ratio débeda/PIB ata o 16,7 por cento no segundo trimestre do ano. Esta cifra é 7 décimas inferior á rexistrada no primeiro trimestre de 2023 e sitúase tamén 3 décimas por debaixo da ratio rexistrada ao peche de 2022. Se comparamos Galicia coa media das comunidades autónomas, estamos 6,5 puntos por debaixo.

Ademais, o Banco de España ratificou que Galicia é a autonomía con menor aumento de volume de débeda dende o ano 2008, exercicio —como saben— no cal comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas en España. En conclusión, continuamos neste 2023 coa senda de recuperación e de crecemento que iniciamos tras a pandemia para recuperar os valores previos á mesma, e incluso melloralos, e para ter perspectivas de crecemento moi positivas.

Polo tanto, señorías, con todos estes datos na man e lonxe de ser triunfalistas, por suposto, podemos dicir que as cousas en Galicia non van mal; e no van mal porque aquí fomos quen de repoñernos ás recentes situacións socioeconómicas adversas e incluso fomos quen de fortalecernos. Agora temos que adiantarnos aos novos desafíos que se nos presentan; desafíos, como poden ser, o posible impacto da desaceleración do crecemento da Unión Europea sobre o PIB galego ou a inestabilidade política no plano nacional, que pode facer fraquear os investimentos en España; e, para isto, ¿como o imos conseguir? Ímolo conseguir mediante unha política económica e industrial atractiva, áxil, e definida, complementada cunha política enerxética sostible e respectuosa co medio ambiente, pero tamén autónoma, segura e competitiva.

Señorías, en primeiro lugar, ímolo conseguir mediante —digo— unha política económica e industrial atractiva, áxil e definida. Atractiva, porque Galicia ten que constituírse como un referente dentro da península ibérica canto á atracción de empresas. Temos que ofrecer condicións máis favorables con respecto a outros territorios como, por exemplo, o noso país veciño, Portugal, e tamén con respecto a outras comunidades autónomas. Para iso temos que potenciar os aspectos positivos que, sen dúbida, xa temos: a estabilidade sociopolítica institucional, o respaldo ao sector económico, o apoio á innovación empresarial..., e tamén temos que incidir noutros aspectos que condicionan moitísimo as decisións empresariais e industriais canto á localización dunha nova iniciativa, pero tamén canto ao crecemento das iniciativas xa existentes. Trátase do impulso aos proxectos empresariais por parte da Administración, acompañando as persoas promotoras dende as primeiras fases e reducindo a burocracia nas tramitacións administrativas, da mellora da dispoñibilidade e das condicións de acceso ao solo empresarial, do impulso á innovación no tecido empresarial e do apoio económico canto ao financiamento dos investimentos.

E unha política, para ser atractiva, ten que ser unha política áxil. Hai dúas medidas fundamentais para conseguir esa axilidade: a Oficina Económica de Galicia e o plan de impulso e aceleración dos proxectos industriais na comunidade autónoma. Por unha banda, debemos ofrecer ás empresas unha única canle coa Administración; unha única canle para o asesoramento técnico e económico, para o asesoramento administrativo, para calquera persoa

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

promotora. Falamos da Oficina Económica de Galicia, que estará adscrita ao Igape, e que integrará a totalidade das funcións que, ata agora, realizaban as distintas unidades existentes, que se eliminan, e que contará con persoal especializado en todas as áreas, entre as que destaca a área industrial. Con esta medida perséguese, por unha banda, a redución de órganos e a redución de trámites e, por outra banda, unha interlocución absolutamente fluída e áxil entre o tecido empresarial e a Administración pública.

E dicía que esa política económica áxil está baseada en dous instrumentos: nesa Oficina Económica e, en segundo lugar, nun Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais. Este instrumento está dirixido a impulsar e a facilitar a implantación de proxectos industriais na nosa comunidade ou a ampliación dos xa existentes. Todos os proxectos que teñan unha inversión superior a oitocentos mil euros quedarán incluídos dentro deste Plan de impulso e aceleración, e a intención obvia é reducir os prazos da súa tramitación. Entre as medidas que se contemplan inclúense: o acompañamento e o asesoramento único da Secretaría Xeral de Industria ás persoas promotoras dos investimentos durante a totalidade das tramitacións administrativas que sexan necesarias realizar, tanto ante a Administración autonómica como ante outras administracións públicas. Este plan vai asociado a unha serie de indicadores que permiten facer o seu seguimento, e, de feito, a consellería dará publicidade da evolución dos principais indicadores, contemplando a relación de proxectos incluídos e o seu estado de tramitación. A información do estado de tramitación conterá en particular as relativas autorizacións autonómicas ou sectoriais, as licenzas urbanísticas —incluíndo os prazos de emisión, de acordo coa normativa vixente—, a súa emisión, a súa denegación ou a súa non emisión nos prazos legais.

E, por outra parte, nos últimos tempos, dentro deste Plan de aceleración —saben— estase demostrando a eficiencia canto ao modelo de tramitación dos proxectos industriais estratéxicos que está permitindo procesos moi rápidos para autorización de proxectos industriais tractores da nosa comunidade; por esta razón —e como xa adiantamos nesta mesma Cámara—, como medida específica dentro deste plan, ampliamos este modelo de tramitación a proxectos de menor tamaño, concretamente a proxectos a partir de dous millóns de euros e de vinte e cinco empregos, garantindo un prazo de tramitación dun ano e asumindo a correspondente responsabilidade patrimonial, se neste prazo non se cumpre o previsto.

E dicía, unha política económica e industrial, atractiva, áxil e definida. Definida, a través dunha nova Estratexia de política industrial de Galicia, isto é, unha ferramenta de planificación dinámica que se adaptará en tempo real á evolución da industria e que permitirá identificar os sectores que brindan maiores oportunidades en cada momento, incluíndo, en consecuencia, plans específicos. ¿Como imos avanzar na elaboración deste documento? Estamos comezando coas seguintes actuacións concretas: a elaboración dun mapa industrial de Galicia. Este mapa incluirá a información sobre a implantación actual dos distintos sectores en Galicia, co fin de fomentar as sinerxías entre as distintas actividades industriais; ademais, contemplará información xeral sobre as infraestruturas esenciais e necesarias para a implantación dos proxectos Este recurso manterase debidamente actualizado e accesible a través da páxina web da consellería. En segundo lugar, unha caracterización e segmentación das áreas industriais galegas baseándonos, tanto nas infraestruturas e servizos como nos aspectos socioeconómicos. En terceiro lugar, unha identificación e impulso dunha rede

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de informantes clave no territorio para obter datos cualitativos sobre as demandas do tecido industrial galego. E, por último, a elaboración de programas estratéxicos específicos en eixos como a innovación, a dixitalización a sustentabilidade e a internacionalización ou a capacitación profesional. Por iso, para esta nova Estratexia de política industrial en Galicia, basearémonos, a través destas accións concretas, en dous elementos clave que constituirán a estratexia: Un, nos plans directores para os distintos sectores industriais e dous —o que acabo de explicar—, no Plan para o impulso e aceleración de proxectos industriais na comunidade.

Canto aos plans directores, estes están entendidos como instrumentos de carácter estratéxico que teñen por fin potenciar o desenvolvemento da actividade industrial no sector concreto que corresponda para avanzar no fortalecemento de todo o tecido industrial galego, por suposto, conseguindo a creación, e tamén o mantemento do emprego industrial, e reforzando as sinerxías sectoriais e intersectoriais que poidan existir entre os distintos sectores estratéxicos da nosa industria.

Falabamos da política industrial definida, non soamente canto á estratexia de implantación e de atracción de industria, senón tamén en materia de seguridade industrial. Señorías, coincidiremos todos e todas en que investir en seguridade industrial é protexer as persoas, é protexer a flora, a fauna, o noso medio ambiente, así como os diferentes bens, contra accidentes e sinistros derivados das actividades industriais. Tendo en conta todo isto, imos desenvolver un plan para a mellora da seguridade industrial en Galicia. Este plan basearase en dous piares básicos: na creación do Consello Galego de Seguridade Industrial —un órgano colexiado para o diálogo, o impulso e, sobre todo, a coordinación dos criterios e actuacións en materia de seguridade industrial— e na implementación dun plan específico de fomento e de difusión da seguridade industrial, por suposto, para crear conciencia empresarial, pero tamén social, e para poñer en valor a seguridade industrial como un elemento clave e prioritario dentro do plan de acción de calquera empresa.

E unha política económica e industrial definida tamén ten que estalo no ámbito enerxético. Absolutamente ligada ao desenvolvemento industrial de Galicia e á seguridade industrial e, por suposto, á protección do medio ambiente atópase a política enerxética. Con esa premisa nace a política enerxética da Xunta de Galicia, co propósito de velar polo noso medio ambiente, ao tempo que resulta compatible coa mesma. Esta estratexia enerxética vai en consonancia coa marcada pola Unión Europea. De feito, o Pacto verde europeo marcou o obxectivo de acelerar a transición ecolóxica da Unión Europea cara a unha economía neutra en emisións de CO_2 para 2050, que se complementa, ademais, cun plan industrial específico deste Pacto verde europeo que promove o desenvolvemento da capacidade de produción propia das materias primas e tecnoloxías requiridas para a transición verde, incluíndo o aproveitamento dos recursos naturais de Europa. A propia Administración galega —saben—avanzou no ano 2022 aprobando sendas axendas: unha Axenda enerxética de Galicia 2030 e tamén a Axenda de impulso á minería sostible de Galicia.

Pois ben, dentro deste novo escenario, os recursos naturais pasan a ser un factor clave para o crecemento sostible, inclusive do territorio, para a industria de Galicia e, dende logo, sempre concibidos como patrimonio de toda a cidadanía galega. Da cantidade de recursos naturais

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que temos en Galicia, que se pode empregar de forma sostible e limitada, cando se asigna unha parte deles a un determinado proxecto industrial ou empresarial, debemos obter un retorno social acomodado. En conclusión, a posta en marcha deste tipo de proxectos no territorio ten que respectar, por suposto, as cautelas ambientais, pero tamén ten que ir acompañada dunha adecuada valoración do seu impacto social e económico, isto é, a valoración dos denominados servizos dos ecosistemas ou dos servizos ecosistémicos e nesta liña —saben— estamos impulsando a Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais en Galicia. Esta lei ten a finalidade evidente de impulsar a xestión responsable dos recursos naturais da comunidade autónoma, de maneira que se protexa o medio ambiente, pero tamén compatibilizando con crear riqueza, isto é, riqueza creada que impacte no territorio. É dicir —como explicaba—, son proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, nos cales a lei pretende que se avalíe o seu impacto social e económico. E, no marco desta lei, cómpre salientar que a Comunidade Autónoma de Galicia ten unha forte dependencia enerxética do exterior, e esta dependencia enerxética ten que ser reducida nos próximos anos. Actualmente xeramos o 63,1 por cento do que consumimos. O parque galego de xeración eléctrica representa o 9,8 por cento da potencia total do parque de xeración do Estado e contribúe co 12,2 por cento da potencia instalada no segmento das enerxías renovables. Isto supón unha gran vulnerabilidade para a nosa actividade económica ante as interrupcións de subministración de combustibles fósiles e tamén ante a alta volatilidade dos seus prezos. Con estes datos resulta evidente que soamente seremos máis autosuficientes cando máis invistamos en renovables.

O desenvolvemento industrial futuro da Comunidade Autónoma de Galicia require garantir a subministración de enerxía a un prezo competitivo a partir de tecnoloxías medioambientalmente sostibles. Actualmente, polo menos, existen trinta e dúas iniciativas industriais relevantes en Galicia que van demandar oito teravatios por hora adicionais de electricidade ao ano. Tamén existen investimentos potenciais en Galicia por valor de 6.328 millóns de euros, que xerarían emprego directo para máis de sete mil profesionais, que dependen de asegurar a subministración eléctrica a un prezo competitivo a medio prazo.

Adicionalmente, o elevado prezo da enerxía é tamén o motivo de deslocalización da actividade económica para moitas empresas. A instalación de potencia eólica en Galicia atópase agora mesmo paralizada. No último ano, no ano 2022, soamente se instalaron vinte e oito megavatios na comunidade. Aínda si, señorías, en Galicia existen promotores con interese en instalar nova capacidade eólica a un sector industrial eólico potente que permitirá a penetración a grande escala. Ademais, existe a capacidade técnica, profesional e económica en Galicia para os requirimentos de fabricación dos equipos e da súa construción.

E cómpre recordar que en Galicia a xeración eólica xerou riqueza e xerou emprego: 923 millóns de euros de contribución ao PIB e 5.494 empregos. Adicionalmente, o esforzo fiscal do sector no último ano foi de 100 millóns de euros. Se se mantivese a un ritmo de instalación de potencia medio de catrocentos a quiñentos megavatios, nos próximos anos, en dez anos poderiamos xerar entre 1.840 e 2.950 empregos estables adicionais.

E, señorías, o sector eólico participa na loita contra o cambio climático. En 2022 a xeración eólica evitou a emisión de máis de cinco millóns de toneladas de dióxido de carbono, cuxo

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

valor de mercado era de 356 millóns de euros. Pois ben —como saben—, co fin de avanzar no equilibrio dun aproveitamento sustentable dos recursos naturais de Galicia que, ademais, vaia en beneficio da veciñanza e na salvagarda do medio ambiente, imos crear unha sociedade mercantil galega; unha sociedade pioneira en España que investirá en entidades instrumentais que desenvolvan proxectos relacionados cos recursos naturais de Galicia, fomentando a venda a consumidores galegos de enerxía renovable a prezos competitivos e fomentando tamén a implicación dos actores locais nos proxectos, como elementos diferenciais, para xerar beneficios socioeconómicos en Galicia. Esta sociedade *utility* desenvolverá proxectos financeiramente viables nos ámbitos da enerxía renovables, da concesión da auga, da minería..., en competencia, por suposto, cos restantes axentes, pero, ademais, a diferenza dos operadores tradicionais, incorporará, en todas as súas actuacións, criterios de impacto ambiental e socioeconómico nas comunidades locais, e aliñarase cos obxectivos estratéxicos que temos na Xunta de Galicia.

E, señorías, este desenvolvemento económico e este progreso social no mundo actual en que vivimos non se poden entender sen un motor tan poderoso como é a innovación. O impulso da innovación no tecido empresarial é outra das claves desa política económica e industrial atractiva en Galicia; tanto, que as empresas que xa apostan pola innovación son máis competitivas e están mellor preparadas para afrontar os retos actuais dos cales falabamos, impulsando o desenvolvemento de novos produtos e servizos, mellorando a eficiencia operativa, mellorando a súa produtividade, e, polo tanto, xerando tamén máis emprego de calidade. Por iso —e como xa comentaba na comparecencia de orzamentos— imos continuar intensificando todos os apoios directos que temos agora mesmo á innovación nas distintas fases, aos programas e ás convocatorias xa coñecidos, como pode ser a de Innova peme ou Deseña peme, que —saben— son a porta de entrada á innovación para as pequenas empresas; á convocatoria de Conecta peme para proxectos executados, en colaboración, por agrupacións de empresas. Continuaremos cos apoios a proxectos candidatos en convocatorias nacionais ou europeas, isto é, os bonos de innovación, dentro do Programa para o impulso á innovación nas pemes, para presentarse a proxectos europeos; e tamén continuaremos cos apoios a convocatorias, como a de rescate aos proxectos Neotec, do Centro para el Desarrollo Tecnológico y la Innovación, o CDTI.

Pero tamén queremos apostar por novas fórmulas, por novos programas de apoio a todo o sistema da innovación en Galicia. Destaco dous destes novos programas: un programa —que saben que comezaremos nos primeiros meses de 2024—, que é unha convocatoria conxunta entre o Igape e GAIN, e o programa chámase Misións e son proxectos estratéxicos de I+D+i que engloban toda a cadea de valor, é dicir, estarán executados por consorcios participados por centros de investigación, pemes, centros tecnolóxicos e grandes empresas. E o que pretendemos —como digo— é unificar o desenvolvemento das tecnoloxías e mais o investimento produtivo nunha única axuda. En segundo lugar, queremos apostar por outra convocatoria nova, moi demandada polos centros tecnolóxicos e practicamente única en España, que supón apoiar o fortalecemento e a ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos, subvencionando investimentos nas súas infraestruturas.

E continuaremos apoiando e tratando de facer crecer os polos de innovación que agora mesmo están asentados e creados en Galicia. En primeiro lugar, a biotecnoloxía, con esa Es-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tratexia de consolidación da biotecnoloxía, que contará por primeira vez co apoio do Clúster da saúde en Galicia ademais de co Clúster das ciencias da vida. En segundo lugar, o polo aeroespacial de Galicia, que —saben—, como novidade neste ano 2024, lanzaremos unha convocatoria para a compra privada de innovación, xa que as despregaduras de solución para o sector público autonómico, a maioría, xa teñen todos os seus contratos en execución. E, en terceiro lugar, o polo de computación; no que se refire á computación, está previsto a adquisición dun novo computador cuántico, o Qmio II, que —estimamos— debería dobrar o rendemento do actual computador, e dun novo supercomputador, o Finisterrae IV, que estará pensado para ser moi eficiente enerxeticamente e que —estimamos— será entre quince e vinte veces máis potente que o actual, o Finisterrae III.

E unha política económica atractiva para as empresas non pode esquecer o apoio económico canto ao financiamento dos proxectos. Da totalidade das medidas vou destacar unha, que é na cal estamos traballando; saben que estamos traballando na procura de capital exterior aproveitando a singularidade xeográfica, política e social de Galicia. Por iso iniciamos unha nova liña de traballo cun fondo de investimento formado por capital de investidores privados; trátase dun fondo que terá como obxectivo atraer entidades privadas e financiamento dos Next Generation para que poidan investir unha parte do seu patrimonio na nosa rexión. Crearase así un vehículo que permita investir en proxectos, que agora mesmo xa están en marcha, pero tamén actuar como promotor doutros novos proxectos, que están ou estarán a xerarse nun futuro próximo. Para isto a Xunta de Galicia achegará un investimento de ao redor dun dez por cento, como límite máximo, de trinta millóns de euros, para acompañar os investidores. O obxectivo mínimo do fondo será a captación de trescentos millóns de euros, e terá un obxectivo máximo final de oitocentos millóns de euros.

Ben, os investimentos realizaranse evidentemente dentro do territorio da comunidade autónoma, e con esta acción lograremos atraer capitais externos ao proceso de transformación e desenvolvemento de Galicia, por suposto —como digo—, no ámbito de proxectos transformadores, da economía circular, grandes desenvolvementos, abaratando os custos financeiros da cidadanía e dando tamén lugar a un constante coñecemento de Galicia por parte do capital europeo, que —creo—fará que xurdan outras oportunidades.

E, para rematar, falando de economía, non podemos deixar a un lado o comercio. Os formatos de venda físicos teñen que ter capacidade para ofrecer compras inmersivas, nas cales a especialización e a diferenciación son elementos clave para o seu futuro. Sumado este reto a un posicionamento sólido do noso comercio, e, tamén, por suposto, dotalo de ferramentas dixitais para facer os seus negocios expansivos. Ambos os escenarios convertéronse, sen dúbida, en desafíos cruciais para o comercio. Dentro deste ecosistema está claro tamén o impacto positivo no eido da sustentabilidade e da formación como pancas clave para afianzar os modelos de negocio dos nosos comerciantes; e aí é onde estamos centrando toda a actividade de cara ao futuro do comercio retallista galego —como digo: transformación física, innovación, expansión dixital, calidade e especialización, impacto positivo e formación— con novas actuacións neste marco, como é o plan estratéxico Innova Comercio 2024-2027, que permitirá a transformación sostible do sector, co fin de adaptalo aos novos tempos, é dicir, impulsando, por suposto, o comercio de venta *online*, pero tamén a tenda física de toda a vida. O novo proxecto de I+D+i é a medida de transformación dixital e de modernización

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do sector comercial e artesanal para seguir apostando e avanzando pola innovación tecnolóxica e a sustentabilidade do comercio de proximidade galego. Empréndese a segunda fase do *Hub* da innovación comercial e artesanal que —saben— é unha iniciativa pensada para desenvolver novos modelos de negocio e para mellorar a competitividade do comercio. Sabendo que a forza laboral é fundamental para a mellora da competitividade, impulsarase un plan de formación e capacitación dos profesionais do sector do comercio. Ademais, atenderemos particularmente á modernización e ao desenvolvemento da artesanía, artellando unha estratexia integral destinada á promoción e ao desenvolvemento do sector artesanal galego; un programa formativo para o relevo xeracional dos oficios tradicionais, fomentando a relación entre profesionais de artesanía de Galicia e doutras disciplinas, como pode ser a gastronomía, a moda, a introdución no mundo *contract*, accións de artesanía e sostenibilidade identificadas cos novos hábitos responsables de consumo de produtos, e impulsado tamén a promoción industrial a través do Programa artesanía e industria, motivado pola demanda crecente da industria de obxectos únicos e exclusivos para incluílos nos seus produtos como sinais de calidade e de diferenciación. Por último, coa nova Lei de artesanía —un texto que xa coñecen e no cal están a traballar— pretendemos fortalecer o desenvolvemento do sector artesanal galego, garantindo o relevo xeracional e impulsando a promoción nacional e internacional dos nosos produtos artesáns.

E falando de promoción, non temos mellor selo que o da marca Galicia Calidade que cumpriu vinte e cinco anos demostrando un compromiso inquebrantable coa excelencia, superando fronteiras e acadando logros asombrosos. Precisamos que Galicia continúe avanzando nesta marca de excelencia, e, por iso, imos abrir este selo de garantía a novos sectores produtivos da comunidade, como pode ser o ámbito téxtil, o ámbito tecnolóxico e tamén o ámbito mineiro.

Ben, señorías, estas son as bases da política económica, industrial e enerxética que —cremos— consolidan a nosa comunidade autónoma na vangarda, aproveitando todos os recursos e a potencialidade que temos no noso territorio.

Remato xa este primeiro turno de intervencións, animándoos, por suposto, a que se sumen de maneira construtiva ao traballo que estamos realizando e que contribúan a el.

Nada máis neste turno e moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Gonzalo Caballero. *(Pausa.)*

O señor CABALLERO MIGUEZ: Bos días, señoras e señores deputados.

Señora conselleira, dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos poñer en valor que a conselleira compareza no Pleno.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pasaron xa catro meses. Non é habitual que unha nova persoa que ocupa unha consellería demore tanto a súa participación neste Pleno para comparecer, para dar contas e para establecer as liñas estratéxicas que ten o Goberno galego no seu ámbito de competencias. En todo caso, queremos sinalar que, a pesar do atraso desta comparecencia, é fundamental que vostede veña a este Pleno e lles explique aos galegos e galegas que é o que o Partido Popular quere facer para darlles respostas ás familias, ás empresas e ao futuro do noso país.

Sen embargo, escoitamos unha intervención que obvia a situación real das familias e da economía do noso país. Recordeillo, señora conselleira, hai poucos días na propia comparecencia que tivo vostede a razón dos presupostos na Comisión 3ª. Non hai máis que ler os xornais para deixar constancia daquela situación en que viven as familias, as empresas e a sociedade galega: *(O señor Caballero Miguez mostra diferentes recortes de prensa, que le sucesivamente, ao resto da Cámara.)* «*La cesta de la compra es el principal problema para los gallegos*»; «*Llenar la cesta de la compra cuesta un veintiuno por ciento más en Galicia en año y medio*»; «*La escalada de precios y la calidad de empleo preocupan a los gallegos*»; «*La inflación creció casi el triple que la renta de los gallegos tras la crisis del covid*»; «*Un treinta y tres por ciento de los empleados están muy cualificados en Galicia, que no llega al promedio europeo*»; «*Más de veinte mil jóvenes dejan Galicia atraídos por contratos de trabajo*»; «*La aventura de ser un autónomo en el rural: "Sobrevivimos al día"*»; «*El veinticinco por ciento de los menores vive en riesgo de pobreza en Galicia pese a que lidera la mejora del país*»; «*La ayuda escolar no llega a las familias más necesitadas*»; «*La vivienda devora las rentas de los gallegos y agrava su privación material*». E dende o outro día, na propia comisión, e ata hoxe, pode seguir sacando titulares: *(O señor Caballero Miguez mostra outros recortes de prensa, que le sucesivamente, ao resto da Cámara.)* «*La inflación tumba más del diez por ciento la compra de aceite de oliva, fruta y verdura en Galicia*»; «*Casi la mitad de los gallegos ha dejado de comer algún alimento por la inflación*»; «*Temporal financeiro para la pesca de Vigo: al límite por la subida de tipos*».

Señora conselleira, a súa intervención non dá as respostas que necesitan os galegos e as galegas aos problemas que viven no día a día. Cinco dos seis principais problemas da xente do noso país están vinculados á materia económica: a inflación, a calidade do emprego, o paro, a falla do tecido industrial e a situación económica xeral. Estes son cinco dos seis principais problemas que sinalan os galegos e as galegas.

E a Consellería de Economía, Industria e Innovación carece de modelo e non ten rumbo, non ten medidas, non ten obxectivos. Plantexan hoxe unha rectificación de ámbitos importantes, á cal logo vou facer algunha referencia, pero, como punto de partida, hai que sinalar que tras trece anos de gobernos de Feijóo en Galicia, este deixou unha Galicia con cen mil habitantes menos e con sesenta e cinco mil traballadores menos na poboación ocupada; unha Galicia que caeu do cinco por cento do PIB estatal, que sempre superara ao longo de tantos anos. E o Goberno Rueda representa a continuidade desa falla de modelo, a continuidade devaluando a Consellería de Economía que, ata agora, era a Vicepresidencia do Goberno da Xunta, e que cando máis importante é que o Goberno da Xunta dea respostas económicas aos problemas dos galegos —que son os máis preocupantes e os que máis lle afecta á cidadanía—, o Goberno da Xunta de Galicia decide colocar as súas vicepresidencias en función de intereses partidistas, ou doutras prioridades persoais, e non en función dos problemas. Queremos tamén, para dar máis poder á consellería e a vostede mesma, dicirlle ao presidente

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Xunta de Galicia que a Consellería de Economía é transversal, que é prioritaria, que ten que ter un papel reitor, por riba do conxunto das consellerías, para dar respostas ás familias, ás empresas e á cidadanía galega.

E ese é o balance que está facendo o señor Rueda: devaluar a Consellería de Economía, non ter un modelo para o país, pero ¡iso si!, rebaixar o imposto de patrimonio ás familias máis ricas, aos sete mil galegos máis acaudalados do noso país. Carecen de política económica. Converteron a política económica nunha especie de repartición de bonos: o Bono comercio, o Bono aloxamento, o Bono transporte aos maiores, o Bono aos nenos federados e ás nenas federadas; axudas que poden ser positivas, pero que carecen dunha política transversal, que son froito de parches e de ocorrencias preelectorais, e que non dan respostas aos problemas de fondo que teñen os cidadáns, as empresas, e o futuro.

Vostede é a conselleira de Economía, que é o que determina o benestar das familias; é a conselleira de Industria, que afecta as empresas; e é a conselleira do I+D+i, que é no cal nos xogamos o futuro do país. E é polo tanto que, canto á súa intervención, non hai medidas nin respostas para mellorar a capacidade adquisitiva das familias que non chegan a fin de mes —a metade das familias galegas; non hai nin unha medida relevante para todas elas nos seus orzamentos e na súa intervención de hoxe—. Cando despois de que Feijóo deixase como balance da súa actividade industrial a desaparición de tantas empresas relevantes da nosa economía: T-solar, Caramelo, Viriato, Alfageme, Emesa Trefilería, Pórtico, Alimentos Lácteos, Elnosa, Bosch, Pescanova, Banco Pastor, Isowat e as caixas. As caixas de aforro, que seguen sendo unha das páxinas máis negras dos trece anos de Goberno Feijóo, e aínda hoxe, neste Parlamento de Galicia, non poñen a funcionar a Comisión das Caixas para esclarecer que acción tivo o Goberno da Xunta, recoñecida polos tribunais, que levou a intervir as dúas caixas, e nomeadamente a caixa do sur de Galicia, que non sería intervida de non ser por culpa do presidente da Xunta de Galicia. Pero se ese é o balance de Feijóo, vostede ten enriba da mesa a crise de moitas empresas en dificultades actualmente: Madera Fiber, Nanos, Ganomagoga, Hiperxel, Nueva Pescanova, Maderas Iglesias, Euroespes, Fandicosta, [...], todo o sector mar-industria tan afectado polas subas dos tipos de interese, polo incremento dos custos de combustibles, e pola caída do consumo.

Non hai resposta na súa intervención aos problemas fundamentais das familias, aos problemas fundamentais das empresas e tampouco ao I+D+i. Galicia segue cunha fenda de atraso. Aquí o I+D+i representa o 1,09 por cento do PIB; na media de España, o 1,43 por cento do PIB, e nas rexións españolas máis avanzadas en innovación, duplícannos o nivel de investimento, ao igual que o fai a media europea. E caemos, caemos no Índice Rexional de Innovación da Comisión Europea. As comunidades autónomas de España melloraron, pero Galicia retrocede ata situarse no posto 154 das rexións europeas. E retrocedemos tamén no Índice de Competitividade Rexional: dende o 2016 perdemos seis postos, pasamos do cento corenta e tres ao cento corenta e nove, mentres o norte de Portugal recuperou o vinte e nove.

O problema é: ¿cal é o modelo económico que ten o Partido Popular de Galicia? Vostedes póñense moi oufanos, moi satisfeitos, sacando moito peito de que estes son uns orzamentos que implican un maior nivel de gasto. E eu pregunto ao PP: ¿vostedes cren nos axustes ou no gasto público?; ¿vostedes son liberais ou son socialdemócratas?; ¿vostedes queren gastar

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

máis ou queren recortar como fixeron durante tantos anos? Porque as seguintes preguntas son: ¿vostedes queren baixar os impostos?; ¿e queren poñer a débeda a cero?; ¿e quen financia entón os incrementos de gasto público para que vostedes queiran poñerse medallas dicindo que teñen os maiores orzamentos da historia de Galicia?; ¿como se financia?; ¿asumen a corresponsabilidade fiscal ou son máis do cinismo de dicir que queren gastar moito, pero non recadar nin endebedar, e botarlles a culpa a outros de que recaden?

E cando falan de impostos, o ano pasado escoitamos, día a día, semana a semana, o mantra, na política económica galega, da importancia que era deflactar o IPC no tramo autonómico. ¿Lémbranse vostedes cantas veces o dixeron neste Parlamento?; ¿e que fan agora nos orzamentos deste ano?; ¿onde está esa medida transcendental, da cal nos falaban os voceiros do Partido Popular, para deflactar os tres primeiros tramos do IRPF o ano pasado?; ¿que pasou?; ¿mudou xa a prioridade ou mudou simplemente o mantra que toca poñer?

¡Iso si!, a bonificación fiscal do IRPF en trinta e catro millóns de euros é a mesma, en contía, que dan aos que teñen maiores patrimonios e aos que fan un regalo fiscal. Vostedes, nas súas rebaixas do IRPF para o conxunto de Galicia, estiman en trinta e catro millóns de euros e nas rebaixas fiscais que fan aos sete mil galegos máis acaudalados vostedes lles regalan tamén trinta e catro millóns de euros; trinta e catro, por unha parte, para 2.700.000 galegos, pero trinta e catro millóns para os preferidos do Partido Popular, para os sete mil que teñen maiores patrimonios. Xa non lles preguntes polo criterio de igualdade, xa que non lles vale para propoñer en Galicia libros de texto gratuítos porque sería inxusto dar a todo o mundo a educación e os seus complementos con gratuidade, pero, ¡iso si!, o Bono deporte pode ser para todos. Canto aos federados, preguntaríalle tamén sobre o seu concepto de igualdade: ¿por que non lles dan un bono para o deporte aos nenos e ás nenas que non están federados e que tamén deben practicar deporte? *(Aplausos.)* ¡Hai tantas cuestións que deberiamos estar cuestionando!

E a medida principal que nos trae o Partido Popular da Xunta de Galicia é a reforma do Igape. Vostede hoxe veu aquí plantificar unha rectificación —que veremos que profundidade ten— do Igape, da política enerxética e da política industrial. No ámbito do Igape, a principal medida económica deste Goberno da Xunta de Galicia, en relación con estes orzamentos, segundo presentou o presidente Rueda, é unha nova oficina económica de Galicia. Unha xanela única, en definitiva, unha estrutura nova de gobernanza no Igape, que non dá respostas aos problemas de produtividade, do tecido produtivo, de calidade de emprego e de capacidade adquisitiva das familias. Querémoslle preguntar se vostede cre que as familias galegas e as empresas galegas que teñen tanta dificultade poden irse á casa hoxe máis tranquilos, sabendo que a principal medida económica que ten o Partido Popular de Galicia é crear unha nova oficina económica dentro do Igape; ¿esa é a medida que, buscando simplificación administrativa —que veremos logo se conseguen ou non—, vai dar respostas a unha Galicia que ten tantas dificultades industriais, onde, aínda hoxe, o IPI interanual ten unha cifra negativa de perda de posición con respecto a España?

En definitiva, vostedes carecen de modelo; con ese modelo, por moitos orzamentos e fondos que se poñan, o barco non dará o avance que debe dar, e é por iso que pedimos que muden a política económica. Hoxe, vostede fixo aquí unha rectificación cando falaba dun novo ins-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

trumento ao servizo da política enerxética ou dunha nova planificación da política industrial. Somos escépticos porque ao longo destes meses non vimos ningún cambio, máis ben vimos a ausencia de política económica, a ausencia de política industrial, a falla de compromiso co I+D+i e nin unha soa medida relevante para a metade das familias galegas que non chegan a fin de mes. Seguen sendo un Goberno do Partido Popular que obvia a importancia da economía, que preferiu dicir que Feijóo foi un gran xestor, un gran líder da economía galega, pero os datos reflicten que el fracasou na súa actuación á fronte do ámbito económico da Xunta de Galicia.

Queremos que vostede acerte, señora conselleira, porque o seu acerto será o acerto das familias, do tecido produtivo, da xente que quere futuro para Galicia e unha Galicia máis innovadora, e por iso lle pedimos que marque políticas transversais, que estableza unha política económica e industrial...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e que impoña ao conxunto do Goberno galego as medidas que os seus conselleiros e conselleiras non son quen de tomar.

Dígalle ao presidente da Xunta de Galicia que a economía é prioritaria, e que dende unha vicepresidencia económica a consellería podería establecer a todos os conselleiros aquilo que non fan, que é gobernar para a xente cando hai máis dificultades.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señoras e señores. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Antes de máis, señora Lorenzana —pasou xa case unha semana—, permítame que antes de entrar en materia lle pregunte se hoxe vai dar, por fin, o Goberno galego explicacións, isto é, explicacións sobre a última tentativa de porta xiratoria do señor Guldrís, que se parou, única e exclusivamente, porque o Bloque Nacionalista Galego a denunciou publicamente. *(Aplausos.)*

¡Si, si!, a nós non nos fai graza. Artigo 45 da Lei de transparencia, que establece un período de enfriamento de dous anos. É unha vergoña que se intentase facer ese uso de porta xiratoria cunha empresa coa que tivo relación directa, estreita e continuada. Señorías do Partido Popular, non nos vale esa fuxida cara adiante, esa rectificación de última hora nin esas desculpas de onte da señora Covadonga Toca, en comisión, neste Parlamento, dicindo que estaba todo moi ben feito. Pídolle —supoño que responsabilidades non van asumir— que, polo menos, faga dúas cousas: a primeira, dar explicacións e pedir desculpas aos galegos e ás galegas e, a segunda, remitir de inmediato toda a documentación que pediu este grupo parla-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentario para auditar esta cuestión. *(Aplausos.)* Xa basta de empregar as nosas institucións públicas para beneficio.

E ben, indo máis á cuestión da cal vostede falaba ou, máis ben, non falaba, señora Lorenzana, dixo unha cousa na cal podemos estar de acordo, aínda que non se correspondeu co contido do seu discurso, isto é, que está acabando a lexislatura; calquera que a escoitase pensaría que está empezando a lexislatura ou que están empezando vostedes a gobernar. *(Aplausos.)*

En fin, toca facer balance tamén neste momento de cal foi o resultado industrial do Partido Popular, que podemos definir nunha palabra: «demolición». Basicamente, demolición industrial canto ao emprego, un fracaso na capacidade de auxilio ás empresas e un fracaso absoluto de modelo. E, dende logo, é que vostedes pintan o panorama como lles apetece; é que ata dá igual que os datos digan o contrario. Incluso vostede volveu repetir esa ladaíña de que Galiza recuperou o PIB prepandemia antes que o Estado. ¡É que é mentira, é que mentira! Lea o último informe do Foro Económico de Galiza, que actualiza e analiza como, coa revisión dos últimos datos, incluso esa cuestión á cal vostedes se aferran é mentira. Pese a que caemos menos na pandemia, afortunadamente, vostedes non aproveitaron iso para que Galiza avanzase. *(Aplausos.)*

Canto ao emprego, e brevemente, non hai por onde collelo. Podemos analizar o que vai de lexislatura. Poden dicir vostedes: «vale, vivimos unha pandemia; vivimos un *shock* económico e non é suficiente para ver a foto da evolución industrial». Vale, pois analicemos todos os períodos do seu goberno; é que non hai por onde collelo. Dá igual que analicemos dende que entraron a gobernar ata o último ano con datos pechados, que é 2022, no cal temos eses corenta mil empregos industriais destruídos que certifica o propio Consello Económico e Social na súa memoria, ou que comparemos a última EPA de 2023 coa última EPA equivalente do ano 2009, xa que vemos aí como se destruíron, aínda así, vinte e un mil empregos industriais. Perdemos peso en emprego industrial: representaba o 16,4 por cento cando entraron no Goberno e hoxe o 14,7 por cento; nin sequera recuperamos o nivel prepandemia pese á propaganda do seu Goberno. É que mire, onte o INE daba os datos de índice de produción industrial; é que volven caer os datos do índice de produción industrial de Galiza; é que caen no último ano e caen respecto do ano 2009. Non hai maneira en que poidan vostedes parar e tapar estes datos. Din que Galicia non para: non para de retroceder; iso é do que non para este país con vostedes en materia industrial. *(Aplausos.)*

¿Pero sabe unha cuestión? Que estas cifras teñen nome e apelidos, e parécenos incrible que veña a conselleira responsable de Industria —que, por fin, se recupera ese nome no organigrama do Goberno, aínda que retroceda dunha vicepresidencia a unha consellería rasa— falar con tempo ilimitado, e que non mencionase nin unha soa das empresas deste país en crise industrial neste momento nin dixese que vai facer a Xunta de Galiza para deixar de mirar para outro lado.

Sobre As Pontes non dixo nada; ándaos mareando a perdiz, sen poñer un euro tampouco nestes orzamentos. Insa acaba de anunciar un ERE de cento sesenta persoas e nada ten para dicir a Xunta de Galiza. Irosa-Samaca, unha empresa en que meteron vostedes tres millóns de euros, iniciaron unhas expropiacións, e, en vinte días o xulgado desafiuza esa empresa;

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tampouco ten nada que dicir a responsable directa. Canto á Madera Fiber, ¿sabemos a última resposta de Faurecia? —¿non?—; ¿sábea o seu Goberno?; ¿non ten nada que dicir sobre que non se aceptase a proposta da Xunta?; ¿que vai facer o Goberno galego para axudar nese ámbito? Respecto de Alu Ibérica, ¿non vai valorar nada da situación? Con respecto de Alcoa, estamos a nada do 1 de xaneiro, ¿o Goberno galego tampouco ten nada que dicir? *(Aplausos.)*

Señora conselleira, non sabemos se é que non hai ninguén ao volante ou se é que vostedes son directamente parte do problema, pero a cuestión é que non deu unha soa alternativa de futuro para a crise que vive a siderurxia e a automoción nin tampouco para a situación do sector mar-industria gravemente afectado polo incremento dos xuros mentres se segue desnacionalizando.

Falaba vostede de que o capital europeo tiña que coñecer este país. Mire, o capital europeo e foráneo coñecen ben este país, e non para investir, senón para desnacionalizar o noso tecido empresarial mentres o Goberno galego mira para outro lado. E o sector mar-industria é un grande exemplo, e é un grande exemplo, ademais, da incapacidade do Goberno galego, que destinou créditos, que meteu millóns de euros —como son os casos de Atunlo ou de Fandicosta—, e que iso non está a servir para garantir unha saída digna neste ámbito. A proba é que cando interveñen o fan mal; polo tanto non hai plan, señora conselleira. *(Aplausos.)* O que está claro é que hai un fracaso no emprego, hai un fracaso na intervención coas empresas e hai unha falta de modelo porque o modelo do Partido Popular é que non hai modelo: é a desregulación absoluta; non saben facer outra cousa, e —¡oh, sorpresa!—, non funciona.

Vostedes non foron quen de impulsar un cambio estrutural —xa non só en catorce anos de goberno, senón que tampouco despois do *shock* que supuxo a pandemia— nin aproveitaron anteriormente os fondos europeos ordinarios nin aproveitaron nestes anos os fondos extraordinarios. E agora queren que creamos —non sei exactamente que—, señora conselleira, ese relato ideal de que aquí non afecta a ralentización económica, aínda que todos os organismos digan que xa se ralentizou a economía galega.

E o único plan que teñen é este: *(A señora Presas Bergantiños levanta un documento coa man esquerda e móstrao ao resto da Cámara.)* a lei de depredación número 3 do Goberno do Partido Popular, *(Aplausos.)* a través dunha serie de reformas na Lei de acompañamento, que son un insulto á intelixencia. *(Aplausos.)* Vostedes pretenden aprobar, pola porta de atrás, todo un cambio da regulación industrial nun trámite absolutamente expreso, sen que se haxa participación do CES e sen que haxa participación democrática da sociedade; e isto é o que mostra que, desde logo, non rectifican, senón que van vostedes a peor. Mire, xa teñen un historial de sucesións de leis industriais que non funcionaron especialmente nos últimos anos —nos últimos cinco anos—: Lei do emprendemento, lei de depredación de 2017, Lei de axilización administrativa de 2021... O seu discurso podiámolo poñer hai anos nas tramitacións de todas esas leis, e ía resolver os mesmos problemas —¡os mesmos!—, e non resolveu ningún. *(Aplausos.)*

Onde vostede falou da Oficina Económica, podiamos falar da Oficina Doing Business: cámbianlles os títulos, pero a realidade é que non avanzan. Isto non é nin respecto democrático

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nin seriedade lexislativa, porque son vostedes o Goberno da inseguridade lexislativa, e a mellor proba é o ámbito eólico: once cambios desde a súa promulgación; seis cambios —agora imos polo sétimo— en leis de acompañamento; e a gran proposta que nos fai hoxe é esa Oficina Económica, eses mapas industriais, eses plans industriais sectoriais... Xa a Lei de 2011 habilitaba a posibilidade de facelos, e non o quixeron facer nestes anos porque non lles deu a maldita gana. E agora, basicamente, dinnos isto, que é como quen leva catorce anos facendo unha casa e nos di: «Acabamos de descubrir que chove; imos poñer un teito». *(Aplausos.)* É que con vostedes a industria deste país non ten nin teito, nin chan, nin cimentos en que asentarse. *(Aplausos.)* E de aí que cada día esteamos peor canto á produtividade do tecido produtivo galego, como dicía esta mesma semana o Foro Económico.

Pero mire, como teño pouco tempo, quero dar un só exemplo da trapallada que pretenden vostedes poñernos enriba da mesa. Cando crearon esa figura dos proxectos industriais estratéxicos no ano 2011 —insisto, no ano 2011— as exixencias eran: cincuenta millóns de euros e a creación de douscentos cincuenta postos de traballo; pois, nas rebaixas do Partido Popular, estamos xa en dous millóns de euros e en vinte e cinco postos de traballo —e menos aínda—, porque, se é un proxecto eólico, xa automaticamente é de interese estratéxico. Mire, vinte e cinco postos de traballo directos, para unha provincia, no funcionamento do parque, non os garante nin un só conglomerado de parques eólicos de toda unha provincia. Sábeo vostede perfectamente. *(Aplausos.)* Hai catrocentos aeroxeradores en Muras, e hai menos de dous postos de traballo a xornada completa para o mantemento cotián dos parques. ¡Por favor!, non insulten a intelixencia. Dentro de pouco, con vostedes un posto de limoada vai ser un posto industrial estratéxico. *(Aplausos.)* ¡Si, sí; si, sí!

E, como teño que ir concluíndo, é un absoluto insulto á intelixencia a proposta que presentan, vía lei, e tamén a que vostede relatou no ámbito enerxético, porque aí o noso país ten a galiña de ouro; ten un potencial estratéxico que vostedes non aproveitaron nestes anos. E para a proba, mire tamén os datos de emprego directos do ámbito enerxético e a súa evolución. Imos a peor, desde o inicio do seu Goberno e tamén desde antes da pandemia, comparado coa actualidade. Vostedes o único que presentan é que este país teña unha alfombra vermella para que aquí calquera implante calquera cuestión sen ningún tipo de cortapisa porque non poñen garantías.

E o que é ese conglomerado de Lei de beneficios fiscais é un absoluto lavado de cara —un absoluto lavado de cara—, señora Lorenzana. Quen paralizou o sector eólico foron vostedes, en primeiro lugar, durante bastantes anos. *(Aplausos.)* E agora teñen tal caos normativo—¡tal caos normativo!— *(Aplausos.)* que teñen de uñas, de forma transversal, a todo o mundo: da patronal ás comunidades de montes, aos concellos do propio Partido Popular, ao Consello da Cultura Galega; e é que dá igual a quen pregunten. E vostedes non quixeron poñer solucións porque xa no ano 2017, ademais —supoño que coñecerá vostede ese documento do CES, *Por unha alianza estratéxica no sector industrial*—, xa se falaba dunha xanela única para as tramitacións e xa se falaba da necesidade de ordenar as renovables, e vostedes non fixeron porque non quixeron.

Nós si que lles propoñemos unha alternativa no ámbito enerxético. O outro día vostede interpelábanos na Comisión 3ª —e na miña réplica continuarei—. Nós propoñemos que fagan

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

algo, isto é, ordenar, primeiro, un mapa de necesidades enerxéticas con todo o *mix*; temos que ver a foto completa e todas as tecnoloxías; temos que ver que necesidades temos e como imos ordenar ao longo de todo o territorio...;

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...temos que actualizar as zonas de exclusión, tendo en conta as necesidades ambientais, os recursos estratéxicos, como a auga, e sometendo o futuro novo plan sectorial eólico a unha tramitación ambiental para ver os impactos acumulados, *(Aplausos.)* porque os impactos acumulados non se avalían dicindo: «que poñan un informiño dentro dos plans» *(Aplausos.)* para dicir se afectan outras contornas ou non. Iso é un absoluto lavado de cara.

E propoñemos tamén un cambio de paradigma: a participación pública directa e a creación dunha empresa pública de enerxía...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque vostedes —e remato con isto, señor presidente— o que nos ofrecen nesa futura lei é outra chiringuitada, como a dos fondos europeos, sobre os que o propio Consello de Contas dixo que non había transparencia, que non se estaba demostrando a eficacia e que vostedes non crearan, nin sequera, os instrumentos que prevían na Lei de axilización administrativa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, señora conselleira, con vostedes este país non para de retroceder.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Xa sabemos que non van rectificar...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pero, polo menos, para o que lles queda, non continúen obstaculizando as decisións que terá que tomar a próxima Galiza.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En primeiro lugar, quixera darlle a benvida, señora conselleira, señora Lorenzana, xa que comparece, por primeira vez, como conselleira máxima responsable destas áreas, para informar neste pleno, por petición propia. O señor Caballero dicía que xa pasaran catro meses —un sinal de que demandaba ou necesitaba que vostede lle explicase—, pero sempre hai tempo, señorías.

Falando de orzamentos, de economía, de industria, o primeiro que hai que facer é ter orzamentos, e o esforzo feito polo Goberno galego mobilizará 435 millóns de euros, o que mostra o especial interese do Goberno do señor Rueda, dunha consellería e dun equipo, aos cales quero darlles, en primeiro lugar, as grazas polo seu traballo. E hai que dicilo: unha consellería, unha Xunta, que está a favor dos éxitos da industria galega, pero que tamén está cando ten problemas, sobre todo por decisións improvisadas, señorías, por un Goberno de España que, no fondo, señorías, o que quere é destruír a industria galega, pero non o vai conseguir.

Conselleira, despois de escoitar as intervencións dos grupos da oposición —nacionalistas, independentistas e socialistas—, estou convencido de que non escoitaron nin unha soa palabra da súa brillante intervención. Vostedes, señor Caballero, fan moita teoría económica e moito mitin; fan moita teoría, pero pouca práctica; moito pico e pouca pá. Todo o que venden é aire, aire, pero aire en mal estado.

O punto de partida, señorías, é facer ben as contas para aproveitar —como ben dixo a conselleira— a senda de recuperación e de crecemento que iniciamos trala pandemia e que precisa de apoios decididos de todas as administracións. Vostedes, os grupos da oposición, no fondo, están moi enfadados, están cabreados coa normalidade de Galicia e coa súa situación como illa de estabilidade e de responsabilidade. «¡Galicia non para!» —¡si!—, señora Presas; non para de ir para adiante, e non é o mesmo para adiante que para atrás.

Señorías, váianse facendo á idea: facemos orzamentos, e vanse facer durante moitos anos máis, desde 2010 a 2024. Vostedes sábeno; nós tamén o sabemos e as galegas e os galegos, que de parvos non temos un pelo, tamén. Non queren caldo, pois sete tazas. Os orzamentos, señorías, son un contraste, un contraste entre a illa de estabilidade de Galicia e o que pasa no resto de España, cun Goberno, o máis caro de España e de Europa, xa que, o que queren, señor Caballero, é subir impostos. Nós, con menos impostos, temos menos débeda e máis investimento. Aos galegos non nos gusta empeñarnos: nós sempre pagamos o que pedimos; somos xente de palabra, e o que non nos gusta é ter que pagar as débedas doutros. Bos si somos, pero parvos non. *(Aplausos.)*

Señora Lorenzana, vostede vén aquí, a este Parlamento, cun aval de xestión e cuns datos económicos que nos permiten ollar para o futuro con máis optimismo, máis emprego, menos paro e máis prosperidade.

Mire, señor Caballero, vostede repetiu case integramente a súa comparecencia ou a súa intervención da Comisión de Orzamentos. O único —repito, eu voulle dicir o que lle dixen na comisión— que une os socialistas galegos e o señor Besteiro é iso: o servilismo ao señor Sánchez. Vostedes e o señor Besteiro —o negociador— o único que fan é pregarse ao señor Sánchez, que venderá España por parcelas co seu beneplácito. Esta é unha investidura, se-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ñorías, negociada fóra de España —¡menuda vergoña!—, cun prófugo da xustiza. Isto é indecente a máis non poder. Por se fose pouco, señorías, vostedes —socialistas, nacionalistas e independentistas— rachan coa unidade entre as comunidades, deixan España indefensa, non teñen escrúpulos, non todo vale; xa o pagarán e o pagarán nas urnas, señorías. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, que, se non, acábaseme o tempo e teño moito, moito que dicir. Vostede acaba de detallar polo miúdo a situación económica, a política económica, a política industrial, a política enerxética, a innovación, o comercio e a artesanía e, como liña básica, o fortalecemento das iniciativas empresariais a través de instrumentos que vostede citou: eliminando e simplificando a burocracia a través da Estratexia industrial de Galicia. E —repito— a nova Oficina Económica de Galicia é unha medida acertada, pero non é a única, señor Caballero, hai moitas máis; vostede está obsesionado con que é a única, pero hai moitas máis liñas.

O outro ámbito de que temos que falar son os fondos Next Generation. Tres anos despois do seu anuncio —co apoio do BNG, que contribuíu a situalo na Moncloa, e creo que o volverá facer; estamos perdidos con todos vostedes— o señor Besteiro anda agora polos feiras vendendo cabazas: que se vaia preparando el e o Partido Socialista —terceira forza do Parlamento ou cuarta; vai ti saber—. Con vostedes, nin truco nin trato, cabazas é o que van levar vostedes. Máis Samaín e menos Hallowing. *(Aplausos.)* Non todo vale, señorías, *(Aplausos.)* o Goberno debe axilizar os fondos europeos coas comunidades autónomas. Queremos modernizar Galicia, non só salvar o soldado Forrest Sánchez. Son fondos europeos, non de Sánchez nin tampouco do Goberno central.

A Xunta, señorías, non quedará de brazos cruzados. É importante, señorías, que veñan novas empresas, pero o fundamental é que as que temos non marchen por non ter custos enerxéticos ou por non poder crecer, señorías. Cómpre destacar o Programa de impulso económico industrial, o Plan de aceleración de proxectos industriais, o Plan de mellora da seguridade industrial... Traballar si, pero traballar seguro. Un único interlocutor que a Xunta —como dixo a conselleira— amplía os efectos beneficiosos dos proxectos industriais estratéxicos.

Señora conselleira, o BNG, polo que dixo a señora Presas, non parece estar conforme con estes apoios e cos prazos que a propia Administración se autoimpón, autoexixente, pero, en realidade, todos sabemos que o problema do BNG é que está en contra da industria galega, dunha Galicia máis industrial, dunha Galicia moderna e en contra das teses caducas que representa o nacionalismo da UPG, que se define como comunista e marxista. *(Risos.)* —¡si, señorías!— .

Quixera saber se algún día nos poden explicar cal é o seu modelo ou se realmente teñen un modelo. Por un lado escoitamos: «eólicos si, eólicos non»; «eólicos si, pero aquí non»; «eólica mariña si, non, depende». En fin, aclárense. Eu —como fago sempre que teño a oportunidade— non podo deixar de falar dun problema: o problema da enerxía, si señorías; é un problema. Galicia ronda na repartición entre un seis e un sete por cento; isto é moi pouco, como dixo a conselleira. Galicia é unha potencia en enerxías renovables, en produción e en consumo.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, tamén é importante fundamentar e potenciar os investigadores; os investigadores necesitan dunha empresa que demande investigación, e, para iso, necesitamos incentivala, e niso estivo, e está sempre, a Consellería de Industria e a Xunta de Galicia, pero, ¡claro!, é difícil explicalo a un grupo que continuamente deosta a empresa privada e que non cre nela; no fondo, vostedes non cren na empresa privada.

Vou rematando, señorías, o prezo da investidura do señor Sánchez son 450.000 millóns de euros *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* que servirían para —si, señor Torrado, si—; catrocentos... A vostedes dálles igual catro que corenta; *(Murmurios.)* ¡total!, como non os van pagar, dálles igual. Que diferente é cando vostede está aquí e cando está aí. Teñen a pel moi, moi fina. *(Aplausos.)*

Temos, por desgraza —e vostedes o saben, señor Torrado e señor Caballero; por certo déronlle unha segunda oportunidade, sinal de que non o fixo tan mal o outro día na comisión—, un PSOE e un BNG atados de pés e mans polo independentismo catalán; é triste, é triste. Vostedes, coas palabras máxicas «Goberno progresista», ¡todo vale, todo vale! *(O señor Torrado Quintela:* Son dúas palabras.*)* Serán unha ou dúas palabras: «Goberno progresista». O que son vostedes é especialistas en débeda pública, pero a débeda *(Murmurios.)* pagámola nós ou os que veñan detrás de nós. A vostedes dálles igual. Vostedes son os que emiten cheques en branco, e, total, cando cheguen ao banco non terán fondos.

E, ¡claro! que necesitamos implicar o sector empresarial. Debemos converternos nun referente dentro da península ibérica. As empresas son fundamentais; empresas que tanto lles molesta, sobre todo aos do BNG, porque a empresa arrisca o seu propio diñeiro. Non todo vale. As empresas contribuirán, señorías, a xerar emprego estable e de calidade.

Galicia, a pesar de vostedes, non para e sábeno.

Para esta primeira intervención, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Réplica da conselleira de Economía, Industria e Innovación.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Ben, señor Caballero, agradezo que estivese vostede tan interesado e tan expectante pola miña comparecencia. Eu creo que non foron nin catro meses porque coido que houbo aí unhas vacacións parlamentarias, pero, en calquera caso, agradezo que estivese tan ansioso por escoitarme.

De novo, teño que dicirlle o que dixen na comparecencia de orzamentos: eu non sei se vostede ten claro cales son as competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación,

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque volvemos ao mesmo. Ao parecer, son competencia directa desta consellería a axuda escolar, a cesta da compra, a vivenda, a inflación, a política fiscal, a baixada de impostos, o Bono aloxamento, o Bono deporte, o Bono ás persoas maiores, e, de vez en cando, na súa intervención, falaba algo do tecido industrial, pero moi pouco. Eu creo que a diferenza entre vostede e eu é que eu si teño claro cales son as competencias desta consellería e nomeadamente son a economía, a industria e a innovación; por iso, estiven aquí todo o tempo falando de economía, industria e innovación e non falando dunha serie de cuestións que —creo— non veñen a conto nunha comparecencia de liñas estratéxicas dun conselleiro de Economía e Industria.

En calquera caso, o que eu si que creo é que debemos axilizar —e iso si que corre présa, quizais máis que a miña comparecencia neste Parlamento—, porque son moi urxentes para a industria de Galicia, o financiamento dos proxectos tractores da nosa comunidade e tamén a modificación da Planificación da rede de transporte da enerxía eléctrica na comunidade autónoma. E si que creo que estas dúas cuestións son cuestións que merecen unha reflexión e un debate pola importancia que teñen as decisións do Goberno do Partido Socialista, ata agora o Goberno de España, en contra de Galicia e en contra da industria de Galicia; por esa razón, interésame moitísimo coñecer cal é a opinión do Partido Socialista galego sobre estas dúas cuestións.

Sobre os fondos europeos e sobre o financiamento dos proxectos tractores desta comunidade —sabe vostede—, o Goberno de España, contra o criterio de todas as comunidades autónomas, decidiu centralizar a xestión destes fondos, dos fondos Next Generation. Colleu e fixo unha serie de figuras, de proxectos ou de convocatorias baixo ese amparo dos PERTE, e a partir de aí, foron miles de millóns de euros sen mobilizar. Dos oito PERTE industriais —que son dos cales eu vou falar porque son conselleira de Economía e Industria—, que contan cun orzamento de 33.566 euros, ata a data lanzaron 14.036 euros en convocatorias e en licitacións públicas, e foron resoltos 8.654, isto é, un 25,78 por cento.

Pero mire, a min o que máis me preocupa xa non é isto, que —creo— é unha execución preocupante —vostede dirame se lle preocupa, ou non, este 25,68 por cento— duns fondos cando estamos xa ás portas do ano 2024; a min o que máis me preocupa é a discriminación xerada polo Goberno central na repartición destes fondos, ata o momento coa pasividade nesta Cámara tanto do PSdeG como do BNG. A vostede, señor Caballero, preocúpalle moitísimo a igualdade de oportunidades, que é outra das cuestións que tamén é competencia directa desta consellería; preocúpalle moito a igualdade de oportunidades, por exemplo, no ámbito do Bono deporte. Pois mire, a min o que me preocupa claramente é que Galicia é unha comunidade discriminada fronte a todas as restantes outras no que respecta ao financiamento dos nosos proxectos tractores. ¿Sabe canto é o total de financiamento que nós recibimos do Estado na tramitación dos PERTE? Catrocentos trinta e catro millóns, isto é, un 4,92 por cento do total.

Se analizamos cada un dos PERTE industriais, como o PERTE VEC, as entidades galegas foron beneficiarias de menos dun dous por cento do total resolto a nivel nacional. Estremadura recibiu trescentos millóns de euros —xa é case tanto como toda a comunidade galega en todos os proxectos— de forma provisional para o proxecto da xigafactoría AESC, de Naval-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

moral de la Mata. Ocupa, de feito, o primeiro lugar nos PERTE VEC. Pero podemos seguir falando: o Goberno de España concedeu de forma directa a Cataluña vinte e nove millóns de euros e a Valencia noventa millóns de euros; son actuacións tamén relacionadas cos PERTE VEC, como o desenvolvemento do ecosistema do vehículo eléctrico, e conectadas en Cataluña ao desenvolvemento dunha fábrica de baterías en Valencia. Seguimos: respecto de Asturias, creo que previsiblemente vai ocupar o primeiro lugar nos PERTE de descarbonización, unha vez que se resolva a concesión directa á empresa Arcelormittal España S.A., cunha axuda de catrocentos cincuenta millóns de euros directos para descarbonizar parcialmente os seus procesos de produción de aceiro en Avilés. Hai máis orzamento para unha empresa asturiana que é a totalidade dos 434 millóns de euros repartidos á totalidade das empresas da Comunidade Autónoma galega. *(Aplausos.)*

Eu dígolle cal é a opinión do Goberno do Partido Popular. A miña opinión é que isto si é faltar á igualdade de oportunidades no territorio; *(Aplausos.)* isto si é intolerable. E vostedes, como o Partido Socialista, en Galicia, e vostedes, como o Bloque Nacionalista Galego, deberían acordar con nós nesta Cámara que isto é impresentable; que é unha discriminación absoluta aos proxectos industriais da comunidade autónoma. E isto, señor Caballero, ¡claro! que repercute no emprego, ¡claro! que repercute nas familias, ¡claro! que repercute no desenvolvemento económico da comunidade autónoma.

En Galicia temos proxectos industriais estratéxicos esperando. Levamos xa non sei cantas reunións co equipo do Ministerio de Industria, empezando as reunións por parte do propio presidente da Xunta e mais eu co propio ministro, e seguindo por reunións técnicas, a todos os niveis, para desbloquear o financiamento da fábrica téxtil Altri: oitocentos cincuenta millóns de euros e dous mil cincocentos postos de traballo. Parece ser que Altri nese PERTE de descarbonización —sobre o que, como lle digo, se van dar trescentos millóns de euros de xeito directo a algunha empresa— non cabe —parece ser—, porque aí non entra. Sobre Stellantis, a ver que pasa con el, que foi presentado á sección B da cadea de valor, isto é, douscentos millóns de euros de investimento. Podemos seguir falando, sobre Ence, trescentos cincuenta e cinco millóns de euros de investimento e douscentos trece postos de traballo. E seguimos esperando. Respecto de Triskelion, cento setenta e seis millóns de euros e corenta postos de traballo etcétera, etcétera. Son proxectos que contan con investimentos que suman 2.111 millóns de euros e que crearían máis de tres mil cincocentos postos de traballo. E vostede vén aquí dicirme que eu non velo polas familias galegas, polo Bono deporte... Con todos os respectos para o Bono deporte, pero, ¿a vostede parécelle que pode vir aquí dicirme isto despois do panorama que temos a nivel nacional?

A discriminación con Galicia, que está levando a cabo o Goberno central e o Goberno do Partido Socialista, non queda só no ámbito do financiamento. Eu creo que xa moitas veces falamos da problemática da Planificación eléctrica 2021-2026. Galicia está agora mesmo paralizada neste sentido. O investimento foi ou é neste período o prevista de sesenta e oito millóns de euros. ¿Sabe canto representa isto a respecto do total da nación? Representa un 1,1 por cento. Vostede sabe de sobra —xa non falando da xeración de enerxías renovables— que nós temos un peso territorial de ao redor dun 6 por cento ou dun 7 por cento, e isto representa un 1,1 por cento. ¿Sabe canto foi o que recibimos no período anterior? Unha cifra que estaba ao redor do 6,7 por cento.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia ten unha serie de proxectos industriais intensivos en enerxía —vostedes coñécenos igual ca min— que precisan de conexión á rede eléctrica para o seu consumo, para poder garantir a súa viabilidade e a súa competitividade; son proxectos, cuxo dossier pasamos no seu momento —en novembro do ano 2022 e que reiteramos en marzo, reiterámolo agora— ao ministro de Industria, a Moncloa: mil douscentos megawatts adicionais que necesitamos nas infraestruturas eléctricas para poñer en marcha estes proxectos demandados pola Xunta de Galicia, pero a vostedes isto non lles parece urxente. Falamos de máis de trinta proxectos industriais relevantes que deberían ser o motor da economía galega na próxima década en sectores moi diversos, dende os biocarburantes, a fabricación do hidróxeno, a fabricación do amoníaco... Son investimentos potenciais para Galicia por valor de 6.328 millóns de euros. Falamos de máis de sete mil profesionais. Son cifras que están en risco porque dependen de asegurar a subministración eléctrica a medio prazo a fábricas tan importantes como Stellantis, como Altri, como Resonac. Eu o que pido é o seu compromiso: ¿van vostedes reclamar ao Goberno de Madrid a rede eléctrica que invista nas infraestruturas eléctricas en Galicia? ¿ou van pasar do tema e deixar que estas fábricas non poidan comezar os seus traballos porque non teñen onde conectarse? Non hai infraestrutura en Galicia, ¿que é o que van facer?

Vostede, na comparecencia de orzamentos, falaba de que era importante, señor Caballero, falar das causas, da causalidade. As causas de todo isto eu téñoas clarísimas. O que lle pregunto a vostede é: ¿vostede valorou os efectos?; ¿cal é o efecto de que os PERTE industriais leven ese vinte e cinco por cento de execución?; ¿cal é o efecto para a industria de España e nomeadamente —que é do que estamos falando aquí— da galega?; ¿cal é o efecto de que Galicia teña esta planificación actual eléctrica cun investimento en infraestruturas dun 1,1 por cento, cando o seu peso é dun 6 por cento ou dun 7 por cento sen contar a xeración de enerxía renovable que tería que ser superior?; ¿cal é o efecto para os proxectos eólicos que agora mesmo teñen que estar horas parados porque non poden verter a enerxía á rede?; ¿sabe por que non a poden verter? Porque desapareceron mil catrocentos megawatts das Pontes e, polos criterios técnicos que ten Rede Eléctrica, ninguén sabe onde están, co cal tamén temos un problema de evacuación en Galicia.

Eu o que pido, señor Caballero, é que pense que valor está tendo a política nacional na situación que está vivindo agora mesmo a industria galega. Creo que é un tema para reflexionar e céntrollo nestas dúas cuestións, nas cales o Goberno de Galicia lle pide directamente o apoio, a colaboración e que vostede medie co Goberno de Madrid para que estes proxectos industriais poidan saír adiante.

Ben, señora Presas, vostede sabe que o feito de pedir a compatibilidade non implica que unha persoa estea contratada nunha empresa —¿sábeo, non?—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)* A falta de prudencia e a falta de rigor no traballo parlamentario facendo as declaracións que fixo sen contrastar é evidente —é evidente—; non sei se en todo o demais que dixo hai a mesma falta de prudencia. Vostede sabe de sobra que meteron a pata, *(A señora Presas Bergantiños ri.) (Murmurios.)* Sábeo de sobra, o que pasa é que vén aquí, tendo metido a pata, para ver se con isto conseguimos desviar a atención. *(Murmurios.)* Eu creo que deberían saír vostedes das portas xiratorias dos bulos, que é onde están instalados. *(Aplausos.)* E, polo menos, no caso do BNG, xa non falamos de falta de modelo, senón que

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

damos un paso máis, e o que pasa é que é un fracaso absoluto de modelo, xa que, polo menos, parece ser que hai un modelo.

Faloume aquí dunha lista de empresas en crise das cales non dei conta. Non, é que eu non vin aquí falar da situación, unha por unha, das empresas en crise. Cando queira, interpélame ou me fai unha pregunta sobre calquera empresa en crise, e eu veño aquí falar dela. En concreto, vou simplemente falar de dúas das cales falou. Canto ás Pontes, díxome que seguimos sen poñer un euro nos orzamentos. A min gustaríame que me explicase de que estaba falando cando dixo de poñer un euro nos orzamentos; ¿para que quere poñer un euro nos orzamentos das Pontes? ¡Non, non!, explíqueo aquí, porque eu presido a mesa das Pontes, e, entón, quereria saber a que se estaba referindo á parte de facer demagoxia pura, que é o que vostede sabe facer sen concretar nada. *(Aplausos.)* Non coñece a fondo do que está falando, e, entón, cre que pode chegar aquí e falar de proxecto tras proxecto. Cando queira falamos de cada un deses proxectos que mencionou, que, por suposto, eu coñezo perfectamente. *(Aplausos.)* Explique a que se refería con que poñamos un euro nas Pontes.

Canto á Alcoa, ¿como pensa vostede facer para que Alcoa —unha multinacional— poida competir enerxeticamente, cando está dicindo que non ao cal vostede denomina «demolición industrial» e «depredación eólica»? ¡Non, non!, dígame vostede. ¿Como pensa vostede facer para convencer os directivos de Alcoa —que están alí nos Estados Unidos— de que Alcoa quede en Galicia, de que Alcoa non se vaia de Galicia, se vostede non lle vai ofrecer un prezo enerxético competitivo? Gustaríame sabelo, porque se é unha boa idea, eu, cando fale con Alcoa, pódolla trasladar. Pero sería interesante saber cal é ese modelo enerxético en que vostedes, de hoxe para mañá, van conseguir eses prezos enerxéticos competitivos para proxectos que xa están agora mesmo instalados. Mencionou vostede o caso paradigmático, que é Alcoa, que corre un risco tremendo de deslocalización fundamentalmente polo prezo enerxético non competitivo que ten España en relación con outros países europeos. ¡Que fácil é falar, facendo demagoxia, sen concretar unha soa medida, porque, no fondo, non sabe como resolvelo! No fondo sabe que o modelo que estamos plantexando está cheo de sentido común, pero non o quere recoñecer.

Canto á Lei de medidas. Dixo: «Unha serie de medidas sen tramitación, sen informes no CES». Seguramente, é maior o «respecto democrático» —que é a denominación que vostede utilizou— do Goberno ao cal están apoiando en Madrid; seguramente é maior o respecto democrático. Seguramente mellora a tramitación da normativa en Madrid que se fai por parte do poder executivo a través dun real decreto lei; ese si que debe levar informes: informes de todos os órganos consultivos. E vostede veu aquí falar da Lei de medidas, que vai pasar por este Parlamento.

Falou das garantías do sector eólico. Eu supoño que vostede sabe como se tramita un proxecto eólico aquí e como se tramita un proxecto eólico de máis de cincuenta megawatts en Madrid. Supoño que o sabe ou, ao mellor, é que meteu todo isto na demagoxia con que está falando aquí e tampouco o sabe. *(Aplausos.)* Por se non o sabe, resulta que en Madrid non se fai información pública, e practicamente a declaración de impacto ambiental está reducida a un informe de Patrimonio natural. *(Aplausos.)* Entón, convén que, se non o sabía, o saiba xa, e deixe de facer a demagoxia que acaba de facer coas garantías respecto das tramitacións eólicas.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a súa proposta, de verdade que me gustaría que a puxese por escrito nun documento en que reflicta exactamente ese mapa do *mix* enerxético de que está falando, e como ese mapa do *mix* enerxético vai resolver a problemática enerxética que ten agora mesmo a industria galega, pero gustaríame que o fixese sobre a práctica, non facendo demagoxia aquí, neste atril; sobre a práctica: póñame nun papel e dígame exactamente como vai vostede abaratar os prezos da industria, a nivel enerxético, e tamén os prezos aos consumidores. Pero sobre a práctica, falando en termos de enerxía —¡si, si!—, non cunha serie de notas que teña aí mal feitas; ¡non non!, sobre a práctica, *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)* sobre a práctica. ¡Si, si, si,!

Canto aos proxectos industriais estratéxicos, mire, con todos os respecto aos postos de limoada —que seguramente son autónomos que están pasando moito traballo para saír adiante—, *(Murmurios.)* pero vostede acaba de comparar os proxectos industriais de dous millóns de euros e de vinte e cinco postos de traballo cun posto de limoadas. De novo, nesa demagoxia na cal vale dicir todo, non concretar nada e non saber do que se está falando, porque vostede non entendeu nada nin leu de que van; ¡si, si!, non leu nada porque, se lese, é imposible que, coa modificación que se está facendo dos proxectos industriais estratéxicos, vostede veña aquí dicir que estamos convertendo os proxectos industriais estratéxicos en ¡postos de limoadas! Isto díxoo vostede aquí, pero, segundo vostede, vostede non fai demagoxia; entón, debe ser que considera isto. Prefiro non pensar que é mellor das dúas cousas: ¿que fai demagoxia ou que considera que os proxectos industriais son postos de limoadas?

Canto ás medidas económicas no eido do financiamento, señor Caballero e tamén señora Presas, ¡que fácil tamén é facer demagoxia dicindo que a única medida é a Oficina Económica de Galicia! Ninguén que escoitase a miña comparecencia de hoxe e a do outro día podería pensar que a única medida é a Oficina Económica de Galicia. Ben, acéptollo, porque seguramente eu estaría dicindo o mesmo para combater no debate, pero sabe vostede que iso non é certo; sábeo exactamente igual que eu. Hai moitas máis medidas. Vostede non o dixo aquí probablemente porque non lle interesa. ¡Si!, creo que a señora Presas mencionou o Fondo de investimento. Creo que, realmente, non hai ningunha outra comunidade autónoma que conseguise sacar adiante un fondo destas características; ten moitísimo valor, dende o punto de vista territorial e institucional, que este fondo se estea poñendo sobre a mesa. Estamos falando de que, dende as arcas públicas, van saír, como moito, trinta millóns de euros e, por agora, imos conseguir ata trescentos millóns para investimentos. É capital que vén aquí para facilitar o financiamento, tanto da empresa que xa está como de empresas novas que poden vir, co cal creo que isto si que ten un valor importante.

De todas as maneiras, si que me gustaría determe un pouco en novas medidas de financiamento que estamos poñendo en marcha e que si —creo— teñen valor para aliviar a carga financeira das empresas no momento actual. Unha medida —que eu creo que xa coñecen, pero que está neste orzamento— é que se activou este ano por primeira vez unha convocatoria para subvencionar parte dos intereses dos préstamos do Igape que están referenciados ao euribor ou a tipos variables. Aquí imos axudar cincuenta operacións, cincuenta empresas que están detrás, e subvencionaremos intereses de préstamos, cun máximo de 3,5 puntos porcentuais e douscentos mil euros brutos anuais, xerados ou pendentes de liquidar durante as anualidades de 2023 e de 2024. Creo que é unha medida interesante no momento en que nos atopamos de subida de tipos de interese.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E despois si que estamos apoiando os sectores específicos. Fixémolo a través de préstamos específicos para a adquisición de uva, para facilitar o financiamento da adquisición de uva por parte das adegas de elaboración de viño que están en denominacións de orixe e en indicacións xeográficas protexidas no ano 2023. E agora mesmo estamos traballando en novos programas específicos para o apoio ás industrias de transformación do mar —eu creo que llo comentei o outro día na comparecencia—. Proximamente, anunciaremos as medidas, pero, en concreto, hai dúas medidas que van saír de xeito próximo: unha nova liña de subsidiación de intereses para incentivar os procesos de reestruturación de débedas financeiras destas empresas. Basicamente, o que se vai apoiar é pasar as débedas de curto prazo a longo prazo a través de convenios con entidades financeiras, e tamén apoiar o circulante mediante a reestruturación de débeda, incluíndo condicións particulares para este sector mar-industria na actual liña que temos de Reaval, xa que soamente permite reestruturar a débeda ata o sesenta por cento, e, neste caso, sacarase unha liña específica para reestruturar as súas débedas ata o cen por cento.

Despois, si que me gustaría dedicar un segundo ás críticas que fan, e que xa fixeron o outro día, sobre o investimento galego en I+D e sobre o que estamos facendo en innovación. Mire, o investimento galego en I+D medrou, dende o 2014 ata o 2021, en máis do 46,1 por cento, isto é, en doce puntos porcentuais máis que a media do Estado, que está nun 34,5 por cento. A porcentaxe de investimento en I+D en relación co PIB incrementouse en Galicia na última década nun 32 por cento. Escalamos do posto 12, entre as rexións españolas, ata o sétimo, que é no cal estamos agora mesmo, e somos a terceira comunidade que ten máis crecemento neste investimento. Se tomamos soamente a compoñente pública deste indicador, Galicia é a cuarta comunidade canto ao investimento con respecto ao PIB. En número de investigadores en Galicia medramos, dende o posto 14 ata o posto 21, nun 36,3 por cento, isto é, dez puntos máis que o que fixo a media do Estado. Agora mesmo, temos o maior número de toda a serie histórica de persoas empregadas en actividades de I+D; en total, temos 11.435, e somos a sexta comunidade, co cal non son os datos que vostedes están dicindo. Por suposto, hai que continuar avanzando en innovación —témolo claro—, pero melloramos moitísimo en investimento e en innovación en Galicia, fundamentalmente dende o ano 2014; así que, por favor, valoren tamén estes datos, que son reais.

Si que temos medidas e axudas para as familias. Recórdolle, señor Caballero, as axudas que complementan, por exemplo, o Bono social de electricidade, que está nos orzamentos deste ano, para paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables en risco de exclusión social, e compensar os gastos para garantir esa subministración eléctrica. Este ano —saben— atendemos 9.616 familias galegas nesta última convocatoria, co cal eu si que creo que tamén estamos tendo en conta as familias, e, neste caso, no eido do Inega.

Ben, remato xa este turno.

Eu creo, claramente, que este Goberno si que está tendo un programa, unha estratexia, unha visión de país e un modelo económico con perspectiva de futuro. Si que creo que hai un rexurdir en Galicia de moitísimos promotores que están vendo este territorio como unha oportunidade. Temos sobre a mesa —como dicía— máis dunha vintena de proxectos industriais con moitísima capacidade tractora, que se senten atraídos por Galicia pola estabilidade institucional e

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

política que temos, e tamén —aínda que lles pese— pola axilidade administrativa e polos incentivos para instalarse nesta comunidade autónoma; polo tanto, estamos no bo camiño e cun modelo económico que está funcionando. Creo que o tecido empresarial está recoñecendo esa política económica e industrial, pero necesitamos, sen dúbida algunha —e volvo ao que dicía ao comezo—, do apoio dos fondos do Estado, do apoio dos fondos Next Generation.

Eu, de verdade, o que querería é saír desta comparecencia co compromiso dos dous partidos da oposición de que reclamarán, coa mesma forza que o Goberno galego, os fondos que necesitan estes proxectos tractores en Galicia para saír adiante.

Nada máis, moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

Abrimos agora unha quenda especial de aclaracións. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Caballero Miguez.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

É evidente, señora conselleira, que o Grupo Parlamentario Socialista ten un plantexamento distinto ao que fai vostede. Eu creo que vostede chegou, dende logo, con boa vontade á consellería, pero queriamos sinalar, en primeiro lugar, que é importante que vostede mude, dende a Consellería de Economía, a visión que ten do Goberno galego. Non é positivo que vostede volva defender aquí —como fixo o outro día na comisión— que non ten competencias nas cuestións fundamentais que preocupan as economías das familias. Vostede ten que asumir que xa non é a conselleira do Emprego ou de Igualdade, senón que é a conselleira de Economía, nun momento en que o ámbito económico é o máis relevante para o conxunto do país, e correspóndelle a vostede exercer esas medidas.

Se o principal problema das familias galegas é o problema económico, ¿como non vai ter vostede a responsabilidade e o deber de dar respostas aos problemas das familias galegas en ámbitos en que se desperdician un montón de recursos sen ter un plan integral e transversal que afecta o conxunto do Goberno? Cando aquí dicimos que a metade das familias galegas non chegan a fin de mes e que vostede non ten respostas nin apoios nin medidas importantes, vostede sinala que esas cousas non veñen a conto e que non están no ámbito da súa consellería. ¿Como non van estar no ámbito da Consellería de Economía as cuestións fundamentais para dar apoio, respaldo, soporte financeiro ás economías do país nun momento con tantas complexidades?

E é por iso que vostede necesita un modelo económico na Consellería de Economía para impulsar o conxunto do Goberno galego que non ten esa visión económica, e que vostede lla

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ten que dar tamén ao presidente da Xunta de Galicia. Tenlle que dicir ao señor Rueda que a política económica non é anunciar cada día un bono distinto, senón ter un modelo económico cara ao cal avanzar con medidas e con obxectivos que fagan da política económica unha política pública instrumental, pero tamén transversal.

E é por iso que dicimos que os balóns están na súa consellería, que non bote balóns fóra e tampouco cando quere botar as responsabilidades dos problemas que hai na economía galega aos fondos europeos porque, no fondo, está asumindo vostede a incapacidade do Goberno de Galicia á hora de facer unha política industrial e buscando, na escusa dos Next Generation, a falla de xestión, a falla de cabeza e a falla de competencias que vostedes non están aplicando. E quérollo dicir, porque eu coñezo e sei ben como o señor Feijóo xogou cos fondos europeos. Eu lembro ben como, durante meses, neste Parlamento galego, estiveron falando dos cento e pico proxectos fundamentais que había para a economía galega e que xa remitiran á Oficina Económica da Moncloa; e o único que remitiran foi un folio e medio cunha liña de Excel por cada un deses proxectos. *(Aplausos.)* E pasaron dos cento e pico proxectos para os cincuenta tantos. E logo reduciron o plantexamento porque carecen de modelo e buscan botar as responsabilidades. *(Aplausos.)*

¡Claro! que falamos dos fondos europeos, xa que son fondos conseguidos polo impulso dun Goberno de España que, cando falou de que había que acadar un novo plan Marshall, o Partido Popular ría; e que cando falamos da xestión tamén sabemos o que votaron no Congreso dos Deputados, e vemos como botan as responsabilidades fóra.

Eu quérolle dicir que se preocupe da economía das familias e das empresas de Galicia; que asuma, en plenitude, as competencias que o Estatuto de autonomía dá ao Goberno de Galicia en materia de economía, de comercio, de industria. Vólvolle lembrar que, segundo o último dato do Instituto Nacional de Estatística sacado a semana pasada, Galicia presenta os niveis máis baixos de calidade de vida de todas as comunidades autónomas en España —indicador multidimensional—, e, por iso, facémoslles propostas para que vostedes impulsen o Goberno galego.

Pedímoslle que leve adiante un plan extraordinario para respaldar a capacidade adquisitiva e o benestar das familias galegas en vulnerabilidade ante a suba dos prezos e a ante suba das hipotecas variables. Pedímoslle tamén que tome medidas de apoio ao consumo; que recupere a Tarxeta Básica —¡claro! que é unha cuestión fundamental da economía das familias—; pedímoslle tamén que suba o complemento autonómico das pensións non contributivas porque —quero lembrar ao grupo do Partido Popular— a metade dos pensionistas galegos vive baixo o umbral da pobreza, segundo os datos oficiais. Queremos pedir tamén ao Goberno da Xunta de Galicia que tome medidas para darlles apoio financeiro ás familias que non chegan a fin de mes; que volva ao sistema de libros de texto gratuítos, cando tres de cada catro familias galegas tiveron que pedir préstamos ou recorrer ás tarxetas de crédito no mes de setembro, no inicio do curso escolar; que impulse, na Consellería de Economía, medidas que avancen cara á gratuidade dos comedores escolares; ¡que positivo sería para tantas familias que non chegan a fin de mes que establezan as primeiras matrículas gratuítas nas universidades públicas galegas! —hai fondos, e pódeno facer—. Pedimos que establezan unha liña de apoio ás familias en vulnerabilidade pola suba das hipotecas

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

variables, e, para facelo, volvémoslle dar unha primeira medida: eliminen a bonificación, o regalo fiscal de trinta e cinco millóns de euros aos sete mil galegos máis acaudalados porque, con eses trinta e cinco millóns de euros, vostede pode efectuar xa unha de calquera destas medidas que eu acabo de enunciar. Iso é facer política económica: establecer as prioridades e tomar as decisións en función desas prioridades

Vostedes teñen que decidir, coa dificultade que ten o Goberno do Partido Popular, da cal somos conscientes; dun Partido Popular —que vostede lembrará —que, con Feijóo, dicía que non quería a suba do salario mínimo interprofesional, que non quería a reforma laboral, que non podía garantir a suba das pensións —¡si, señores do Partido Popular; si, señores do Partido Popular!—. Pero xa mudou de todo o señor Feijóo, e, por iso, o modelo da política económica en Galicia segue desnortado.

Vostede ten a responsabilidade de conseguir recoller as velas e poñer un novo rumbo; un rumbo que palíe as eivas das políticas económicas do señor Feijóo, e de facelo máis alá desa medida da nova Oficina Económica de Galicia, que é certo que non é a única, pero é a que o señor Rueda —o seu presidente, o presidente de Galicia, o de todos— anunciou como a principal. Está nas notas de prensa da Xunta de Galicia. Non se despisten sobre o que fixeron. Agora danse conta de que, cando a xente non chega a fin de mes, falar de que a principal medida é unha nova Oficina Económica soa a chiste, por moito que se busque a simplificación administrativa, a boa gobernanza económica, a eliminación de cargas burocráticas... O que necesitan as familias é un Goberno que as respalde; o que necesita a industria é un Goberno que lle dea solución; e o que necesita o futuro do país é un Goberno que aposte polo I+D+i e polo futuro de Galicia. Ese é o reto...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que ten esta consellería; é o reto do Goberno galego, e esperemos que os seus anuncios de cambios en política industrial, en política enerxética e na reestruturación do Igape —que, no fondo, é unha forma de recoñecer que as cousas non funcionaban ben—, vaian máis aló para que empecen a funcionar mellor.

Conte co Partido Socialista de Galicia para defender aquilo que mellore a vida das familias de Galicia, a vida das empresas de Galicia, o conxunto do país, pero non conte con nós nesa escapada de responsabilidades, cando vostedes non saben que facer nin como facer política económica.

Moitas grazas, señora [inaudible].

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Caballero.

É agora a quenda do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu alégrome de que lles gustase pouco ou nada ao señor Rodríguez e á señora Lorenzana a nosa posición política. Iso significa que imos no bo camiño.

Señor Rodríguez, con vostede estou un pouco confusa. Non sei se, ao final, están vostedes afectados e nerviosos porque se rompe España, porque no se rompe España... En todo caso, eu vou aclarar un par de cifras porque estaba vostede preocupado pola débeda, e convídoo a que despois escoite o fervoroso debate das catro da tarde das voceiras de Facenda.

Mire, pagar as débedas dos demais é o que teñen que facer os galegos e as galegas coa débeda do Goberno galego, que a triplicou ata os 12.333 millóns de euros. Andaban estes días falando de algo de —non sei que— «*cuatrocientos euros por gallego*»; ¡non, non, non!, tocamos a máis de catro mil euros por galego ou galega, grazas ao Partido Popular.

Mire, non se preocupe. Eu creo que, ao final, o que lles pasa a vostedes non é que estean preocupados pola ruptura ou pola non ruptura do Estado español e a apoteose nuclear que iso pode ser. Están preocupados porque nestes días vimos que hai quen está facendo o traballo que debería ter feito o presidente Rueda e o anterior presidente, o señor Feijóo.

Non se preocupe, vaise cumprir esa proposta de resolución a chegamos a consenso no pasado debate do estado da nación, sobre que Galiza non sexa discriminada. Se queren máis, pois xa saben, a próxima vez que teñan que coller unha papeleta, collan a do Bloque Nacionalista Galego, que, con máis forza, farémolo mellor. Non se preocupen.

Mire, nós non odiamos a industria nin as empresas. Doulle outro dato porque estaba vostede confuso. ¡Quen odia a industria é o Partido Popular!: hai corenta mil empregos industriais menos e 4.127 empresas menos. ¿Quen estaba gobernando?: ¿gobernaba Aragonés en San Caetano?; ¿estaba Otegi alí? —que ultimamente está pasado de moda—; ¿estaba a UPG en San Caetano nestes catorce últimos anos, señor Rodríguez? *(Aplausos.)* Véxoo un pouco confuso. En todo caso, nós somos máis de amor que de odio, e somos máis de datos que de demagoxia.

Señora Lorenzana, hai que ter valentía para vir aquí acusar outra vez —vexo que colleu aquilo da falta de rigor do señor Conde; xa o botaba un pouco de menos—. Mire, (*A señora Presas Bergantiños ergue un documento coa man dereita e móstrao ao resto da Cámara.)* isto é do Portal de transparencia: *(A señora Presas Bergantiños le o documento mencionado.)* autorización do 16 de outubro de 2023 da súa consellería, en Función Pública para o señor Guldrís para unha empresa coa que tivo relación directa. ¡Si, si!, *(A conselleira de Economía, Industria e Innovación nega coa man dereita e pronuncia palabras que non se perciben.)* o que dixo vostede que non había. Manden a documentación a este Parlamento e verase *(A señora Presas Bergantiños vírase cara á presidenta, Prado Cores, e dálle o documento que acaba de ler.)* —isto voullo deixar á Presidencia— como quen está intentando tapar o que aconteceu son vostedes. Nós imos seguir facendo o noso traballo.

Despois, unha vén aquí a este debate, é a única que dá datos obxectivos do Instituto Galego de Estatística, e facemos demagoxia. ¡Claro!, eu convídoos a que digan exactamente que dixo o Bloque Nacionalista Galego nesta tribuna que non sexa certo, porque o problema é que se

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

poñen nerviosos porque incluso os datos cuantitativos ou cualitativos dan a razón sobre que o que fixeron vostedes nestes catorce anos, ou nos catro últimos, foi unha auténtica demolición industrial. Se quen lles fixo as notas non mirou o dato do índice de produción industrial de onte ou non mirou a última actualización do nivel do PIB, pois, desde logo, non é problema do Bloque Nacionalista Galego.

Aquí non traballamos nin con demagoxia nin con bulos. Ao mellor quen non sabe que o Plan sectorial eólico de Galiza está desfasado e non está sometido a unha avaliación ambiental integral é vostede; ao igual que, ao mellor, quen non sabe que vostedes estiveron doce anos paralizando a ampliación da Rede Natura para favorecer iso son vostedes. Son vostedes os que, nesa lei que vai entrar en tramitación, permiten que o Plan sectorial eólico, que xa era cativo, salte polos aires.

E mire, a min o que me faltaba é que veña vostede falar de medidas que mete na Lei de acompañamento e que nos critique porque falamos da Lei de acompañamento, como se se estivese falando aquí, de repente, de extraterrestres. ¡Non!, mire, eu faleille dunha normativa que vostedes modifican aquí, *(A señora Presas Bergantiños mostra un documento ao resto da Cámara.)* e vou volver explicar o das limoadas porque —vexo—non o entendeu; a ver se o explicou mellor e engado algo máis.

Vostedes, cando creron esa figura dos proxectos industriais estratéxicos, exixían vinte e cinco millóns de euros e douscentos cincuenta postos de traballo. Ano tras ano, cando foron modificando as leis industriais, foron aplicando rebaixas, e as rebaixas do Partido Popular que aplican agora nesta lei consisten en reducir ese concepto para, ou ben, calquera proxecto eólico, ou ben, para que haxa menos empregos e menos millóns de euros de investimento. E sabe vostede perfectamente que nin sequera xuntando todos os parques eólicos dunha provincia hai vinte e cinco postos de traballo directos para o funcionamento dun parque —¡sábeo perfectamente—! Eu non subestimo a súa intelixencia. O que si que teño claro é que o que fai o Goberno do Partido Popular é calar a verdade para intentar enganar e favorecer os privilexios das grandes eléctricas. Iso é o que lles molesta a vostedes. E a este paso, o que digo e reafirmo nesta tribuna é que, con vostedes no Goberno, ata un posto de limoadas vai ser considerado un proxecto industrial estratéxico, sempre e cando —engado— teña detrás os amiguetes do Partido Popular. Ese é o gran problema que hai neste país, co que intentan facer vostedes, neste modelo económico absolutamente desregularizado, unha cidade sen leis.

Ben, máis cuestións que saíron, porque, ¡claro!, escoitándoa parece que está gobernando o Bloque Nacionalista Galego. Eu, se quere, propóñolle facelo ao revés: cando queira, pida unha interpelación, vostede comparece aquí perante a oposición, e falamos en concreto de propostas. Esa demagoxia —que iso si que é demagoxia— non serve para tapar a súa falta de impulso político. Agora nós temos que arbitrar a solución integral para As Pontes. Mire, moito ten que facer a Xunta de Galiza coas súas competencias exclusivas nas Pontes, en xeral, no problema, pero tamén no concreto. Vostede sabe que durante anos, por exemplo, vostedes estiveron sen mover un dedo para ampliar o chan industrial de Penapurreira, cando era xa unha petición desa comarca. E, como iso, miles de cuestións. O que non pode facer vostede, como máximo responsable da industria deste país, é vir aquí e culpar os demais, que non estiveron facendo nada.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E miren non lle consentimos que este Goberno nos acuse aos demais por non pular por este país pola cuestión dos fondos europeos porque desde o minuto un pedimos un papel decisorio deste Parlamento e do Consello Económico e Social, e vostedes vetárono para montar un chiringuito que decidise, en lugar do papel público, a que tiñan que ir eses fondos.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: E remato, señora presidenta.

Desde o minuto un estivemos pedindo unha xestión directa. Non culpen aos demais da súa incapacidade e tampouco en cuestións como a innovación —na cal non me deu tempo de entrar—, na cal vostedes nin sequera cumpren os horizontes de investimento do anterior plan de investigación. É tamén unha absoluta vergoña.

Tampouco cumpren no ámbito enerxético, onde estiveron vetando sempre propostas para que o papel de produtor deste país tivese un correlato ou algo polo estilo.

Mire, remato xa por falta de tempo. Pedíanos vostede que reclamemos, coa mesma forza que vostedes, un trato xusto a este país na cuestión dos fondos. Xa lle vou dicir que, coa mesma forza que vostedes —que é ningunha—, non o imos facer; imos facelo con toda a contundencia, e oxalá antes que tarde...,

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...con máis forza, para poder facelo cun mellor resultado, porque, desde logo, vostedes avalíense estes últimos catro anos, ou estes últimos catorce anos. Teñen un absoluto suspenso en materia económica e industrial.

Oxalá, en breve...,

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...poida facerse con outra correlación de forzas, e abrir paso a esa Galiza que vén. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): É a quenda do Partido Popular.

Ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Señorías.

Señora Lorenzana —señor Caballero e señora Presas—, non creo que, despois deste repaso que vostede acaba de dar aos membros da oposición, pidan a súa comparecencia tan pronto. *(Risos.)* Noraboa, conselleira. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia non para, señor Caballero, e a mellor forma de que continúe a senda de crecemento —e vostede sábeo— é dotarse de orzamentos, ser mapa de atracción industrial.

Nesta comparecencia, señora conselleira, quedou clara a postura de cada un de nós. Fronte a un Goberno galego que ten propostas, orzamentos, ideas, proxectos e persoas preparadas para a xestión, temos o de sempre: unha oposición que só sabe criticar; fronte a medidas, só hai críticas. É dicir: que «Galicia vai fatal», «demagoxia barata», que «todas as medidas adoptadas son nefastas».

Señor Caballero, quero facer unha aclaración: todas as consellerías son complementarias —todas— e están dirixidas polo presidente da Xunta. Non diga o que non ten que facer a Xunta de Galicia. O presidente Rueda dirixe perfectamente todas as consellerías. Temos un gran presidente, señorías, un gran presidente. *(Murmurios.)*

Temos un modelo, un modelo. Os galegos e as galegas o que queremos é falar de orzamentos, de inversións, de xestións, de creación de emprego, de como pagar menos no recibo da luz, de pagar menos impostos. En definitiva, queremos vivir mellor e con tranquilidade; queremos estabilidade e futuro. O que non queremos os galegos é falar ou escoitar todos os días a mesma matraca: a amnistía, os indultos, o referendo, a independencia, a autodeterminación, os cohetes do espazo, perder e gañar, progresismo de mercadillo barato; ou os grandes clásicos nacionalistas e agora socialistas: o espolio eólico, Galicia aos pés das eléctricas, a tarifa eléctrica galega, as portas xiratorias, «a eólica si, pero aquí non», os amigos das eléctricas, a demolición industrial —dixo a señora Presas—, o tempo de desconto. Todo iso é o que lles importa a vostedes. Son tan bravos aquí en Galicia e tan mansos en Madrid.

Quixera, señora Presas, se puidese —non ten turno—, que me explicase se vostede renega do movemento arredista porque o movemento arredista dicía que non había que firmar iso da débeda dos españois; e agora vostede veu aquí defender a débeda. *(A señora Presas Bergantiños ri.)* Aclárese, aclárese, por favor, porque vostede me parece que está renegando. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* E si, si que é certo, cada galego deberemos catrocentos euros máis dunha débeda que non tiñamos, e non a imos pagar os setenta e cinco que estamos aquí; van pagala todos os galegos e as galegas, isto é, as máis de 2.700.000 persoas que viven aquí. Pagaremos a débeda catalá; pufo dos malos xestores, neste caso, dos independentistas cataláns. Ao final, o que teremos que pedir é a amnistía para os xuíces e as xuízas —¡o mundo ao revés!—. Vostedes racharon con todas as liñas posibles. Non nos van calar, señorías da oposición; nós non temos medo, o que temos é a razón. *(Aplausos.)*

Señora conselleira, non faga moito caso ao que lle din nas bancadas da oposición. Volvo agradecerlle que viñese a este Parlamento presentar con total normalidade e claridade as liñas xerais de actuación dunha consellería tan importante, como é a de Economía, Industria e Innovación.

Nestes tempos tan convulsos o capital necesita estabilidade. Galicia señorías, é unha terra de oportunidades. O que pasa é que en España foxen as empresas. É intolerable o acoso á liberdade empresarial. Xa sabemos o que pasou con Ferrovial, Repsol, Iberdrola, Petronor,

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Capital Group; Portugal está preparando a alfombra vermella por culpa de todos vostedes. Explíquenllelo, explíquellelo, señorías, aos traballadores de Alcoa, aos de Vestas, aos das térmicas, aos das moitas empresas deste país impactadas polas decisións inxustas do Goberno do señor Sánchez. E hai que saber aproveitar a colaboración público-privada.

E por último, en último lugar, pero non menos importante, quero falar de comercio. Galicia é unha zona comercial que está afogada polos custos enerxéticos —paga o triplo de luz, a transformación dixital—. E, por todo isto, é importantísimo fomentar o consumo, liderando o cambio —como ben dicía—cara a unha economía verde e sostible. A segunda fase do [...] de innovación comercial e artesanal, a Lei de artesanía, en que estamos traballando e o selo Galicia Calidade, con vinte e cinco anos de excelencia. En definitiva, señorías, hoxe a Xunta de Galicia, e a súa consellería, presentou as liñas xerais de actuación para o que resta da lexislatura e das que virán, señorías, de cara aos vindeiros anos. Seguro, señorías, que van valer para impulsar a economía e para xerar emprego estable e de calidade.

Pola miña parte e a do Grupo Parlamentario Popular, reiteramos o apoio, a colaboración e a confianza con vostede. O grupo maioritario desta Cámara felicítaa polo traballo feito por vostede e polo seu equipo, e polas liñas mestras que acaba de presentar.

Galicia, señorías, non para; Galicia ten futuro. E, ¿saben por que é importante o futuro? Porque o futuro é onde todos nós pensamos pasar o resto dos nosos días.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Quenda de dúplica para a señora conselleira de Economía, Industria e Innovación, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidenta.

En primeiro lugar, moitas grazas, señorías, polas súas intervencións e polos seus comentarios, aínda que coa meirande parte deles —debo recoñecer— estou en absoluto desacordo, pero nisto consiste, sen dúbida, o debate.

Gustaríame facer unha reflexión a modo de conclusión, que enlaza un pouco co desacordo de base que teño coa intervención do señor Caballero, sobre que unha política industrial, económica e enerxética, que estea baseada en todo o que —si creo—, concordamos —a sostenibilidade, a innovación— é esencial para o progreso e a prosperidade do noso territorio a curto prazo, pero tamén a longo prazo; e todo iso debe basearse no que eu aquí hoxe presentei, isto é, nun crecemento equitativo, nunha sustentabilidade ambiental, na aposta pola creación de emprego de calidade, pola formación, pola colaboración público-privada, pola estabilidade e a fiabilidade, por un compromiso duradeiro e conxunto e de natureza público-privada. E isto vai repercutir, sen dúbida algunha —e aí concordo con vostede—, na mellora da vida das familias galegas; pero no que eu non podo concordar con vostede, é que as com-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

petencias desta consellería sexan —poño algún exemplo que vostede mencionou— traballar sobre a mellora das pensións non contributivas ou sobre a gratuidade dos libros de texto. Non podo concordar. Outra cousa é que, evidentemente, a política económica que leve a cabo un Goberno vai influír de maneira clara na vida das familias porque vai influír no crecemento do tecido empresarial e, polo tanto, no emprego.

Señora Presas, a débeda do Goberno galego claro que a pagan os galegos —é evidente—; o que non esperabamos pagar os galegos é a débeda dos cataláns. ¡É que é surrealista o que acaba de dicir hoxe aquí! *(Aplausos.)* A débeda dos galegos págana os galegos. ¡Si!, acostuma suceder así. Pero é que é máis, eu comecei a miña intervención falando de datos xerais de economía e —dicíalle— o Banco de España ratificou que Galicia é a autonomía con menor aumento do volume de débeda dende o ano 2008; isto quere dicir que os galegos pagan a débeda do Goberno menos endebedado de todo o territorio español, e agora van ter que pagar a débeda do Goberno máis endebedado, ademais, por suposto, da nosa. *(Aplausos.)* Iso é exactamente o que vostedes están apoiando neste pacto que acaba de firmar. *(Aplausos.)*

E non diga, nesa demagoxia que —volvo dicir— a caracteriza profundamente, o que eu non dixen. Eu non dixen que o señor Guldrís fose contratado nin que estivese traballando nesa empresa. Precisamente partín diso; partín de que a compatibilidade non quere supoñer —ou non supón ou non presupón— que esa persoa estea contratada por esa empresa. Entón, eu dubido moito que vostede intimamente estea pensando que coas súas declaracións parou a contratación do señor Guldrís; eu creo que sabe perfectamente que non a parou, e, de novo, está volvendo facer demagoxia.

Canto ao IPI dende xaneiro: España, menos 1 por cento; Galicia, máis 1,6 por cento. En canto á declaración de impacto ambiental ordinaria dos proxectos eólicos —e non de avaliación ambiental integral de que vostede falaba—: España, segundo o informe de Patrimonio Natural, Galicia ten unha avaliación ambiental moito máis completa. En relación cos postos de traballo vinculados aos eólicos —é que é unha lista interminable de demagoxia tras demagoxia: sen un só dato, sen unha soa reflexión sobre o fondo das cousas. É impresionante o que acaba de facer—, en ningún caso o Goberno de Galicia está defendendo os postos de traballo vinculados aos eólicos; *(A señora Presas Bergantiños move a cabeza negativamente.)* estase defendendo os postos de traballo vinculados á industria que, ao non ter enerxía competitiva, supón que se deslocalicen as industrias e supón que non veñan outras industrias. Entón, ¿por que falou vostede dos postos de traballo vinculados aos eólicos? Para enganar a xente e para que a xente pense: «claro, un muíño eólico non ten postos de traballo vinculados; *(Murmurios.)* logo, en Galicia, non se están xerando postos de traballo». *(Murmurios.)* Volvo á mesma pregunta, eu creo que o sabe, pero o que quere é facer demagoxia. *(Aplausos.)*

¿Para que pedía vostede o orzamento para As Pontes? E logo, subiu aquí de novo e dixo que eu saquei o tema das Pontes; ¡vostede sacou o tema das Pontes!, e preguntoume como é que non tiña orzamento para As Pontes. E eu díxenlle que sinceramente non sabía para que tiña que ter orzamento para As Pontes. ¡Dígamo!; e entón veu aquí e díxome que non, que é que o tema das Pontes saqueillo aquí sobre a mesa. ¡Non, mire!, eu, no tema das Pontes, presido unha comisión, unha mesa de traballo —que, por certo, convoquei eu; creei eu— para coordinar unha serie de actuacións en canto ao predesmantelamento, ao desmantelamento, aos

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

novos proxectos industriais... Por certo, debería preocuparlle algo máis que o orzamento ese de que fala —que non sei que é— é de novo a dificultade en canto á infraestrutura eléctrica nas Pontes; iso tamén é un problema, iso tamén é un problema.

Canto ao apoio á chegada a Galicia dos fondos dos PERTE industriais. Bueno, xa demos un paso, dixo o BNG aquí que o apoia. ¿Sabe o que estaría ben? Que cando firmaron ese pacto de investidura, esa cuestión fose prioritaria dentro do pacto de investidura, de maneira que, igual que a Asturias chegaron trescentos millóns de euros, a Galicia tamén cheguen —non pedimos máis que— douscentos millóns de euros para Altri, pero isto non se considerou relevante no pacto de investidura. As dúas cuestións máis relevantes para a industria de Galicia, isto é, a infraestrutura eléctrica e os PERTE industriais, non aparecen. *(Aplausos.)* E o PSOE xa nin manifesta aquí o compromiso, xa nin espera que se reclame a Madrid. ¡Como o van reclamar! Ao final Partido Socialista é o mesmo; ao final, dálles igual todos eses investimentos en Galicia. Nin aquí, neste Parlamento, cando eu llelo estou pedindo, como conselleira de Economía, son capaces de manifestar ese compromiso de axudarnos a reclamar ao ministro de Industria eses fondos para a Comunidade Autónoma de Galicia. E logo falan de igualdade de oportunidades. De verdade que é tremendo —¡pero tremendo!— que veñan aquí e non teñan nin sequera o peso de dicir que van reclamar ao ministro de Industria que cheguen os fondos para os proxectos que acabo de mencionar.

E o que din é que o Goberno non ten un modelo económico, non ten un modelo industrial. Si que temos un modelo económico e industrial; outra cousa é que non lles guste, que non o compartan ou que non o poidan compartir. Ao mellor gústalles máis do que poden dicir. Pero ¡claro! que temos un modelo, un modelo económico e unha estratexia de atracción industrial áxil; un modelo definido para facer de Galicia un foco de atracción de investimentos e de novos proxectos, para fortalecer o músculo do noso tecido empresarial.

¡E si!, imos continuar reducindo a burocracia e apostando pola axilidade administrativa, aínda que vostedes consideren que ese é un tema menor. ¿Saben, quizais, por que consideran que iso é un tema menor? Porque non falan co tecido produtivo, como non fala o Goberno central; e, por iso, estamos tendo esta problemática tan grande na execución dos fondos europeos. Como non fala a señora Nadia Calviño, como non falan os responsables dos ministerios, por esa razón non se adaptan os PERTE ao tecido produtivo español.

Nós imos continuar co apoio económico para financiar os investimentos, tanto para dar liquidez agora mesmo e circulante ás empresas como para atraer novo investimento. Imos continuar fomentando a innovación das pemes, do pequeno comercio, como levamos facendo. E con boas cifras. Cifras de crecemento en innovación en Galicia, como lles acabo de dicir na intervención anterior. E ímolo facer fomentando unha industria sostible e verde, co foco nos sectores estratéxicos. Por iso queremos eses plans directores. Por iso queremos ese mapa industrial de Galicia, avanzando no binomio industria-enerxía, porque cremos que é a única maneira de abaratar os custos enerxéticos da industria e, polo tanto, de conseguir que a industria galega sexa realmente competitiva.

A enerxía é un factor determinante, un vector de crecemento e de innovación na nosa comunidade. Temos capacidade instalada para seguir sendo os referentes en xeración de re-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

novable. Podemos situarnos como referentes noutros vectores, como na eólica mariña, no hidróxeno verde, na economía circular, na mobilidade sostible... con proxectos como os que están sobre a mesa. Soamente requiren dun pulo por parte de todas as institucións.

E, como lle dixen, todo isto exixe a ampliación da capacidade de potencia das nosas infraestruturas, mellor planificación e xestión dos fondos europeos, un reparto xusto e, por suposto, seguir tendo unha política ordenada e unha política clara e áxil na comunidade autónoma. E en Galicia creo que podemos estar orgullosos de que agora mesmo podemos mirar de fronte outros territorios en Europa e imos continuar avanzando. Imos continuar avanzando no autoabastecemento enerxético, aproveitando os recursos eólicos, hidráulicos e mineiros de forma sostible. Ímolo facer con esa sociedade mercantil pioneira no noso contorno. Unha sociedade mercantil que ten unha parte pública que garante, señora Presas, precisamente a continuidade da sociedade, pero tamén unha transversalidade que evita nesgos políticos de calquera clase, porque —verano— están representados todos os sectores económicos da comunidade e empresas de moi diferente tamaño. Co cal, dígolle o que lle dicía ao BNG na comparecencia de orzamentos: déanlle unha oportunidade; coñézana primeiro antes de opinar, porque aínda non a coñecen. Con ese fondo, esa colaboración público-privada, pretendemos atraer capital estranxeiro a Galicia e, sobre todo, cremos no diálogo continuado e sen fisuras co tecido produtivo, para coñecer as súas demandas e para axustar as políticas públicas ás súas demandas.

Por todo isto, eu creo que Galicia podemos dicir que é unha excepción en moitos aspectos. Sen dúbida ningunha é unha excepción a nosa estabilidade política e institucional, que é un elemento clave para moitas das cuestións que hoxe en día podemos presentarlles aquí e para ese modelo de política económica e industrial —e termino como empecei— atractiva, áxil e definida.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora conselleira.

Rematada a comparecencia, pasamos ao punto 3 da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Cristina Fernández Davila, sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta moción non se lle presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.

A interpelación do conselleiro de Educación, o señor Román Rodríguez, o pasado 25 de outubro deixou claras dúas cousas. Primeiro, o posicionamento da consellería nas políticas educativas.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non se trata de falta de recursos e mesmo se plantexaba o significado da palabra «recortes» no seu vocabulario, senón claramente un desvío dos fondos ao sector privado. E, en segundo lugar, que o Goberno da Xunta pensa que a calidade educativa na Galiza é suficiente e cumpre con todos os parámetros de equidade e calidade que se requiren a nivel estatal. Con iso, para o partido popular o obxectivo está cumprido. Pois é unha mágoa. Pero para o BNG este nivel de calidade non pode medirse sempre mediante datos. Que tamén, pero con todos os datos ao noso alcance, non soamente cos que nos favorecen. Os datos que avalían os resultados das políticas educativas deben dicirnos claramente se benefician as persoas ás que están dirixidas ou non.

Cando falamos de dereitos básicos constitucionais, como é o dereito á educación ou á sanidade públicas, se estamos a gobernar debemos ser máis críticas e máis ambiciosas. ¿As galegas e galegos poden facer uso deses dereitos con normalidade en todos os casos? ¿Poden todas as persoas ter un acceso á educación en situación de igualdade, de equidade, de non discriminación, de protección da infancia?

E, por suposto, tamén debemos falar da perda de dereitos laborais por parte do persoal docente galego. Dereitos consolidados dende o 2007 que foron anulados no 2010 e 2012 polo PP na Xunta e que no resto das comunidades autónomas recuperaron hai bastante tempo. Cuestións laborais reclamadas polos sindicatos que suman a maioría dos traballadores e traballadoras no ensino do país. Docentes que, despois do acordo vergoñento do pasado 11 de outubro, están dispostas a volver sentarse nunha mesa de negociación coa Xunta de Galiza para poder seguir avanzando en todo o que quedou pendente.

Porque, como xa dixen na interpelación ao señor Rodríguez, as demandas dos docentes non ían de maior salario, non ían de rebaixa da xornada de traballo, non ían de traballar menos nin de dar unha atención inferior ao seu alumnado. Máis ben, as súas peticións tiñan que ver con poder desempeñar o seu traballo docente para que sexa máis efectivo, de maior calidade e que puidese beneficiar o seu alumnado, todo o seu alumnado, de xeito que ninguén quede atrás. Pero outro beneficio que buscaban cos seus requirimentos é non enfermar, non frustrarse por non ter capacidade para atender as necesidades das súas alumnas e alumnos.

Se preguntamos ás nais e pais do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo sobre os dereitos educativos dos seus fillos e fillas dinnos sempre que vai depender da disposición e implicación das docentes que teñan asignado en cada curso os seus fillos; de se a Administración educativa asigna un PT preferente; de se os docentes teñen formación ou non nos problemas e capacidades das súas fillas e fillos; de se a orientadora ten suficientes horas no seu centro ou debe compartir horario con outros centros; de se a dirección do colexio ou do instituto está o suficientemente concienciada coa diversidade ou non; de se hai profesorado implicado na comisión de convivencia ou non. De se, de se, de se. Non pode haber tantos condicionantes. De feito, non debería haber ningún condicionante. Todo o alumnado ten dereito a unha educación de calidade. Aquí estou pensando nunha persoa con altas capacidades, noutra de capacidades estándar, nun neno con dislexia, nunha nena con TDH, outro con TEA... Tampouco debe ter condicionantes aquel alumnado LGTBI, ou musulmán ou de sexo feminino, porque todas e todos deben atopar centros que dispoñan de docentes preparadas e con tempo dentro do seu horario de traballo para ocuparse e preocuparse de cada un deles e delas e que, polo tanto, poden tomar todas aquelas medidas pre-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ventivas que sexan necesarias, pero tamén para tomar todas aquelas sancionadoras e correctoras de condutas cuestionables e inaceptables.

O señor Rodríguez estaba moi preocupado o pasado pleno polos resultados. Está claro que na avaliación dos resultados hai que ter en conta os recursos dos que dispón o sistema educativo, pero tamén é certo que eses recursos poden concentrarse onde máis se precisen. Haberá cuestións prioritarias, como son neste caso os dereitos fundamentais con respecto ao ensino. Pero o ensino con maiúsculas. Porque nos centros educativos non só se imparten materias curriculares; estamos a desenvolver a personalidade de nenos e nenas que precisan que toda a engrenaxe na comunidade educativa estea perfecta. Porque para eles non haberá segundas oportunidades e pasarán a etapas nas que sexa moitísimo menos doado transmitir valores e reforzos positivos que serán fundamentais para conformar a súa persoa física e mentalmente. O seu avance educativo non pode depender de tantas variables como o sistema galego aporta.

Polo tanto, señores do Partido Popular, concentren os recursos naquelas áreas que máis van afectar as persoas e, dentro daquelas áreas, cuestións básicas e imprescindibles, pensando no ben común, no interese xeral e no futuro do noso país. E, claro está, o acordo do pasado 11 de outubro foi unha ocasión perdida de poder facer todo o posible para dar un impulso importante na consecución destes obxectivos na Galiza. Pero esta porta non ten por que estar pechada e están a tempo aínda de considerar e ter en conta as súas propostas e seguir avanzando nun consenso que dea un impulso á calidade educativa galega. Porque imos pensar que, aínda que vostedes din que é suficiente cos datos actuais, sabemos que hai un sector para o que non é só que non sexan suficientes, é que non chegan ao mínimo imprescindible; incúmprense a diario os seus dereitos fundamentais.

O pasado 2 de novembro as centrais sindicais CIG, STEG e CSIF —que contan, ademais, cun sesenta por cento dos votos e un cincuenta e nove por cento na representación dos docentes— enviaron un escrito ao conselleiro, o señor Rodríguez, onde brindaban a posibilidade de seguir avanzando nun acordo realmente produtivo para os obxectivos da comunidade educativa e, sobre todo, para o alumnado.

Vostedes saben que nas demandas do persoal docente non hai ningunha que non poida ser asumida de xeito doado pola Administración económica, que ademais é a mesma Administración que leva os últimos trece anos empeorando a situación laboral: aumento das ratios, non cubrindo as vacantes de xubilación, incremento dos horarios lectivos, incrementando a burocracia etc. Vostedes xa coñecen cal era o punto de partida no ano 2009 coa súa chegada ao Goberno da Xunta, cando as mestras, mestres, as profesoras e profesores tiñan capacidade de organizar e facer ben o seu traballo, que é ensinar.

As representantes sindicais están dispostas novamente a sentar co Goberno e negociar, partindo duns mínimos moi razoables e, como dicía, doados de implementar e incluso sen moito custo, nada que non poidan asumir economicamente a Consellería. Polo tanto, só hai que ter vontade política.

O señor Rodríguez fixaba o seguimento da folga do pasado 24 de outubro nun quince por cento. Todos sabemos o xogo de datos que fai a Administración á hora de facer públicas

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

todas estas cifras, pero é que nesta ocasión superouse. Superouse porque os datos foron tomados ás nove e media da mañá e foi por orde directa da consellería. A realidade é que tivo o seguimento do sesenta por cento. Máis incluso que nas folgas de 2019, que eran polos mesmos motivos. O seguimento da manifestación duplicou as dese ano que, xunto co acordo do 11 de outubro, son bos indicadores do malestar do profesorado actual.

Estas medidas, totalmente insuficientes para a situación tan crítica na que se atopa o profesorado, fan que este estea disposto neste momento a seguir concentrándose e manifestándose e non descarta unha nova folga a finais deste mes. As demandas seguen sendo exactamente as mesmas e ben claras: recuperación das dezaoito e vinte e unha horas lectivas nun máximo de dous cursos; redución das ratios en todas as ensinanzas, comezando no ano 2024 e con aplicación, como máximo, ata o final de cada etapa; aplicación de medidas inmediatas para a redución da burocracia, dende o 2024 tamén, que deben consistir entre outras na liberación de horas para dirección, coordinación e titorías e na incorporación de persoal administrativo; e reparto lineal da masa salarial xa comprometida entre todo o profesorado.

Para rematar, de momento, a representación da maioría do profesorado tan só quere manter unha reunión coa Consellería e avanzar. Avanzar nun acordo real e beneficioso para todo o colectivo que repercuta positivamente no ensino e na atención directa a todo o alumnado; tamén para os máis vulnerables. Dende o Goberno da Xunta non deben pechar as portas, non desprezar novamente unha posibilidade de recuperar a situación laboral consolidada no ano 2007 e que foi anulada por vostedes no ano 2010 e 2012, prexudicando así claramente o sistema público educativo. Esquezan os datos, as estatísticas e deixen de dar voltas ante una evidencia clara. O importante é que os docentes poidan encargarse do seu traballo, que é a ensinanza e a atención directa a todos os nenos, nenas e adolescentes que conforman o noso presente, pero que deben formar parte do gran futuro do noso país, Galiza.

De momento nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

A verdade é que este debate sobre a situación do ensino público no momento en que nos atopamos non pode ser máis acaído e non pode ilustrar mellor cal é o talante da Consellería de Educación e mesmo do Partido Popular. Porque non hai que facer moita memoria nin ir moi atrás. Estamos falando de que o conselleiro de Educación no último pleno e na súa comparecencia na Comisión de Orzamentos hai poucos días recoñecía e sacaba peito dese «xusto» —dicía— «e necesario acordo» con boa parte dos sindicatos para mellorar esa carga lectiva que tiñan os docentes e as docentes galegas, para rebaixar a carga burocrática, para comezar esa diminución progresiva das ratios, para mellorar a equidade e a calidade

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

educativa, sobre todo para o alumnado con necesidades específicas especiais e con discapacidade. Avances —dicía— «necesarios e xustos».

Eu quero lembrar que poucos días antes e no comezo de curso —non só nesta lexislatura que tamén, como dicimos sempre— é ben curioso e ilustrativo como dende o Partido Popular e o propio conselleiro nunha iniciativa no comezo de curso do Grupo Socialista neste pleno dicía que nos desacreditaron, que alarmabamos, que inventabamos. Cando o que trouxemos a este Parlamento —atención— era que xuntasen a mesa sectorial e abrisen un diálogo que tiñan absolutamente anulado durante toda a lexislatura, que cumprisen os compromisos mínimos de xuntar a mesa sectorial de educación. Votaron en contra e dixeron que non era necesario. Días despois xuntan a mesa sectorial, fan un acto a bombo e prato na Cidade da Cultura e veñen a este Parlamento a parabenizarse por xuntar a mesa sectorial que poucos días antes non só non era necesario, senón que era un invento do Partido Socialista. *(Aplausos.)* Todo ben. Coherencia. Seguimos.

Pediamos que abordasen dunha vez por todas —lembrarano, porque é que hai moi pouco— a redución necesaria do horario lectivo, recuperando o horario que viñan recuperando todas as comunidades autónomas nos últimos anos despois dese decreto do ano 2012 do Partido Popular que incrementou cos recortes a carga lectiva do funcionariado e dos profesores e das profesoras. Como outras comunidades autónomas, despois de que se revertese esa situación no ano 2019 coa iniciativa da ministra Celaá coa chegada do Goberno progresista. Por certo, o Partido Popular votou en contra no Congreso. A partir dese ano as comunidades autónomas comezaron a reverter esa carga lectiva e a recuperar o anterior ao decidido polo Partido Popular no ano 2012. Todas menos a nosa comunidade autónoma. Diciamos deste mes de setembro. ¿Por que condenan as docentes e os docentes galegos a estar no vagón de cola do Estado en canto á carga lectiva?

Dicíannos tamén que inventabamos, que alarmabamos, que estabamos loucos, que empregabamos a educación... Ben, hai poucos días nesa comisión de Orzamentos o Partido Popular e a Consellería de Educación sacando peito do que negaban días antes.

En definitiva, hai que facer contexto. Hai que facer un pouco de contexto e non hai que bucear moito no tempo nin nos diarios de sesións. Pediamos diálogo, mesa sectorial, reducir a burocracia e reducir a carga lectiva, comezar cunha baixada das ratios. Tamén trouxemos unha iniciativa no comezo de curso. Eran dous puntos sobre a necesaria baixada de ratios aproveitando, ademais, o momento no que nos atopabamos, esa baixada de matriculación e de natalidade. E tal e como reclamaban sindicatos, docentes, comunidades educativas, as propias Anpa... tamén ao Partido Socialista, aproveitar este momento de baixada de natalidade e de matriculación sobre todo en infantil para comezar esa negociación necesaria de baixada das ratios e non empregar unicamente esa escusa para pechar unidades. Tamén estabamos alarmando. Agora sacan peito de asumir a comezar esa baixada das ratios. Un auténtico delirio como cambian os discursos segundo cada momento.

Falabamos agora dese informe da valedora arredor da situación da dependencia. O que levan negando durante toda esa lexislatura dicindo que son practicamente inventos políticos da oposición, da esquerda, do Partido Socialista, agora anúnciano como cheques a bombo e

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prato facendo convocatorias aos medios dun día para outro. Sen poñerse vermellos, como diciamos nesa comisión de Orzamentos. Polo tanto, queriamos tamén situar este debate.

Miren, o importante é que aínda que custe suor e lágrimas e anos de mirar cara a outro lado e de desacreditarnos nos debates se se avanza, se se conseguen melloras, as socialistas, como dixemos na comisión de Orzamentos e neste Parlamento, imos saudar positivamente o avance que sexa na mellora do noso sistema educativo. Que non era sen tempo, pero un pouquiño de coherencia e de memoria. Porque se trata de avanzar cara a un ensino de calidade para todas e para todos, dun profesorado que estaba —como denunciaba no comezo de curso— ameazando cunha folga moito maior da que se produciu, con mobilizacións, absolutamente desbordado. E hoxe estamos, efectivamente, nesta moción que afonda precisamente neses dereitos con toda lexitimidade, porque os sindicatos asinantes tamén veñen de dicir que por responsabilidade asumiron un acordo de mínimos por amarrar algo despois de anos negando a maior, que era mesmo sentarse a dialogar. Amarraron o máis básico, pero quedan efectivamente moitas cousas por facer das demandas necesarias e históricas que estaban sobre a mesa. Aí está o propio texto do acordo, tanto en canto a prazos como a cuestións que quedan sen pechar. Desde logo, orzamento para ir máis alá e completar esas reivindicacións en tempo e forma. Hai, se hai vontade —como diciamos tamén a comezo de curso—, e por parte do noso grupo todo o que sexa seguir impulsando esa mellora contará neste caso co noso voto a favor.

¿Que se acordou e que faltaría? Cuestións como a redución de horarios en Infantil e Primaria. Das vinte e cinco horas que había acordouse a baixada a vinte e tres horas —baixar horas, iso que era unha loucura e non era necesario— no mes de setembro. Ben, pois si, acordouse a baixada a vinte e tres horas. É un paso importante rabuñar esa rebaixa do horario de dúas horas. Pero a demanda inicial —como recolle esta iniciativa— era chegar ás dezaoito, que sería o que todas e todos recoñecen como óptimo. Ter conseguido —diciamos— esa rebaixa é importante por responsabilidade. Parte dos sindicatos asinaron ese acordo, pero nós consideramos que se pode, tamén, e que se debe facer máis, ata esas dezaoito horas.

Ben, tal e como se lembra, no que atinxe ao horario docente en Secundaria, que ao que se manifestou e comprometeu foi a facelo máis adiante, porque tamén hai un acordo con moitas cuestións en diferido, que dependerá ou non da vontade da consellería. Hai un compromiso de facelo máis adiante xunto coa necesaria redución —argumentaba— da xornada aínda pendente das trinta e sete horas e media a trinta e cinco do resto do persoal da Xunta de Galicia. E isto consideramos que non pode ser unha escusa para non implementar na profesión docente, desbordada tamén por toda esa situación, máis atención ás necesidades específicas especiais e menos exceso de burocracia.

Ben, en canto ás ratios, os acordos en Infantil serán máis inmediatos a partir do ano 2024 e ademais será unha medida sen custo, como demandabamos dende o Grupo Parlamentario Socialista, pola baixada precisamente de matrícula e de natalidade. De xeito que esa baixada non sexa unha escusa para coller os números e para pechar unidades. Especialmente tamén unha parte importante que recoñecemos como avance deste acordo, que ten que ver cos agrupamentos.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero en canto á Primaria aquí é cando falamos de compromisos en diferido. O que fixeron foi poñer como data o ano 2027 desa negociación para os vinte e cinco na ESO e no Bacharelato trinta, que veremos a partir do ano 2026. Tamén diciamos que é un avance que se contabilicen os repetidores, que se compute dobre aquel alumnado con discapacidade igual ou maior ao 33,2 por cento e a aquel con maior discapacidade por riba do 66,3 por cento. É un avance que nós saudamos e recoñecemos. Pero tamén pensamos que era algo de sentido común, pero non quixeron atender, por exemplo, outras demandas e realidades. Porque co alumnado con necesidades específicas especiais, ademais do evidente deste alumnado cunha discapacidade recoñecida, á hora de contabilizar as ratios habería que ir moito máis alá.

Nós veremos na práctica en que quedan. Hai puntos tamén nese acordo que quedan moi á vontade da Consellería de Educación e que son fundamentais tanto por parte dos sindicatos como de toda a comunidade docente que pasan pola redución —diciamos— da carga burocrática. Si recoñece a consellería que hai que poñer en marcha unha negociación e un plan de traballo, que pediamos nós antonte, que non era necesario. Bueno, si se recoñece nesta negociación expresa, nese acordo escenificado na Cidade da Cultura hai poucos días a bombo e prato —había unha folga maioritaria anunciada e estamos no momento en que estamos, hai que situar, diciamos antes— e que contempla a creación dun grupo de traballo este curso para elaborar un plan que se implantaría de redución de carga burocrática o vindeiro curso.

Nós non queremos ser desconfiadas, pero esta negociación exprés, a súa posta en escena, o cambio de discurso dun día para outro... dá para pensar. Entón, entendendo que hai vontade, que se abriu agora ese diálogo, que hai orzamento histórico como presumen, si pensamos que os plantexamentos que se recollen nesta moción —que son os iniciais que había nesa mesa de negociación e que forman parte das demandas históricas e dos sindicatos e das comunidades docentes— serán ben recibidos. E, dende logo, non será por parte do Grupo Socialista que non votemos a favor e sigamos demandando con coherencia as mesmas iniciativas e cousas que vimos demandando —diciamos— durante todos estes anos ata antonte. Gustaríanos saber hoxe o que nos din dende o Grupo Parlamentario Popular e que van dicir dentro duns meses cando fagamos campaña electoral. Igual xuntan novamente os sindicatos na Cidade da Cultura para facer unha foto para anunciar o que supostamente non facía falta, segundo nos dicían a nós neste Parlamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, señora Fernández, señora Otero.

Unha vez máis, ese novo debate sobre a calidade do ensino galego. Unha vez máis, sobre as condicións laborais dos nosos docentes. E, unha vez máis, este grupo parlamentario ten a oportunidade de dirixirse ás galegas e aos galegos para, con datos no seu conxunto e coa

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

realidade por diante, dicirlles que o sistema educativo galego é excelente, que o sistema educativo galego é referente e iso con maiúsculas, señora Fernández. Sempre con melloras, claro está, como os pasos que se están a dar.

Señora Otero, cambiar de discurso... Non é vostede a máis indicada para facer eses comentarios, porque para iso é especialista o seu presidente, o señor Sánchez. Ou sexa, lecciónsas xustas, señora Otero.

Miren, unha vez máis despois de escoitalos seguen vostedes co seu libro, que parece ata unha novela negra. Sabemos —como saben as galegas e os galegos— que o que queren vostedes é facer ruído. Sabemos —como saben as galegas e os galegos— que particularmente o BNG, señora Fernández, o que pretende é apoiar esas mobilizacións e reivindicacións da CIG-ensino; sindicato que non quixo sumarse, señora Fernández, ao acordo asinado entre a Xunta e tres das catro organizacións con representación na Mesa sectorial docente. O BNG e a CIG afortunadamente non teñen responsabilidades de goberno e están claramente obsesionados por desgastar a Xunta. Niso están e alá vostedes.

Mire, non se chegou ao Everest nunha soa etapa; paso a paso e etapa a etapa. Iso é ao que se está a facer no sistema educativo galego, cun modelo propio, cun modelo diferenciado do que sentirnos —si, señora Fernández— orgullosos pola calidade, pola equidade e pola igualdade de oportunidades. E ¿por que chegamos a este punto? Porque houbo traballo e diálogo, diálogo cos axentes implicados no ámbito educativo. E foron moitas as modificacións que no ámbito educativo se levaron a cabo co diálogo coas organizacións sindicais, moito; por dicir algúns como importantes e decisivos: alá polo 2009 en materia de agrupamentos; no 2018 no complemento específico docente; en febreiro de 2023 cos profesores técnicos de FP que o Partido Socialista deixou tirados; en maio de 2023 con importantes melloras en interinidades e substitucións; e o acordo da vergoña que chegou en outubro de 2023, ese acordo vergoñento grazas ao cal se deron pasos para seguir mimando e coidando a excelencia do noso sistema educativo. Ese acordo que permite á cidadanía galega que vexa a diferenza entre as actitudes negacionistas —á súa, da man da CIG— e, por outra banda, a altura de miras doutras organizacións sindicais como Comisións, ANPE e UXT, que contribuirán a afianzar un dos mellores sistemas públicos de España. Falan de negociación e de diálogo e non chegaron a acordos porque non quixeron, señora Fernández. A vostede xa sabemos que lle vai máis a política de mobilizacións e de pancarta, que para iso son especialistas.

Miren, vou facer un repaso a ese acordo innomeable, porque igual lle soa ás súas señorías. Porque ata hai pouco vostede, señora Fernández, víñao pedir nesta Cámara —como fixo a Xunta de Galicia do Partido Popular—. A vostede non lle chega e por iso está mal feito, ¿verdade? Mire, repasemos, porque o que se conseguiu con este acordo foi con diálogo e con escoita e non con mobilizacións nin con pancartas. Redución de ratios, mellora da atención da diversidade —como afondou a señora Otero—, poñendo por riba de todo os dereitos educativos dos alumnos de necesidades educativas especiais, a redución do horario lectivo, a mellora da carreira profesional docente, o avance das medidas de conciliación e un plan de simplificación de tarefas burocráticas. E o que non é tema menor é que a Consellería reservou nos orzamentos de 2024 trece millóns de euros co obxectivo de comezar a aplicar os acordos a partir do 1 de xaneiro de 2024.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿E vostedes falan de acordo cerrado en falso? Miren, o primeiro é que teñen que ser serios e responsables no seu discurso. E sen esquecerse, señora Fernández, das demandas docentes, a forte aposta da Consellería polas oposicións de ensino que permitiron reducir a interinidade —como vostede ben sabe— e ampliar a presenza de funcionarios docentes. Mire, Galicia vai ser a primeira comunidade autónoma en retomar en 2024 os procesos ordinarios da oferta de emprego, cunha taxa de interinidade que é a máis baixa do país, que desde o 2016 se renovou en máis dun corenta e seis por cento. Novos docentes no sistema: 14.072 dende o 2016.

O tempo é pouco, señorías, e pretendo darlle resposta a todos e cada un dos puntos dos que vostede pasou un pouco por riba da súa propia moción.

Mire, debido á baixa taxa de temporalidade do persoal docente aquí en Galicia, na Comunidade Autónoma de Galicia —sábeo vostede— no ano 2023 non se vai aprobar esa oferta de emprego público correspondente ás xubilacións. Pero todas as administracións, incluída a galega, pola baixa taxa de temporalidade —fíxese vostede— estaban obrigadas a convocar a finais do 2022 a oferta de emprego público, tal como establece a Lei 20/2021. Así o fixo o Consello da Xunta no ano 2022. En Xaneiro: 1.024 prazas, das que 927 eran prazas relativas á taxa de reposición e 97 á promoción interna. Xaneiro de 2022: 2.484 prazas; resolveuse en xuño e xullo de 2022, co que estas persoas xa están nomeadas funcionarias de carreira con efectividade do 1 de setembro de 2023. Tamén en 2022 en maio: 1.156 prazas de concurso de méritos e 125 de concurso-oposición. Sumemos: 3.765 prazas. As 1.156 xa están nomeadas funcionarias de carreira no BOE e as 125 desenvolvéronse en xuño e xullo de 2023, estando actualmente en fase de prácticas. Polo tanto, señorías, rematados os procedementos pendentes, Galicia será a primeira comunidade autónoma en retomar os procedementos ordinarios.

E en canto ás materias afíns, vostede sabe que na época do Bipartito non había regulación ningunha das materias afíns. ¡¿Pero que lecciónns veñen dando?! ¡Se podían, incluso, aceptarse prazas con catro, cinco ou seis materias afíns! ¡Pero teñen pouca vergoña! Foi o artigo 23 da Orde do 7 de xuño do 2018, señora Fernández, a que con carácter xeral di que as vacantes non poderán incluír máis de dúas materias afíns, agás autorización da Inspección Educativa, que pode ser a única que pode dar instrucións da súa modificación.

No punto terceiro en canto ás itinerancias, sabe vostede perfectamente tamén, que a Consellería veu reducir as prazas itinerantes ao mínimo indispensable, apostando pola menor precariedade posible do sector público docente. Entre prazas de xornada reducida ou prazas a tempo completo, a consellería optou sempre por prazas a tempo completo, aínda que iso implícase compartir centros. En canto ás prazas itinerantes de PT, AL ou orientación, tamén se dá prioridade ás prazas a tempo total fronte ao tempo parcial. Galicia, señora Fernández, é a comunidade que menos prazas ten de xornada reducida de todo o Estado español. En canto aos contratos dos docentes pola incorporación do seu titular, vostede seguro que coñece igual ca min e xurisprudencia do Tribunal Supremo, que vén recoñecendo a legalidade do cesamento do persoal interino cando se remata o período lectivo do curso académico. E a consellería nunca, nunca efectuou estes ceses ao persoal interino dunha praza, aínda nos momentos máis duros.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero iso non implica, señora Fernández, que haxa que ampliar esa actuación ao persoal substituto, porque hai que xestionar con eficacia e eficiencia. Iso creo que se lle escapa, porque tamén teñen pouca experiencia. O persoal está realizando unha substitución, non desempeña unha praza de cadro de persoal, señora Fernández. Está a desempeñar un posto de traballo que temporalmente non pode realizar a persoa titular da praza, o que non sería razoable é pagar unha mesma praza dobremente unha vez rematado o período lectivo.

En canto ao horario lectivo, á redución de ratios... Remítoa á lectura detidamente dese acordo que a vostede pouco lle gusta, pero aí atopará a resposta. Como resposta atopará na planificación do propio traballo burocrático, que recae nos docentes con ese plan de simplificación que se vai levar a cabo, e que tamén está nese acordo que vostedes rexeitan, para levar a cabo no 2023 e no 2024 e que se implantará no curso 2024-2025.

Creo, señorías, que é preciso que se deteñan, é preciso que reflexionen. En canto á redución de horario hai avances, en canto aos ratios hai avances. Como que cando non sexa posible establecer esas novas ratios se reforzará o cadro de Primaria cun especialista. Infinidade de cousas que vostede sabería, e evitaría ter que vir aquí co seu discurso populista, se lese o acordo. Avances, señora Otero, pois é do agrado deste grupo parlamentario que recoñeza tamén o avance que se está a dar, e así se seguirá a traballar. Eu creo que teñen motivos máis que suficientes para abandonar o seu discurso e así llelo digo. Só teñen que mirar detidamente o acordo acadado.

Cambien as mobilizacións, as pancartas, as concentracións. ¿E saben por que o teñen que cambiar? Pola escoita e pola negociación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señor Bará, porque vostedes veñen agora reclamar una negociación. ¿Pero onde estaban vostedes cando xa houbo negociación e houbo diálogo? ¿Onde estaban vostedes? Xa houbo diálogo e negociación, señora Fernández, e vostedes non acudiron.

Mire, aquí non se trata de desprezar novamente ningún diálogo nin ningunha negociación. Non se trata de desprezar, porque basicamente os que desprezaron foron vostedes, que non se sentaron a dialogar, igual que o resto das organizacións sindicais na mesa sectorial docente. Así que lecciónsas xustas, señora Fernández. Diálogo e escoite o que está a facer a Consellería e contribuirán —porque nese camiño se vai seguir— na mellora do bo e san sistema educativo galego. E reitérollo outra vez, señora Fernández: ¿vostedes onde estaban?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Grupo autor da moción, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidente.

Ben, é certo que a min non me dá, señora Díaz, ningún problema saír nas fotos das manifestacións, da man non soamente dun sindicato, senón reclamando todas aquelas cousas que está agora pondo enriba da mesa o profesorado. Non me dá ningunha vergonza e cando

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

podo participo con eles, porque son unha persoa máis. *(Aplausos.)* Pero tamén é certo que vostedes neste momento tampouco están tendo vergonza ningunha nin lles dá reparo ningún ser especialistas en barricadas e en *caye borroka*, ¿non? *(Aplausos.)*

O Partido Popular pensa que o mesmo argumento que acaba vostede de dar, que é exactamente o mesmo que xa ten feito aquí neste hemiciclo o señor Rodríguez, ese argumento de «Galiza vai ben», de que todo está fenomenal e que todo o fan marabillosamente lle vai servir en calquera situación. E eu creo que non, porque no pasado pleno na súa intervención o señor Rodríguez despregou xa todos eses datos de porcentaxes de inclusión e de calidade da ensinanza. Pero todo isto é tan relativo... Porque a política debe servir sobre todo para atender as necesidades das persoas e mellorar a súa vida, cousa que vostedes non fan *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* nin pensan na maioría delas.

É certo que cando chegamos ao Goberno —dígoo neste caso por vostedes—, debemos xestionar os recursos que temos da mellor maneira posible para acadar o mellor resultado. Ata aí tamén estou de acordo, mire. É certo que cando desde o Goberno non podemos deixar tampouco a un lado ese principal obxectivo que temos dende a política. Porque, verán, se algunha das xefaturas territoriais ou inspeccións educativas —digo estas dúas institucións, porque dende logo o conselleiro non atende a pais e nais— reciben unha familia porque esta lles está dicindo que este curso a súa filla TEA, por exemplo, non ten especialista PT preferente, ¿alguén lle vai pór como escusa que xa estamos nun noventa e catro por cento de inclusión na Galiza? Non. Se un pai reclama que o seu fillo con dislexia non avanza na comprensión lectora, ¿vai alguén dicirlle que a calidade educativa en Galiza é a mellor de todo o Estado? ¿Vaille servir de algo? Non. ¿Quen lle vai dicir a uns pais que por falta de tempo para desenvolver plans de prevención e estratexias fronte ao acoso escolar, ou fronte a calquera discriminación, a súa filla tivo tentativa de suicidio ou está sendo atendida en psiquiatría? Non, tampouco. As persoas, o alumnado, non son datos, non son entes illados. Eu creo que é mellor escoitar as partes implicadas, que é o que precisamente non fan vostedes.

Por iso no BNG non é que sexamos uns exaltados ou unhas alarmistas; é que as nosas políticas van encamiñadas precisamente ás necesidades xerais das galegas e dos galegos, non a sectores privados que ven no ensino un nicho de negocio. Pero vostedes, dende a Xunta de Galicia, fomentan ese desvío de fondos precisamente a través das súas políticas. Polo tanto, é moi relevante poñer enriba da mesa, para que quede claro dunha vez por todas, que as demandas do persoal docente son a baixada das ratios e a redución do horario lectivo e da burocracia. Estas cuestións redundan non só na mellora das condicións laborais do profesorado, senón especialmente na mellora do sistema educativo galego.

A primeira das medidas é a maior garantía de atención individualizada e da que cada vez maior diversidade existen nas aulas. A segunda implica que o profesorado terá que itinerar entre menos centros e impartir menos materias que non son da súa especialidade, alén de ter máis tempo para titorías tanto co alumnado como coas familias e para coordinarse precisamente e innovar pedagoxicamente. Neste sentido, cómpre lembrar que moito do profesorado, sobre todo de Secundaria e en Bacharelato, atende a trescentos alumnos e alumnas

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nun curso académico. A redución do horario lectivo suporá, por tanto, tamén nesta cuestión unha diminución importante da ratio por docente. Por último, tanto a eliminación da burocracia absurda, que se padece en todas as etapas educativas, o incremento da liberación horaria para que os cargos directivos e outros de coordinación docentes poidan adicarse realmente á xestión dos centros e tamén unhas retribucións xustas para todo o profesorado por igual van ser medidas que, sobre todo, redundan na mellora da calidade da atención educativa directamente.

Atendan, pois, este problema de fronte, con valentía, integridade e poñendo á disposición da educación os recursos existentes onde máis son precisos. Porque na actualidade hai alumnado que está sendo discriminado, sobre todo por contar con menos atención e menos recursos educativos, por non ser posible levar á práctica a normativa que regule a atención á diversidade, onde deixa claro que debe ser unha realidade a prevención, a flexibilidade educativa, a compensación, a coordinación, a colaboración, o control, a comunicación, o seguimento e a avaliación de resultados no avance de cada alumna e alumno afectado. Todo o que un centro docente debe poñer ao dispor do alumnado para que se desenvolva persoalmente e aprenda.

Díganme vostedes, señores do Partido Popular, en que centro poden realizarse todos estes pasos e facer o seguimento dos avances do alumnado como corresponde e marca a normativa actual. En ningún. O persoal docente carece de tempo para poder implementar nas escolas e institutos programas de interese xeral que poden mellorar os resultados académicos, pero tamén a nivel persoal. E toda esta situación podería encauzarse precisamente asumindo as demandas feitas polo profesorado nesta cuestión,

Fagan o seu traballo, séntense a negociar cos representantes dos docentes e escoiten o que estes teñen que dicirlles, que algo saben da situación que se vive dentro dos centros educativos e da frustracións que sente o alumnado e as familias. E cheguen a un acordo útil para toda a sociedade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...que está a pedir a gritos humanizar esta situación e permitir ao persoal docente desenvolver as súas funcións educativas, cun horario que permita realizar todas as tarefas encomendadas nos centros.

Espero que reflexionen e todos os grupos parlamentarios apoien esta moción. Porque co negacionismo de vostedes e co que «todo está ben» e «somos os mellores do Estado español, ¡viva!» non imos avanzar. A verdadeira vangarda está nunha atención individualizada, tendo en conta todo o alumnado e as súas diferentes capacidades. E iso de momento non é unha realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos, sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Moi bo día.

No pleno anterior, e novamente a través desta moción, traemos a esta Cámara un problema de gran gravidade, con moitas implicacións para moitas persoas no noso país; persoas con algún grao de dependencia, mais tamén as súas familias e coidadoras, que están a vivir unha complexa situación.

Poñemos enriba da mesa os datos: as persoas dependentes esperan en Galicia de media trescentos setenta días desde que solicitan o seu recoñecemento como persoas dependentes ata que ven recoñecida a súa condición. Un tempo elevadísimo, moi por riba do que marca a lexislación que recolle que non deben pasar máis de seis meses desde a solicitude, ata que se recoñece a prestación correspondente. Galiza é a cuarta comunidade autónoma cun maior tempo medio de espera para esta valoración, só superada por Canarias, por Andalucía e por Murcia. Das mil dez persoas que abandonaron a lista de espera de resolución de prestación en 2022, o trinta e cinco por cento fixérono como consecuencia do falecemento da persoa e non pola xestión da comunidade autónoma. É dicir, un terzo da redución da lista de agarda é pola morte da persoa en espera e non polas medidas ou actuacións do Goberno galego para reducir estas listaxes.

En 2022, o sistema continuaba sen atender en Galiza 3.271 persoas cunha valoración positiva para accederen ás prestacións, e que non estaban a ser atendidas. Galiza é a autonomía que menos inviste en dependencia. O conxunto dos gobernos autonómicos destinaron en 2022 de media ao financiamento deste servizo o setenta e catro por cento do seu custo total. Porén, a Xunta de Galicia só dedicou o sesenta e cinco por cento. O gasto medio anual por persoa beneficiaria dunha axuda de dependencia situouse en Galicia no pasado exercicio en 6.955 euros. Os números do país só ficaron por riba de Castela e León e de Andalucía, colocándose máis unha vez por baixo da media estatal, que marcou un investimento de 8.135 euros.

A situación é aínda peor se tomamos como referencia o gasto por persoa potencialmente dependente. Galiza atópase á cola do Estado en investimento en servizos sociais. Todos estes datos non son datos do BNG, non son datos desta deputada; son datos do Imserso, do Observatorio da Dependencia, do CES, da AIRef ou da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. Estes mesmos datos fóronlle presentados no pleno anterior á conselleira de Política Social, a máxima responsable da atención á dependencia no Goberno galego. ¿E que tivo para dicir a conselleira? Dous anuncios. Un deles unha vella promesa,

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que se vai publicar o novo Decreto da dependencia. E volveu repenicar o grande anuncio dos bonos incluídos nos orzamentos.

Vella promesa o Decreto da dependencia, porque se ben é unha medida positiva que nós apoiamos, o certo é que se vén dilatando no tempo, sendo motivo de diferentes e de reiteradas promesas nesta Cámara. Un decreto que leva en tramitación desde finais de 2021, que o Consello da Xunta aprobou o seu proxecto en abril do 2023, que en setembro tivo o aprobado final no Consello da Xunta, pero que aínda non apareceu no DOG. E o anuncio do bono de coidados no fogar e do bono residencias, que non son máis que un novo reflexo dun modelo privatizador do Partido Popular. Financiamento para a privada, en vez dunha rede de servizos públicos forte. Paga o Partido Popular parcialmente prazas na residencia privada, no centro de día privado, en empresas de servizo de Axuda no Fogar privadas, porque non hai prazas na pública e porque hai unha lista de agarda de anos para acceder aos servizos aos que teñen recoñecidos por el.

Os anuncios do Partido Popular non resolven en ningún momento a escaseza enorme que existe en Galicia de prazas públicas en servizos esenciais de atención a persoas dependentes, a persoas con discapacidade. De feito, o que podemos ver neste proxecto de orzamentos —agora que estamos co debate dos orzamentos— responde a unha demanda da Valedora do Pobo, incluída nos últimos informes, para tentar paliar a vulneración de dereitos que supoñen as demoras e as listaxes de agarda en materia de dependencia. Pero non se resolve o problema de fondo: a necesidade de despregar unha rede pública forte de servizos, en materia de coidados e benestar, como temos reclamado dende o BNG.

De feito, non hai nin no proxecto de orzamentos que está actualmente en curso nin no dos últimos anos nin un só euro máis para ampliar a rede pública de residencias, de centros de día ou doutros servizos de atención á dependencia. Recursos fundamentais que son claramente insuficientes, tanto para atender a demanda actual como moito menos aínda para poder atender a demanda futura. Pois cómpre lembrar que en Galiza no día de hoxe o trinta por cento da poboación supera os sesenta e cinco anos de idade.

¿E que é o que atopamos, a noticia de hoxe? Galicia é o territorio envellecido con menos prazas en residencias de maiores no Estado. Galicia dispón de 23.195 prazas en residencias de maiores, máis ou menos resulta a 3,3 prazas por cada cen persoas maiores de sesenta e cinco anos. Moi lonxe do límite que indica a Organización Mundial da Saúde de cinco prazas por cada cen persoas. Mais non só iso: tres de cada catro destas prazas son de tipo privado.

Non constrúen residencias e por riba as que lles chegan feitas non tardan nin quince días en eludir a súa xestión. A noticia de onte: «A Xunta cederá a entidades privadas a xestión das residencias pagadas pola Fundación Amancio Ortega.» Fronte a un modelo de drenaxe de diñeiro público á empresa privada, a proposta do BNG é o fortalecemento, é o desenvolvemento do sistema público. Fronte a considerar a dependencia como un nicho de negocio, considerar as persoas dependentes como persoas con dereitos por riba dese lucro económico. *(Aplausos.)*

E isto é o que defendemos a través desta moción. Unha mellora clara nos servizos de atención á dependencia. Primeiro, reforzando os equipos de valoración e orientación da dependencia de xeito real, de xeito efectivo, e que permita garantir o dereito das persoas dependentes a

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

veren recoñecidas as súas prestacións no tempo que indica a lei, un máximo de seis meses. Un reforzo que é necesario e que é urxente, por iso non se pode dilatar máis e agardar a futuras lexislaturas para desenvolver. E, en segundo lugar, reforzando a rede pública de coidados. O coidado das persoas con dependencia non é un ben de consumo para o lucro de empresas amigas nin ten que ser asumidos polas familias, polas mulleres na súa inmensísima maioría. Os coidados teñen que vir garantidos por unha rede pública forte, teñen que estar profesionalizados, teñen que adaptarse a cada persoa e a cada circunstancia para permitir o mellor desenvolvemento posible. De feito, a Lei de dependencia prioriza o acceso a servizos, ao servizo de axuda no fogar, a residencias, a centros de día ou á asistencia persoal fronte a axudas económicas con este obxectivo: co obxectivo de profesionalizar o coidado e garantir unhas maiores cotas de benestar desde os servizos públicos.

Por iso, desde o BNG, cremos que é preciso un cambio de modelo na atención ás persoas maiores e con discapacidade. É preciso un cambio na atención á dependencia. É preciso un modelo que non se sustente na precariedade, que non se sustente na asunción de que esta atención debe ser desenvolvida normalmente polas mulleres da familia dun xeito altruísta. Unha atención que antepoña o benestar e o desenvolvemento das persoas con dependencia por riba do lucro económico duns poucos, dunhas empresas amigas do Partido Popular. Por iso, presentamos esta moción para garantir esa mellora clara nos servizos de atención á dependencia.

De momento máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Evidentemente, compartimos a gran maioría das cuestións. Votaremos a favor. Hai unha cousa que seguramente a todos nos ensinaron cando eramos pequenos os nosos pais e nais, que é que cando nos fan un regalo é da mala educación regalalo, e incluso pode ser nalgunhas ocasións ata un desprezo. Un dos regalos de maior valor económico que recibimos os galegos e galegas a través da Fundación Amancio Ortega foron as máquinas doadas para tratamentos oncolóxicos, en primeiro lugar, e en segundo lugar as sete residencias de maiores públicas das que estamos falando nesta cuestión.

No primeiro caso, o Goberno galego xa recibiu unha dura amoestación por parte do Consello de Contas por este motivo. «*Feijóo cedió a una entidad privada máquinas donadas por Amancio Ortega a la Xunta para el tratamiento del cáncer*» . Ante esta situación, o propio Consello de Contas ditaminou o seguinte: «A súa participación neste contrato non está debidamente xustificada, porque trátase dunha entidade privada que presta servizos de natureza sanitaria en condicións de mercado» E agora, no segundo caso, coas residencias de maiores volve acontecer algo parecido, que nos doan a todos os galegos e galegas un ben público —e, por certo, moi necesario— ¿e o Goberno galego que fai? Renunciar á súa xestión.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Por que renuncian, señorías do Partido Popular, a xestionar as residencias de maiores doadas para todos os galegos e galegas? *(Aplausos.)* ¿É por incompetencia? Pregunto. ¿É por incompetencia ou por desleixo de funcións? Ambas cousas gravísimas. En todo caso, terán que explicarllo á cidadanía, porque o Goberno galego ten que entender que estas residencias non son un regalo que a Fundación de Amancio Ortega fixo para Feijóo, nomeadamente, ou neste caso para Rueda. Foi un acto de xenerosidade para todos os galegos e galegas. Non poden ceder ou renunciar a unha competencia en nome dos galegos e galegas sen ter en conta ao que estamos renunciando nesta cuestión. O que tiñan que facer é directamente xestionar estas residencias por parte da Xunta de Galicia, ademais tendo en conta que non imos sobrados de prazas, co déficit importantísimo de prazas públicas en Galicia, que somos unha das comunidades autónomas peor paradas nesta cuestión.

Non podemos facer peor balance das xestións de políticas sociais desta lexislatura, señorías, por parte do Goberno galego. Isto non é unha opinión, como ben dicía a representante do Bloque Nacionalista Galego. Non é unha opinión, senón que os datos son obxectivos. Así o revelan os datos do Consello Económico e Social, os datos do informe da Valedoría, Observatorio Estatal da Dependencia, o informe de directores e xerentes de Servizos Sociais. E así moitísimas cuestións que nos arroxan datos que nos preocupan moitísimo.

Hoxe estivo aquí a valedora do pobo. O informe da Valedoría un ano máis pon o acento na necesidade de que o Goberno galego solucione os problemas que existen á hora de valorar e outorgar as axudas á dependencia, así como as de discapacidade, que teñen tempos de espera interminables que fan que moita xente, señorías, quede polo camiño. Pon o acento exactamente, e hoxe escoitámolo con atención, nos dereitos humanos e revela, señorías, que duplicamos as queixas nesta lexislatura en materia da Valedoría do Pobo, por queixas á xestión deste goberno galego.

O informe anual do Consello Económico e Social de Galicia especifica que as listas de agarda sobre axudas á dependencia en Galicia son o dobre do que marca a lei, incluso está por riba nalgunhas, nalgúns casos, incumprindo unha vez máis este precepto por parte do Goberno galego pese a anunciar un plan de choque hai tres anos; que para nada serviu, á vista dos datos. Pero é que ademais o Consello Económico e Social desvela que somos das comunidades autónomas que menor porcentaxe de prestacións económicas resolve para as persoas con dependencia. En concreto, tan só un 32,1 por cento, fronte ao 41,3 por cento no conxunto de España. Estamos máis de dez puntos por debaixo. Pero é que ademais somos das comunidades autónomas que menor porcentaxe de prestacións económicas temos para coidados na contorna familiar. Respecto á media estatal, en concreto, só o dezanove por cento en Galicia, mentres a nivel estatal temos o 29,9 por cento.

E veñen agora, señorías do Partido Popular, en precampaña, coas axudas que negaron durante anos ás persoas con dependencia, ¡que vergoña lles tiña que dar! Tendo en conta que Galicia é unha das comunidades autónomas con maior porcentaxe de persoas maiores e con dependencia, estes datos amosan unha incompetencia evidente por parte do Goberno galego, que tiña que ter en conta non só a dispersión e media de idade da poboación, senón tamén a tradición que temos os galegos e galegas na nosa terra de coidar as persoas maiores e dependentes na casa, na familia, cousa que non se reflicte no número de prestacións para os

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

familiares coidadores —por certo, a gran maioría mulleres— que coidan dos seus fillos ou fillas con dependencia ou cunha enfermidade, dos seus pais, nais, sogros ou sogras. Estas familias, señorías do Partido Popular, precisaron dun apoio durante estes últimos anos, que non tiveron por parte do Goberno galego, que lles negou sistematicamente os seus dereitos. Por iso solicitamos e propuxemos dende o Grupo Socialista en moitísimas ocasións un incremento do número e a contía para tantos galegos e galegas que coidaron e coidan dos seus familiares enfermos e con dependencia, así como políticas específicas de corresponsabilidade que compensen o desnivel dos coidados entre homes e mulleres.

E dixeron que non, dixeron que non. Por iso o anuncio que están facendo das axudas económicas aos coidadores familiares é o máis parecido, señorías, ao timo da estampita. Vir agora, en clave de precampaña, ofrecer axudas económicas aos coidadores despois de anos e anos recortándollelas. *(Aplausos.)* Primeiro quitáronllelo para vender que agora llelo dan.

Non se pode vender como un regalo algo que lle pertence á cidadanía por dereito. ¿Cantos galegos e galegas se perderon polo camiño sen poder cobrar unha prestación que lles pertencía por lei? E polos recortes indiscriminados do Partido Popular en materia de dependencia, cifrados e máis de catro mil seiscentos millóns de euros. E aínda parece que lle teñen que dar as persoas, neste caso as persoas con dependencia, as grazas, ou os coidadores dos familiares con dependencia. Grazas por darlles agora en tres meses o que lles quitaron durante anos.

Miren, señorías do Partido Popular, teño expedientes —como terán todos vostedes ou os que nos dedicamos á dependencia ou ás políticas sociais, a traballar sobre este asunto— de oficio do Goberno galego de rebaixa económica por orde do Goberno galego que son en moitos casos durísimos. E un en concreto que lles fixen dar a coñecer, sen datos, por suposto, na pasada comisión é durísimo: uns pais de Ourense cunha filla con parálise cerebral que á súa nai como coidadora lle recortaron a prestación de coidados na contorna familiar, pasando de cobrar catrocentos trinta euros ao mes a cobrar douscentos trece euros ao mes. E poñendo esta nai como coidadora a tempo parcial, impedindo con iso que o Estado pague a súa cotización de xeito completo, por certo, recuperada polo Goberno de Pedro Sánchez que o PP, nas mans de Mariano Rajoy, recortara. Cando fai exactamente esta nai os mesmos coidados ou máis, como saben, para a súa filla, que os nenos cando van crecendo a súa dependencia aínda se pode incrementar máis.

Esta resolución non é de hai catro anos, nin tres, nin dous; é deste ano, de hai uns meses. E, coma esta resolución, moitas que tapan negando os datos que lles pedimos sistematicamente, para non evidenciar que o Goberno galego do Partido Popular é dos que menos gasto autonómico fai para dependencia de toda España, sendo das máis envellecidas do país, o que fixo que a xente se cansase do mal funcionamento da dependencia en Galicia, sendo das comunidades autónomas na que menos solicitudes se piden para dependencia. Quizais porque os galegos e galegas xa están fartos do mal que funcionan en Galicia as axudas á dependencia e prefiren cruzarse de brazos e dicir «éche o que hai». Pero non podemos permitir, señorías, que a cidadanía galega se poida resignar nun asunto vital para os galegos e galegas.

Levan anos negándonos a información que pedimos, como fixeron con datos de persoas falecidas por covid en cada residencia de maiores ata que a xustiza obrigou a que así o

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

fixesen. Ou como fan negando información do número de porcentaxes de pacientes menores de sesenta e cinco anos con patoloxías psiquiátricas que están ingresando a convivir con persoas maiores nas residencias xeriátricas. Ou co número de expedientes de dependencia aos que baixaron a prestación económica para os familiares coidadores nos últimos anos. Como negan tamén a información ás familias con fillos con discapacidade, que están pendentes do tipo de xestión que terá o futuro centro de atención para persoas con discapacidade en Ourense, a única provincia que aínda non ten un centro público destas características. E non se dignan, señorías, dende o Goberno galego, dende a Consellería de Política Social, a recibir estas familias para explicarlles con detalle se a xestión será directa ou derivada, cuestión fundamental para dar certa tranquilidade a pais e nais, aos que o que máis lles preocupa é saber que será dos seus fillos e fillas cando eles falten. Un pouco de empatía e respecto por estas familias pedímoslle por favor ao Goberno galego, que levan anos suplicando información que se lles nega sistematicamente.

E ante este balance en materia de dependencia que fala por si mesmo da falta de compromiso do Goberno galego somos das comunidades autónomas que menos invisten por persoa dependente. Duplicamos, máis que duplicar, os tempos de espera que a lei permite. Somos das comunidades autónomas que menos aportación económica fai en dependencia, das comunidades autónomas que menos solicitudes temos en axudas á dependencia sendo a máis envellecida e somos das que menos axudas económicas de dependencia damos, a comunidade autónoma con menos prazas para as residencias de maiores. Ante todo isto, ¿que fai o Goberno? O Goberno galego, por parte da Consellería de Política Social...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...—e remato, presidente—, o único que fai é escudarse en que hai unha falta de apoio por parte do Goberno de España, que precisamente duplicou os fondos estatais para dependencia respecto ao que facía o Partido Popular. ¡O mundo ao revés! E véñense queixar deste Goberno de Pedro Sánchez que duplica os fondos estatais, que así fai que o Goberno galego teña que poñer menos cartos respecto ao que facía Mariano Rajoy. Se falan mal deste Goberno, ¿que dirán entón do Goberno de Mariano Rajoy, que investía a metade do que está investindo o Goberno de Pedro Sánchez?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: E remato dicindo que para resarcir o posible dano electoral queren darlles ás persoas con dependencia a meses das eleccións o que lles quitaron durante anos. ¡Xestionen directamente o CAP de Ourense! ¡Xestionen de xeito directo as residencias doadas pola Fundación de Amancio Ortega! E deixen de enganar as persoas con dependencia pretendendo devolverlles en tres meses o que lles quitaron durante anos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: Como dixo a valedora, tócanos traballar cun enfoque de dereitos humanos e vostedes.... *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega. Terminou o tempo.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Benvida, señora Rodil.

Señora Carreira, a verdade é que o considero a vostede unha persoa sería, unha persoa responsable. Por iso me estrañou que non retirase esta iniciativa. Máis tendo en conta as noticias que tivemos nas últimas semanas e concretamente a semana pasada.

Mire, vostede falaba da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. Pois ben, o pasado xoves facían público un comunicado no que se poñía de relevo que Galicia e Aragón son as dúas únicas comunidades do Estado que están cumprindo o obxectivo estatal de reducir a lista de agarda de dependencia. Ademais, dicía tamén que Galicia é a terceira comunidade na que máis aumentaron as persoas atendidas, un 7,22 por cento. Galicia é tamén a terceira comunidade do Estado na que máis dependentes atenden unha vez valorados. E Galicia está por riba da media do Estado na atención á dependencia, na intensidade media de horas de axuda a domicilio, nas prazas de centros de día para maiores e outros datos que reflicte este informe. É o informe que fai referencia a todo o ano 2022. ¿Por favor, un pouco de seriedade.

Como vexo que igual non leron este informe, eu voullo deixar aquí ao presidente para que llo poidan achegar. Porque, miren, a única realidade é que cando gobernaba o PSOE e o Partido do Bloque Nacionalista Galego no Bipartito o número de dependentes atendidos era de quince mil. Hoxe multiplicámolo por cinco, máis de setenta e cinco mil persoas dependentes atendidas neste momento co Goberno de Alfonso Rueda. No Goberno bipartito, tan só quince mil.

Mire, o Goberno de Alfonso Rueda tamén na dependencia está facendo as cousas con sentidiño e con éxito. Pero aínda sendo dos mellores de España non nos damos por conformes, claro que non, porque o noso obxectivo non é ser os mellores. O noso obxectivo é acabar coas listas de agarda en dependencia, é poder valorar e atender todos os dependentes. Ese é o noso obxectivo. *(Aplausos.)* O obxectivo que se reflicte nos orzamentos da Xunta, que este ano subiron un doce por cento para políticas sociais. Un doce por cento que significa que temos tres veces máis orzamentos para políticas sociais do que tiñan vostedes no Bipartito. Pero é que só para a atención aos maiores e as políticas sociosanitarias temos máis do que tiñan vostedes para toda a consellería. Esa é a realidade. Pero, ¿de que veñen falar vostedes aquí? ¿De que vén falar aquí, señora Ortega?

E queremos seguir traballando nesta liña, queremos seguilo facendo. Por iso, como galega paréceme indignante que un socialista galego, un socialista que di que quere ser o presidente de todos os galegos se dedique a negociar quince mil millóns, que cos intereses xa son de-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

zaseis mil millóns, para pagarlles unha débeda aos cataláns que teñen pola súa mala xestión, porque son dos que peor atenden a dependencia. Ímoslles pagar esa débeda aos cataláns, catrocentos euros cada español. ¿Sabe canto suporía para atender, por exemplo, a axuda no fogar? Cento quince anos, tres anos para a sanidade galega e trescentas corenta e cinco mil vivendas de protección pública para Galicia. Iso é o que o seu candidato lles está regalando aos cataláns en detrimento dos galegos dos que quere ser o seu presidente. *(Aplausos.)*

Pero miren, case máis lamentable é a actitude do Bloque Nacionalista Galego. A señora Pontón exhibía onte toda ufana un acordo que resulta que non é máis que o acordo de Ana e Adriana versión reducida, porque o de Ana e Adriana cumpriuse cero. E neste, que é máis pequeniño —porque, por exemplo, a transferencia da AP-9 xa nin consta— volve constar o traspaso do cincuenta por cento da Lei de dependencia. Porque, señora Ortega, é moi fácil poñer que se vai dar moito cando despois non se paga. Iso é moi fácil. Claro, dende o Bloque tan ufanos con este novo acordo, señores. Un acordo que hai catro anos non lles concederon nada do que asinaron. Hoxe vólveno asinar, pero non se dan conta que, como dicía o meu compañeiro, están facendo tratos cuns señor que pasa nas redes facendo e xogando a trato ou truco?

Mire, se de verdade queren facer un trato aproben os orzamentos da Xunta de Galicia. Porque eses orzamentos vanse cumprir e desa maneira si se vai axudar as galegas e aos galegos. Sinceramente, unha de dúas: ou a señora Pontón é unha inocente sen remedio ou nos está tomando o pelo a todos os galegos. Nin unha nin outra cousa me parece nada boa. Como dicía, se vostedes queren de verdade aos galegos, se vostedes queren un trato que se cumpre, un trato no que o que se di, faise, aproben os orzamentos. Uns orzamentos que van cara á universalización dos coidados das persoas con dependencia. Si, señora Ortega, cinco mil euros para os maiores que son atendidos nas súas casas e mil douscentos euros para o bono de residencia, porque o noso obxectivo é que cada galego queira pasar os seus últimos días onde el o decida, non onde o Goberno o decida ou onde un partido lles di. Un carné +65 para máis de setecentos mil galegos maiores de sesenta e cinco anos, que terán desta maneira axudas en distintos servizos e en distintos bens.

E paralelamente seguiremos traballando na axuda no fogar. Seguiremos traballando tamén para as casas do maior, para levar estes servizos porta a porta e para todos os servizos, os centros de día, todos os servizos cos que Galicia se está convertendo na comunidade onde vivir é mellor.

E dicían vostedes que seguimos con problemas na valoración de dependencia. E nós xa o dicimos. Aínda que somos das dúas únicas comunidades que están reducindo a lista de agarda en dependencia de toda España, queremos eliminala. Por iso o pasado xoves no Consello da Xunta —señora Carreira, por iso eu lle dicía eu que como non retira esta iniciativa, que xa se está facendo o que vostede pide—, aprobábase unha modificación da RPT da Consellería de Política Social que vai facer que vinte e oito persoas traballen a maiores nos equipos de valoración tanto da dependencia como tamén da discapacidade.

En setembro aprobábase ese novo decreto de dependencia, un decreto ao que vostedes non lle dan moita importancia, pero que é o maior cambio lexislativo na dependencia dende o

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ano 2006. O obxectivo é simplificar os trámites para que a quen solicita lle sexa máis fácil, de doce papeis pasamos simplemente a dous, e tamén que se poida conceder con máis rapidez, que vaia ao mesmo tempo a PIA e o grao de dependencia. Que se non podemos ter un servizo que pedimos nos dean mentres a posibilidade de ter outro, que mentres non temos o servizo nos dean unha axuda económica... Todas esas cousas van ser e son as que regulan o novo decreto de dependencia. Porque, señores, o noso obxectivo real, non sobre o papel, é axudar as persoas e especialmente aquelas que máis o necesitan. *(Aplausos.)*

Da señora Pontón ultimamente sabemos bastante cousas pola prensa e moi poucas no Parlamento. Pois ben, unha desas cousas que dicía na prensa era: «Temos unha débeda pendente. Hai que configurar un auténtico sistema galego de benestar que poña a atención ás persoas no seu contorno como prioridade». Iso dicía hai uns días e, por unha vez, teño que recoñecer que estou de acordo coa señora Pontón. Absolutamente de acordo. Porque o PSOE e o BNG ¡menuda débeda teñen cos maiores de Galicia!; ¡menuda débeda teñen coas políticas sociais! Datos, simplemente datos. Dependentes atendidos: con vostedes, co PSOE e co BNG, quince mil; nós multiplicamos por cinco. Residencias. Prazas sostidas con fondos públicos: vostedes, cinco mil cincocentos; nós, multiplicamos por tres, ata quince mil. Casas do maior: vostedes, cero; nós, cento catro. SAF: multiplicamos por sete o número de persoas atendidas.

Señora Ortega, o seu si era incompetencia. ¡Si era incompetencia! Están a falar vostedes de privatización... Vamos, é que calquera dos dous —que van xuntos sempre— están para falar de privatización... Privatización cando gobernaba o Bipartito en prazas de residencias: o setenta por cento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* «¡Ai, é que diso hai moitos anos!» Privatización na Deputación de Lugo nas súas residencias: cen por cento. Van mellorando, señorías, vostedes si que van mellorando. E, por certo, os familiares do CAPD de Ourense si son recibidos polo Goberno galego.

En fin, alá vostedes. Sabemos que a coherencia non é unha cualidade que sexa atribuíble nin ao PSOE nin ao Bloque. Pero, de verdade, cando estamos a falar dos nosos maiores, das persoas que máis o necesitan, un pouco de seriedade. Por favor, póñanse a traballar, reclamen o cincuenta por cento que nos debe o Goberno do Estado para a Lei de dependencia. Pensen máis en Galicia e menos nos independentistas e menos no seu sillón.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción. Señora Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Señora Arias, dicía vostede que eu son unha persoa seria e rigorosa. Hai outra cuestión que me gustaría engadir: son critica. O que procuro é analizar os datos máis alá desa fachada de propaganda. O que procuro é buscar os datos completos a respecto de cal é a situación da dependencia no noso país. Todos os datos que lle dei non son datos que eu sacase da manga,

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que hoxe por inspiración divina se me ocorrese recitar uns números. *(Aplausos.)* Son datos reflectidos en informes oficiais. Son datos do Imserso, son datos do Consello Económico e Social de Galiza, son datos do Observatorio da Dependencia. *(Aplausos.)* Negar eses datos e quedar só coa parte máis positiva deles ou que lles pon a vostedes ese laciño, iso si que é ser pouco rigorosos e pouco serios.

Porque do que estamos a falar aquí... Sei que hai veces que é abrumador escoitar números e cifras, porque moitas veces é moi difícil imaxinar do que estamos a falar. Estamos a falar de persoas reais, de persoas que teñen nomes e apelidos, de persoas que teñen unha familia que está asumindo os coidados, en moitos casos por incompetencia dun Goberno na Xunta de Galiza. *(Aplausos.)* Estamos a falar de persoas que tardan o dobre do tempo que teñen fixado por lei para veren garantidos os seus dereitos. Ou sexa, estamos falando dun Goberno que incumpre a lei. Cando existe un tempo máximo para recoñecer as prestacións que teñen garantidas as persoas dependentes de seis meses e vostedes están cunha media —co que implica unha media aritmética— de trescentos setenta días para recoñeceren a súa condición de dependentes, están incumprindo a lei.

E nós, mentres que siga habendo unha persoa á que non se lle garanten os seus dereitos, imos seguir traendo este tipo de iniciativas a esta Cámara; non as imos retirar. Porque non nos valen anuncios de medias verdades feitos tanto nas comparecencias de orzamentos como no Consello da Xunta. Porque nós o que queremos son feitos, feitos que non levan facendo de xeito reiterado nos últimos catorce anos. Porque agora vostede enumera todas as bondades que tivo o Partido Popular nestes catorce anos na Xunta de Galiza, pero ¿cantas residencias públicas se construíron por parte do Partido Popular na Xunta de Galiza? ¿Cantas prazas novas en residencias públicas hai grazas ao Partido Popular na Xunta de Galiza? Porque nin sequera cando llelas dan feitas —como pasou coa residencia do Castiñeiriño, feita pola Fundación Amancio Ortega— son capaces de asumiren a súa xestión, senón que tardan quince días en anunciar que vai ser licitada para externalizar a súa xestión. Ou sexa, que un pouco de vergoña e un pouco de autocrítica, que ás veces vén ben. *(Aplausos.)* Ás veces vén ben, sobre todo cando estamos a falar dun tema tan serio e tan sensible. *(Aplausos.)*

E ademais vén botarnos en cara que seica estamos moi ufanos co acordo de investidura que asinou o BNG co Partido Socialista. Non é que nós esteamos moi ufanos, ¡é que vostedes están realmente molestos e cabreados con ese acordo! *(Aplausos.)* Están molestos e cabreados, porque non paran de falar del. Falan máis vostedes ca nós. E están molestos porque non foron capaces nestes anos de conseguir o mínimo dos compromisos que si conseguiu o Bloque Nacionalista Galego. Porque a vostedes encántalles enumerar cantos deputados, canto senadores ten o Partido Popular en Madrid... Deputados que despois non exercen como tal e que vemos que nos ningunean de xeito constante. *(Aplausos.)*

E díxenllo hai escasos días nun debate que tivemos na Comisión 5ª a respecto do ingreso mínimo vital: nós imos demandarlle ao Goberno do Estado que achegue ese cincuenta por cento que ten que poñer enriba da mesa para a financiación da Lei de dependencia. Ímosllo exixir. Xa llo exiximos antes. Pero tamén lle imos exixir ao seu Goberno que exerza como tal. E de todas as formas a nós o que non nos vale é exixir agora simplemente para confrontar. Subirse a un carro da confrontación, de pedir o traspaso do ingreso mínimo vital, pedir

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

este financiamento da Lei de dependencia simplemente como unha arma de confrontación. Nós pedímolo porque cremos que é urxente e necesario, do mesmo xeito que é urxente e necesario que vostedes actúen para realmente atender estas persoas con dependencia.

E, xa para rematar —así a modo de brincadeira—, viña vostede criticar que saben máis da señora Ana Pontón pola prensa que non polo Parlamento. É gracioso que veña esta afirmación por parte do Grupo Popular, porque a nós non nos pasa o mesmo co Goberno da Xunta de Galiza, que sabemos máis de que están obrigados a dar contas no Parlamento da súa actividade que pola prensa. Por exemplo, cando vulneran constantemente esta Cámara negando o dereito á información, tanto destas deputadas como do resto da cidadanía. *(Aplausos.)*

E para rematar xa, presidente. Nós o que pedimos nesta moción e no que insistimos é en que cómpre cambiar o modelo de atención ás persoas dependentes. Cómpre reforzar o sistema público de atención ás persoas con dependencia, en lugar de seguilas utilizando para desviar cartos a empresas amigas e financiar empresas privadas, porque isto non pode seguir así. E remato agradecendo o apoio do Grupo Socialista á moción.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Suspendemos a sesión ata as catro da tarde, dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e seis minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, co punto terceiro, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, á que non se presentaron emendas, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Na interpelación que lle formulabamos ao conselleiro de Facenda no anterior pleno poñiamos de manifesto dúas cuestións: que dende 2009, é dicir, en catorce anos, a débeda da Xunta de Galicia se multiplicou por 2,5, pasando de 4.859 millóns de euros a 12.333 millóns de euros, que é o segundo peor dato de toda a serie histórica, que nos coloca como a sétima con maior débeda por volume de todas as comunidades autónomas, e que, se miramos respecto ao mesmo trimestre do ano 2022, é dicir, só nun ano, debemos 509 millóns de euros máis.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se facemos a comparativa en débeda per cápita, pasamos de deber 1.752 euros por cada galego ou galega a deber 4.565 euros, e, se miramos a débeda en porcentaxe por PIB, pois pasamos do 8,60 por cento ao 16,70 por cento, é dicir, o dobre.

Xa que logo, mire por onde se mire, ou como se mire, temos un incremento moi importante da débeda no noso país dende 2009, o que supón que para o exercicio 2024, tal como está posto no proxecto de orzamentos para 2024, os gastos de amortización máis os gastos financeiros van supoñer 1.511 millóns de euros, un 10,2 por cento do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia.

Pois ben, tal e como lle manifestabamos ao señor Corgos na nosa interpelación, os socialistas non estamos en contra dun endebedamento axustado. Sabemos que é necesario para poder facer fronte ás competencias da Comunidade, expresado nos seus orzamentos, e atender ás necesidades do noso territorio. O problema xorde —e de aí a nosa interpelación e esta moción— cando o Partido Popular, dende que goberna na Xunta de Galicia, ademais de endebedarnos máis, multiplicando por 2,5 a débeda recollida do Goberno de Emilio Pérez Touriño, Galicia non vai mellor, amosando que o Partido Popular na Xunta de Galicia empregou a publicidade e a propaganda como cortina de fume para tapar a súa nefasta xestión das contas públicas. Un endebedamento que nin valeu para soster as contas públicas nin para mellorar a vida dos galegos e das galegas, que ven como se recortan e precarizan os servizos públicos.

O pasado 31 de outubro o INE publicou o indicador multidimensional de calidade de vida correspondente ao ano 2022, concluíndo que Galicia está no ránking de comunidades con peor calidade de vida, en concreto a terceira empezando pola cola, ou, se queren, a décimo quinta das dezasete comunidades autónomas.

É un indicador que mide nove variables en condicións materiais de vida: traballo, saúde, educación, ocio, relacións sociais, seguridade física e persoal, gobernanza e dereitos básicos, contorno e medio ambiente e experiencia xeral na vida. Co que podemos concluír que a Xunta de Galicia non aplicou os recursos ao seu alcance para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

Este endebedamento de 12.333 millóns de euros tampouco valeu para executar os investimentos proxectados nos orzamentos da Xunta de Galicia. Algúns deles veñen aparecendo dende hai unha década cunha execución de cero euros.

Voulles poñer algún exemplo, cando ademais se trata de infraestruturas absolutamente necesarias para a vertebración territorial da nosa Comunidade e loitar contra a sangría demográfica que estamos a padecer. Por exemplo, a variante de Carballo. ¿Cantos anos leva aparecendo nos distintos orzamentos? ¿E que ten feito a Xunta de Galicia durante estes anos? Cero, nada. Se o PP seguira gobernando na Xunta de Galicia, ¿que ía facer con eses 500.000 euros que orzou para 2024? Pois xa llelo digo eu: máis do mesmo: nada.

VAC costa norte, anunciada en 2001 por Cuíña, da que os únicos tramos postos en funcionamento xa foran licitados polo Goberno Touriño, a variante de Ortigueira e a de Xove; exe-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cutados polo Partido Popular, cero. Pero non se preocupen, que será novamente un goberno, encabezado por José Ramón Gómez Besteiro, quen retome este investimento e execute o seu orzamento. *(Aplausos.)*

Se seguiran vostedes, se seguira o Partido Popular, a execución seguiría sendo o mesmo: nada. O mesmo ocorre coa VAC Baio-Berdoias, unha promesa do axitador das rúas, o señor Feijóo, en 2016, e oito anos despois, nada. ¿Pensan iniciar en 2024 a execución con 2 millóns que consignan novamente nos orzamentos? Non se preocupen, xa llelo digo eu: seremos os socialistas os que cumpramos este compromiso con este territorio.

Se falamos de acceso ao porto seco de Monforte, que cada ano orzan unha contía distinta, o que si é igual é a execución: cero euros.

O Plan Paradai, para o que, vinte e tres anos despois da sinatura do convenio de colaboración para a súa execución, consignan para 2024 500.000 euros, para seguir coa mesma execución: cero.

A rolda leste de Lugo, para a que se consignaron 5 millóns de euros como anuncio electoral, pero, para executar, nada.

O ecobarrio de Ourense, un proxecto que vendeu Feijóo a bombo e prato, e do que só executaron o 4 por cento dos 20 millóns de euros prometidos. Ou o Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade en Ourense, polo que sete anos despois as familias aínda seguen esperando. Ou o hotel balneario en Ourense, unha promesa electoral de Feijóo en 2016, iso si, tres meses antes das eleccións autonómicas, e que nin tan sequera aparece nos orzamentos.

Ou o IES de Navia en Vigo, unha promesa novamente incumprida. A dragaxe do río Lérez, anunciada por Feijóo e agora por Rueda dende o ano 2011, e que xa nin aparece nos orzamentos. A ampliación do polígono industrial do Campiño, en Pontevedra, previsto para antes de 2014 e que case dez anos despois segue sen desenvolverse e tampouco aparece nos orzamentos. Ou o polígono industrial da Fragamoreira, en Poio, tamén un compromiso de 2013 e que segue á espera.

E podería seguir, investimentos tras investimentos, reiteradamente prometidos e nada executados, e cos que ano tras ano enganan a cidadanía coa súa inclusión nos orzamentos da Xunta de Galicia, pero sen ningunha intención de executalos, nin tan sequera de inicialos.

Só é esa propaganda que tan ben lles vai e tan ben saben facer, dese facer que fan para non facer nada. Unha clara falla de aposta por un dos eixes marcados por Europa e contidos no Plan de recuperación, transformación e resiliencia: a vertebración territorial e o reto demográfico.

Eu daquela volvo preguntarlles: ¿para que teñen incrementado tanto a débeda na nosa Comunidade?

Na nosa moción, no punto número 1, pedímoslles elaborar un documento no que se explique cales foron as razóns polas que se incrementou a débeda pública dende 2009 e en que se materializou ese incremento. Supoño que nos votarán a favor.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero miren, señores e señoras do Partido Popular, non se preocupen, porque volta ser un goberno socialista, encabezado por Pedro Sánchez, quen atende ás necesidades das comunidades autónomas, que tras un acordo beneficioso, no que participou activamente o noso candidato José Ramón Gómez Besteiro, quen vai liderar o Goberno da Xunta de Galicia en moi pouco tempo, un acordo polo que se tramitará unha modificación legal de alcance xeral, para todas as comunidades autónomas de réxime común, que permita a asunción por parte do Estado de parte da débeda autonómica con este, podendo tamén acudirse a transferencias para a cancelación da débeda, no caso de endebedamento con terceiros distintos do Estado, en caso de ser necesario.

Xa que logo, a Xunta de Galicia debera estar traballando xa para que, en canto se constitúa o novo Goberno do Estado e Pedro Sánchez sexa investido novamente presidente de España, teña preparado todo para acordar esa condonación, para sanear a situación financeira da nosa Comunidade, e beneficiar a todos os galegos e a todas as galegas. E díganlle ao señor presidente que traballen no canto de axitar as rúas e de rebelarse.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Ben, eu quería apuntar sobre este debate que ten dúas vertentes: por unha banda, a responsabilidade do Partido Popular, tanto desde a Xunta de Galiza como en termos históricos no ámbito do Estado ao longo dos gobernos do Partido Popular, como tamén hai unha parte do contexto actual.

E eu quería poñer o acento en que a débeda é probablemente un dos problemas económicos máis importantes que ten Galiza no curto e no longo prazo. E hai dous responsables: hai unha responsabilidade absolutamente directa do Partido Popular por partida dobre, desde Galiza e desde o Estado, e hai unha responsabilidade nun marco que é absolutamente centralista.

Nestes días, nas últimas horas especialmente, vemos que o Partido Popular está especialmente nervioso, e especialmente nervioso co tema da débeda, e entón eu vou intentar poñer algunhas cuestións en contexto antes de que eles limiten o debate a que *España se rompe y es todo un drama*.

Entón, primeiro, quería falar do marco centralista, inxusto, que hai que denunciar e que é importante sinalar, porque é responsable de moitas das limitacións que ten Galiza en canto ao seu autogoberno económico e financeiro.

Primeiro, un marco inxusto no sistema de financiamento. Aí hai que dicir que o Partido Popular ten unha responsabilidade directa. Foi o señor Núñez Feijóo quen firmou da súa letra

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e puño o sistema de financiamento vixente, que aínda non se reformou. E, en segundo lugar, hai un marco de repartición inxusta da débeda e da capacidade de financiamento das administracións públicas, da que son responsables os partidos estatais, tanto o Partido Popular como o Partido Socialista.

Así, hai que dicir, cando falamos das finanzas públicas e dos recursos que se empregan, que o Estado na anterior crise, na crise financeira do ano 2008 en diante, asumiu para si máis capacidade de endebedamento e de gasto do que as comunidades autónomas ou as entidades locais, e iso é absolutamente inxusto, porque é un límite ao noso autogoberno e porque ademais é absolutamente inxusto, porque somos nós —é a Comunidade— quen ten que financiar servizos públicos esenciais, como a sanidade, como a política social ou como o ensino.

Polo tanto, hai unha responsabilidade aí da axenda dos partidos estatais, que permitiron que isto fose así e que volva ser, porque vai ser a partir de 2004 a mesma cuestión, e ademais co silencio absoluto da Xunta de Galiza, que non só non cuestiona que non se prorrogue o mecanismo excepcional que permite incorrer en déficit senón que aplaude esta decisión.

Isto quere dicir que para 2024, mentres o Estado se permite un 3,2 por cento, nós teremos un 0 por cento, impoñendo así unha axenda absolutamente neoliberal, como xa se fixo no pasado. E, por certo, ademais isto fíxose reformando ese texto que lles gusta tanto a vostedes da sacrosanta Constitución española, da que nunca se pode discutir, debater, non se pode volver someter a referendo, non se pode modificar, menos cando hai que facelo nunha noite de paixón —creo que era en 2011 ou en 2012 *(Aplausos.)*—, na que o Partido Popular e o Partido Socialista pactaron que o concepto de estabilidade orzamentaria e o pago da débeda pública fose o primeiro a pagar fronte a calquera outro gasto do Estado nos seus orzamentos xerais, sen emenda ou modificación posible. ¡O máis demócrata do mundo: a débeda primeiro, os bancos primeiro e as persoas despois!

Daquela non se rompeu, milagrosamente, España. Non se rompeu España, pero empezaron a romperse outras cousas, que son dereitos, dereitos da cidadanía a ter uns servizos públicos dignos e de calidade, porque se antepuxo o pago ás entidades bancarias, tamén rescatadas do propio Estado, fronte a garantir os dereitos e o benestar.

En segundo lugar, hai que dicir que, ademais dun marco centralista, inxusto, despois está o Partido Popular para empeorar a vida dos galegos e galegas coas súas decisións desde o ano 2009 e hipotecar o futuro das próximas xeracións.

Fálase moito ultimamente de eleccións, da data das eleccións galegas, iso só hai unha persoa neste país que sabe cando van ser, pero hai algo que está claro: de aquí a 2040, que é ata cando nos ten o Partido Popular hipotecados se sumamos débeda pura e colaboracións público-privadas, estima o Consello de Contas en máis de 18.000 millóns de euros aos galegos e galegas. De aquí ao 2040 imos ter cinco convocatorias electorais galegas. Iso quere dicir que os próximos cinco gobernos, estean liderados por quen estean —eu aspiro a que polo Bloque Nacionalista Galego—, van estar hipotecados os galegos e galegas polas decisións que foi tomando o Partido Popular, que triplicou a débeda deste país.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E triplicou a débeda deste país, ademais, non sabemos moi ben para que, porque podemos facer un repaso. Hoxe pola mañá repasabamos eses 40.000 empregos industriais destruídos, pero podemos ver outros moitos aspectos. Podemos ver eses máis de 2.000 millóns de euros que deixaron de investir en atención primaria, e que explica en boa parte por que hoxe a atención primaria deste país está en crise. Podemos falar desas residencias públicas xestionadas directamente con fondos públicos que construíron nestes anos, que é exactamente a contía de cero. Ou podemos falar, por exemplo, de como neste momento está aumentando algún indicador preocupante, como a pobreza material severa. Ou podemos falar, por exemplo, de como non apostan polos servizos públicos.

Hoxe á mañá debatíase do ensino público, de como son das últimas comunidades que se negan —a última nalgún caso— a reverter recortes nese ámbito aplicados na anterior crise económica. Ou podemos falar tamén do informe do Consello de Contas, que hai uns anos establecía que entre 2014 e 2019 vostedes eliminaron 2.000 postos de traballo do ensino secundario.

Poderiamos seguir dando datos e datos, pero a cuestión é que este país triplicou a súa débeda pública, a débeda pura está en termos históricos, a segunda cifra máis alta da nosa historia, e desde logo iso é unha hipoteca a longo prazo. E, ademais, é unha hipoteca pese á publicidade e propaganda coa que acompañan estes orzamentos da Xunta, porque agora andan coa nova falacia do Partido Popular da débeda cero. Din vostedes agora que contraen débeda cero. É absolutamente falso. A débeda cero que lle chaman vostedes son estes orzamentos, en realidade 189 millóns de euros, un aumento dos xuros da débeda dun 71,5 por cento.

Por non falar da débeda xeral. Debemos máis de 4.000 euros por habitante. E, se miramos o orzamento por seccións, é que a débeda é a terceira consellaría deste país, despois de Sanidade e Ensino. No que máis gastan é en débeda. Vale máis o que gastan vostedes en débeda nun orzamento que o total da Consellería de Política Social. Esa é a realidade que nos deixa o Partido Popular. *(Aplausos.)* Cuadriplican a sección de Medio Ambiente, gastan máis en débeda que por exemplo o dobre das seccións como Medio Rural ou Infraestruturas, etc., etc.

As previsións da Xunta xa foron superadas, aumentou a contía, aumentou o peso porcentual, non deixou de medrar en termos absolutos e por habitante. Ben, esta é a débeda cero da que presume o Partido Popular, que se consola única e exclusivamente dicindo que hai xente que está peor. Ese será o consolo que sempre lle quedará ao peor Goberno que temos na nosa historia.

E así as cousas, xa despois de moitas análises tamén do propio Consello de Contas, que advirte cada conta xeral que hipotecan as finanzas públicas, que supón un risco para a saúde económico-financeira da Comunidade Autónoma, etc., etc., pois chegamos ao presente, chegamos ao presente nun momento no que neste parlamento deberiamos estar de celebración, e deberían estar celebrando ademais o Partido Popular, que estaba terriblemente preocupado por se a negociación política con algunha parte do Estado español prexudicaba o noso país. Deberían estar vostedes contentos, porque, ademais, non hai tanto, no propio debate do estado da Nación, por unanimidade, aprobábase unha proposta de resolución a favor de negociar unha saída se iso se daba. E miren, deberan de estar de celebración e de noraboa,

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque, aínda que o Partido Popular e o presidente da Xunta non fai o seu traballo, cada vez ten menos peso político no Estado e non negocia polo noso país, afortunadamente hai quen o fixo, e o peso do Bloque Nacionalista Galego fai que nestes momentos este país teña unha preocupación financeira menos e saiba que vai ter un trato xusto. *(Aplausos.)*

E parécelles pouco, parécelles pouco, señores do Partido Popular, e están tristes porque van ter unha cousa menos coa que facer campaña electoral, van ter un argumento menos para exonerar responsabilidade propia nas finanzas deste país. Van ter aí unha cousa menos diso que tanto lles gusta a vostedes, de canto peor mellor. Eu sinto que estean decepcionados, sinto que lles pareza pouco, pero se queren que haxa máis, pois xa lles dixen pola mañá o que tiñan que facer: reflexionen o seu voto nas próximas eleccións galegas e voten BNG.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas

Grupo Parlamentario Popular, señora Murillo.

A señora MURILLO SOLÍS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

¡Que difícil é estar na oposición! ¿Débeda si ou débeda non?, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿débeda si ou débeda non? Esta é a realidade. En fin, cando non hai moito que dicir, pois vénse aquí e cóntanse cousas que non son realidade, que non son verdade, unha falsidade detrás doutra, unha visión do país diferente á que é a realidade, e imos para a casa todos tan contentos. Esta non é a realidade do país, os resultados das eleccións vense cada lexislatura.

A interpelación no pasado pleno ao conselleiro de Facenda, hai quince días, que é a orixe desta moción, pivotou sobre tres eixos: primeiro, o porqué do incremento da débeda pública en Galicia, a xestión desa débeda e o destino dese endebedamento.

Pretende vostede, señora Rumbo —porque hoxe non falaron realmente dos seis puntos que traen na súa moción, falou do que quixo realmente, espero e agardo que o faga na segunda intervención—, evidentemente que no primeiro punto se lle explique novamente e detalladamente o que xa fixo o conselleiro na pasada intervención. Eu voulle dar dous ou tres datos, porque penso que ou non escoitou ben o que dixo o conselleiro ou vostede ten interese en trabucar absolutamente todo o que é a realidade do país.

En todo caso, suxírolle que analice partida a partida os orzamentos xa executados para ter conclusións máis precisas sobre o destino final do gasto, que é un traballo laborioso, pero é para o que nós estamos aquí.

A pesar de que tanto vostede como o Bloque Nacionalista Galego, e lembro agora mesmo tamén o deputado de En Marea o señor Lago Peñas, aconsellaron e trataron de impulsar un

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

incremento da débeda nas nosas contas, sempre, sempre, sen importarlles nunca o déficit, que o déficit fose a norma, parece que agora cambian o discurso. Non é doado saber realmente o que queren. Pois ben, Galicia vive nunha estabilidade e tranquilidade orzamentaria na previsión e na planificación do presente, para non ter sobresaltos no futuro.

As razóns polas que se incrementou a débeda pública dende 2009, como son de todos coñecidas, foron por dúas crises importantes: a de 2009, económica e principalmente causada por un goberno do Partido Socialista, do que foi nefasta a súa xestión; e a segunda, poscovid, que foi eminentemente sanitaria, polo que pouca explicación máis precisaría vostede se realmente a súa pregunta fose inocente, xa que, como vostede ben coñece, o recurso á débeda ten o seu sentido, ten a súa xustificación en momentos de crise, nos que é preciso dar un pulo á actividade económica, para así, cando veñan mal dadas, ter capacidade de marxe para respostar económica e financeiramente aos problemas.

Pero, se non fora suficiente, voulle dar algún dato. A Administración xeral do Estado incrementou a súa débeda en 300.000 millóns de euros, un 30 por cento máis, desde 2019. No eido das comunidades autónomas, incrementaron a débeda en 32.000 millóns de euros, un 11 por cento. A diferenza entre o Estado e as comunidades autónomas é evidente, pero recorrer ao endebedamento das administracións neste período para solventar a crise foi a norma.

En todo caso, o incremento da débeda dende o ano 2009 ata hoxe reflicte que Galicia foi a comunidade autónoma que menos se endebedou neste período —vou amosarlle o gráfico *(A señora Murillo Solís mostra un documento.)*—. Esta é a realidade *(Aplausos.)*. Isto é Galicia.

En termos de ratio/PIB, as comunidades autónomas, polo xeral, están a reducir os seus índices de endebedamento, ata situarse nun nivel de 23,2 por cento, mentres que Galicia está nun 16,2 por cento; evidentemente, 6,5 puntos por debaixo da media. Este dato tamén é importante.

E, finalmente, e tomando como referencia o dato da débeda en función da poboación, en 2009 Galicia era a sexta comunidade máis endebedada per cápita, sendo actualmente a décimo terceira, a cuarta menos endebedada do país, por cidadán, de todas as comunidades autónomas.

Polo tanto, todos os indicadores apuntan á boa xestión dos nosos gobernantes, os da Xunta, os do PP.

Non ser rescatados por non estar endebedados, señora Rumbo, permitiu a Galicia gozar de autonomía financeira e optar a créditos a tipo cero, o que permitiu pagar menos xuros e, por conseguinte, aplicar esas cantidades a políticas educativas, sociais e sanitarias, así como a pagar de xeito áxil e rápido a provedores e ás familias, algo moi importante sobre todo en momentos de dificultade.

Cando o seu grupo e os demais da oposición demandaban que nos endebedaramos moito máis, non analizaron as consecuencias a futuro. Hoxe, por non facerlles caso, destinamos unha cantidade a pago de xuros moi inferior ao resto das comunidades autónomas, cumprindo coas nosas obrigas puntualmente.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Entenda a señora Rumbo que, despois de cumprir e de gastar e investir o que tiñamos os galegos, que teñamos agora que asumir a débeda de Cataluña, simplemente porque o seu presidente Sánchez quere seguir na Moncloa, é inxusto, é lamentable, é inaudito e atenta contra o principio de solidariedade, que preside o noso sistema de financiamento autonómico. *(Aplausos.)* É doloroso escoitar dunha galega que se baixan impostos en Galicia para beneficiar os ricos, mentres que esa mesma galega fai mutis polo foro cando a Cataluña lle permitirán gastar 15.000 millóns de euros máis, exactamente todo o que nós poidamos investir neste ano que vén.

¿Que débeda a preocupa a vostede, señora Rumbo? ¿A que non temos? Débeda, a de Cataluña co resto das comunidades autónomas, ¡iso si que é débeda! E preocúpaa moito a vostede que o Goberno galego practique bonificacións aos cidadáns de Galicia.

Mire, señora Rumbo, vostede requiriu ao Parlamento galego que incrementase os orzamentos contra a débeda, é dicir, que nos endebedásemos. Vostede vota permanentemente contra as bonificacións fiscais aos galegos. Moléstase cando o Grupo Popular solicita máis recursos para Galicia ao Goberno de España, porque vostede entende que baixar impostos en Galicia é incompatible con que nos envíen os recursos que nos corresponden por lei para soster os nosos servizos públicos básicos.

Seguindo a súa folla de ruta, señora Rumbo, hoxe sería este é o panorama para os galegos grazas ao Partido Socialista: unha comunidade endebedada, pagando altos xuros, uns cidadáns penalizados con altos impostos, uns servizos públicos infrafinanciados e á espera de que o señor Sánchez nos chantaxee antes de enviarnos os cartos que nos corresponden, e, finalmente, uns cidadáns que, sen poder ter servizos á altura das comunidades autónomas que máis gastaron, teñan que asumir a débeda destas.

Esta é a Galicia que quere o Partido Socialista, señora Rumbo. ¿De que débeda quere falar vostede? ¿Da de Cataluña? ¿Esa que teremos que pagar todos para que o señor Sánchez siga na Moncloa? ¿É isto para despistar, señora Rumbo?

Sabe que o Goberno da Xunta de Galicia, do PP, mal que lle pese, ten os mellores xestores que ninguén podería soñar, para manter Galicia na tranquilidade cando veñen mal dadas e tamén cando están ben. Recórrese á débeda cando é necesario. Parece que a nós non nola condonan, non, a nós non.

Facemos orzamentos equilibrados, rigorosos e cos recursos que por leis nos corresponden, e, dende logo, como non podía ser doutro xeito, con fondos que envía Europa en momentos pospandemia, como nos corresponde, como a calquera comunidade autónoma do noso país. Nós non somos de segunda, señora Rumbo. Nós sabemos que Sánchez non nos vai regalar nada, e cando digo nada, digo nada, e vostede sábeo. Non siga buscando, porque non vai atopar nada que beneficie o seu relato, señora Rumbo.

En todo caso, o nivel de execución dos orzamentos da Xunta, sen particularizar en determinados investimentos como fixo vostede hai uns minutos, foi do 99 por cento en 2022, do 98 por cento en 2021, do 102 por cento en 2020 e do 97 por cento en 2019. Non pode ir máis

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cara a atrás, atoparía vostede razóns sobre a súa falsidade. Galicia gasta todo o que pode para axudar a súa xente, con sentidiño, e se máis tivera, máis investiría.

Fondos de compensación interterritorial, nin os nomeou. Eu calculo que vostede, que lle chama a isto axuda do Goberno de España, sabe que está contemplado na lei e na Constitución, correspóndennos, e, evidentemente, abóansenos cando certificamos o gasto. Estes fondos nós estámolos destinando ás infraestruturas sanitarias, como pode ser Montecelo, e ademais, evidentemente, na época da covid houbo que regular prazos e prezos de entrega, entón xustificaranse máis adiante, pero vanse gastar. Non imos perdoar un só céntimo dos fondos de compensación interterritorial.

En relación coas recomendacións do Consello de Contas, vostede sabe que xa asumiu a Xunta de Galicia o 12 por cento das suxestións, o 56 por cento está en trámites de cumprimento, e as demais están planificándose como se poden implantar. Entende este grupo parlamentario que a Xunta permanentemente traballa na mellora deses procesos, que poden ser mellorados, buscando a excelencia.

En relación cos fondos Next Generation, mañá intervirá o presidente da Xunta, daralles máis explicacións, pero, en todo caso, se quere coñecer o nivel de execución deses fondos que quedaron en Madrid, para que os repartira o señor Sánchez, poderá contemplar todo tipo de execución, porque eles decidirán cando nos transfiren o diñeiro ou cando non, a través da páxina www.nextgenerationgalicia.gal; aí ten toda a información que vostede precise.

E, finalmente, señora Rumbo, vostede caeu na demagoxia máis absoluta, para desviar a atención sobre o que está a acontecer en España coa mutualización da débeda para Cataluña. Préstase vostede a que lle diga hoxe aquí, diante de todos os deputados desta cámara, que vostede está a ser cómplice da aldraxe que se vai cometer con Galicia. Non escoitamos na súa intervención unha soa palabra para lembrarlle a Sánchez un «percebe de cuarta», como o cualificou o señor Corcuera hai uns días —non fun eu, foi o señor Corcuera, un socialista de pro—, que así non, que así non se trata a Galicia.

Mire, a sensación de desazón que sente media España falando da débeda síntoa eu desde que coñecín a proposta de Sánchez para o noso país, a cambio de que lle voten para seguir no Falcon. Si, señora Rumbo. ¿Isto é polo ben de España? ¿E acaso é bo para o ben de España que se manteña no Goberno un mentireiro compulsivo que enganou os que lle votaron, os que non o fixeron, que repetiu centos de veces a quen lle quixo escoitar que non ía pactar con Bildu e o fixo, que non habería amnistía e está presentando un proxecto de lei para borrar delitos, que traería Puigdemont para ser xulgado e vexo que está a piques de entrar en España case case que como un heroe? ¿De verdade que todo isto é para que non goberne un galego, coma nós, que traballou arreo por todos e para todos? Pero ¿que broma é esta, señora Rumbo?

Señora Rumbo, non pode ser certo que xente con criterio coma vostede crea que isto pode estar ben. O señor Sánchez perdeu a dignidade por manterse no poder, pero nós non podemos perder todo o conseguido na democracia porque no seu partido se perderan os valores que se presumen dun partido de Estado. ¿É acaso mellor para España delinquir que cumprir coa norma? ¿Prefire que gasten os cataláns os cartos de todos e que Sánchez lles mande para Cataluña máis do que

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os galegos podemos gastar en todo o ano en hospitais, educación e dependencia? ¿Iso é o que quere como galega, como española? ¿Ten vostede algún argumento que poida xustificar minimamente a inxustiza con Galicia e co resto de España? ¿Que temos que facer os galegos para ser tratados como cataláns? ¿Gastar máis? Agardo que, se iso pasase, vostede tivese a forza suficiente para conseguir para nós o mesmo que agora lle van condonar a Cataluña.

Respecto da posición do BNG, tras ler o acordo sobre a posible condonación da débeda a Cataluña, entendo que vostedes admiten que se condone a débeda a Cataluña. ¡Vaia galegos os nacionalista de Galicia! E cando iso pase, se pasa, solicitan que a Galicia lle compensen con algo análogo —ben, non sabemos o que é o análogo—, e se o Goberno de Sánchez decide axudar todas as comunidades autónomas que non se endebedaron; é dicir, ¡home!, só faltaría, señores do BNG, que, se se fai unha estrutura para beneficiar as comunidades que non se endebedaron, Galicia quedase fóra da repartición; sería inaudito.

Mire, señora Rumbo, doen as inxustizas e a última do seu líder excedeu todos os límites posibles. Non perdan a dignidade.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Murillo.

Grupo autor da moción, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señora Murillo, está vostede hoxe un pouco nerviosa, creo que non estaba moi confiada nas súas palabras. Mire, ademais, vou facer como fago sempre, voulle deixar aquí os datos ao señor presidente para que llos faga chegar, porque nós nunca mentimos. Mire, datos da débeda das comunidades autónomas —tome, señor presidente *(A señora Rodríguez Rumbo entrégalle uns documentos ao señor presidente.)*—, orzamento da Xunta de Galicia 2024 —tome, señor presidente—, indicador multidimensional de calidade de vida 2022 —tome, señor presidente—. E despois mándolle o acordo para que o teña claro. *(Murmurios.)* Si, si, eu creo que vostedes están moi nerviosos e están nunha deriva complicada esa de axitar a rúa, e teñan coidado porque ao mellor non é o máis aconsellable cando vostedes se teñen por constitucionalistas e por persoas moderadas, e xa se ve a moderación do señor que ata hai pouquiño se sentaba nesa silla. *(Aplausos.)*

Miren, señores e señoras do Partido Popular, empezo igual que iniciaba: aínda que a débeda pública da Xunta de Galicia pasou de 4.859 millóns de euros a 12.333 millóns de euros, é dicir, multiplicouse por 2,5, nós xa o dixemos o outro día e repetimos hoxe: non estamos en contra do endebedamento dependendo de para que. A cuestión é que nin se mellorou o noso nivel de vida nin executaron os investimentos orzados e cada vez somos un país máis pequeniño, máis pequeniño.

¿Sabe canto temos perdido en poboación? Pois mire, 105.000 persoas menos que en 2009, ou 294.000 menores de 40 anos menos, me-nos, que en 2009. Ou sexa, que o potencial xove

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do noso país ten que marchar; ¿e que marcha?, como aquilo que dicía aquela ministra da que xa non me acordo nin do seu nome; non; marchan porque aquí non poden desenvolver o seu proxecto vital. E o principal culpable desa situación é a Xunta de Galicia, *(Aplausos.)* endebedándose e cos recursos máis altos da historia.

Así que, se vostedes aproveitasen —vostedes non, pero a Xunta de Galicia— ese endebedamento e eses recursos históricos que levan desde 2020 —desde que Pedro Sánchez está na Moncloa, temos orzamentos históricos—, a situación dos galegos e das galegas e das empresas e da industria no noso país tería cambiado moito. O problema é que vostedes están acostumados a facer que fan para non facer nada e viven da publicidade e propaganda dos medios públicos, que pagamos entre todos e todas, e dese xornal de cabeceira que soamente os aplaude a todos vostedes. *(Murmurios.)* Si, señor, si.

Pois miren, gústelles ou non lles guste, xa vexo que se poñen nerviosos, pero iso é bo, que estean nerviosos, iso é moi bo, porque saben que en breve, en moi poucos meses, haberá cambio no Goberno da Xunta de Galicia e as cousas mudarán, e moito, neste país.

Pois miren, como lles dicía antes, a Xunta de Galicia dende 2020 conta con orzamentos históricos que se corresponden cos gobernos de Pedro Sánchez, que en 2024 foron 3.225 millóns de euros máis de ingreso non financeiro que no ano 2020, cun importante incremento do financiamento autonómico, que en 2024 é un 18 por cento máis que en 2019, que Galicia é a quinta comunidade autónoma que máis cartos ten recibido, 202.000 millóns de euros, do sistema de financiamento no que vai deste ano 2023, en concreto 7.253 millóns de euros, con contías históricas de fondos finalistas do Estado, con ingresos extraordinarios que veñen da Unión Europea dende 2020, e tamén lles volvo recordar: veñen a pesar de vostedes e do moderado Feijóo, que foi a Bruxelas a ver se non chegaban nunca eses fondos a España e polo tanto a ver se non chegaban nunca a Galicia, e o señor presidente Rueda segue esperando a que lle dean cita; aínda non o recibiron hoxe, ¡que pena!

Pois mire, ingresos extraordinarios que veñen da Unión Europea: máis de 1.400 millóns de euros de fondos Next Generation, que xa foron transferidos a Galicia e que queremos saber onde están, en que os teñen executados, os fondos REACT-UE, que supuxeron 440,86 millóns de euros, con 111 millóns de euros de fondos de transición xusta.

E xa que vostede falaba dos fondos de compensación interterritorial, que son un recurso das comunidades autónomas para corrixir precisamente os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo ese principio de solidariedade entre todas elas, constituíndose o seu destino como un gasto de investimento, teño que recordarlle, señora Murillo —porque xa non teño moito tempo—, que no exercicio 2020 a Xunta de Galicia executou cero, cero. Sumado aos remanentes de 2021, tiña a contía de máis de 81 millóns de euros. E ¿saben canto executaron? Un 22 por cento. ¿Sabe cantos recibiron en 2023? 38,5 millóns de euros, e para 2024 van ter outros 38,5 millóns de euros.

Mire, señora Murillo, vostedes, exemplo de execución orzamentaria, ningún. En 2021 deixaron sen executar case 1.500 millóns de euros e en 2022 practicamente 1.500 millóns de euros; polo tanto, en dous anos soamente 3.000 millóns de euros. Explíquenlle vostedes a

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

esa xente que cando vai á atención primaria non teñen médicos para que os atendan, cando teñen que esperar para unha proba diagnóstica, cando non teñen atención especializada, esas aulas masificadas con alumnado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...con necesidades especiais que están sen atender, sen axudas para as familias no inicio do curso escolar, ou esa política de vivenda que segue tendo 18.000 persoas rexistradas no Rexistro da Xunta de Galicia como demandantes de vivenda pública.

Atendan as necesidades do noso territorio, e non se preocupe, que en poucos meses haberá cambio de goberno e seremos nós quen lles deamos respostas aos galegos e ás galegas.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Votacións das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos ás votacións das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona María Cristina Fernández Davila.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Cristina Fernández Davila, sobre a mellora da calidade educativa nos centros de ensino públicos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Iria Carreira.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos, sobre a tramitación da valoración e do recoñecemento da dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a evolución da débeda pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as peticións da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia, no sentido de materializar os dereitos que regula a nova normativa referida á etapa final da vida, así como a converter o 12 de xaneiro no Día da Morte Digna

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Antes de máis, quero saudar os representantes da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza, que hoxe nos acompañan desde a tribuna, e un saúdo especial, porque esta iniciativa que hoxe o BNG trae a debate foinos trasladada integramente como foi presentada por parte da asociación, que tamén lles presentaron aos demais grupos da Cámara e que o BNG fixo propia, porque concorda cos termos e co que demandan, e non demandan outra cousa que o recoñecemento do 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galiza, ademais de avanzar en medidas para que se efectivice ese dereito.

E solicitan declarar o 12 de xaneiro porque o que se pretende é recoñecer na persoa de Ramón Sampedro a loita levada a cabo para acadar o dereito a unha morte digna. Ese 12 de xaneiro pois é a data en que Ramón Sampedro faleceu.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É unha loita que non foi sinxela. Cada avance veu precedido de reclamacións, de denuncias públicas e nos xulgados e, sobre todo, de moito sufrimento, sufrimento no persoal de nomes propios mais tamén das familias e das contornas afectivas das persoas que deron esas batallas, dentro das que destaca especialmente Ramón Sampedro, un referente fundamental nesta loita, do que este ano 2025 se conmemoran vinte e cinco anos da súa morte.

Durante estes anos, cada 12 de xaneiro foi recoñecida e lembrada a súa figura por familiares, por amizades e tamén pola Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza. Un recoñecemento a pé de praia, na praia das Furnas, en Xuño, en Porto do Son, que foi alí onde se produciu o accidente que deixou tetrapléxico a Ramón Sampedro; acto no seu recordo, en defensa dese dereito das persoas a decidir libremente sobre a súa forma de morrer e a recibir axuda para iso.

E nestes vinte e cinco anos a sociedade avanzou, foise transformando, foi avanzando o recoñecemento da pluralidade moral, na secularización da vida, na conciencia social, no desenvolvemento de dereitos, na creación de recursos públicos, no recoñecemento e respecto á autonomía das persoas e nos recursos tecnolóxicos —di textualmente a iniciativa que nos fixeron chegar—.

Eu teño que seguir insistindo en que o camiño non foi doado, foise avanzando conquista a conquista: dereito das persoas doentes a ser informadas da súa propia enfermidade —digo cousas que hoxe nos parecen normais pero que non hai tanto non o eran—, a ter que dar o consentimento informado antes de ser tratadas, a rechazar un tratamento, ao alivio do sufrimento, ao dereito a coidados paliativos, á sedación paliativa.

Todo iso foron cuestións nas que se foi avanzando froito desa concienciación e dese traballo tamén de visibilización e de reivindicación. E foise avanzando ata acadar que eses dereitos se viran reflectidos en leis que recoñecen e protexen o dereito das persoas ante as necesidades propias na etapa final da súa vida. A empezar pola Lei aprobada por este parlamento por unanimidade, a Lei 5/2015, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. É unha lei da que eu tiven tamén a honra de ser ponente, e o actual presidente do Parlamento tamén, e na que nos debates en ponencia recoñeciamos que era un avance, que quedaban cousas que habería que ir mellorando. Unha lei que fai referencia na súa motivación —leo textualmente— a que «a progresiva toma de conciencia da propia autonomía das persoas, o desexo de tomar decisións relativas á súa saúde, enfermidade e morte, calou na conciencia colectiva.» Iso vén reflectido na Lei de 2015, e tamén que o respecto á liberdade da persoa e aos dereitos dos doentes adquire unha especial relevancia no marco das relacións asistenciais.

Nesa Lei de garantías sanitarias regúlase o rexistro de instrucións previas, o dereito das persoas a determinar o seu testamento vital, a decidir como quere que sexa a súa morte, a plantexarse o seu final, mais na mesma non se regula como efectivizar ese dereito. E un avance nesa efectivización do dereito veu da Lei orgánica 3/2021, onde se regula a eutanasia; unha lei que se fixo agardar, que se fixo agardar moito, e que sexa unha realidade —teño que insistir— é nunha parte moi importante pola loita individual e colectiva.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

É unha lei que desde o punto de vista do BNG é mellorable, mais supón un recoñecemento dun novo dereito individual que lles permite ás persoas elixir o momento de morrer con dignidade e seguridade, que contribúe a diminuír o sufrimento de moitas persoas que poden ser atendidas na súa demanda de axudar a morrer, respectando a súa liberdade e a súa dignidade.

E dise tamén textualmente na iniciativa que nos fixo chegar a asociación: «A sociedade ten incorporado con normalidade o novo dereito, e na que cómpre avanzar no recoñecemento de que a naturalidade da morte e procurar a paz ao final da vida deben entenderse como elementos do noso patrimonio institucional.» E dino facendo referencia tamén textualmente ao que recolle a Lei de 2015.

Por iso defendemos —di a asociación— que deben promoverse as accións necesarias para avanzar na morte digna, que ten o seu sustento no respecto á autonomía e liberdade das persoas mediante a atención ás súas necesidades na etapa final da vida, en particular o acceso a coidados paliativos. O coidado do que forma parte o seu contorno efectivo, a dotación dos recursos sociais e sanitarios para prestar esas atencións, a sensibilización da sociedade, a formación, o coñecemento da realidade actual de como ocorre a morte, a promoción do uso dos recursos previstos para a expresión da vontade das persoas —testamento vital, instrucións previas— e a presenza pública superadora do tabú.

Polo tanto, cómpre avanzar no respecto e atención ás persoas no seu morrer, para que o final da vida sexa máis acorde coa súa normalidade e integridade e menos cargado de temor, escurantismo e sufrimento.

Esta petición que se achega aquí ao Parlamento para que se faga esa declaración oficial vén precedida xa doutras actuacións nesta dirección, actuacións feitas pola propia asociación, que no ano 2018, en que se cumprían dez anos da morte de Sampedro, fixo xa unha declaración pública declarando ou demandando ese 12 de xaneiro como Día da Morte Digna en Galiza, referenciando a Sampedro como paradigma da loita polo dereito a dispoñer da propia vida.

E tamén vén precedida dunha declaración institucional da Xunta de Voceiros da Fegamp no ano 2019, que tamén manifestou o seu apoio á proposta da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza para o recoñecemento dese 12 de xaneiro como Día da Morte Digna, e propuxo medidas para favorecer a expresión da vontade das persoas mediante as instrucións previas, a información, a coordinación institucional, salientando, en especial, a importancia das actuacións no mundo rural.

Ben, como dixen antes, no BNG concordamos con esta iniciativa. Por iso a fixemos propia, porque cremos que o que solicita é recoñecer o papel na figura de Sampedro. E cremos que é un recoñecemento máis que merecido, porque abriu o camiño, e en cuestións como esta non foi a aquela altura nada doado de abrir ese camiño, porque foi o primeiro que acadou repercusión na reivindicación deste dereito a decidir sobre a propia morte, porque pola súa contribución deu visibilidade a un problema das persoas que non encontraba ningún tipo de resposta á súa demanda de querer morrer, porque foi unha peza chave, un referente polo

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tempo que durou a súa loita e a visibilidade que acadou, tanto na súa loita como posterior, incluso levada ao cine, porque foi un auténtico pioneiro en expoñerse, porque dar estas batallas significa expoñerse a si propios e expoñer —insisto— a súa familia e as súas contornas, expoñerse para reivindicar o dereito a decidir sobre a propia morte.

Poder escoller sobre a propia morte non é unha elección entre a vida e a morte —teño que insistir nesta cuestión—, é unha elección entre a forma de morrer, é un paso significativo a favor da liberdade e contra paternalismos mal entendidos durante moito tempo. Ter dereito a unha morte digna é un avance incluso para aquelas persoas que non pensan exercer ese dereito, porque unha sociedade avanza cando ten á disposición dos individuos da súa sociedade dereitos para que eses diferentes individuos os poidan exercer ou non, pero que estean á disposición dos mesmos.

E, dende logo, no BNG cremos que que exista unha lexislación para a aplicación dese dereito a morrer dignamente, á eutanasia, non significa a obriga de optar por ela, senón —insisto— ter a oportunidade de elixir e de ter opcións.

E por iso o que hoxe traemos aquí a debate, e para o que pedimos o apoio dos outros dous grupos da Cámara —insisto—, en nome da asociación que nos traslada a iniciativa, é que este parlamento atenda á demanda da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza e que se inste o Goberno galego a que o día 12 de xaneiro sexa xa recoñecido como Día da Morte Digna en Galiza, e tamén comprometerse a contribuír á defensa e protección da dignidade das persoas no final da vida, adoptando as medidas oportunas para tal fin.

Agardando ese voto favorable, de momento, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos, e especialmente vou dirixirme á xente nos acompaña dende a tribuna, aos que coñezo, cos que teño traballado e aos que lles agradezo enormemente o seu traballo permanente en poñer o foco sobre cuestións tan relevantes. Grazas.

Permítanme iniciar citando a Gabriel García Márquez; no ano 1982 recibiu o Premio Nobel de Literatura, aínda non era tan coñecido García Márquez naquela. No seu fabuloso discurso de recollida do premio citaba —permítanme extraer este pequeno extracto—: «os inventores de fábulas, que todo o cremos, sentímonos co dereito de crer que aínda non é demasiado tarde para emprender unha nova e arrasadora utopía da vida, onde ninguén poida decidir por outros ata a forma de morrer». (*Aplausos.*)

Este país avanzou, avanzou, e hai que recoñecer todos os avances en todos os espazos. Avanzou, si, en Galicia, cunha lei en 2015; hai xente aquí que traballou arreo para que aquela lei fose adiante. E avanzou, sobre todo, na capacidade de decidir as persoas a fin da súa vida e

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o seu dereito a escoller como termina a súa vida en 2021 coa plasmación dunha vontade clarisimamente desexada por case todo o mundo, e que plasmaba nesa lei a regulación da eutanasia, o que se deu en chamar o último dereito, un dereito máis, un dereito que non obriga —obviamente—, pero que recoñece unha posibilidade.

Non é —e sería soberbio pensalo— unha lei nin sequera dun goberno nin dun partido, é unha lei feita a pulso de moito esforzo, de moito traballo, de xente que dedicou toda a súa vida a defender un dereito que hoxe en España existe —non fomos os primeiros, pero non seremos os últimos, seguro que non—; xente da que hai que mencionar algúns e deixar moitos atrás, pero dos que coñecemos casos moi chamativos: María José Carrasco, a loita de Maribel Tellaetxe, Luis de Marcos, Ramón Sampedro, ao que hoxe aquí mencionamos e citamos con toda a honra de querer dedicar na súa lembranza o 12 de xaneiro como aquel día.

É certo tamén en Galicia que a Asociación DMD, á que lle quero agradecer novamente que poña o foco sobre as cousas que nos deben importar a todos, leva facendo un traballo moi intenso durante moito tempo, e por iso creo que necesitamos non só estar a favor, senón agradecer o seu traballo.

Este é un dereito que non condiciona outros, en ningún caso. Todos comprendemos todas as dificultades que poidan manexarse. É complexo, non é fácil, e necesitamos todos respectar esas circunstancias, pero tamén todos debemos respectar o dereito das persoas a decidir sobre a súa vida. Esta é unha lei profundamente respectuosa coa liberdade e unha lei tremendamente vital.

Dicía Asun Gómez —Asun Gómez foi a parella de Luis de Marcos, quen, despois dunha loita enorme e padecendo moitas dores e unha enfermidade, terminou a súa vida, e permítanme citarlles igualmente o día que se aprobou a Lei reguladora da eutanasia—: «Tiven que escoitar que me chamaran asasina, pero esta loita tamén é unha forma de amor». E isto é a lexislación e o dereito que hoxe nos permite decidir como terminar a nosa vida. É unha loita de amor, é unha lei e unha normativa que promove a liberdade á vida, porque non hai mellor respecto á vida que decidir como terminala.

E, por tanto, nós, con todas aquelas iniciativas como esta que contribúen tamén a difundir, a estender a idea duns dereitos, imos estar sempre a favor, ¡como non! É certo que existiron ideas diversas sobre presentala de maneira conxunta, sobre presentala como declaración institucional. Ao final o BNG trasladouna por esta vía, e nós respectámolo, e imos estar a favor, como xa sabe todo o mundo que coñece e que traballou no asunto.

É certo que, despois da posición política, toca a xestión, si, e hai que recoñecer algúns problemas. Quedan avances no plano da súa aplicación, quedan avances, e aproveitemos a ocasión. Queda a mellora da Lei de 2015, que é mellorable. Pero queda tamén, con respecto á Lei de 2021, de regulación da eutanasia, mellorar e avanzar na facilidade, dende o documento de instrucións previas ata a información que se promove ou que non se promove. E neste caso aquí en Galicia deberamos de ser máis proactivos na capacidade de informar e de facilitar as circunstancias.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Queda tamén non facernos trampas; queda facer o traballo máis honesto de non confundir coidados paliativos con morte digna; queda o traballo de non pretender pasar por riba mandos e sospeitas sobre cuestións de dificultade da lexislación, que non existen; queda ser honestos cunha lexislación, no que insistimos: nós comprendemos as dificultades e comprendemos as posicións diversas, pero que hoxe é un dereito que debemos respectar e impulsar; queda na normativa facer melloras, sen dúbida, e dende logo a lei que existe dende 2021 non é perfecta; quedan cuestións complexas, como o que ocorre coas persoas que teñen tamén en parte unha patoloxía psiquiátrica, que necesitan ter unha perspectiva distinta; e, por tanto, tamén temos que resolver que non quedou resolta na lei; queda cos menores de idade, que tampouco quedou resolta e que é complexo.

Hai moitísimas cuestións que mellorar aínda, non é un camiño terminado, para nada, pero é un camiño no que se avanzou, e por tanto nós cremos que nese camiño hai que avanzar, e as ideas como esta proposta de hoxe que plantexa DMD, como outras moitas que ten, que nos contribuiría a que todos sexamos máis conscientes, ter un guía que nos represente, que represente un dereito e que poidamos tamén difundir e contribuír a ter máis información e a levar esa información a todos os lugares que debe ter, nós cremos que iso contribúe e por iso cremos que é unha boa idea.

E por iso é preciso, dende o noso punto de vista, defender a política útil. Permítanme —non podo deixar pasar a oportunidade—: a política útil, con gobernos de progreso, si. Citábase hoxe, con algún ton feo. Gobernos progresistas, si, porque son os que deron, os que dan e os que darán dereitos, como este, *(Aplausos.)* unicamente recollendo a vontade de todas as persoas que o traballan fóra, porque para iso están os gobernos, para traducir a posibilidade real aquilo que se desexa por parte da cidadanía. Pero sempre coincide. E, por tanto, nós cremos que hai tamén que pensar niso.

E probablemente o recoñecemento dalgúns dereitos tamén pode ser o que nos leva a escoitar ou a ver situacións tan tristes como as dos últimos días, si. Pero miren, fronte ao odio, política útil; fronte á violencia, progreso; e fronte aos insultos, dereitos. E isto é o que algúns sabemos facer, outros dedícanse a outras cousas. *(Aplausos.)*

Por iso estaremos a favor, e estaremos a favor porque a favor dos dereitos todo é pouco, todo é pouco, e, por tanto, nós non é que esteamos, é que nos sentimos da man daqueles que demandan máis avances.

Esta —insisto— é unha posición que non é propiamente nosa, porque se nos ocorrese nunha habitación pechada falando entre tres ou catro; é algo que vemos, que escoitamos dunha cidadanía que impulsa, e na que eu me sinto orgulloso de pertencer a un partido que promoveu a lexislación da que hoxe falamos. Pero é certo que é unha lexislación que chegou tarde, que é mellorable, pero que tamén nos permitiu avanzar pasos de xigante nun mundo no que probablemente outros miren para nós coa envexa de saber que hoxe neste país temos un dereito máis, e iso tamén é merecedor de sentir que esa é a nosa patria, que é a dos dereitos. E, por tanto, nese sentido, nós imos obviamente votar a favor desta e de calquera iniciativa que os promova.

E pecho como empecei, agradecendo ás asociacións, ás persoas individualmente, que loitaron, loitan e loitarán na defensa dos dereitos, porque, á fin, ¿que hai máis importante nesta vida que agradecerlles aos demais que loiten polos dereitos que un desexa ter na súa vida?

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados, e boa tarde tamén ás persoas que nos acompañan da Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galicia.

Permítanme tamén que comece esta intervención cun texto: «É unha evidencia que a morte constitúe a única certeza que temos os seres humanos desde o momento mesmo en que nacemos, e, dada a evolución da nosa sociedade, vénse producindo unha participación cada vez maior do sistema sanitario no proceso de morrer, aínda que non sempre da maneira máis adecuada. Recoñecer a naturalidade da morte e procurar a paz ao final da vida deben entenderse como elementos do noso patrimonio institucional e debemos enraizalos no código ético da organización sanitaria galega.» Este é o primeiro parágrafo da exposición de motivos da lei que aquí se citou, de garantías e dereitos da dignidade das persoas enfermas terminais, que aprobamos neste parlamento por unanimidade no ano 2015.

E tamén aproveito estar nesta tribuna para felicitar, como xa dixo a señora Prado, os ponentes desta lei: a señora Prado, polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, e o señor Santalices, presidente do Parlamento, polo Grupo Popular, e tamén deputados que hoxe xa non nos acompañan porque non son deputados nesta lexislatura: a señora Cuña, polo Grupo Socialista; a señora Solla, por Alternativa Galega de Esquerda; e a señora Martínez, polo Grupo Mixto. Felicitalos —insisto— por esa vontade de acadar o consenso, porque foi unha lei que recolleu o sentir maioritario da cidadanía galega. Unha lei, que ademais, foi tomada como referencia noutras comunidades autónomas que non a tiñan e que está servindo para protexer e respectar a dignidade da persoa ata o final da vida; os dereitos e os desexos dos pacientes terminais, garantindo que reciban coidados paliativos, pero tamén os tratamentos axeitados encamiñados a conseguir a boa morte, aquela que ocorre sen dor e sen sufrimento, aquela que desexamos para todos nós e para todos os nosos.

O feito de ter esta lei aprobada por unanimidade pon de manifesto a preocupación que se ten en Galicia por acadar unha boa morte. Foi unha lei que, ademais, aportou cousas moi importantes, como é a confortabilidade e o acompañamento do paciente neste proceso; a equidade, que dende logo ten que estar presente en todo o que teña que ver coa asistencia sanitaria, pero especialmente no acceso aos coidados paliativos; e tamén foi moi importante que un paciente en fase terminal poida escoller onde quere recibir os coidados paliativos.

E non esquezamos que é unha lei que ten en conta e respecta as especificidades da nosa Comunidade Autónoma, xa que toma como referencia as nosas normativas, entre elas o Plan galego de coidados paliativos, que se publicou no 2007, e con algunhas modificacións segue vixente ata hoxe, coidados paliativos que en Galicia xogan un papel moi importante.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O sistema sanitario galego impulsou a formación dos profesionais sanitarios —independentemente das especialidades ás que pertenzan— na área de coidados paliativos, porque, como sabemos, non existe unha especialidade en coidados paliativos propiamente dita. Implicáronse os profesionais e a atención primaria concreta esa atención directa no 80 por cento dos pacientes con necesidades de coidados paliativos e as súas familias. Os servizos de atención primaria dispoñen dun botiquín con medicación e infusores necesarios para proceder á sedación paliativa.

Un paso moi importante dado polo Sergas é a incorporación dos médicos de familia a este tipo de coidados, dos que se benefician moitas galegas e galegos.

Ademais, contamos en Galicia con servizos que atenden a pacientes con enfermidade avanzada e complexa, tanto no ámbito hospitalario como no seu domicilio, como son as unidades de hospitalización de coidados paliativos e as unidades de hospitalización a domicilio, o que coñecemos todos como Hado.

Consideramos, por tanto, que en Galicia se está a facer un bo traballo no campo dos coidados paliativos. Non sucede o mesmo con outras comunidades autónomas, que non contan con estes plans.

Dende a entrada en vigor da Lei de regulación da eutanasia, a cidadanía galega dispón tamén da prestación de axuda para morrer. Os profesionais sanitarios contan cun protocolo para a dita prestación, protocolo que está colgado na páxina web da consellería, un documento que está en estado permanente de revisión e actualización; a última foi do 28 de xuño de 2023, un documento de 99 páxinas, que consta de 26 anexos, onde se explica o procedemento a seguir. E, ademais, os profesionais contan tamén cunha guía técnica asistencial de prestación de axuda para morrer.

Os profesionais do Sergas deben ter a suficiente información e ferramentas para asumir o seu papel con seguridade, reducindo as situacións de conflitividade que poden producirse nunha situación dolorosa como é o final da vida.

Para isto, tanto a consellería como a Axencia de Coñecemento en Saúde realizan cursos de formación, e neste ano 2023 hai varios sobre a abordaxe integral da prestación de axuda para morrer (con datas de realización do 17 de abril ao 15 de maio, outro do 11 de outubro ao 8 de novembro), ou a xornada informativa de prestación de axuda para morrer (que se fixo o pasado 26 de outubro na Consellería de Sanidade), cuxos destinatarios foron a cidadanía, as asociacións de pacientes e os profesionais sanitarios de atención primaria e a atención hospitalaria do Servizo Galego de Saúde.

Aquí en Galicia aplícase con normalidade, tanto a lei básica estatal como a Lei galega de 2015, de garantías das persoas enfermas terminais. Nos dous anos que leva aprobada a Lei orgánica, no período que vai do 25 de xuño de 2021 ata o 30 de xuño de 2023, presentáronse en Galicia 58 solicitudes, o 58,6 por cento presentadas por homes fronte ao 41,4 por cento no caso das mulleres; por grupos de idade, as solicitudes máis numerosas foron de persoas nos grupos de 50 a 59 anos e de 70 a 79 anos; e a patoloxía máis frecuente que

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

motivou a solicitude foi a neurolóxica, nun 50 por cento, seguida pola oncolóxica, cun 31 por cento.

O conselleiro de Sanidade dicía, nas noticias que saíron estes días nos medios, que a Lei de eutanasia se cumpre en Galicia *al pie de la letra*.

Respecto do que piden vostedes na iniciativa de poñer o día 12 de xaneiro como o Día da Morte Digna en Galicia, dende o Grupo Popular non o vemos necesario; xa existe o Día Internacional da Morte Digna, o día 2 de novembro. O realmente importante para a cidadanía galega é que o Goberno galego cumpre as leis e que as galegas e os galegos teñen o dereito a solicitar e recibir a axuda necesaria para morrer, polo que non imos votar a favor da iniciativa que hoxe presentan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Eu non teño máis que lamentar esta decisión do Partido Popular, como supoño que o estará a facer a asociación que tanto ten traballado para acadalo, porque, claro, o Partido Popular, nesta carreira desenfreada na que está, de diluír todo o que sexa Galiza e o esforzo dos galegos e as galegas, pois xa non é capaz nin de poñer en valor o que se ten feito dende Galiza, poñer en valor o que os seus cidadáns teñen feito para que chegaramos a este punto e que puidera saír aquí a deputada do Partido Popular a presumir do bo traballo que se ten feito neste parlamento. *(Aplausos.)*

Porque ese traballo non xurdiu da iniciativa dos poderes políticos, senón que xurdiu indo a rebufo de todo o que se foi conquistando na rúa e na loita, e nesa visibilización e esa exposición de persoas como Ramón Sampedro. E resulta que o Partido Popular nin sequera é capaz de recoñecer que en Galiza fomos pioneiros. Xa que lle gusta tanto presumir de que somos os campións en non sei cantas cousas, ¿por que lle molesta tanto dicir que en Galiza hai referentes, como neste caso Ramón Sampedro, que é un referente non só para Galiza senón a nivel mundial nesa loita por acadar dereitos para a maioría da cidadanía? ¿Que se supón que lles molesta tanto de recoñecerse a si mesmos na loita doutras persoas?

Dende logo levan todo este día de pleno, para as persoas que só chegaron hai un momento, pois con cuestións como dicindo continuamente o Partido Popular «así non», «así non», e eu dígolles: «así non». Efectivamente, señores e señoras do Partido Popular, así non se trata as persoas e os colectivos que traballan incansablemente para que avancemos en dereitos. *(Aplausos.)*

E dixo a anterior deputada do Partido Popular na anterior iniciativa que non perdamos a dignidade, acusándonos de perder a dignidade. Eu non sei se o Partido Popular a perdeu,

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque para perder algo antes hai que telo, e non ser capaces de recoñecer un día onde se conmemora o traballo colectivo e personalizalo nunha persoa pois é bastante máis que perder o que me parece que non teñen. Teño que dicilo así claramente.

E eu teño que preguntarlles tamén que pasou desde o ano 2015, onde aprobamos unha lei —e todos eses fantásticos aplausos que nos acaba de dispensar a deputada do Partido Popular— que todos recoñeciamos que había cousas nas que había que avanzar e que era un paso, pero é que o camiño hai que andalo. E dar dous pasos non é facer o camiño. A Lei do 2015 foi un paso, pero non foi acabar o camiño. Igual que a actual lei da eutanasia é un paso máis, pero non é rematar o camiño. Porque recoñeceron... Está aquí, poderiamos dedicar o resto do pleno a ler a exposición de motivos e artigos desa lei, onde efectivamente se recoñece que se vai avanzando. E vostedes quedan aí inmóbiles. E non soamente quedarse inmóbiles, porque cando chegado determinado punto un non se atreve a avanzar, iso significa que se dan pasos atrás.

¿E que pasou desde o ano 2019? Porque na declaración institucional unánime dos voceiros da Fegamp alí estaba o Partido Popular, que estaba a favor de declarar o 12 de xaneiro día da morte digna en Galiza. ¿Que pasou desde eses anos, á parte da pandemia de por medio? *(Aplausos.)* ¿Que pasou? Pois o que pasou é un Partido Popular instalado no radicalismo máis ultra e instalado, en vez de en avanzar en dereitos para a cidadanía, en que retrocedamos. A verdade é que é lamentable. É lamentable que non se queira ese recoñecemento, igual que a outra parte da iniciativa dicía de comprometerse a contribuír á defensa e a protección da dignidade das persoas, con medidas. ¿E por que pedimos isto? Porque se avanzou, pero moi deficitariamente; porque aínda hai moito no que se pode avanzar.

Porque a Lei da eutanasia —gústelles ou non, porque vostedes reclamaron no Constitucional e o Constitucional díxolles que non había causa— está en vigor e obriga a facer un informe anual de como se está aplicando. E resulta que o informe anual —que non é anual, porque soamente fixo un a Xunta de Galiza, que o presentou o Sergas aínda hai uns días, a finais de outubro— é unha folla. Unha folla que practicamente o que contén son os dous renglóns que leu a deputada do Partido Popular. Esta é a avaliación de como se está aplicando a Lei da eutanasia. Efectivamente, neste escueto informe dise que cincuenta e seis persoas a solicitaron, que se lle aplicou a vinte e unha, trece desistiron, outras oito tamén... ¿E que pasou coas outras vinte e seis que o solicitaron? ¿Que pasou con elas? ¿Por que non se lles acabou aplicando? ¿Morreron antes? ¿Non se lles puxeron os recursos ao seu dispor?

E digo que esta é unha folla, porque hai outras —xa que lles gusta dicir que son os campións— comunidades autónomas que si fan os seus deberes. Voulla deixar tamén ao presidente. Podemos falar de Euskadi, cun informe de 2022 coas súas dezaseis páxinas onde fan unha explicación bastante pormenorizada de cal é o balance. Podemos falar do de Asturias, que tamén nas súas vinte e seis páxinas fai o mesmo; fai un informe do que se poden extraer conclusións para avanzar, para mellorar, para poñer en práctica cuestións que non se están facendo ou modificar as que se están facendo mal ou incentivar as que se están facendo ben. Podemos falar do informe de Navarra, que nas súas dezaseis páxinas fai o propio; ou do informe de Cataluña, que nas súas trinta e unha páxinas fai o mesmo. Digo para que llo pase ao Partido Popular e vexa que para presumir de ser campión, á parte de presumir hai que ganalo.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E tamén, desgraciadamente, o que vemos é que no informe do Ministerio respecto das instrucións previas publicado en xaneiro do ano 2021 di que Galicia é das últimas. Di que Galicia é das últimas nesas instrucións previas. ¿E por que? Porque tamén nesa lei de 2015 se establecía que había que facer campañas de información, campañas de promoción, campañas de poñer recursos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e o Partido Popular non fixo absolutamente nada diso. Non fixo absolutamente nada diso. Presumía a deputada do Partido Popular de que fixeron formación. ¿Que formación, señora deputada? ¿Uns cursos online onde non se fai ningún tipo de triaxe e calquera que queira ter uns puntos para unha oposición se pode conectar a eles pero que non significa avanzar nese coñecemento nin neses dereitos para aplicar a Lei da eutanasia? ¿Vostede cre que pode vir aquí presumir de que iso é formación? Ou doutras moitas cuestións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Polo tanto, eu de verdade que lamento esta decisión. O que si lles podo dicir é que o BNG seguirá traballando para que se recoñeza ese traballo e para que as medidas, á parte de estar no papel, sexan feitos con profesionais formados, con máis información e con máis recursos, para que sexa unha realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para darlle impulso á política de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) na nosa comunidade

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe volvemos falar neste hemiciclo de I+D+i, é dicir, volvemos falar do futuro de Galicia. Pois ben, o Consello Económico e Social na súa memoria socioeconómica de Galicia 2022 alerta do precario investimento galego en I+D+i fronte ao norte de Portugal. Esta afirmación, feita por esta institución, levámola facendo nós, este grupo parlamentario, durante toda esta lexislatura. Segundo o CES, o gasto en I+D, por exemplo, en patentes é moi precario en Galicia. Isto sitúaa non só en mala posición con respecto á media da Unión Europea, senón

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O gasto en I+D en Galicia en relación ao produto interior bruto é do 1,1 por cento, fronte ao 1,4 por cento en España e ao 2,18 por cento de media na Unión Europea.

En Galicia temos que construír un novo modelo de crecemento e para que isto sexa así a Xunta de Galicia ten que apoiar o campo da I+D+i, incrementando moito máis estes programas nos seus orzamentos. Nós apostamos por incrementar un 0,4 por cento do produto interior bruto o gasto nos programas de I+D+i, de tal forma que Galicia poida acadar a media estatal e para aproximarse ao obxectivo do tres por cento do produto interior bruto.

O gasto interno de I+D+i por habitante en Galicia situábase no 2021 en 232 euros, fronte aos 328 da media española, segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística. O Goberno galego ten que darlle pulo á investigación e á innovación, se non seguiremos sendo os últimos en I+D+i. Así, mentres outras comunidades avanzaron moito, a nosa queda rezagada. Así o reflicte a Unión Europea no Índice de competitividade rexional 2022, unha ferramenta que mide a capacidade dos territorios para xerar atractivo para que as empresas e a cidadanía aposten pola I+D+i. E Galicia sitúase en innovación nos postos de cola de España; é a sexta autonomía menos innovadora e, ademais, está debaixo dun dos seus competidores máis importantes, o norte de Portugal. A comunidade galega ocupa o posto 149 no ranking de 234 rexións europeas en canto á competitividade. Está entre os territorios menos competitivos da Unión Europea e por iso a Unión Europea lle pon unha cualificación de 76 sobre 100 en innovación, un indicador que mide patentes, solicitudes de marca, venda de produtos innovadores, emprego en sectores intensivos en tecnoloxía e coñecemento, publicacións científicas e gasto en I+D.

Trátase de aumentar máis o investimento público necesario, tanto en ciencia como en innovación. Este é un obxectivo mínimo que temos que consensuar entre todos os axentes económicos, sociais e políticos, converxendo tamén na distribución do investimento en I+D+i entre o sector público e o privado. O Goberno galego ten que reforzar as políticas públicas da transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás pemes. A existencia de tres universidades, seis centros tecnolóxicos, os centros de investigación, os clúster, son un bo punto de partida para que as empresas galegas se beneficien dos resultados da súa investigación, mediante acordos de transferencia de tecnoloxía e proxectos de colaboración. Aínda que nos últimos anos favorécese estas relacións público-privadas, o certo é que aínda estamos moi, moi lonxe de alcanzar niveis que nos sitúen como referentes. A investigación e a innovación teñen a capacidade para dar resposta aos grandes retos e aos problemas do mundo no que vivimos.

O coñecemento, a ciencia, a innovación... son esenciais para manter e mellorar o benestar social e o crecemento económico. A competitividade e a produtividade do tecido económico dependen case exclusivamente da cantidade de coñecemento avanzado, incorporado pola actividade produtiva e, polo tanto, da súa renovación continua.

Por iso, hoxe solicitámoslle á Xunta de Galicia incrementar nun 0,4 por cento do produto interior bruto o gasto nos programas de I+D+i, de tal forma que Galicia poida acadar a media estatal e para aproximarse ao obxectivo do tres por cento do produto interior bruto. Tamén

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lle solicitamos promocionar medidas áxiles e eficaces, que incentiven proxectos de innovación con especial atención ás pemes, incrementando o orzamento dos programas para impulsar a innovación nas pemes da nosa comunidade; tomar medidas para a retención, para o retorno e para a atracción de talento científico en Galicia, como a redución de cargas administrativas na carreira científica, afianzar a carreira profesional de científicos xoves, que poderán acceder a unha praza fixa tras rematar o seu itinerario posdoutoral; consolidar unha carreira pública estable e previsible para o persoal técnico e investigador, equivalente á dos países máis avanzados, para que non marchen ao estranxeiro ou a outras comunidades autónomas; verdadeiras axudas para a contratación de persoal investigador no sector privado; e elaborar un plan de retención de talento dotado dunha partida orzamentaria, suficiente para implementalo urxentemente, onde colabore o tecido empresarial da nosa comunidade autónoma e as tres universidades galegas.

Estas son medidas que levamos reclamando durante toda esta lexislatura. E, como estamos en época de orzamentos, eu pídolle ao Partido Popular que aposten dunha forma contundente pola nosa ciencia e pola nosa innovación, cun forte incremento nese programa. E non quero deixar de mencionar o que aconteceu o ano pasado, que había 197 millóns orzamentados e logo o Goberno do Partido Popular, así por arte de maxia, resulta que baixou 58 millóns os orzamentos, quedando en 139 millóns. Deses 139 millóns só se executou o 47 por cento. Isto é o que lle importa a nosa ciencia ao Goberno do señor Rueda.

O Goberno galego do Partido Popular ten que darlle o pulo ao investimento para a investigación e innovación. Se non, seguiremos sendo os últimos en I+D+i. Nós si apostamos pola ciencia, polos nosos investigadores, polas nosas investigadoras... En definitiva, apostamos pola I+D+i. Por iso propoñemos unha emenda aos orzamentos de aumentar en trinta millóns de euros en I+D+i. Isto si é apostar pola ciencia e apostar polo noso I+D+i.

E sigo dicíndolles aos señores e señoras do Partido Popular e ao seu Goberno que aposten polo noso talento, para que non marche. Quero lembrar que en 2022 un total de 8.257 traballadores e traballadoras galegas con titulación universitaria marcharon traballar a outras comunidades autónomas. Esta fuga de talentos vai en aumento, os galegos e galegas con estudos superiores que emigraron a outras partes de España foron un quince por cento máis que no ano 2021. Nun lustro, o incremento supera xa o vinte e un por cento das persoas que decidiron traballar fóra da nosa terra. Concretamente, o ano pasado fóronse traballar a outras partes do noso país 6.575 técnicos e profesionais científicos.

Por este motivo, dende o noso grupo parlamentario solicitamos en moitas ocasións, e hoxe unha vez máis, que o Goberno autonómico consolide unha carreira pública e estable para o persoal técnico e investigador, equivalente á dos países máis avanzados. Pensamos que, a maiores, esta fuga de talento o que supón é desperdiciar recursos públicos; eses recursos públicos que formamos, capital humano, que logo marcha fóra. Iso é o que está acontecendo en Galicia, nin máis nin menos que seis mil científicos marcharon o ano pasado.

Temos unha falta de compromiso total por parte do Goberno galego coa ciencia e coa investigación en Galicia, en especial por falta de financiamento. Xa acabo de comentar o que pasou o ano pasado, que baixaron cincuenta e oito millóns os orzamentos. E as malas condicións

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

laborais do persoal investigador non frean a fuga de talento. Isto é o que está pasando en Galicia coa ciencia.

Galicia, sen a súa ciencia, sen os seus investigadores e sen o seu talento non é un país de futuro. Por iso, espero que hoxe todos os grupos parlamentarios aproben esta proposición non de lei, porque esta proposición non de lei é para ter un mellor futuro. Porque, sen I+D+i, Galicia non ten futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda dos restantes grupos parlamentarios.

Ten a palabra, por parte do grupo do Bloque Nacionalista Galego, o señor don Xosé Luís Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Estamos case no final, no traxecto final da lexislatura, no final de ciclo tamén e é momento de facer balance e de facer avaliación. E, se facemos balance, desde logo cos datos que temos desde o BNG consideramos que o balance en materia de investigación e innovación é moi negativo, moi deficiente.

Aí están os datos, que son datos oficiais de organismos oficiais. Por exemplo, o dato que di que o esforzo investidor é en Galiza do 1,1 por cento do PIB, que é exactamente a metade do esforzo investidor de Euskadi, por iso o avanzado que está en moitas materias, ou da Unión Europea. Ou, no caso das patentes, resulta que temos 17,4 patentes por millón de habitantes cando a media do Estado, que tampouco é para botar foguetes, é de 31,6. Estamos nesta materia no posto once do conxunto das comunidades autónomas.

Efectivamente, como dixo a señora Gallego, a memoria do CES do ano 2022 é absolutamente contundente. O que fai o CES é reflectir os datos do Índice de competitividade rexional da Unión Europea, que son datos publicados en marzo de 2023 e que sitúan Galiza no posto 149 de 234 rexións. Pero o problema non é só que esteamos no posto 149, senón que estamos indo cara atrás. Non paramos de ir cara atrás. E, mentres tanto, temos aí ao lado, efectivamente, o norte de Portugal, que no mesmo período avanzou de 2016 ata agora do posto 164 ao posto 135. Pasounos por diante o norte de Portugal en materia de innovación e de investigación. No ránking das comunidades autónomas estamos no posto número 10 e en 2016 estabamos no noveno. É dicir, que tamén imos cara a atrás no ránking autonómico. E nalgúns dos indicadores, segundo este informe —concretamente nos indicadores básicos que fan referencia a institucións, a estabilidade macroeconómica da que vostedes presumen tanto, infraestruturas, saúde e formación— estamos no posto dezasete, só por diante de Ceuta e de Canarias. Dezasete de dezanove. E miren, aínda estabamos peor no 2016, que es-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tabamos no posto dezanove. Aínda polo menos algo avanzamos; dous postos, xa non somos os últimos.

Se non lles valen estes datos do Índice da Comisión Europea temos tamén os do Consello Xeral de Economistas, que no seu informe para o ano 2021 dinos que Galiza está no nivel medio-baixo no ránking das comunidades autónomas. Neste informe hai un dato interesante —interesante non, porque é moi negativo— que fai referencia ao grao de dixitalización e di que Galiza é a comunidade con menor grao de dixitalización, que é un elemento fundamental para a competitividade, precisamente, e para a innovación. Estamos na cola con Estremadura, con Castela-A Mancha, con Castela-León e con Cantabria.

Efectivamente, con estes datos o balance é decepcionante. O balance é desolador. Pero non é por unha maldición bíblica; isto é responsabilidade de catorce anos de goberno do Partido Popular do señor Rueda e do señor Feixóo. *(Aplausos.)* Son os responsábeis deste balance. O Gabinete de demolición que puxo en marcha o señor Feixóo cando chegou á Xunta para arrasar con todo o que se avanzara en materia de innovación e de investigación na época do Bipartito, que foi modélico neste sentido, creando as bases do ecosistema galego da innovación.

Vostedes tardaron nada máis e nada menos que dez anos en recuperar uns niveis de investimento nos programas, concretamente 561A do Plan galego de investigación e 561B de investigación universitaria. O problema é que puxeron cartos nos orzamentos, pero incumpriron os seus compromisos. Fíxense, no ano 2011 o señor Feixóo anunciaba o Plan Galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015, que establecía como obxectivo chegar a un investimento do dous por cento do PIB en 2015 e chegar ao obxectivo europeo do tres por cento en 2020. E resulta que estamos no 1,1 por cento no 2022.

¿Como podemos xulgar e avaliar os resultados de catorce anos de Goberno? Decepcionante, deficiente, moi deficiente. A mellor proba de que é deficiente é, efectivamente, o cumprimento dos orzamentos que vostedes aproban, que son orzamentos de ciencia ficción. Non son contas; son contos. Porque, claro, deixaron sen investir en catro anos máis de cen millóns en innovación e investigación no programa do Plan de investigación. E, efectivamente, tamén, como dixo a señora Gallego, non é só que non executen os orzamentos —que, efectivamente, non os executan—; ¡é que lles meten uns tesoirazos...! Porque xa me dirán: recortar cincuenta e oito millóns de euros no orzamento de innovación coa cantidade de necesidades que hai no país, de proxectos que hai no país, de xente que quere traballar no país, de proxectos de investigación que hai. ¡É que é un auténtico desastre recortar no ano 2022 nada máis e nada menos que cincuenta e oito millóns de euros e que a cantidade restante, os cento trinta e tres millóns de euros, non os desen executado! É así, señor Rodríguez, póñanse como se poña. É así. Non deron executado o orzamento, pero ademais recortaron dunha maneira moi drástica.

E, claro, está aínda na conta das asignaturas pendentes tamén a creación dun marco estable para a carreira investigadora. Levamos máis de oito anos dando voltas a esta demanda do persoal investigador e non a dan resolto. Estamos xa no tempo de desconto do mandato e vostedes abriron o procedemento de debate sobre o decreto que regula o estatuto do persoal

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

laboral de investigación da Administración xeral e das entidades instrumentais, que deixa fóra as fundacións sanitarias e, por suposto, todos os centros universitarios (que non os cobre este decreto). Desde hai ano e medio levan tramitando este proxecto, acabou a información pública hai seis meses e aínda está pendente a aprobación.

O que dicimos é que espabilen, que se está acabando o tempo, que está acabando o mandato. *(Aplausos.)* Que vostedes teñen que centrarse, que os vemos en 3D; vémolos desorientados, vémolos despistados e vémolos descentrados, porque vostedes están a outras cousas. Vostedes están en poñer paus nas rodas, en facer oposición, en poñerse agora —*quién te ha visto y quién te ve, PP*— nas barricadas e nas pancartas. ¡Que hai que ver o que dixeron vostedes das barricadas e das pancartas e resulta que agora instauraron a PP Borroka do Partido Popular, unha grande innovación. Iso si que foi innovación do Partido Popular. Aí van por diante.

Miren, para rematar quero anunciar o voto favorable a esta iniciativa, que coincide, aínda que sexa parcialmente, con moitas demandas que leva facendo o BNG nesta materia. Foi un elemento absolutamente prioritario e central nesta lexislatura, na pasada e nas anteriores, porque no BNG temos unha certeza e temos unha convicción moi clara: que a investigación, a innovación e a transformación tecnolóxica son absolutamente clave para modernizar o país, para poñelo a producir, para xerar emprego e riqueza, e emprego de calidade. E por iso desde o BNG propoñemos a partir do ano 2024 abrir unha nova etapa cunha presidencia nacionalista na Xunta de Galiza. Abrir, inaugurar a década da ciencia promovendo a maior transformación da historia deste país. Converter a innovación e a creatividade na marca do país, a tarxeta de presentación de Galiza. Un sector produtivo, prioritario e estratéxico fronte a ese modelo *low cost* do Partido Popular, que parece que só mira e se preocupa polo sector servizos.

As nosas propostas, xa presentadas publicamente, debatidas aquí e vetadas polo Partido Popular, son claras. Pacto galego pola ciencia. Porque este ten que ser un proxecto de país que implique toda a sociedade: os axentes económicos, as universidades e os gobernos. En segundo lugar, necesitamos un instrumento que mobilice recursos. Ese instrumento o BNG xa o propuxo mediante unha lei neste Parlamento. É Innogal, a Fundación Galega para a Ciencia, que ademais non inventa nada, porque o que fai é trasladar a Galiza o que xa funciona noutros sitios, como o Ikerbasque ou o ICREA catalán, que están mobilizando centos de millóns de euros de retorno e contratando persoal para que non marche do país. A creación da Rede Galega da Ciencia é continuar avanzando na garantía e promoción da igualdade, como fixemos xa promovendo a aprobación neste Parlamento da Lei Ángeles Alvariño, que sitúa Galiza na vangarda grazas a esta iniciativa do BNG. Porque tamén na ciencia, xa desde hai cando menos cen anos co Seminario de Estudos Galegos, o nacionalismo está na vangarda da investigación, da innovación e do futuro deste país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ten a palabra don Moisés Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

¿Saben o que é isto? *(O señor Rodríguez Pérez amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Señor Bará, que nós somos aprendices de pancartas. Miren, isto é o acordo do BNG e o Partido Socialista. ¿Saben cantas palabras lle dedican vostedes, nacionalistas, independentistas e socialistas, á I+D+i? Cero palabras. Con isto remata a miña intervención. *(Aplausos.)* Cero palabras, si señor. Cero. Cero elevado á máxima potencia.

Debatemos esta PNL do Partido Socialista, que en síntese... Señor Bará, que eu escoiteino. Hoxe non é bo día para falar de Portugal, e dígollelo eu que son da fronteira. Ao Bloco de Esquerdas hoxe deberiamos deixalo tranquilo. Hoxe non é bo día para nomear Portugal. Vostedes rexistraron esta PNL en agosto. Estamos de novembro. *(Murmurios.)* ¡Por favor!

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Poderían respectar o turno da palabra como se fixo ata agora? Que íamos ben.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Pensei, na miña inocencia, que despois de todos estes días de comparecencias de orzamentos, dos conselleiros e conselleiras, directores xerais, órganos consultivos explicando polo miúdo o traballo realizado con datos e cifras —Galicia, a pesar de vostedes, saben que non para; quince anos de orzamentos e os que lle quedan— serían un pouco máis obxectivos. De verdade, señora Gallego, facendo unha análise dos orzamentos pensei que non serían capaces de manter esta iniciativa. Pero, polo que vexo, equivocábame. Vostedes —e sabémolo todos os galegos e galegas, españois e españolas— son capaces de todo. Pero tempo ao tempo. Temos memoria e pasaremos factura.

Vostedes venden España por un sillón. ¿Por canto tempo? ¿A que prezo? ¿Que débeda? ¿Canta débeda? ¿Catrocentos euros por cabeza? ¿Quince mil millóns? ¿Catrocentos cincuenta mil millóns? ¡Que máis dá! Vostedes, como non o van pagar, dálles igual. ¿Queren un repaso? Pois imos alá, será un pracer. Este grupo parlamentario estamos encantados de falar de investigación, desenvolvemento, innovación, futuro, prosperidade, talento; en definitiva, da Galicia actual e próspera con pasado e, sobre todo, con futuro. O que estamos fartos é de falar de toda a matraca esa de vostedes da amnistía, indultos... Xa non quero nin perder o tempo.

Vostedes o que non poden é negar —acudindo a calquera dos datos obxectivos— que Galicia avanzou. Avanzou na última década a pasos axigantados respecto a outras comunidades autónomas, gañando postos no ránking nacional. Deste xeito, Galicia acadou no ano 2021 cifra récord de investimento en emprego e en crecente participación no sector empresarial. Galicia está entre as nove comunidades autónomas que superaron os niveis de investimento en emprego previos á crise financeira do ano 2008.

Señorías, Galicia non para. E para o ano vindeiro, 2024 —illa de estabilidade e terra de oportunidades cos orzamentos presentados e aprobados—, incrementa o gasto en I+D+i nun vinte

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por cento, chegando a representar —señor Bará, non sei quen lle pasarían os datos— o 2,6 por cento do orzamento total da Administración autonómica. *(O señor Bará Torres:* Do PIB, do PIB.*)* Eu estou falando do orzamento da Administración autonómica. Os datos da Axencia Galega de Innovación creceron interrompidamente desde o ano 2014; e, no 2021 —último dato estatístico—, 697,5 millóns, o que supón 56 millóns de euros máis que o ano anterior. A porcentaxe de investimento en I+D en relación co PIB incrementouse na última década nun trinta e dous por cento. Espero que este dato si lles guste.

Galicia non é a de hai unha década cando falamos de investigación, innovación e de tecnoloxías. O número de investigadores medrou dende o ano 2014; temos o maior número de toda a serie histórica de persoas empregadas, un total de once mil catrocentas persoas. Agora, o peso do sector empresarial representa un 51,2 por cento do total e iso implica un avance. Pero queda camiño por percorrer, claro que si, para equipararnos coa media da Unión Europea (o 65 por cento) ou con países como Estados Unidos (75,3 por cento).

¿Queren máis datos? Sobre o índice de competitividade rexional —¡que é importante compararse!— da Unión Europea en 2022 (informe que se publica de forma trianual desde o ano 2010) cómpre sinalar que Galicia é a oitava rexión innovadora de España, segundo o índice de innovación rexional.

Vostedes falan —falan, porque o falar non ten cancelas— de incrementar o orzamento dos programas para impulsar a innovación das pemes, que en 2021 xa botou a andar co Programa de impulso á innovación nas pemes. Señorías, temos moitos programas. Indo á PNL no punto terceiro, señora Gallego, xa existen medidas para a atención ao retorno e a atracción de talento científico a Galicia. De feito, a nosa comunidade está sendo capaz de traer e, sobre todo, reter talento da I+D a través de distintos programas como: Principia, Investigo, Oportunius, Talento sénior, Inicia, Doutoramento Industrial, Predoc e Postdoc... coas que apoiamos no período 2014-2021.

Señorías, seguimos avanzando. Non estamos contentos; temos moito camiño por percorrer. Ademais, Galicia continúa coa tramitación do decreto que regulará as condicións do persoal laboral de investigación da Administración xeral e das entidades instrumentais integrantes do sector público, convertendo a Galicia na primeira, señorías, comunidade de toda España en regular a carreira de todo o persoal de investigación que dependa da Xunta de Galicia e dos seus órganos correspondentes. Temos, ademais, o Programa Oportunius, para a atracción e retención de talento excelente. Este foi regulado a través doutro decreto deseñado pola incorporación de talento excelente.

Señorías, despois de todos estes datos —que son datos reais, datos que se poden contrastar, datos que están publicados, que son reais, que non son mentira— o que deberían vostedes, señora Gallego, é retirar esta PNL. Esta PNL non lle fai ningún favor a vostedes, porque non lle deron importancia ningunha no seu acordo de investidura co BNG. Porque no fondo vostedes saben que é moi fácil de enganar o BNG; estiveron co anterior acordo catro anos sen facer nada. Aquí veñen moi bravos, con moita bravura, dicindo que agora somos nós aprendices de pancartas... En pancartas son vostedes uns profesionais. O que teñen que facer vostedes no camiño que queda por percorrer é botar unha man, que poden botar unha man se

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

queren. Recoñezan, porque é importante ás veces recoñecer o traballo realizado, e non poñan paus nas rodas. Nós non nos conformamos, seguimos avanzando e Galicia, afortunadamente, non para.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, a señora Ana María Leticia Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

Quero agradecer o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego. Señor Rodríguez, é unha auténtica vergoña que vostede veña aquí dicir que por que non retiramos a nosa iniciativa. É unha auténtica vergoña. Pois mire, non retiramos a nosa iniciativa ¿sabe por que? Porque os datos están aí e son datos obxectivos. ¡Datos obxectivos! O Consello Económico e Social, do que ata hai nada era presidente un exconselleiro, foi o que alertaba do precario investimento galego en I+D+i. O Foro Económico de Galicia: o investimento I+D é claro exemplo da falta de fuelle da nosa terra, en Galicia ronda a metade da media estatal. A Unión Europea no Índice de competitividade rexional de 2022: Galicia sitúase en innovación nos postos de cola de España; é a sexta autonomía menos innovadora. Non o di este grupo parlamentario. Aquí ten, datos obxectivos. ¡Obxectivos, señor Rodríguez! (*Aplausos.*)

E despois, de verdade, vén aquí vostede dicirnos que nós somos capaces de todo. Non, os que son capaces de todo son vostedes. Son vostedes, coa crispación que están trasladando á sociedade. E voulles dicir unha cousa: traballen pola convivencia entre todos os homes e as mulleres do noso país; todos, os cataláns tamén, señor Rodríguez, pero os madrileños, os galegos... Iso é convivencia; non crispación, que é o que están vostedes fomentando. Iso é o que están vostedes fomentando. Xa está ben de vir aquí dicir que se nós..., que se amnistía... ¡Xa basta de tanta crispación! ¡Xa basta, xa basta! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E mire, vou seguir falando da iniciativa, porque resulta que nós sempre falamos do produto interior bruto. Pero mire, a teoría nos orzamentos queda moi ben, pero acabo de dicirlle que o ano pasado rebaixaron cincuenta e oito millóns en I+D+i, e despois aínda por riba non se executan; deixaron sen executar o corenta e sete por cento. ¿Pero de que veñen aquí sacar peito? A maiores, marcharon seis mil investigadores o ano pasado. ¿Tamén marcharon porque lles apetecía ir de vacacións? ¿Ou que? Non, marcharon. E, ¿sabe de onde veñen estes datos? Porque tanto que din vostedes dos datos... Estes datos son do Instituto Galego das Cualificacións, que depende da Consellería de Emprego. ¡Ah! Son os vosos datos, son os datos do seu Goberno. Seis mil científicos marcharon. Son datos seus.

E todo vai tan ben, tan ben, que non sei por que no mes de agosto os investigadores e as investigadoras foron diante da Xunta de Galicia manifestarse. ¿Por que? ¿Por que será? Porque como todo vai tan ben; a ciencia neste país vai perfecta... Pois alí estiveron para protestar polo atraso nas convocatorias das bolsas, para reclamar a rectificación dos criterios sinalados

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para acceder a estas axudas, para frear a fuga de capital humano formado nas facultades públicas galegas. Por iso se estiveron manifestando os investigadores e as investigadoras. Por iso, porque queren mellorar as súas prestacións laborais. Pero non, vostedes como viven, non sei, en *Alicia no país das marabillas*, ven que todo está perfecto.

E, mire, falou vostede do Proxecto do decreto polo que se regula o estatuto do persoal laboral e de investigación da Administración. Pois, miren, no mes de marzo xa se pecharon as suxestións para remitirse a este proxecto. Aí a aprobación ía ser inminente. No pasado mes de outubro tamén xa se ía aprobar, xa ía estar, xa en breve teriamos un decreto. Xa pasou un mes e nada, aínda non se sabe absolutamente nada deste decreto. Estaría ben que se puxesen de acordo a consellería que leva a universidade e a consellería que leva o Gain.

Mire, eu voulles dicir unha cousa: hai que crear unha consellería de ciencia. Pero non se preocupe, que a crearemos nós cando gobernemos Galicia. (*Aplausos.)* Crearemos unha Consellería de Ciencia onde estea aí todo, todo que ten que ver coa ciencia. Non como agora, que está disperso en varias consellerías e parece ser que non se poñen moi de acordo.

Por iso hoxe volvemos traer aquí esta proposición non de lei para reivindicar, dunha vez por todas, que se mellore as condicións laborais dos investigadores e investigadoras; e que se faga xa, dunha vez por todas, porque leva moito atraso ese proxecto do decreto polo que se regula o estatuto laboral do persoal de investigación da Administración xeral. Queremos unha nova lei da ciencia de Galicia xa. E queremos máis, moito máis, investimento en I+D+i; e, sobre todo, que se execute ese investimento, porque xa está ben de non facer caso ningún do que din os investigadores e as investigadoras nas súas manifestacións do mes de agosto.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Avanzamos na orde do día. Imos ao punto 4.3.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Sol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relativas ás novas exixencias de inclusión no réxime da Seguridade Social do alumnado de FP e universitario durante os períodos de prácticas en empresas

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas. A emenda 61.873, do Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, e a emenda 61.884, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Daniel Pérez López.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que negocie coa Tesorería General de la Seguridad Social (TGSS) un convenio para que o Goberno galego, con fondos propios, financie o dez por cento restante da bonificación das cotizacións, para alcanzar o cen por cen da bonificación das mesmas.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Daniel Pérez López, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que reitere ao Goberno de España a petición de que escoite ás partes implicadas e que faga axustes no relativo ás cotizacións á Seguridade Social para o alumando de FP e universidades que realice prácticas en empresas, considerando a necesidade de:

1.- Que se adíe un ano a posta en marcha da medida para explicar e facilitar a súa implantación.

2.- No caso das universidades, de supor a medida a asunción dalgún custe relativo ás cotizacións, será tido en conta e compensado ao incrementarse o sistema de financiamento daquelas por parte do Estado.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

- Implementar programas verdadeiramente efectivos para a dixitalización das Pemes galegas.

- En tanto non se acada ese obxectivo nesta cuestión en concreto, solicitar do goberno do Estado que se habilite un sistema informático sinxelo e áxil para a xestión das altas e baixas do alumnado e que non recaía nos centros.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei, e polo tempo de dez minutos, ten a palabra dona Marisol Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Señorías.

Arredor de trinta e seis mil mozos galegos, estudantes de formación profesional e universitarios, fan prácticas en empresas cada ano. Prácticas que lles permiten completar a adquisición de competencias profesionais propias da titulación que estudan, permitíndolles exercitarse nun entorno real, claves para a súa inserción laboral. Pero estas prácticas poderían estar en risco por unha normativa estatal. Neste punto iniciamos o relato.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Todo empezou en 2018, cando o Goberno central do señor Sánchez, a través dun real decreto, obrigou as empresas a incorporar ao réxime xeral da Seguridade Social os estudantes universitarios e de formación profesional que realizan prácticas, xa sexan remuneradas ou non. Cun real decreto que non se desenvolve, pese a que tiña que facelo, e que colleu empresas, universidades e administracións por sorpresa e mesmo poderiamos dicir «desprevidas». Empresas, a maioría pemes, a quen hai que recoñecerlles o esforzo e vocación de colaboración coa formación práctica dos universitarios. Coa nova regulación tería un importante efecto disuasorio derivado da burocracia e custos que conlevaría.

Partimos, señorías, dun interese indiscutible, que é o de mellorar as condicións da realización das prácticas curriculares e extracurriculares do alumnado nos distintos niveis educativos. E aquí detéñome a facer unha primeira reflexión: calquera reforma, señorías, que afecte o modelo de prácticas académicas externas, lonxe de ser improvisada ou propagandística, debería ser reflexionada e froito do diálogo entre os protagonistas implicados.

É necesario lembrar que esta medida xa provocou, dende o momento da súa aprobación, o malestar de universidades, empresas e comunidades autónomas. ¿Malestar, por que?, preguntaranse as súas señorías. Para empezar, pola falta de diálogo do Goberno central coas universidades e coas empresas, pero tamén, señorías, pola falta de diálogo interno entre os propios ministerios —o Ministerio de Inclusión e Seguridade Social, por un lado, o Ministerio de Traballo, por outro lado, e os de Educación e FP e Universidades, polo outro— e, por suposto, por non escoitar o que tivesen que dicir ao respecto as comunidades autónomas. Polo tanto, dende o 2018 ata o día de hoxe, 7 de novembro de 2023, estamos nesta situación de incapacidade para definir a aplicación dunha medida, sen esquecer o asunto do estatuto de bolseiros. Resulta cando menos chamativo que a regulación das condicións laborais dos estudantes en prácticas —tema, sen lugar a dúbidas, do ámbito académico e non laboral— fose obxecto de negociación nunha mesa de diálogo social, excluíndo da mesma os verdadeiramente responsables da formación, como son as administracións educativas: a autonómica, o propio Ministerio de Educación e FP, o Ministerio de Universidades e as propias universidades.

Unha segunda reflexión, señorías: debe quedar claro que nin por parte do Goberno galego nin por parte deste grupo parlamentario se está en contra da cotización do alumnado en prácticas á Seguridade Social, pero o que hai que cuestionar é que se adoptase a medida sen falar con ninguén e que non se teña en conta un modelo claro de aplicación da mesma. O que queda claro é que este asunto volve ser un exemplo máis da improvisación do Goberno central, porque se vostedes botan a vista atrás verán que, dende o inicio desta medida, hai continuos aprazamentos.

Chegamos a maio do 2022 e a ministra, dona Pilar Alegría, volve anunciar a cotización dos alumnos á Seguridade Social. Sería en decembro do 2022 cando unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular foi debatida na Comisión 4ª e non foi apoiada nin polo BNG nin polo PSdeG. ¿Que se pedía? O diálogo co Goberno central e o diálogo coas comunidades autónomas, xa que estas son as encargadas de xestionar o día a día da educación en España e non foron nin consultadas nin convocadas para poder realizar aportacións sobre a oportunidade e o fondo desta regulación.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Atopámonos en marzo do 2023 e, así, determínase que a medida se aplicaría a partir do 1 de outubro do 2023, pero, señorías, non pasaran nin dous meses —en xuño do 2023— e o Goberno central, o Goberno do señor Sánchez, atrasaba, de novo, a xaneiro do 2024 a obriga de cotizar de todos os becarios. Polo tanto, xa houbo que adiar a aplicación prevista inicialmente para outubro do 2023 ao 1 de xaneiro do 2024, e aínda non está clara a súa aplicación. Será mellor, señorías, facer outro aprazamento que aplicar unha medida que non está ben definida e que podería traer consigo efectos non desexados. O Grupo Parlamentario Popular coincide coa Xunta de Galicia e súmase á preocupación das universidades, das empresas e dos centros de FP a respecto dos prazos e do novo sistema de cotización dos alumnos en prácticas, e pide a reformulación da norma ou, se é o caso, o aprazamento, polo menos dun ano, para facilitar a súa implantación.

Miren, señorías, creo que temos un punto de partida en común —e niso estaremos de acordo—, e é que a medida é positiva para o alumnado; e, por iso, por parte do Goberno galego e por parte deste grupo parlamentario non nos opoñemos á súa implantación, pero si se plantean unha serie de cuestións. A primeira é a complexidade do propio procedemento establecido para realizar as baixas e altas na Seguridade Social do alumnado, a liquidación de pagos e a xestión de baixas médicas por incapacidade temporal, accidente de traballo e enfermidade profesional. A segunda cuestión é que o importe que conleva a propia xestión do procedemento é máis alto que o importe do pago das cotizacións da Seguridade Social.

O cumprimento destes puntos conlevaría unha carga de traballo tanto para as entidades educativas como para as empresas e institucións receptoras dos estudantes; extremo que vai requirir un esforzo engadido por ambas as partes, que moi probablemente derivará nun efecto disuasorio no ámbito das empresas á hora de colaborar na formación dos futuros titulados. ¿Que se propón entón, señorías? Pois a necesidade de establecer unha nova moratoria na implantación desta medida, que podería permitir organizar de forma viable e realista a inclusión do alumnado no sistema da Seguridade Social. ¿Que se propón ademais? Realizar unha cotización cun procedemento simplificado e desburocratizado; establecendo, por exemplo, un número fixo de días de cotización por ensino realizado —grao básico, medio e superior— tanto de ciclos formativos como de cursos de especialización. A este respecto, hai que lembrar que a formación en empresa é obrigatoria para todo o alumnado que estea a realizar estes ensinos e desexe obter o título correspondente.

Tamén avogamos por un importe que englobe o conxunto do alumnado dunha comunidade autónoma nun período determinado, trimestral ou cuadrimestral. Por exemplo, no mes de maio informar a Seguridade Social das persoas que realizaron a formación en empresa no período de xaneiro a marzo, indicando o número de días máximo que estiveron na empresa e sen descontar os días que non asistiron. Tamén avogamos por establecer, señorías, un sistema de comunicación entre os sistemas informáticos da Consellería de Educación e os sistemas informáticos da Seguridade Social, de forma que a Seguridade Social se alimente automaticamente da información necesaria e que previamente os centros tivesen gravada nas súas aplicacións informáticas.

Tamén habería que controlar que os centros rexistrasen adecuadamente a información solicitada pola Seguridade Social, de forma que esta, simplemente, tería que rescatala, ou edu-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cación enviárllela. Calquera erro que puidese haber, podería ser considerado, señorías, como incidencias a liquidar, e non como sancións. Ata que este sistema de comunicación non estivese testado e funcionando correctamente nas diferentes comunidades autónomas, non se debería establecer a obrigatoriedade da alta na Seguridade Social.

Finalmente, tamén queremos propoñer a necesidade de introducir unha redución do cen por cento nas cotas empresariais para que non se desincentive a participación das empresas nos ensinos de FP ou universitarios, e eliminar o réxime sancionador. A norma —como ben saben ou deberían saber— fixa o noventa e cinco por cento, mentres que deixa no aire o cinco por cento restante. Trátase dun importante investimento para o que non destina fondos e tampouco indica quen debería asumilos.

Chegados a este punto, señorías, estamos no punto de mira de estudantes universitarios e estamos no punto de mira de máis de sesenta e catro mil alumnos de FP. Galicia é líder neste traballo, xa que xerou a confianza entre as familias e o prestixio nas empresas, porque os propios estudantes o ven útil dadas as taxas de inserción laboral. Non podemos deixar que este prestixio acadado se vexa prexudicado por unha normativa que neste intre suporía unha ameaza para a titulación de moitos dos nosos estudantes.

Por todo isto, señorías, o Grupo Parlamentario Popular espera contar co apoio dos grupos da oposición para, entre todos, solicitarlle ao Goberno de España que recapacite, que reflexione, que fale con todas as partes implicadas, que escoite e que faga os axustes técnicos ou doutro tipo que foren precisos para evitar efectos negativos non desexados, non só e principalmente no alumnado, senón tamén sobre as empresas e administracións —estatais, autonómicas ou locais— colaboradoras nas actividades formativas que promoven os centros de Formación Profesional e Universidades.

Remato xa, señorías. Este é un acordo que nace cun total rexeitamento da maioría dos axentes implicados no seu desenvolvemento e dificilmente, señorías—medíteno—, chegará a cumprir os seus obxectivos.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta. Boas tarde a todos e todas.

O cambio introducido polo Goberno do Estado, polo Goberno de Pedro Sánchez, no ámbito da Formación Profesional representa unha decidida aposta pola Formación Profesional Dual e o fomento da empregabilidade. Este compromiso tradúcese nun investimento substancial de sete mil setecentos millóns de euros ata 2025, dos cales dous mil dousentos millóns proveñen do Plan de recuperación, transformación e resilencia. Dentro dos piares desta iniciativa de modernización, contémplase a transformación das aulas en contornas de tecnoloxía

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aplicada á oferta de cursos de especialización bilingües e a acreditación continua de competencias profesionais. Un aspecto destacado desta nova política é que todos e todas as estudantes de Formación Profesional maiores de dezaseis anos que realicen prácticas en empresas contribuirán á Seguridade Social a través de cotizacións.

O Goberno apoiará nun noventa por cento o custo destas cotizacións, o que significa que nove de cada dez euros serán sufragados pola Seguridade Social. Estas cotizacións limítanse ás continxencias comúns, pensións e incapacidades temporais. Este enfoque implica que o dez por cento restante da cotización sexa asumido polas empresas ou entidades, co obxectivo de minimizar o impacto económico nelas. Isto representa un avance significativo para os estudantes en formación, xa que comeza a construír o seu historial de cotizacións dende unha etapa temperá da súa carreira. En canto á implementación desta medida, a Seguridade Social comprometeuse a levala a cabo de maneira eficiente e sen obstáculos operativos. De feito, como dixo a portavoz do Partido Popular, pospúxose a data de entrada en vigor para facilitar a súa implementación. Con todo, solicitar unha extensión adicional dun ano parece excesivo dende calquera punto de vista e non parece xustificado.

Con respecto á bonificación do cen por cento, é importante ter en conta que esta non é exclusivamente unha iniciativa do Goberno, non só porque o noventa por cento do custo xa o asume a propia Seguridade Social —o que demostra unha sensibilidade que os gobernos anteriores do Partido Popular non demostraron—, senón tamén porque esta medida se acordou a través do diálogo social cos actores sociais máis representativos. Promover un cambio unilateral nesta bonificación sería contrario ao espírito do diálogo social, baseado no consenso entre empregadores e traballadores. De todos os xeitos, o Goberno galego —ese que rebaixa ingresos para o orzamento a través de reducións fiscais aos ricos da nosa comunidade autónoma— podería exporlle ao Ministerio de Seguridade Social a realización dun convenio coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social para financiar ese tanto por cento adicional. En canto á implementación do sistema informático áxil para xestionar as altas e baixas, é importante destacar que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social xa conta cun dos sistemas de afiliación e cotización máis rápidos, confiables e flexibles do mundo, polo tanto, a Tesourería comprometeuse a manter a alta calidade do seu sistema informático, como fixo historicamente.

En definitiva, esta proposición non de lei é cuestionable, porque se centra en demandas que non son procedentes nin necesarias. Realmente o que queren é desviar a atención do verdadeiramente importante: o compromiso deste goberno coa formación profesional de alta calidade, coas prácticas en empresas e co investimento en capital humano en beneficio dos estudantes e das estudantes, en primeiro lugar, e da sociedade no seu conxunto. Lembren que esta norma que hoxe nos ocupa —como dicía— foi acordada dentro do marco do diálogo social. Vostede dicía que non se dialogara con ninguén e que se impuxera e isto non é certo. Pero bueno, o diálogo vostedes ultimamente non o practican máis; son máis de fomentar o discurso do odio e de crispar, como se está a ver —como dicía— nestes últimos días.

Mire, falando da hucha das pensións, ¿sabe vostede que este ano terminará con 5.347 millóns de euros? De feito, o ministro Escrivá compareceu ante o Congreso para presentar o fondo de reserva, que aumentaba 700 millóns no que vai de ano, polo impacto do mecanismo de

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

solidariedade —isto da solidariedade non vai moito con vostedes—. Miren estas notas de prensa (*A señora Rodríguez Dacosta amósalles un documento aos membros da Cámara.*): «La caída en picado de la hucha de las pensiones con Rajoy: de los más de 66.000 millones en 2011 a los 2.000 en 2021. En 2011, cuando José Luis Rodríguez Zapatero dejó la presidencia del Gobierno, el Fondo de reserva, mecanismo de pensiones creado en el año 2000, contaba con más de 66.815 millones de euros, concretamente. En la actualidad —en aquel momento— solo quedan unos 2.000.» Esa es la gestión del Partido Popular. Sin embargo, esta es la gestión de Pedro Sánchez, del Partido Socialista y del Gobierno del Estado: «*La hucha de las pensiones terminará el año con 5.347 millones por la subida de cotizaciones a empresas y trabajadores y también por estas medidas que se están implantando*». Teño que dicirlle que as cotizacións da poboación activa son as que financian as futuras pensións; polo tanto, cantas máis persoas traballen, máis diñeiro haberá na Seguridade Social para financiar os gastos, e canto maior sexa a nosa cotización —a dos xoves, a dos mozos e a das mozas—, maior pensión pública se obterá o día de mañá. Con todo, a pesar de que o Goberno xa aprazou a súa implantación tres meses —porque tería que estar vixente o 1 de outubro de 2023—, vostedes queren máis prazo, pero menos dereitos para os mozos e as mozas.

¿Quere que lle recorde, señora Díaz, que Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas de 16 a 35 anos, cun peso cada vez menor no conxunto de idades? Isto, inicialmente, podería levar a unha interpretación errónea: ao existir menos poboación nesta franxa de idade, as oportunidades no mercado laboral deberían ser máis e mellores para estes mozos e mozas, pero é todo o contrario; os máis mozos son o grupo diana das grandes eivas do mercado laboral galego. En Galicia diminuíu a poboación activa menor de 30 anos en 100.000 persoas en once anos —entre o 2010 e o 2021—, o que supón o 41 por cento. No norte de Portugal a diminución é de 83.000 persoas, o 22 por cento, segundo datos que proveñen dun estudo publicado este mes polo sindicato UGT. A taxa de temporalidade dos menores de 30 anos no norte de Portugal é do 39 por cento, moi inferior á galega, que supera o 60 por cento.

Deberían vostedes alegrarse de que se poña en marcha a medida que nos ocupa, pero a vostedes só lles preocupa —como dicía— confrontar co Goberno central, neste caso a custa dos mozos e as mozas e do seu futuro. Hai en Galicia un total de 456.900 mozos e mozas entre 16 e 35, segundo os últimos datos da EPA do segundo trimestre de 2023; esta cifra representa o 19,45 por cento sobre toda a totalidade, porcentaxe que contrasta cos datos do terceiro trimestre de 2009, cando este grupo de poboación representaba o 27,2 por cento sobre o total.

Vostedes opóñense a todos os avances importantes para os traballadores e traballadoras deste país, ¿ou lles teño que lembrar que votaban «non» á subida das pensións mínimas e non contributivas, á subida das pensións nun 8,5 por cento ou á importante reforma laboral levada a cabo polo Goberno de Pedro Sánchez? Como tamén se opuñan —aínda que neste caso non tiveron que votar— á subida do salario. Mesmo o seu líder, o señor Feijóo, mentía descaradamente cando dicía en campaña electoral, respecto das subidas do salario mínimo e da evolución dos prezos: «Con vostedes o incremento do salario mínimo está por baixo do incremento dos prezos e connosco o incremento do salario mínimo supera o incremento dos prezos». Pois mentía —como dicía antes—. En realidade, o salario mínimo subía moito máis que a inflación cos gobernos de Pedro Sánchez. Desde xuño de 2018 ata agosto de 2023

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os prezos aumentaron un 16,13 por cento, mentres que o salario mínimo se incrementou en case un 50 por cento durante este período de gobernanza de Pedro Sánchez.

A cotización de todos os bolseiros —aínda que non fagan prácticas remuneradas— é unha reclamación dos sindicatos maioritarios dende hai anos. Trátase dun recoñecemento, en termos de antigüidade na Seguridade Social, para centos de miles de mozos, ao ter en conta os seus primeiros pasos no mercado laboral en prácticas ata que logran asinar os seus primeiros contratos laborais, e isto, en ocasións, é un salto —de estudantes bolseiros a traballadores— que custa tempo alcanzar. Nestes momentos, as prácticas remuneradas cotizan á Seguridade Social, pero non aquelas en que os estudantes non perciben salario. Agora, a ampliación de dereitos ampliaría a cotización a todos os bolseiros, aínda que non estean remunerados; é dicir, a todos os estudantes que realicen prácticas en empresas, institucións ou entidades incluídas dentro dos programas de formación das súas titulacións, xa sexa en formación profesional —como dicía—, universidades ou noutro tipo. Así como os estudantes en prácticas que non formen parte...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que acabar, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—si, si, xa termino— de currículos educativos.

En fin, esta iniciativa desvía a atención —como dicía— do importante: o compromiso do Goberno do Estado, do Goberno de Pedro Sánchez, neste caso, a favor dos mozos e das mozas, tamén das galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA (Padro Cores): Moitas grazas, señora Rodríguez.

É agora a quenda para o Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Boas tardes a todos e a todas.

Efectivamente, xa en xuño deste ano se adiou a inclusión no sistema da Seguridade Social dos alumnos e alumnas que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación prevista para o comezo deste curso. A ampliación temporal da *vacatio legis* prevista na norma ata o 1 de xaneiro do ano 2024 veu constatar que era necesario pulir e clarificar determinados aspectos desta norma, polo que podemos dicir que a causa inmediata dese adiamento foi a polémica xerada dende as propias universidades e os empresarios e empresarias pola incerteza que existía sobre determinados aspectos desta norma. O posible custo económico e o tempo de traballo que os negocios terían que investir para incorporar un alumno en prácticas constituían a cerna desa incerteza. Tanto as empresas como as universidades entendían que esas dúas cuestións podían supor un freo para a incorporación dos alumnos en prácticas ao mercado laboral.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se esa era a causa inmediata, a causa mediata ou indirecta do adiamento foi a precipitación do anuncio da norma e o xeito de aprobala —hai que dicilo todo—; unha precipitación que seguramente tivo que ver co momento político no que se fixo: en fase constante de precampaña no que están —parece— instalados constantemente o Partido Popular e o Partido Socialista dende hai xa tempo; e unha precipitación polo propio xeito polo que se optou para a súa aprobación. A inclusión no sistema da Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación fíxose a través dun real decreto lei que furtou o debate parlamentario, neste caso no Estado. É unha norma, polo tanto, promulgada polo Goberno de xeito unilateral, sen contar co Parlamento e sen contar coas posibles achegas das forzas políticas con representación no Parlamento do Estado español; polo tanto, tamén que priva da posibilidade de serenar unha norma necesaria pero que precisa ser ben explicada e pulida polas repercusións que pode ter.

O Partido Popular e o Goberno galego saben moito desta cuestión, son especialistas en furtar o debate parlamentario e en aprobar pola porta de atrás normas que, pola súa relevancia, deberían pasar polo Parlamento para debaterse, para explicarse e, no seu caso, para ser obxecto de mellora.

Pero, como é habitual, o Partido Popular ve a palla no ollo alleo, pero non a viga no propio, e esta iniciativa é un exemplo bastante claro; unha iniciativa sobre a que agora o Partido Popular de Galiza di que —abro comiñas— «están a favor de que os alumnos coticen durante o período de probas, porque entenden que os axudará no futuro.» Tamén o manifestou agora a portavoz do Partido Popular, pero hai uns meses —en maio— gobernos do Partido Popular como o de Castela e León —onde, por certo, gobernan coa extrema dereita— rexeitaban esta medida de plano. Nese momento, o Partido Popular amosaba o seu total rexeitamento a esta norma en todas e cada unha das comunidades nas que gobernaban; falaban de «despropósito» e de que se trataba dunha norma para —abro comiñas— «maquillar datos de afiliación á Seguridade Social». Así se expresaba, literalmente, a conselleira de Educación de Castela e León, Rocío Lucas. Aquí, reproduciron esa mensaxe, pero, claro —insisto—, estaban instalados noutra cuestión: nesa precampaña constante que nada lles aporta aos galegos.

Para o BNG, que as alumnas e os alumnos en prácticas coticen é unha medida lóxica e xusta e que supón un avance innegable; que o alumnado cotice é un aspecto positivo cara ás propias alumnas e os alumnos. Habería moita tea que cortar —tamén hai que dicilo todo— en canto ás condicións nas que se realizan, en moitos casos, esas prácticas e en canto aos mecanismos que se deberían artellar polas administracións competentes para que esas prácticas cumpran co seu obxectivo e se realicen dun xeito digno, pero non é ese o tema que traen hoxe aquí, ao Parlamento.

Agora, con esta iniciativa, o Partido Popular asume esta medida como positiva, e está ben, pero por unha vez pide escoita e diálogo coas partes implicadas. Non me negará que isto é como cando os paxaros se viran ás escopetas, e voulle dicir por que: porque tamén piden vostedes que se fagan axustes na medida das cotizacións á Seguridade Social para os alumnos de FP e de universidades que realicen as prácticas en empresas; por iso piden adiamento

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da medida, unificación ao cen por cento e que se facilite a xestión de altas e baixas do alumnado. Por unha vez —e sen que sirva de precedente—, coincidimos parcialmente con vostedes nalgunhas destas cuestións. Porque é certo que, polo xeito en que se aprobou esta medida, xerou moitas dúbidas e interrogantes que aínda hoxe están vixentes; moitas incógnitas e interrogantes sobre a bonificación, sobre a porcentaxe e sobre se esa porcentaxe da cotización suporá unha carga económica para as empresas que actúe como un efecto desincentivador para contratar alumnos en prácticas. Niso —insisto— si que podemos estar de acordo, por esas interrogantes e, sobre todo, polo perigo de que se retraia polas empresas o acollemento de alumnos en prácticas; algo que é, sen dúbida, positivo para eles e para elas.

Dende o BNG estamos de acordo en que o Goberno escoite as partes implicadas e acorde os axustes necesarios, en que tome o tempo que sexa necesario para aclarar o que haxa que aclarar e para que a medida teña unha acollida favorable tamén entre o empresariado e as propias universidades, para garantir, precisamente, que os alumnos de FP e das universidades teñan a opción de facer prácticas que favorezan a súa incorporación ao mercado laboral e que poidan cotizar por esas prácticas.

O BNG —ao contrario que o Partido Popular— sempre está disposto a escoitar e a dialogar, porque entendemos que así é como se debe exercer a praxe política. Por iso, nun caso coma este, onde o Goberno español furtou ese debate parlamentario que tería evitado as dúbidas sobre unha medida indiscutiblemente positiva, podemos censuralo e pedir parar un pouco e calmarnos para avanzar dun xeito seguro despois.

Nós estamos lexitimados para facelo, para realizar esa censura; o Partido Popular, loxicamente, pode facelo —claro—, pero, pola praxe amosada á fronte do Goberno galego, carecen vostedes de credibilidade. Non pode o Partido Popular pedir do Goberno do Estado aquilo que non exixe do Goberno galego, sen que nós poñamos enriba da mesa esa incoherencia, porque son vostedes uns incoherentes. Non os escoitei aquí pedirlle ao Goberno galego diálogo e escoita cando aproba pola porta de atrás, sen debate parlamentario, cuestións básicas para o noso país. Nós mantemos sempre a mesma premisa: escoita, diálogo e debate para acertar nas decisións; exixímolo do Goberno galego e, por suposto, do Goberno do Estado español.

Por iso, na nosa emenda puntualizamos —e abro comiñas—: «...no caso das universidades, de supor a medida a asunción dalgún custo relativo ás cotizacións, será tido en conta e compensado ao incrementarse o sistema de financiamento daquelas por parte do Estado» —un incremento ao que se comprometeu o Goberno do Estado ao comezo da lexislatura e que, aínda hoxe, non cumpriu—. Tamén pedimos que se realicen os axustes necesarios no relativo ás cotizacións.

O noso ecosistema empresarial está constituído, maioritariamente, por pequenas e medianas empresas, e non é o mesmo que unha porcentaxe da cotización teña que ser asumida por unha grande empresa —para a cal asumir o importe desa porcentaxe sería irrisorio— a que teña que facelo algunha das empresas que constitúen a maioría do noso tecido empresarial, que son pequenas empresas, porque a situación das nosas peme e persoas autónomas non é a idílica que pregoan dende o Partido Popular. Os programas parche do Goberno galego

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non serven para mudar os datos negativos de demografía empresarial e a perda constante de emprego autónomo, nin para afrontar os gastos correntes, que non paran de incrementarse para as pequenas e medianas empresas e para as persoas autónomas. Teñen eses programas máis de cosmético e propagandístico que de efectivo, e un exemplo son os programas de dixitalización, que o Goberno galego leva tres anos vendendo como solución máxica para o noso tecido empresarial, pero que son programas tramposos, á vista do punto 3 da súa iniciativa, na que din que se habilite un sistema informático sinxelo e áxil para a xestión das altas e baixas do alumnado que non recaerá nos centros. Está claro que esta é unha necesidade que compartimos e que, por iso, recollemos na nosa emenda, pero que supón recoñecer por vostedes mesmos, por escrito, que os programas de dixitalización das nosas pequenas e medianas empresas constituíron e constitúen un auténtico fracaso por insuficientes. «As peme son maioría no tecido produtivo de Galiza, e a nova regulación tería un importante efecto disuasorio derivado da burocracia e custos que conlevaría» —dino vostedes—. Lendo entre liñas, o que vostedes están a dicir é que despois de tres anos de anunciar programas que, na teoría, permitirían ás nosas pequenas e medianas empresas transformar os procesos analóxicos e obxectos físicos en dixitais e comunicarse electronicamente coa Administración —como están obrigadas—, esas mesmas empresas terían custos derivados de ter que recorrer, por exemplo, a unha xestoría para comunicar a alta ou a baixa do alumnado en prácticas. Ese punto terceiro recoñece o fracaso destes programas e que a dixitalización no noso ecosistema empresarial está aínda moi lonxe de acadarse.

Por iso, na emenda pedimos que se solicite do Goberno do Estado que se habilite un sistema informático sinxelo e áxil para xestións desas altas e baixas, ao tempo que exiximos do Goberno galego implementar programas verdadeiramente efectivos para a dixitalización das peme galegas.

Acepten a nosa emenda de substitución, que lle exixe ao Goberno do Estado —pero tamén á Xunta— e que pide que unha medida tan positiva como a de que as alumnas e alumnos de FP e universidades coticen polas súas prácticas sexa afinada e clarificada para que a súa implementación sexa completa e satisfactoria para todas as partes implicadas.

Nada máis pola miña parte. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Pérez López.

É a quenda agora do Grupo Parlamentario Popular, autor da proposición non de lei, e ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidenta.

Señorías.

Señora Dacosta, claro que pedimos máis prazo, precisamente, co obxectivo último de salvagardar os dereitos dos nosos estudantes. Non desviamos atención ningunha, todo o contrario: este Grupo Parlamentario Popular o que quere é centrarse —como dicía tamén o señor Pérez— nesas moitas dúbidas e nas moitas contradicións en cuestións non resoltas ao res-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pecto dunha medida que o Goberno central quere aplicar. O que se pide, simplemente, é o adiamento para salvagardar eses dereitos e, sobre todo, para facilitar a súa aplicación. Por iso, vimos aquí pedir o seu apoio nesta iniciativa: o seu apoio para miles de estudantes universitarios e de formación profesional, pero tamén, ao mesmo tempo, para esas empresas e para as universidades; e para falar, sobre todo, de prácticas formativas e de inserción laboral. Este é o único obxectivo que busca o Grupo Parlamentario Popular coa presentación desta iniciativa, señora Dacosta.

Mire, defender os dereitos dos estudantes é defender o sistema educativo galego, ¿de que? Dos embistes aos que o Goberno central nos últimos tempos nos ten afeitos; *(Aplausos.)* e confrontar co Goberno central xa confrontan eles sós entre os ministerios —cousa que logo pasarei a explicar—.

O aprazamento ao 1 de xaneiro de 2024 non soluciona en absoluto, señora Dacosta, a entrada en vigor desta medida. Este grupo parlamentario fixo, na primeira intervención, propostas ao respecto dunha medida que evidencia carencias e descoñecemento do funcionamento das prácticas e, sobre todo, que demoniza, quizais, as empresas que son un piar fundamental neste proceso. O único que queremos evitar, señorías, é que se desincentiven as empresas e as administracións para participar na formación dos nosos estudantes.

Dito todo isto, lévanos a concluír que as reformas lexislativas adoptadas no ámbito laboral polo Goberno de España e que afectan o réxime de prácticas formativas adoecen, señora Dacosta, dunha ignorancia da realidade que pretenden regular. E, ¿que ignorancia é? É lóxica ao tratarse dunha competencia allea, precisamente, aos departamentos que incoaron tales normas, pois trátase de materias propias do ámbito formativo. Polo tanto, ¿somos contrarios ao diálogo social? De ningún xeito; pero, ¿contrarios ao ámbito formativo? Estea segura de que si se se chega a implementar a norma.

Vemos con preocupación como a boa relación das universidades e da formación profesional galega se ve ameazada por esta incorrecta xestión do Goberno de España. Esta é a preocupación do Grupo Parlamentario Popular, señorías.

E hai máis cuestións que precisan de aclaracións, hai máis cuestións que precisan de reflexión, hai máis cuestións que precisan de rectificación, claro que as hai; e todas esas cuestións son ás que este grupo parlamentario trata de buscarlles resposta. E isto non é demagoxia. O que buscamos é que o Goberno central, señora Dacosta, desarrolle un procedemento operativo que sirva para xestionar esta medida, porque o Goberno central non avanza o máis mínimo buscando solucións a este problema, pero non só pola falta de diálogo coas universidades, coas empresas, coas institucións e coas comunidades autónomas, senón pola descoordinación interna entre varios ministerios do Goberno de España.

As negociacións, señora Dacosta —como vostede dixo—, foron lideradas pola ministra de traballo, a señora Yolanda Díaz, cunha flagrante falla de transparencia, desembocando nun acordo estritamente bilateral acadado só coa parte sindical, UXT e Comisións, sen contar coa colaboración doutros ministerios —e aquí está a gravidade do tema; e despois falan de diálogo e de escoita— e á marxe do tecido empresarial. Miren, o Ministerio de Traballo es-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

taba por un lado, o Ministerio de Educación e FP polo outro co Ministerio de Universidades e, ¿sabe o que dicían e que advertían estes ministerios? Advertían que o sector público non pode facerse cargo do pago da Seguridade Social tal como plantexa a norma. Non está xustificado cando os propios ministerios, señora Dacosta, poñen en dúbida a viabilidade da norma.

Miren, o texto resolutivo da nosa iniciativa non é unha petición baladí, o 65 por cento dos estudantes fan prácticas tamén no sector público e no ámbito empresarial e o problema vén cando o propio Goberno se atopa coa oposición e negativa —como dicía— doutros ministerios para asumir o custo económico que supón dos novos alumnos. Mire, estas manifestacións non as fixo nin esta deputada nin o Grupo Parlamentario Popular, fixéronas os ministerios de Justicia, de Defensa e de Transición Ecolóxica e o Ministerio de Hacienda, pero o que parece máis un chiste é que o propio Instituto Nacional da Seguridade Social tamén manifestou que era imposible levar a cabo esta medida, xunto con xulgados, hospitais e consellerías. Aquí lle poño un exemplo, unha noticia do 26 de xuño de 2023, mire: «*Al menos cuatro ministerios rechazan cotizar por sus becarios, como ha aprobado el Gobierno*» Non sei se a isto lle ten algo que engadir, señora Dacosta.

Mire, rectificar é de sabios, señor Pérez, con escoita, con diálogo e, evidentemente, con debate.

En canto ás súas emendas —porque xa vai rematando o tempo—, en relación coa emenda que propón o Partido Socialista, mire, non se pode aceptar polo fondo, evidentemente, porque, non sei se por un erro ou con intención, vostedes falan dun 10 por cento cando o propio real decreto fala dun 95 por cento e o 5 por cento a asumir non se sabe por quen —iso aínda non o sabemos— pero fala dun 5 por cento, non do 10. Tamén hai que ter en conta que hai prácticas formativas sen remuneración e non parece que teña sentido que se grave unha porcentaxe pola Seguridade Social. Despois, tamén a emenda focaliza o asunto só nunha cuestión, que é a do financiamento, e cremos que hai outros problemas máis xerados coa normativa. É curioso que, unha vez máis, dende o Partido Socialista de Galicia se ignoren as responsabilidades do Goberno do señor Sánchez e se traslade, outra vez, a pelota á Xunta de Galicia.

En relación á emenda do Bloque Nacionalista Galego, como dicía o señor Pérez López, coincidimos parcialmente. Parece que o BNG comparte o fondo da iniciativa do Grupo Parlamentario Popular pero cunha formulación diferente á iniciativa orixinal, que nalgunhas cuestións entendemos que desvirtúan o contido do potencial acordo.

Céntrome. Miren, a dixitalización das pemes galegas non é o asento do asunto desta iniciativa, non hai ningún fracaso absoluto como vostede di, senón que é un dos obxectivos fundamentais da Xunta de Galicia, garantindo que as empresas de Galicia sexan cada vez máis competitivas fomentando a dixitalización. Polo tanto, o BNG pode trasladar esa demanda noutros foros, evidentemente. Cremos, por outro lado, que a asunción de custos relativos ás cotizacións non debe recaer nin nas universidades...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Díaz.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...—remato xa— nin nos centros educativos nin nas empresas que colaboran desinteresadamente coa FP. Polo tanto, entendemos que é máis operativo, en vez de falar dese 5 por cento das que puidese ser para as universidades, que o Estado bonifique o cen por cento das cotizacións, quedando no limbo, tal e como está a medida, no 5 por cento.

En todo caso —remato xa—, na procura dun consenso, solicitamos o apoio dos grupos da oposición para adiar a medida, para que se plantexe e para que se reformule, porque está en xogo algo moi importante, que é a calidade formativa dos nosos mozos. Está en xogo a protección...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Díaz.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: ...dos seus dereitos, a realidade económica das nosas universidades e o papel formativo das empresas.

Cremos, señorías —e remato xa—, que non é hora de máis experimentos lexislativos.

Máis nada e...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): En todo caso, ¿non acepta ningunha das emendas?

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Non.

(Aplausos.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Eduardo Ojea Arias e Dª Patricia Otero Rodríguez, sobre a demanda ao Goberno galego dunha estratexia específica de erradicación do chabolismo e da infravivenda

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para a súa defensa ten a palabra don Eduardo Ojea por un tempo de dez minutos.

O señor OJEA ARIAS: Boas tardes a todos e a todas.

Señora presidenta.

Entre os anos 50 e 70 do século pasado as periferias de moitas cidades enchéronse de habitáculos que non reunían as condicións de vivenda nin eran susceptibles de converterse en tales, mais que estaban sendo usados como morada humana. Estamos a falar do que entendemos por chabolas. As administracións aplicaron realoxos masivos en novos barrios de absorción insuficientes para satisfacer a demanda crecente e que deixaron fóra grupos sociais concretos. Así, as familias xitanas quedaron relegadas a realoxos posteriores.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A situación de carencia de vivenda prolongada no tempo xera unha problemática de exclusión social de carácter multidimensional que están a padecer os milleiros de persoas que viven en asentamentos precarios e chabolistas urbanos en Galicia.

Ante esta situación, os programas encamiñados á erradicación do chabolismo deben partir dunha visión global da realidade que teña como obxectivo a inclusión social plena. Para iso, as intervencións encamiñadas a acometer este obxectivo deben fundamentarse nun proceso participativo que contemple todos aqueles factores de exclusión: emprego, educación, saúde e, por suposto, vivenda.

A recente Lei de vivenda aprobada en maio no Congreso dos Deputados recoñece a función social da vivenda e identifícaa como un ben de interese xeral. Esta lei supón un paso adiante na garantía do dereito a unha vivenda, especialmente para aquelas persoas ou grupos que teñen máis dificultades no acceso a unha vivenda digna, adecuada e accesible. Tamén recoñece o chabolismo como situación de exclusión residencial grave e os asentamentos como situacións de especial vulnerabilidade. É de destacar a perspectiva de infancia da lei, identificando os fogares con menores a cargo como fogares vulnerables e recoñecendo que o acceso á vivenda é un requisito previo para o resto dos dereitos fundamentais da infancia.

A escasa aportación do Goberno galego na presente lexislatura á erradicación da infravivenda e do chabolismo está recollida dentro do Pacto para a vivenda 2021-2025, con axudas para a reparación de infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes para que se poida axudar con carácter urxente as unidades de convivencia que residan nunha infravivenda e non dispoñan de recursos económicos para acometer obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade. Non sucede o mesmo no Plan estatal de vivenda 2022-2025, no que hai un programa específico de axuda á erradicación de zonas degradadas do chabolismo e a infravivenda. Este plan ten como obxecto o financiamento da realización conxunta de actuacións de rehabilitación de vivendas, de renovación e nova edificación de vivendas, de urbanización ou reurbanización das contornas das vivendas rehabilitadas, renovadas ou edificadas, de realoxos e de gastos profesionais e de xestión propios da erradicación de áreas abandonadas obsoletas ou en declive, en todo caso, daquelas áreas nas que exista chabolismo e/ou infravivenda, co fin de contribuír á inclusión social das persoas e unidades de convivencia afectadas a través do desfrute dunha vivenda digna e adecuada nun contexto integrador.

Unha infravivenda podémola definir como unha edificación, ou parte dela, destinada a vivenda que non reúne as condicións mínimas exixidas de conformidade coa lexislación aplicable, como a superficie, o número, a dimensión e as características das zonas habitadas. En resumo, as que non cumpren os requisitos mínimos de seguridade, accesibilidade e habitabilidade exixibles a calquera edificación.

Moitas vivendas abandonadas nas cidades están sendo utilizadas por persoas en situación de pobreza extrema. Estes pisos, debido ao seu estado de abandono, son auténticas infravivendas cunha falta absoluta de habitabilidade e, sobre todo, de seguridade. Recentemente, a imaxe das mortes de Rosana e de tres dos seus fillos menores e o ingreso no hospital do resto da familia foi un duro golpe na conciencia de todos nós. Esta familia traballadora foi

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

desaloxada dunha chabola na cidade de Vigo e tivo que refuxiarse nun edificio que estaba abandonado que non cumpría os requisitos mínimos de seguridade, estabilidade e habitabilidade exixibles e que se converteu, polo tanto, na trampa mortal de toda a familia. É, desgraciadamente, un suceso que pode repetirse en calquera momento se non se poñen medidas e medios para arranxalo.

Polo tanto, é necesario facer unha reflexión profunda do que está pasando coas persoas que viven en situación de pobreza extrema e que viven en chabolas, infravivendas ou en pisos patera. Os concellos, en xeral, ante estas situacións actúan dunha forma moi escasa e insuficiente en xeral, e a Xunta, que é a que ten todas as competencias en vivenda protexida, a verdade é que non actúa, a pesar de que ano tras ano quedan partidas sen executar dos programas de vivenda que se poderían dirixir a estes programas se houbera interese.

Señorías, a Lei 5/1989, do 24 de abril —aprobada polo Goberno de González Laxe—, de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da comunidade galega, define as chabolas como aqueles habitáculos que, non reunindo as características e condicións de vivenda nin sendo susceptibles de converterse en tales, están sendo usados como morada humana.

Nesta lei xa se manifestaba que para a eliminación das chabolas deberían realizarse convenios entre a Xunta e os concellos afectados. Asemade, as deputacións de Galicia cooperarán cos concellos prestándolles a asistencia técnica e económica que precisen para a erradicación do chabolismo. Este debe ser un programa estable, estrutural, ben orzado e sostible no tempo para poder ir reducindo de forma constante a existencia de infravivenda en Galicia e erradicar o chabolismo. Os investimentos en Galicia deben aplicarse como parte dun sistema integrado con acompañamento social; a saber, deberíanse levar a cabo xunto con outros tipos de intervención, entre os que se inclúen as áreas de educación, de saúde, de inclusión social e de emprego. Este problema debe ser realizado en cooperación coa Administración local e coas deputacións para que os esforzos sexan colectivos e vaian todos na mesma dirección.

Se facemos unha análise temporal, hai que dicir que no ano 2008 foron realoxadas 151 familias —é dicir, unhas 610 persoas— e no ano 2015 había en Galicia 34 poboados chabolistas —neles vivían máis de 1.500 persoas—. Houbo melloras significativas, mais a realidade é que o chabolismo aínda non se erradicou na súa totalidade en Galicia. No ano 2022 quedaban 11 asentamentos chabolistas na comunidade galega cunha gran dispersión territorial —segundo datos da Fundación do Secretariado Xitano—. A maioría sitúanse nas grandes cidades galegas e maioritariamente están habitados por cidadáns de etnia xitana. Actualmente, hai case 13.000 persoas de etnia xitana en Galicia distribuídas por toda a comunidade. E, segundo o informe da propia Fundación do Secretariado, a realidade da comunidade galega é de bastante normalidade en todos os sentidos. A pesar de ser unha comunidade moi heteroxénea —sobre todo en termos de vivenda—, o 80 por cento da poboación xitana en Galicia xa reside en vivenda normalizada, xa sexa en pisos en altura, en vivendas que adquiriran, en vivendas de protección pública, en vivendas para a mocidade ou en réxime de alugueiro.

O desmantelamento dos poboados chabolistas dispersos por Galicia pon de manifesto unha asimetría na capacidade dos diferentes concellos á hora de articular as actuacións precisas de desmantelamento e de realoxamento. A cidades presentan un gran avance, mais os con-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cellos máis pequenos —debido á escaseza de recursos propios dispoñibles— teñen máis problemas para conseguir estes obxectivos. De aí a necesidade de que nos concellos máis pequenos exista unha maior implicación das administracións con maior capacidade, como a autonómica ou as propias deputacións provinciais. Sería necesario contar cunha norma de carácter xeral na que se estableza a forma de exercer o dereito ao realoxamento para así dende a Xunta poñer medidas propias para atallar o chabolismo.

A erradicación do chabolismo, pola degradación que supón das condicións de vida dos cidadáns e por ser expresión da marxinalidade, ha de ser unha prioridade en materia de vivenda. Os procesos de erradicación necesitan dun impulso integral para garantir o éxito, e é imprescindible elaborar estratexias a longo prazo e desenrolar un traballo coordinado entre administracións que incorpore políticas non só de vivenda, senón educativas, de apoio á inserción laboral ou de inclusión social. Todo iso necesita dunha resposta orzamentaria axeitada para darlle un pulo definitivo a esta problemática galega. De aí que o Goberno deba asumir unha nova estratexia para a erradicación definitiva da infravivenda e do chabolismo. É de subliñar —neste sentido— que, de cara ao ano 2024, a Xunta propoña nos seus orzamentos unha partida —no programa 451A— de axudas aos concellos para infravivenda, axudas que desapareceran durante os orzamentos ao longo de toda esta lexislatura —ademais, sen ningunha causa xustificada—. O próximo goberno terá a responsabilidade de enfrontarse definitivamente ao problema da erradicación da infravivenda e do chabolismo ou ben de poñerse de perfil.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Interveñen agora os restantes grupos parlamentarios.

Ten a palabra, polo grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Alexandra Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Era febreiro de 2021 un grupo de persoas manifestabámonos diante da Xunta, en Vigo, para reclamar unha alternativa habitacional para varias familias que ían quedar na rúa. Esa mañá a Xunta recibía un sinal de SOS ante o desaloxo inminente de nove chabolas que levaban máis de trinta anos xa asentadas no Caramuxo e que ía deixar sen teito incluso menores. Nese 2021 a Xunta non deu resposta; nin en 2022 nin en 2023. Non houbo nunca unha vivenda pública, un alugueiro accesible, non houbo resposta da Xunta en dous anos, así que esas familias acabaron na rúa. Póñanse na situación: da noite á mañá, con menores a cargo, despoxados da súa chabola na que moitos xa naceron, sen recursos suficientes para afrontar un alugueiro libre. O desamparo era total. A única alternativa foi a de entrar nun edificio baleiro a vivir, un edificio que proporcionaba teito pero non seguridade porque as instalacións eran precarias e perigosas, pero non había opción. Unha mañá de outubro de 2023 espertamos coñecendo que unha desas familias sufrira un terrible incendio. Rosana e tres dos seus catro fillos morreron nese incendio. A mañá de febreiro de 2021 e a de outubro de 2023

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

están estreitamente vinculadas, porque a falla de alternativa habitacional digna e segura para esa familia, o silencio e a indiferenza da Administración galega condicionaron e limitaron as posibilidades de Rosana e da súa familia a unha soa: entrar nunha vivenda precaria e insegura.

A falla de resposta é tamén unha acción deliberada, o silencio da Xunta —que coñecía perfectamente o caso— é tamén unha solución intencionada. Decidiron que non ían considerar o seu problema, que debían buscar a vida pola súa conta no mercado libre e que, se a solución final carecía dun mínimo de dignidade, mirarían para outro lado para non afrontar responsabilidades. ¡Que hipocrisía! Mentres incendian este Parlamento falando de ocupas, as súas políticas empurran a unha familia con menores a cargo a ter que ocupar unha vivenda insegura; *(Aplausos.)* mentres incendian de odio este Parlamento falando de ocupas, sabían perfectamente que estes catro menores estaban vivindo nesa situación, porque estaban baixo a observancia da Xunta e en dous anos nunca lles ofreceran unha solución habitacional digna. A morte de Rosana, Aldara, Sara e Ezequiel no incendio de Vigo tería que ter remexido a opinión pública, tería que ter sido un punto de inflexión no trato deshumanizador da Xunta e nas súas políticas aporofóbicas. Son aporofóbicas porque a arquitectura dos programas da Xunta fai que Rosana non puidese acceder a ningunha axuda de vivenda nin a unha vivenda pública, mentres que, por outro lado, si ofrece axudas directas de 18.000 euros constantes e soantes para que persoas que cobran 3.900 euros ao mes compren unha vivenda en centros históricos. Para quen ten as mans baleiras hai indiferenza.

Pero, se ademais quen ten as mans baleiras son xitanos, opera tamén un racismo estrutural. Hai unha pregunta que sobrevoa este caso: ¿que tería pasado se en lugar de xitanos fosen *payos*? O que vimos é que as crónicas do suceso foron breves, non houbo vontade de indagar no plano humano nin nas condicións que moveron a estas persoas a vivir nesa inseguridade. Os focos marcharon pronto e ningún político rendeu contas, nin tan sequera a conselleira de Vivenda tivo a decencia de vir comparecer e parece que xa todos van pasando páxina. *(Aplausos.)* Semella que a vida dos nenos xitanos son menos valiosas, case como a vida dos nenos palestinos. Queremos reivindicar que a vida dos xitanos, nenos e adultos, é de igual valor que calquera outra. Porén, a realidade é que vivimos nunha sociedade na que o racismo estrutural é manifesto. A situación que viven os xitanos non é só consecuencia da pobreza que padecen senón que está estreitamente relacionada co racismo estrutural que tamén padecen. Por tanto, abordar esta situación require, en primeira instancia, tomar consciencia de que o problema do racismo co pobo xitano non ten que ver cun problema de intolerancia, de conflito entre persoas, non é un problema de convivencia entre diferentes, senón que o racismo é en si mesmo un dispositivo que serviu para estruturar o mundo en beneficio dun ideal de home branco e burgués que coloca nun lugar subalterno o pobo xitano.

A sindicalista xitana Pastora Filigrana explica de forma lúcida na súa obra como as raíces históricas dese antixitanismo nos remontan cinco séculos atrás e están ligadas a un intento de regularizar a man de obra dos xitanos nos traballos máis precarizados e inferiorizados, pero o pobo xitano revelouse fronte á visión hexemónica. Filigrana aporta luz sobre como o pobo xitano desenvolveu toda unha serie de estratexias culturais para disputar esa orde que lle era atribuída; estratexias propias para escapar dun mandato que pretendía obrigalos a vender e a asentar a súa forza de traballo a cambio de salarios precarios; estratexias propias

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para sobrevivir a cincocentos anos de persecución e xenocidio. E di Pastora: «A miña nai díxome unha vez que un xitano podía estar rebuscando nun cubo de basura e mirar por enriba do ombreiro o payo ben vestido que pasa ao seu lado, porque mirar coa arrogancia dun aristócrata a quen está por riba túa na xerarquía social non sae gratis. Por iso a persecución e o castigo sempre estiveron presentes, pero os xitanos seguimos aquí, a nosa propia existencia é a proba viva do desafío á represión a quen non se dobrega». Di o cantaor xitano El Lebrijano: «O segredo de tanto aguante é o amor a un vello costume que se chama 'liberdade'». *(Aplausos.)*

O Estado español aplicou historicamente aos xitanos receitas que tamén aplicou ao pobo galego: extractivismo económico, folclorización e falsas caricaturas. É de xustiza tombar todos os estereotipos construídos dentro do imaxinario colectivo para xustificar a persecución e a exclusión social dos xitanos, como ese tan arraigado dunha sorte de barbarismo xitano na súa relación co habitar, e pór en valor a súa capacidade de resistencia e de cooperación, ou de autoxestión, nun marco de racismo estrutural. É importante sinalar isto porque a intervención sobre o chabolismo ten que partir dunha mirada de recoñecemento e reparación e non de visións limitadas asistencialistas ou negadoras das causas estruturais. O chabolismo é consecuencia dun proxecto de illamento espacial dos xitanos en guetos racializados. Foron historicamente unha forma de establecer un límite entre o noso territorio e o seu, un illamento que contribuíu tamén a naturalizar a súa diferenza e a clasificación como «o outro».

E hoxe ¿cal é a situación do chabolismo en Galiza? No ano 2007 elaborouse pola Xunta daquel momento un informe baixo o título *Chabolismo en Galiza*, no que se identificaban 39 asentamentos. Un estudo de 2021, da investigadora Cristina Botana, certificou que 33 continúan existindo; só 2 foron rehabilitados, 2 trasladados e tan só 2 desapareceron. Mais esta investigadora foi máis alá e realizou un mapeo de todos aqueles núcleos segregados e marxinalizados con diferentes niveis de infravivenda. Aí a cifra ascende a un total de 61 asentamentos en 31 concellos, nos que se estima que viven arredor de catro mil persoas nunhas 1.100 vivendas.

Nótese que aquí estamos dando cifras dunha tese doutoral e non do Observatorio da Vivenda de Galiza, porque, se van a este último e buscan «chabolismo», a súa busca diralles que non produciu ningún resultado, porque, como sabemos, o Observatorio está de *attrezzo* da conselleira para dar roldas de prensa cun certo aire de lexitimación, pero non é unha ferramenta operativa para analizar, coñecer e diagnosticar a situación da vivenda no noso país. De media, un 30 por cento da poboación romaní en Galiza vive en infravivenda, mais en concellos como en Ferrol ascende ao 82 por cento; ao 92 por cento en Ribeira; ao 73 por cento en Xinzo ou ao 86 por cento en Cerceda. O mapeo e as cifras desta investigación apuntan a que nas grandes cidades a porcentaxe é menor, polo que as familias romanís teñen máis capacidade de acceso á vivenda normalizada, mentres que en vilas e en concellos periféricos das áreas urbanas viven en situacións máis precarizadas e máis segregadas. A forma en que se distribúen no territorio está en disonancia coas políticas da Xunta. Neste momento existe un programa para actuar contra a infravivenda en concellos de menos de dez mil habitantes, pero a maioría de asentamentos están en concellos de máis de dez mil habitantes. Se esa barreira dos dez mil habitantes se ampliase a concellos de trinta e cinco ou corenta mil habitantes, ampliaríase substancialmente a cobertura, xa que nese caso catorce dos con-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cellos cos núcleos de asentamento máis poboados si poderían beneficiarse deste programa. Evidentemente, os concellos de menos de dez mil habitantes teñen maiores carencias de recursos, pero tampouco o teñen fácil concellos de trinta mil, corenta mil habitantes, e, en todo caso, corresponden á Xunta as competencias en vivenda.

Outra das características destes asentamentos en Galiza é un acceso ás subministracións moi precario, e é especialmente grave a situación do saneamento. O 45 por cento dos asentamentos carecen de conexión á rede pública de alcantarillado. E hai que recordar que a vivenda inadecuada ten efectos sobre a saúde. É, sen dúbida, un dos factores que explican que diferentes estudos sitúen a esperanza media de vida da poboación xitana entre dez e vinte anos inferior á sociedade paya. O chabolismo ten tamén unha dimensión urbana, a condición periférica destes asentamentos produciu unha relación subsidiaria coa cidade. É a sociedade paya a que lles concede o uso do espazo público aos xitanos. De aí que a mera presenza dos xitanos nese espazo sexa identificada como problemática, predelictiva, o que os somete a unha vixilancia policial e social especial que interfire no seu uso da cidade. Pensen: ¿cantos investimentos de mellora urbana se realizan en contornos segregados xitanos? ¿Por que os centros das cidades de rendas máis altas son obxectos de continuadas roldas de investimento público pero os xitanos son alleos a estas? Nós consideramos que, efectivamente, é necesario que a Xunta impulse dunha vez por todas unha estratexia contra a infravivenda e o chabolismo, mais tamén cremos que non se pode perder de vista que é un racismo estrutural o que atravesa este problema. De aí que as solucións sería conveniente que se incardinasen nalgunhas chaves.

Primeiro, evidentemente, aumentar a dotación orzamentaria. Preguntámonos como pode ser que de 92 millóns de euros de programas de rehabilitación para o próximo ano estean dirixidos na súa maioría sen límites de renda, que se poidan acoller promotores e investidores privados con importantes recursos e que, deses 92 millóns de euros que hai para a rehabilitación, apenas 0,3 millóns sexan para infravivenda. ¿Como pode ser que, mentres a familia de Rosana quedou na rúa e ninguén lle daba unha resposta por parte da Xunta, se deixasen 150.000 euros sen gastar dunha mísera partida de 300.000 euros? *(Aplausos.)* Isto é racismo estrutural. Racismo estrutural tamén é considerar que uns son merecedores de investimento público e outros non.

En segundo lugar, incrementar o parque de vivenda pública con carácter xeral, pero tamén ter en conta que se debe evitar a imposición dunha noción de habitar universalista, porque o habitar, aínda que pareza neutro, está cargado de valores culturais. Os programas de vivenda teñen que recoñecer outros modelos de convivencia e a expresión singular entre os seus modos de produción e reprodución. Igual que, por exemplo, dende o feminismo hai unha lectura crítica que é capaz de recoñecer os trazos do patriarcado na evolución histórica do espazo doméstico, é necesaria tamén unha visión decolonial sobre o considerado como «vivenda normalizada». É preciso un hábitat onde caiban moitos habitares.

En terceiro lugar, a estratexia debe ter en conta a creación de ferramentas específicas áxiles que permitan abordar procesos de rehabilitación ou mellora de dotacións e subministracións e tamén dos espazos públicos.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cuarto, hai que ter en conta a discriminación racial que sofren os xitanos no mercado libre á hora de elaborar os programas de vivenda. Por iso consideramos que é necesario urxentemente a reformulación do bono de alugueiro social.

Quinto, hai que establecer mecanismos que permitan ao pobo xitano ter voz e capacidade de incidencia real sobre esa estratexia e de toma de decisións ao longo do proceso.

Remato xa cunha última crónica, de setembro do 2023 —moi recente—: «Ás portas do edificio da Xunta en Vigo, un grupo de persoas manifestámonos, outra vez diante da Xunta, para denunciar a situación na que vive outro poboado, neste caso o da Salgueira, sen auga, cun enganche precario á electricidade, sen baños. A súa cotiandade é...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...—remato xa— asear os maiores quentando a auga que collen dunha fonte, facer as súas necesidades na rúa e, cando hai temporal, saír correndo da casa cos fillos porque o seu teito é tan feble que non resiste a caída das ramas e das árbores baixo as que viven». Imaxinen, no medio da noite dun temporal, ter que saír cos teus nenos pequenos a ningures. Outra traxedia pode suceder. Por iso pregunto se a Xunta de Galicia vai seguir mirando para outro lado.

Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona María Begoña Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

Señorías, a Xunta de Galicia é plenamente consciente de que o acceso á vivenda é unha das principais inquedanzas dos galegos e das galegas. Por iso fai cada ano un grande esforzo investidor, un esforzo en investimento para facilitar ás persoas e ás familias o acceso a unha vivenda, priorizando os colectivos con máis dificultades.

Hoxe, as liñas de actuación están enmarcadas no Pacto social pola vivenda 2021-2025, aprobado no Observatorio da Vivenda de Galicia —no que están representados todos os axentes e sectores que teñen que ver coa vivenda—. O certo é que non existen fórmulas máxicas para solucionar o problema residencial, pero si medidas baseadas na planificación e no traballo constante que permiten aliviar a situación. Desde o ano 2009, o Goberno galego mobilizou 4.640 vivendas de promoción pública, adxudicadas a través do Rexistro de Demandantes de Vivenda —2.359 de nova construción ou acabadas de rehabilitar e 2.281 en segundas e sucesivas adxudicacións—. Investíronse 80,57 millóns de euros en desenvolvemento de solo

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

residencial, adquisición de terreos, obras de urbanización etc., para permitir a construción de máis vivenda pública.

A estratexia de vivenda pública protexida impulsada no marco do Pacto social pola vivenda fixa como obxectivo reforzar o actual parque público residencial nun 50 por cento ata acadar as 5.600 vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro —1.800 novas vivendas públicas máis— e impulsar a construción en solo público doutras 3.000 vivendas por parte de promotores privados.

Pero tamén a Xunta de Galicia conta con outros recursos e outras axudas destinadas ás persoas que non dispoñen de vivenda, como as axudas para o pago do alugueiro, unha liña grazas á cal se axudou a 6.605 familias entre o ano 2021 e o ano 2022 —cun importe de máis de 27 millóns de euros—, e o bono de alugueiro social, co que nos últimos dous anos se atendeu a 1.840 persoas en situación de vulnerabilidade. Este programa é un exemplo de cobertura social en materia de vivenda a nivel do Estado; de feito, o plan estatal incluíu un programa semellante ao implantado pola Xunta de Galicia. Estes días presentábanse os orzamentos da Vicepresidencia Segunda, nos que —por quinto ano consecutivo— se contempla o bono de alugueiro social para cubrir o cen por cento da renda das persoas con máis dificultades de acceso á vivenda e a das vítimas de violencia de xénero.

Como saben, o obxectivo deste programa é facilitar o acceso ou o mantemento dun fogar a colectivos desfavorecidos, como os especificamente afectados por unha demanda de desafiuzamento ou un procedemento de execución hipotecaria, as vítimas de violencia de xénero en mulleres que sofren trata con fins de explotación sexual, fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero, persoas privadas da súa vivenda por causas sobrevidas e imprevistas ou que se atopen en situación de emerxencia social e mozos tutelados pola Xunta unha vez acadan a maioría de idade, entre outros. Co fin de paliar este tipo de situacións de vulnerabilidade, os beneficiarios teñen dereito a unha prestación que, desde o ano 2020, equivale ao cen por cento da renda, ata un prazo de cinco anos, e coa contía límite establecida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. Falamos de 550 euros ao mes —nas sete grandes cidades— o importe que asume a Xunta; de 500 euros nos concellos de tamaño medio localizados en contornas urbanas; e dun límite de 425 euros no resto de municipios. En todo caso, estas contías increméntase nun 20 por cento cando a unidade de convivencia do beneficiario precise vivenda adaptada ou estea integrada por cinco ou máis membros. Os solicitantes deben acreditar uns ingresos ponderados da unidade de convivencia inferiores a 1,5 veces o IPREM, contía que se ve incrementada en función do número de conviventes ou doutras circunstancias particulares que ponderan para o límite de ingresos. Ademais, os perceptores desta prestación tamén poden recibir unha axuda complementaria de ata 600 euros destinada a pagar os gastos asociados á constitución do novo contrato de alugamento, fianza, alta de subministracións ou ben a atender cantidades pendentes de pago que motivasen un proceso de desafiuzamento. É de salientar que o actual bono se convocou o verán pasado de forma continuada e permanente ata o ano 2026, ou ata esgotar o crédito dispoñible, prevéndose na propia convocatoria a posibilidade de que o orzamento inicial —preto de 15 millóns de euros— poida ser ampliado durante a súa vixencia.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, a Xunta, na liña de prevención da exclusión, tamén inclúe axudas de reparación de infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, cunha dotación para este 2024 de 370.000 euros, e ampliable para cubrir as solicitudes. Está equivocado, señor Ojea, porque este programa de axudas non se eliminou en ningún momento, mantívose todos os anos nos orzamentos da Xunta de Galicia, xa llo dixo o outro día o director do IGVS. É un erro pola súa parte.

Dicía que, desde a posta en marcha deste programa, a Xunta concedeu axudas por máis de 1,4 millóns de euros, contribuíndo deste xeito a mellorar as condicións de habitabilidade de 117 inmobles en Galicia. Trátase de axudas para a rehabilitación con fins residenciais de inmobles que non reúnen os requisitos mínimos de habitabilidade, e que poden ser propiedade dos seus moradores ou do concello, pero en ambos os casos a axuda debe solicitala o goberno municipal. En canto aos requisitos, para solicitar as axudas os ocupantes das vivendas teñen que acreditar uns ingresos que non superen 1 vez o IPREM e que a vivenda rehabilitada se destine a solucionar os problemas de infravivenda durante un período non inferior a cinco anos.

En resumo, este programa desenvólvese coa imprescindible colaboración dos concellos, que son os encargados de identificar as necesidades e de promover as obras necesarias —que practicamente financia a Xunta na súa totalidade, xa que a axuda acada o 95 por cento do custo—. O programa de infravivenda, efectivamente, tamén foi incluído no plan estatal, cunha contía de axuda que curiosamente é a mesma que a que concede a Xunta de Galicia pero cunha tramitación e requirimentos moito máis complexos e exixentes, polo que a Xunta continúa co seu programa de infravivenda como está recollido no Pacto social pola vivenda de Galicia. Temos que dicir que este programa, igual que outros que pon á disposición a Xunta de Galicia, é favorablemente valorado polas entidades de carácter social que prestan apoio en materia de vivenda e é un exemplo para outras comunidades autónomas.

Fala o grupo propoñente na súa iniciativa de infravivenda e da erradicación do chabolismo, e sabemos que a situación do chabolismo suele comezar como punto de partida dunha visión global, dun estudo de identificación, análise e diagnose, como se refire na iniciativa, e, nese senso, desde o ámbito social traballa a Xunta de Galicia —en colaboración e coordinación cos concellos, coñecedores directos dos seus territorios e situacións— en medidas orientadas a previr a exclusión e facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación de exclusión social. Nese marco, a Xunta dispón de instrumentos de colaboración con concellos e entidades de iniciativa social, a través dos cales se apoian programas de inclusión sociolaboral en materia de emprego, de saúde, de educación e de apoio á inclusión residencial. O programa ao que vostede se refería do plan estatal, bueno, ten que lelo con detemento, porque require a iniciativa e a conformidade dos concellos correspondentes.

Dito isto, non hai política de vivenda —como dixen noutras ocasións— que poida resultar eficaz se non hai unha colaboración das tres administracións implicadas: a Administración do Estado, a Administración autonómica e a Administración local. Cremos firmemente nesta afirmación. Por iso é moi difícil de entender que, mentres a Xunta de Galicia traballa para poñer todos os seus recursos á disposición das persoas, existan outras administracións que

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

levan anos poñendo atrancos e realizando actuacións contrarias á función social que en materia de vivenda deben desenvolver as administracións públicas. Esa preocupación que din ter tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego polo acceso á vivenda deberían demostrala con feitos, porque os exemplos acreditan o contrario. ¿Como é posible, señorías, que o Concello de Vigo mantivese baleiras durante anos catro vivendas de promoción pública cedidas gratuitamente polo IGVS nas Roteas mentres cidadáns de Vigo se enfrontaban a problemas como consecuencia de desafiuzamentos? ¿Como é posible que o Concello de Vigo vendese 15 vivendas da súa propiedade na rúa República Arxentina a pesar dos requirimentos realizados desde a Consellería e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para que non se vendesen e se destinasen a alugueiro social? ¿Como é posible que no programa destinado á construción de vivendas para alugueiro enerxeticamente eficientes, que a Xunta de Galicia cofinancia con fondos europeos, solicite Vigo a súa participación con 27 vivendas pero que pretenda destinalas a colectivos con ingresos de ata 6,5 veces o IPREM? ¡6,5 veces o IPREM, señorías! ¡Aí está a vivenda social do Partido Socialista! ¿E como é posible, señora Fernández, que o Concello de Pontevedra converta en aparcamento de vehículos unha parcela urbanizada e cedida gratuitamente pola Xunta que ía destinada á construción de 50 vivendas protexidas?

En relación co Goberno central, falou vostede, señor Ojea, dese plan estatal, pero é preocupante e lamentable, nun contexto como o actual, de dificultade de acceso á vivenda, que se reduzan as transferencias finalistas do Estado á Xunta de Galicia en 12,7 millóns de euros para o próximo exercicio orzamentario. Iso si, o goberno de Sánchez perdoa a Cataluña unha débeda de 16.300 millóns de euros —que saibamos polo de agora—. E imos ter que pagar, entre o resto das comunidades autónomas, 16.300 millóns de euros, que supoñen máis que todo o orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2024 e cos que se podería, por exemplo, construír 345.000 vivendas de promoción pública en Galicia.

Con respecto ao que sinalaba a señora Fernández, bueno, lamentablemente, señora Fernández, o caso do incendio de Vigo é unha situación tráxica. Eu penso, sinceramente, que á súa intervención lle falta un pouco de prudencia; porque non é coñecedora das circunstancias concorrentes e porque a investigación da causa do incendio non está pechada. As circunstancias, as condicións de seguridade, corresponden ao Concello. Penso sinceramente que a resposta que se debe dar desde as administracións debe facerse con lealdade, responsabilidade e sen intereses partidistas. A Xunta de Galicia estivo ao carón de todas as familias, e os servizos sociais comunitarios actuaron e seguen a actuar. Desde logo, traballase co Concello de Vigo —como xa se explicou aquí— para atopar solucións para os afectados, pero tamén cada un desde as súas competencias. Outra cousa é que o Concello de Vigo parece non aceptar ningún tipo de acordo. E dígolle que en ningún momento o Concello de Vigo nin os seus servizos sociais se dirixiron ao IGVS para poñer de manifesto a situación desta familia. O que si podo afirmar é o compromiso do Goberno galego con todas aquelas persoas que, polo motivo que sexa, se atopan nunha situación de risco ou vulnerabilidade, como así o ten demostrado.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pecha o autor da proposición non de lei.

Ten novamente a palabra don Eduardo Ojea Arias.

O señor OJEA ARIAS: En principio, quero agradecerlles aos grupos o talante e o comportamento no debate. É un tema delicado pero penso que saíu correctamente plantexado.

A iniciativa que lles estamos a presentar ten a intención de actualizar un problema que se xerou hai máis de setenta anos nos arredores de cidades e de vilas grandes. Ao longo destes anos houbo unha melloría moi considerable na erradicación da infravivenda e dos asentamentos chabolistas, mais aínda queda moito por facer, e todas as administracións deben cooperar para pór fin á discriminación e á desigualdade que supoñen estas situacións. É unha proposición propositiva que só pide que haxa unha estratexia propia con orzamento suficiente para axudar á erradicación definitiva do chabolismo en Galicia.

A Lei de vivenda —como comentei antes, recentemente aprobada— recolle cuestións claves para previr e abordar a discriminación e a desigualdade que supoñen as situacións de infravivenda e chabolismo que aínda están presentes no noso país. Recoñece o chabolismo como unha situación de exclusión residencial grave e os asentamentos, como situación de especial vulnerabilidade. E propón a súa eliminación nos programas que forman parte do plan estatal de vivenda, como xa se comentou aquí hoxe. Unha vez que esta lei sexa aplicada por todas as comunidades autónomas vai contribuír a resolver algúns dos problemas de acceso a unha vivenda digna que afectan a sociedade e, sobre todo, a resolver aqueles problemas que afectan con máis gravidade os sectores máis vulnerables. Para iso, prioriza os colectivos en situación de pobreza e exclusión social ou outras formas de vulnerabilidade como obxectivo principal das actuacións públicas en relación coas políticas de vivenda. É de destacar —como tamén comentei antes— a perspectiva da infancia, identificando os fogares con menores a cargo como fogares vulnerables e recoñecendo que o acceso a unha vivenda é un requisito previo para o resto dos dereitos fundamentais da infancia.

No ano 2022 —como tamén comentabamos— quedaban 11 asentamentos chabolistas na comunidade galega cunha gran dispersión territorial —segundo datos da Fundación do Secretariado—. Estes 11 poboados chabolistas están nas catro provincias galegas. Os máis grandes son os do Portiño e As Rañas, na cidade da Coruña, está o de Ribeira, o do Freixeiro, en Narón —tamén na mesma provincia coruñesa—; o do Vao, en Poio, Vilagarcía e Vilanova de Arousa, en Pontevedra; o das Lamas, en Monforte, e o do Carqueixo —no que quedan moi poucas familias— na cidade de Lugo. En Ourense atópanse en concellos máis pequenos, como poden ser Xinzo ou Verín.

Como xa se comentou tamén, os procesos de erradicación da infravivenda e do chabolismo necesitan dun plan integral e, para garantir o éxito, é fundamental elaborar estratexias a longo prazo e desenrolar un traballo coordinado entre as administracións que incorpore políticas de vivenda, educativas e de apoio á inserción laboral ou de inclusión social. É dicir, é necesario vincular medidas específicas para exercer o dereito a unha vivenda con outras de carácter social. A lei incorpora o principio de igualdade e non-discriminación respecto da vivenda, tanto directa, en relación co trato diferente que recibe unha persoa ou grupo de

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoas na mesma situación, como indirecta, que sucede cando calquera disposición normativa produce unha desvantaxe particular para unha persoa ou grupo de persoas.

No ano 2005, o informe da Valedoría do Pobo de Galicia mostraba as dificultades no acceso a unha vivenda normalizada que sufrían os xitanos que viven en Galicia, xa que o acceso a unha vivenda en alugueiro reflicte o tipo de discriminación da poboación xitana máis acaído. Daquela xa se recomendaba mellorar a eficiencia das partidas asignadas ao plan de erradicación do chabolismo e, no horizonte do acceso á vivenda normalizada por vía do alugueiro ou compra, xeneralizar os procesos de formación previos e simultáneos aos programas de realoxamento para preparar a cidadanía para a convivencia en comunidades veciñais nas que se poden producir choques culturais. Desde entón houbo progresos, mais a eliminación da discriminación á hora de acceder a unha vivenda normalizada non se logrou totalmente, e a Fundación do Secretariado segue trasladando diferentes problemáticas asociadas ao acceso xitano á vivenda.

A Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, pon de manifesto que a Xunta poderá executar liñas e convenios de colaboración con administracións e entidades sen ánimo de lucro para facer programas de acceso á vivenda para aquelas persoas que requiran especial atención por circunstancias persoais, económicas ou sociais. O enfoque social e de dereitos necesita da participación activa e continua das persoas afectadas no proceso de decisión, é dicir, as familias xitanas reubicadas logo da erradicación dos poboados chabolistas e as infravivendas deben ter capacidade de decisión. É moi importante o acompañamento posterior para a súa integración e tamén o respecto ao principio de seguridade xurídica no proceso de realoxamento.

Nada máis pola miña parte e espero que nos apoien e que se faga unha estratexia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Avanzamos ao punto 5 das proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, sobre determinadas actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo relativas aos canons e gravames de Augas de Galicia pola xestión de depuradoras e de redes de colectores

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formulala, ten a palabra don Xosé Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Podemos dicir que sobre esta iniciativa, neste tema, o tempo veunos dar a razón aínda que tiveron que pasar dous anos. Esta é a crónica dun sabrazo anunciado —anunciado na Lei do ciclo da auga— e un sabrazo tamén coñecido como «o imposto á chuvia», imposto que é

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

toda unha innovación do Partido Popular. Hai que recoñecer que aquí si que hai I+D+i, na creación de impostos. Primeiro crearon o imposto ao sol, despois crearon o imposto á chuvia e agora non sei cal será a seguinte innovación. Vostedes son capaces de crear un imposto ao inverno ou ás cicloxéneses explosivas. Todo pode ser.

Aquí a cicloxénese é o Partido Popular, é a única cicloxénese. Estámolo vendo estes días, e ¡vaia cicloxénese explosiva! Porque vostedes non o poden ocultar. Vostedes son un partido irritado, enfadado, crispado, *(Murmurios.)* malhumorado, e que fai chamamentos á rebelión. *(Risos e murmurios.)* Á rebelión, si, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* á rebelión ata da xudicatura e da xente. ¡Ás barricadas! ¡Están botados ao monte! *¿Quién te ha visto y quién te ve, PP? (Risos e murmurios.)* Están absolutamente descontrolados, ¡desmadrados! *(Murmurios.)* Presidenta, non se ría. *(Risos.)* Están profundamente irritados. Non sei que lles pasou ultimamente pero véselles irritados. Eu pídolles que sorrían un pouco, que sorrir é san, sorrir é bo para a saúde. *(Murmurios.)* Non se irriten, non se crispen, porque se lles nota ademais que están... En fin, sigan os consellos, que lles irá mellor.

Miren, estamos nun tempo dunha gravísima crise económica, cos concellos e coas familias afogadas, coa auga ao pescozo. E ¿que fan vostedes?, ¿tirarlles un salvavidas? Non, vostedes o que lles tiran é unha pedra ao pescozo para que se afundan aínda máis. Este é un caso absolutamente claro. Porque vostedes non teñen sensibilidade, non teñen ningunha sensibilidade. Bueno, vostedes a única sensibilidade téñena cos poderosos, aos que lles poñen a alfombra vermella, aos que lles poñen tamén nestes orzamentos un pago de medio millón de euros se tardan moito en tramitarlles os proxectos, ¡ás grandes empresas do Ibex! ¡É que isto é incrible! Mentres, danlles sabrazos á xente e aos concellos que o están pasando tan mal.

Miren, hai dous anos, cando se discutiu, cando se debateu, a Lei do ciclo da auga, xa avisamos de que ía pasar isto. E a conselleira negouno. É unha consellaría totalmente desacreditada, unha consellaría cuestionada polo Consello de Contas, unha consellaría absolutamente vapuleada polos tribunais de xustiza e que está sumida nun cúmulo de irregularidades, de ilegalidades e de incumprimentos. Esta Consellería de Infraestruturas e de Mobilidade ten, ademais, unha xestión absolutamente caótica, caótica en mobilidade, caótica en infraestruturas e caótica en augas. Mañá falaremos con máis detalle do tema das infraestruturas e do tema do transporte, que daría para un debate de toda unha tarde. Hoxe falaremos de augas, porque en augas vostedes teñen unha xestión absolutamente deficiente, moi deficiente, que se caracteriza —como lles dixemos moitas veces— pola falta de modelo.

Falámoslles moitas veces aquí da necesidade de cambiar ese modelo antigo das infraestruturas grises e de abrazar a nova cultura da auga —que o están facendo en moitas partes do mundo—, e tamén da incapacidade de xestión. Miren, a maior proba da incapacidade de xestión, ¿saben cal é? É a incapacidade para executar os orzamentos. Nesta materia, no ano 2022 hai datos que son absolutamente demoledores. No ano 2022 vostedes reduciron o orzamento de Augas de Galicia en 43,9 millóns de euros. Pegáronlle un tesoirazo porque eran incapaces de executar un orzamento 43,9 millóns de euros, pasando de 67,3 a 23,3. ¡É que isto era para que dimitise toda a cúpula de Augas de Galicia e da Consellaría! É un auténtico escándalo —coas necesidades que hai no país de obras hidráulicas, de obras de saneamento

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e de obras de abastecemento— que vostedes reduzan o orzamento de Augas de Galicia en 43,9 millóns de euros. Pero o problema non é ese —non é só este, este é moi grave—, o problema é que dos 23,3 que quedaron resulta que só executaron 18, aínda por riba, chovendo sobre mollado. Vostedes son, polo tanto, moi malos xestores, son un auténtico fiasco en materia de infraestruturas e en materia de augas.

E logo deste balance absolutamente desastroso —porque o ano 2022 foi un auténtico fiasco con estes datos—, ¿que fan vostedes? En vez de asumir as súas responsabilidades e en vez de poñerse deberes para mellorar, póñenlles deberes aos concellos. ¡É que manda truco! Vostedes non fan o que teñen que facer e dinlles aos concellos que teñen que facer o que vostedes non son capaces de facer. De aí veu esta subida abusiva do canon da auga, do canon de xestión de depuradoras e do canon —cando se aplique tamén— da xestión da rede de colectores, que lles afecta, sobre todo, a aqueles concellos —que son 31— que teñen esas 28 depuradoras xestionadas por Augas de Galicia; a maior parte son concellos costeiros, como, por exemplo, Tomiño, Baiona, Gondomar, Nigrán, Soutomaior, Vilaboa, Pontevedra, Marín ou Poio, Cambados, Vilanova, Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Muros, Esteiro —bueno, Esteiro está en Muros—, Laxe, Camariñas, Ares, Fene, Mugardos, Cariño, Cedeira, Ortigueira, Ribadeo, Ponte Caldelas, Melide, Moraña, Alfoz ou O Valadouro. Todos estes concellos e todas estas depuradoras van estar afectados por estes incrementos abusivos de Augas de Galicia e polo sabrazo fiscal do novo canon de xestión de depuradoras, antes coñecido como «coeficiente de verteduras» e que en realidade é un imposto á auga da chuvia, tal cal. Se chove moito —e aquí chove e, de vez en cando, moitísimo—, resulta que os concellos van ter que pagar cantidades astronómicas. ¡É unha auténtica barbaridade!

Vai haber incrementos do 200 por cento e do 300 por cento nos canons que teñen que pagar os concellos —sobre todo, nos meses de outono e de inverno—. E, co que caeu nas últimas semanas, ¡a ver que facturas lles veñen no último cuadrimestre do ano! Porque o que cobran é pola cantidade de auga de máis que entran nas depuradoras, porque é evidente que a rede de colectores está en mal estado, que en moitos casos non hai redes separativas e que entra a auga da chuvia nos colectores. Polo modelo de colectores, por como se fixeron e polo estado no que están é evidente que entra a auga da chuvia. Así temos o caso de Tomiño, por exemplo, ao que lle acaban de aplicar dous sabrazos, un no último cuadrimestre do ano 2022, de 43.000 euros, e outro no primeiro cuadrimestre de 2023, de 62.300 euros. Igual pasa noutros concellos, como no Salnés, por exemplo —cos recibos que xa recibiron—, como é o caso dos concellos de Cambados e de Vilanova, que verten á depuradora de Tragove; como na Illa de Arousa; ou como nos casos de Pontevedra, Marín e Poio, que, tal e como se prevía xa no estudo económico-financeiro da propia lei, ían ter que pagar 1 millón de euros máis, ¡1 millón de euros máis ao ano!, que van ter que repercutir nos seus cidadáns, nos fogares, porque iso é obrigatorio por lei.

Diante disto vai haber unha auténtica revolta, que xa se está poñendo en marcha. Esa si que vai ser unha revolta e unha auténtica batalla xudicial, porque estes concellos non van aceptar, así como así, este sabrazo. Vostedes, diante deste atraco, escollen a fuxida cara adiante, a imposición, o asoballamento e o afogamento dos concellos con máis impostos. Teñen que parar este despropósito. Por iso nós lles traemos aquí unha proposta moi clara, moi concreta e moi sinxela, que é, en primeiro lugar, que Augas de Galicia presente neste Parlamento un

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

informe dos ingresos derivados destes novos canons aprobados na lei; en segundo lugar, que se faga unha moratoria de entre tres e cinco anos para a aplicación destes gravames, porque non ten sentido que se apliquen nestas condicións; e, en terceiro lugar, que se desenvolva un plan de investimentos para mellorar a rede, que é o primeiro que hai que facer, que as casas non se empezan polo tellado; empézanse polos cimentos. Hai que mellorar e renovar a rede, con participación de todas as administracións, e despois aplicar os gravames que correspondan. Polo tanto, señorías do Partido Popular, rectifiquen. Rectifiquen, porque cando rectifican acertan.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Bará.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde de novo, señoras e señores deputados.

Os efectos do cambio climático son evidentes, con consecuencias que xa son unha realidade, con fenómenos meteorolóxicos adversos cada vez máis habituais, con episodios de secas que antes eran case inexistentes na nosa comunidade e con cada vez máis incendios forestais. Polo que as medidas para acadar unha transición ecolóxica eficaz teñen que ser unha prioridade para todas as administracións públicas.

No caso da auga ten especial relevancia, posto que sen auga non hai vida. Polo tanto, é fundamental facer unha xestión eficaz e eficiente do sistema do ciclo integral da auga. A auga é un dereito, un ben esencial para a cidadanía e para a actividade económica; un ben patrimonial que hai que protexer e defender. E o sistema de xestión do ciclo integral da auga debería formar parte dun proxecto de país, para proporcionar garantías de subministración á poboación en calidade e en cantidade. A xestión do ciclo da auga é un servizo de interese xeral que ten que comprometer todas as administracións públicas e a cidadanía no seu conxunto. Buscando acordos para garantir esa subministración da auga; para garantir un tratamento seguro previsible e de calidade da auga; habilitar o conxunto de infraestruturas necesarias para almacenar, potabilizar, distribuír e depurar; desenvolver unha xestión profesionalizada da explotación e do mantemento destas infraestruturas en condicións de calidade; informar e sensibilizar a cidadanía; e adoptar un consumo responsable por parte de todos, administracións e cidadanía.

Na Lei de augas de Galicia no ano 2010 xa se establecía como unha das súas finalidades garantir as necesidades básicas de uso da auga da poboación, favorecendo o desenvolvemento económico e social e compatibilizándoo coa preservación do bo estado dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados. Trece anos despois, con gobernos ininterrompidos do Partido Popular, esta garantía segue sen estar cumprida.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O 28 de xuño do ano pasado aprobábase neste Parlamento a Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga cos votos favorables dos deputados e das deputadas do Partido Popular, pero sen o consenso cos concellos. Unha lei que establece xa no seu artigo primeiro que ten por obxecto o establecemento dun marco normativo que regule a política da xestión do ciclo integral da auga da Comunidade Autónoma de Galicia e que, segundo as verbas da propia conselleira con competencias na materia, se aprobaba para facilitarlle a xestión aos concellos que queiran adherirse, e aqueles que consideren que non é axeitada que sigan como están. Como se para o Goberno galego o sistema do ciclo integral da auga non fose un servizo do interese xeral e non se tratase dun proxecto de país sobre ese ben esencial para a vida que hai que protexer e que hai que defender.

No trámite parlamentario da dita lei o noso grupo parlamentario presentou unha serie de emendas tendo en conta as alegacións presentadas, entre outros, pola Fegamp. No debate xa puxemos de manifesto as repercusións económicas que a súa aplicación ía ter sobre a maioría dos concellos, resultando en moitos casos inasumibles para as arcas municipais. Mentres, o Goberno galego seguía defendendo a voluntariedade dos concellos e que fosen estes os encargados de acadar as dúas terceiras partes do financiamento necesario para a adecuación ou construción de infraestruturas para almacenar, potabilizar ou depurar, mentres a Xunta de Galicia se reservaba esa capacidade sancionadora.

Pasado ano e medio dende a aprobación da dita lei, as repercusións nas arcas municipais xa son evidentes, posto que a Xunta de Galicia emitiu recibos polo canon de xestión de depuración a determinados concellos aos que estes non son capaces de facer fronte. De repercutilos na cidadanía, o recibo de xestión da auga incrementaríase exponencialmente, sendo a receita da conselleira do ramo que, se non están de acordo, sexan os concellos afectados os que asuman a xestión e aludindo a que os recibos son emitidos polos propios concellos. É dicir, unha vez máis vemos un goberno galego que recibe fondos do Goberno do Estado, que recibe fondos do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia para as políticas de transición ecolóxica, nas que se engloban as relacionadas coa mellora do ciclo integral da auga e en cuxo investimento non está acordado cos concellos como e onde actuar.

Eu teño aquí un cadro que podería ser ben perfectamente a primeira das cuestións que presenta na súa iniciativa o Bloque Nacionalista Galego. Eu teño aquí os orzamentos totais de augas de Galicia para os exercicios 2022, 2023, 2024 e seguintes, posto que a Xunta de Galicia no proxecto de orzamentos para este exercicio fai unha previsión. No ano 2022, os orzamentos totais suman 137,9 millóns de euros. Pois ben, dos fondos europeos e finalistas do Estado son 62 millóns de euros, o que supón o 44,99 por cento do total dos orzamentos de Augas de Galicia en 2022. En 2023, do orzamento total, 149,6 millóns de euros, 60,9 —é dicir, 61 millóns de euros— veñen de fondos europeos e finalistas do Estado, é dicir, o 40,74 por cento. E para o 2024, segundo o proxecto presentado pola Xunta de Galicia, dos 137,3 millóns de euros de Augas de Galicia, 46,5 veñen tamén de fondos europeos e finalistas do Estado, o que supón o 33,85 por cento. Pero é que se miramos os ingresos que veñen a través dos canons (do canon de aproveitamento do encoro A Baxe de Caldas, do canon de auga, do coeficiente de vertedura, do canon de xestión de depuradoras ou do canon de xestión de abastecemento, é dicir, todo aquilo que pagan os concellos) estamos a falar de que

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

os concellos no ano 2022 achegaron o 42,50 por cento do total dos orzamentos de Augas de Galicia; no ano 2023, o 47,74 por cento; e para o ano 2024, o 55,41 por cento.

Polo tanto, podemos concluír que entre fondos europeos, fondos finalistas e a recadación de canons, Augas de Galicia no ano 2022 tivo o 87,49 por cento da totalidade dos seus ingresos; no ano 2023, o 88,48 por cento da totalidade dos seus ingresos; e para o ano 2024 prevé recadar o 89,26 por cento da totalidade entre canons e fondos europeos. É dicir, se miramos os fondos propios que pon a Xunta de Galicia en Augas de Galicia temos que no ano 2022 puxo 12,8 millóns de euros (é dicir, o 9 por cento); no ano 2023, 12 millóns de euros (é dicir, o 8 por cento); e no ano 2024 prevé poñer 9 millóns de euros (é dicir, o 6,5 por cento). Pero, iso si, a Xunta de Galicia resérvase a capacidade de decidir a que concello beneficia, a cal mellora, a cal si que lle aporta cartos para o seu financiamento e a cales non.

E podería seguir. Por exemplo, na presentación que fai a propia conselleira con competencias na materia na páxina web de Augas de Galicia pon: «A importancia da auga para a vida dos galegos e galegas exixe do Goberno da Xunta unha boa xestión deste recurso. Un reto constante en cuxas políticas resulta imprescindible a participación dunha cidadanía consciente e responsable». Aínda que os socialistas non vemos por ningures que a Xunta de Galicia empregue o dito ente e os seus recursos para dar cumprimento a este cometido, a esa boa xestión da auga. Simplemente o que lle preocupa a Augas de Galicia e á conselleira con competencias na materia é mirar para un lado e para outro, buscar culpables e cargarlles todo o que poida aos concellos galegos.

Vostede, señor Bará, falaba do imposto á chuvia. E nós estamos totalmente de acordo, señor Bará. Porque realmente antes de facer as auditorías que obrigatoriamente a Xunta de Galicia fai e que saca unhas subvencións para determinados concellos, antes de acometer esas obras de mantemento e de adaptación desas infraestruturas para almacenar, potabilizar, distribuír e, sobre todo, depurar a Xunta de Galicia xa aplica o canon. Porque a eles dálles igual. Aquí non se fala nin de colaboración, nin de axuda, nin de protección de algo tan importante como a auga. Simplemente trátase de buscar culpables coa súa prepotencia. Ponse sempre á defensiva no canto de cumprir coa súa obriga de buscar acordos, de buscar solucións. Nestes casos os concellos non son os que o poden facer.

E, miren, creo que xa non me dá tempo, que xa estou practicamente fóra de hora. Pero se miramos a depuración cos ingresos previos antes da lei, das vinte e seis depuradoras estabamos falando de 5,8 millóns de euros. Cos ingresos coa nova lei, estamos falando de 12,72 millóns de euros. Polo tanto, á Xunta de Galicia dálle igual a auga, danlle igual os concellos. O único que lle importa é recadar e facer publicidade e propaganda.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Por certo, señor Bará, imos votar a favor da iniciativa. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra por tempo de dez minutos o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señor Bará, non hai nada máis que escoitar o ton que vostede utiliza na tribuna do Parlamento para ver que partido está enfadado, está humoreado e está botado ao monte. De todas formas, tal como está a situación non crea vostede que non é para botarse ao monte. Tal como está a situación non crea vostede que non é para botarse ao monte.

A vostede, a nivel persoal, ¿que lle parecería se vostede non pide un crédito, se vostede non é avalista e lle di o banco que vostede ten que pagarlle a un señor de Barcelona un crédito que vostede nin avalou nin pediu? Diría: ¡estame roubando! Pois iso é o que lles está facendo o Goberno de España a todos os galegos e galegas. *(Aplausos.)* Iso é o que está facendo o Goberno de España a todos os galegos e galegas, para que o señor Sánchez siga durmindo na Moncloa. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Iso é o que está facendo, que temos que pagar unha débeda que nós non a fixemos. E vostedes avála na, tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego. Mire, vostede non lle dedicou nin un só minuto á iniciativa. Miren... *(Murmurios.)* ¿Perdón? *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): A ver, respecten o turno de palabra.

O señor BALSEIRO OROL: Nin subiu o canon, nin se creou ningún imposto. E o presuposto de Augas de Galicia vostede dixo que baixara, ¿non? Ano 2023: 138 millóns de euros; ano 2024 —isto é público—: 140 millóns de euros. Polo cal, case podía cerrar agora mesmo a miña intervención, porque vostede non dixo nin unha soa realidade na tribuna do Parlamento. Repítolle: nin subiu o canon, nin se creou novo ningún imposto e o presuposto de Augas de Galicia no ano 2023 eran 138 millóns e agora son 140 millóns de euros. Con isto automaticamente vostede xa queda desvirtuado. Vostede xa queda desvirtuado. Esta é a situación pero, por deferencia, imos continuar coa intervención, porque hoxe hai moito de que falar.

Podo asegurarlle con total rotundidade que o Partido Popular toma moi en serio todo o referente á xestión da auga en Galicia, porque para o noso territorio a auga é un recurso de extrema importancia. Importancia no ambiental e importancia no económico, para a pesca, para o turismo, para gandería, para a nosa industria, aínda que lles custe recoñecelo.

E Galicia é o modelo. É un modelo en España e é un modelo a nivel europeo pola extensión dos seus servizos da auga. A pesar de ter unha orografía complexa como a que temos e a pesar de contar cunha poboación dispersa e rural como a que temos, non poderán negar que Galicia experimentou nos últimos anos un salto cualitativo na extensión polo territorio dos servizos de abastecemento e saneamento.

En gran medida, isto foi posible polo esforzo feito pola Xunta de Galicia en dous ámbitos. En primeiro lugar, un esforzo normativo. Nestas últimas lexislaturas fomos quen de impul-

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sar desde este Parlamento un marco legal pioneiro coa nova Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga como principal expoñente no ano 2022, pero tamén con outras normas como a Lei de medidas de garantías do bo abastecemento nos episodios de secas e nas situacións de risco sanitario no ano 2019. E, en segundo lugar, un esforzo técnico e económico. A pesar de que o saneamento e a depuración son —porque así o establece a lexislación de réxime local— unha competencia cen por cento municipal, a Xunta foi quen de mobilizar investimentos públicos para a execución de obras e infraestruturas hidráulicas en apoio dos concellos, ata o punto de que —gústelle ou non recoñecelo— a Xunta hoxe, con gran diferenza, é a administración que máis apoia os concellos e máis inviste en obras e en infraestruturas para proporcionar garantías de depuración e subministración á poboación en calidade e en cantidade.

Señor Bará, e tan mal non o debemos estar facendo e tan lesiva non pode ser a xestión da Xunta para os concellos galegos cando, desde que hai a oportunidade coa nova lei, ata vinte e sete concellos galegos cederon voluntariamente á Xunta a xestión das súas depuradoras. Concellos con alcaldes de todas as cores políticas, incluídos municipios gobernados polo Bloque Nacionalista Galego. E lamento dicirlle, pero confío moito máis no acerto dos alcaldes nacionalistas de Soutomaior, de Fene ou de Tomiño á hora de apostar pola Xunta para que xestione a súa depuradora que na habitual teatralización que vostede fai aquí nesta obsesión do Bloque Nacionalista Galego de criticar todo o que fai a Xunta de Galicia, sexa positivo ou non. E, loxicamente, a xestión das depuradoras ten un custo que por normativa europea debe repercutise, como fai Augas de Galicia, con sentido da proporcionalidade, sen abuso e sen exceso de recadación.

E non minta. A nova lei nunca levou aparelladas novas taxas para usuarios. Simplemente naqueles concellos que teñen cedida a xestión da súa depuradora substituíronse por outras que penalizan aqueles municipios que peor xestionan a súa rede; aqueles que non identifican os lugares da fuga; aqueles que sobrepasan a capacidade de depuración e provocan vertidos; aqueles depuradoras que se ven desbordadas, incoherentes, ou incompletas nos custos de funcionamento.

E, señor Bará, ¿por que vostedes non lle piden ao Goberno central que faga o que fai a Xunta de Galicia? Vostedes acaban de firmar un pacto no día de onte. Temos aquí os dous, o que firmaron no ano 2020 e teño o que firmaron o día de onte. *(O señor Balseiro Orol mostra dúas fotografías.)* No día de onte vostedes non se acordaron de nada disto. Señorías, cando se firma un novo pacto hai que facer balance do anterior. E facer balance do anterior é moi fácil, porque o balance do anterior de 2020 é: cero euros investidos, cero proxectos, cero quilómetros de obras e infraestruturas, cero servizos e cero de todo. Polo cal, eu diría que isto non é un pacto. *(O señor Balseiro Orol racha pola metade un documento.)* ¡Isto é unha estafa a Galicia, que foi o que fixeron o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. (*Aplausos.*) Isto é unha estafa a Galicia. Rían, rían, rían vostedes.

Pero, ademais, vostedes son uns malos negociadores, porque vostedes negocian á baixa. Vostedes no ano 2020, ¿sabe cales eran as dúas medidas máis importantes que tiñan? A cesión da AP-9 —da que neste xa non falan, polo cal xa non a van ceder— e un estatuto electrointensivo para as empresas grandes consumidoras de enerxía. Vostedes eran os que ían

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

solucionar o problema de Alcoa. Naquel momento estaban as cubas funcionando; hoxe as cubas están pechadas. Pero neste que firmaron onte tampouco vén.

Pero, señorías, no anterior viñan bonificacións da AP-9 do cen por cento para usuarios recorrentes; agora xa as baixaron ao cincuenta por cento (*Murmurios.*) Incluían a Galicia no Plan de acción urxente do carbón; agora xa non apareceu. Quere dicir, ¿que pasa nas Pontes? ¿Que pasa, señora Rodríguez Rumbo, en Cerceda? Falaban do naval; agora xa non falan do naval.

Reunirse a comisión cuadrimestral... Isto xa o copiaron da outra. ¿Sabe cantas veces se reuniu durante estes últimos catro anos esta comisión? ¡Nunca, nunca! Polo tanto, hai que dicilo alto e claro: vostedes venden a Galicia, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego. Vostedes firman un pacto da estafa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, de saldo, precisamente de saldo, pero de saldo pagado co bolsillo de todos os galegos. (*Aplausos.*) Esa é a responsabilidade que teñen vostedes. Vostedes con esas decisións de pagar unha débeda a Cataluña o que están facendo é roubando —hai que ter coidado coas carteiras— aos galegos. E hai que dicilo alto e claro: coa decisión de que Galicia teña que pagar unha débeda por unha mala xestión de Cataluña vostedes, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, o que están facendo é roubando a todos os galegos e todas as galegas, que temos que pagar máis de mil douscentos millóns de euros. Fíxense vostedes con mil douscentos millóns de euros o que poderiamos facer. Polo tanto, vostedes non están para dar lecciónns de nada. *(Murmurios.) (Protestas.)* Vostedes ríanse, porque claro, nó estamos moi ben. Aquí non chove nin fai frío, claro, pero aí fora hai moita xente á que lle chove, ten frío e ten que botar moitos números para chegar a final de mes. E algún non pode chegar a final de mes e ten que pagar esa débeda.

Esa é a forma de como ve o Partido Popular as cousas; como goberna o Partido Popular e como gobernan vostedes. Por iso o Partido Popular leva moitos anos gobernando e vostedes levan moitos anos na oposición. ¡E van seguir! Eu cada vez que os oio a vostedes...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...dicir que se está acabando a lexislatura. ¡Claro que se está acabando a lexislatura, home! Pero os galegos non son parvos. Os galegos non son parvos e saben como venden vostedes a cambio de nada e saben como xestiona o Goberno de Galicia. E, claro, créanme que estou fastidiado con este tema. Porque eu son deputado do Parlamento de Galicia, pero eu teño que defender os galegos as galegas. E e non vou estar de acordo nunca con ningún grupo, nin o Bloque nin o Partido Socialista, que venda a Galicia e que venda os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

Ten novamente a palabra o autor da proposición non de lei, don Xosé Luís Bará.

O señor BARÁ TORRES: A min saíume antes no teléfono que hoxe era o Día Internacional da Preguiza, pero para o Partido Popular e o señor Balseiro é o Día Internacional da Crispación.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xa se veu aquí coa actuación que fixo, absolutamente crispado, rompendo e perdendo os papeis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Irritado. Están irritados, están cabreados, están doentes polo acordo que acaba de asinar o BNG co Partido Socialista. E ¿saben por que? Porque vai mellorar a vida das galegas e dos galegos. (*Aplausos.*) E se non pregúntenlles aos veciños da AP-53 ou aos transportistas da AP-9, que van ver substancialmente reducidas as peaxes. E vostedes votando en contra e arremetendo contra esas rebaixas. Váianllelo explicar aos transportistas de Lalín, de Ourense, que teñan que utilizar todos os días esas autovías. Así é como actúan vostedes, por resentimento. Por resentimento.

E miren, ¿saben cal é o problema? Que este acordo, o que se asinou, é o mesmo trato para Galiza que para calquera outra comunidade. O que é bo para Galiza é malo para o Partido Popular, porque a vostedes estropéalles a súa estratexia de acoso e de ataque a calquera acordo que pase porque non gobernen vostedes. Iso é profundamente sectario. É sectario, porque o que se están facendo son acordos democráticos para conformar unha maioría de goberno. E ao fin de contas cando se trata de escoller entre Galiza e o Partido Popular, vostedes sempre escollen o Partido Popular. Sempre foi así.

Onte pasou, ademais, unha cousa que é absolutamente descritiva e clarificadora. Ana Pontón foi a Madrid asinar un acordo de goberno beneficioso para Galiza. O señor Rueda tamén foi a Madrid. Tamén foi a Madrid o señor Rueda e ¿saben a onde foi? Foi recibir ordes da xunta directiva do Partido Popular. (*Aplausos.*) Ana Pontón a asinar un acordo beneficioso; o señor Rueda, o presidente da Xunta, a recibir instrucións que lle pasou o señor Tellado e que agora repiten aquí como cacatúas vostedes. As instrucións de Tellado na xunta directiva do Partido Popular, que lles mandan desde Madrid. É o que teñen que dicir. Pero o acordo está aí e é beneficioso para este país.

Mire, vostede non se quere enterar. Eu expliqueille aquí clarisimamente que unha cousa é o orzamento inicial e outra é o final, o consolidado. Se vostedes lle pegan un tesoirazo aos orzamentos de planificación hidrolóxica de 43,9 millóns de euros, xa me pode contar aquí os contos que queira, que desapareceron eses millóns. Polo tanto, non houbo diñeiro para aplicar nesa partida, nese programa. Xa poden poñer no orzamento o que queiran —douscentos, trescentos, catrocentos millóns, o máis grande da historia—, pero despois hai o que queda finalmente e o que se executa. Esa é a realidade, e aí son vostedes un auténtico desastre; en planificación hidrolóxica, especialmente.

Mire, dime vostede que non soben os impostos da auga. *(O señor Bará Torres amósalles un documento aos membros da Cámara.)* ¡É que o puxeron vostedes na memoria económica da lei, claramente! Aquí está escrito neste documento, que é a memoria económica. Dicían que ían recadar 6,2 millóns de euros máis con ese canon de depuradoras e 6,8 millóns máis co canon de colectores. Puxérono vostedes na lei. E aparece aquí, depuradora a depuradora, por cada unha delas canto van ter que pagar os concellos de máis. Na de Pontevedra, dos Praceres, dos tres concellos, máis de un millón de euros de máis. ¿Como poden dicir que non van subir os impostos da auga? ¿Como poden dicilo? Bueno, vén aquí unha que pon «Punta Avarenta»... Eu cando o lin non tiña as gafas e lin «Xunta Avarenta», porque é o que é. Vostedes o que están é extorsionando, asfixiando, espremendo os concellos. E iso quere dicir que lles queren cobrar todos eses millóns, en total doce millóns de euros máis, aos fogares, á xente

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que vai ter que pagalo. Non van ter que pagalo os concellos dos seus orzamentos; van ter que repercutirllo á xente. E iso vaino saber a xente e nós ímosllo explicar, pero tamén, como lle dixen, os concellos non van aceptar esta extorsión, esta imposición e este atraco.

E miren, o que teñen que facer vostedes é primeiro os deberes: aprobar o Plan galego de saneamento, aprobar o Plan galego de abastecemento, aprobar o pacto local da auga, aprobar o consello para o uso sustentábel da auga, conformar o consorcio na xestión cos concellos, establecer un modelo de depuración, facer plans para a formación dos técnicos municipais que xestionan a auga, facer plans de mellora dos abastecementos e das traídas de augas, protexer os recursos, facer unha estratexia da auga... Hai que facer todo isto primeiro e despois incrementar os impostos. Por iso lles pedimos unha moratoria, que é algo absolutamente razoable. Pero vostedes non van aceptalo, porque vostedes están gobernando polo ordeno e mando, pola imposición contra os concellos e contra a xente. E despois vén aquí vostede choromicar á xente que non ten, que lle chove... ¿Pero que me está dicindo? ¡Se lles acaban de quitar a tarxeta básica a miles de persoas que están pasando dificultades! *(Aplausos.)* ¡E fanlles agasallos fiscais aos millonarios. ¿Que me vén aquí choromicar vostede?

Polo tanto, quedou claro cal é a proposta do BNG e cal é a do PP, que é sablazo aos concellos, imposto á auga e que pague a xente máis impostos sobre a auga.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Suspéndese a sesión, reanudándose mañá pola mañá ás dez.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito da noite.

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-a5sM9TjnV-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/